Facultade de Filoloxía e Tradución

(*)

Horarios

Horarios

http://webs.uvigo.es/fft/index.php?option=com_rokdownloads&view=folder&Itemid=74

Grao en Tradución e Interpretación

Materias

Curso 1

Código	Nome	Cuadrimestre	Cr.totais
V01G230V01101	Lingua: Lingua A1, I: Expresión escrita e oral: Galego	1c	6
V01G230V01102	Lingua: Lingua A1, I: Expresión escrita e oral: Español	1c	6
V01G230V01103	Idioma moderno: Idioma 1, I: Inglés	1c	9
V01G230V01104	Idioma moderno: Idioma 1, I: Francés	1c	9
V01G230V01105	Idioma moderno: Idioma 2, I: Inglés	1c	9
V01G230V01106	Idioma moderno: Idioma 2, I: Francés	1c	9
V01G230V01107	Idioma moderno: Idioma 2, I: Alemán	1c	9
V01G230V01108	Idioma moderno: Idioma 2, I: Portugués	1c	9
V01G230V01109	Ferramentas para a tradución e a interpretación I: Informática	1c	6
V01G230V01201	Lingua: Lingua A2, I: Expresión escrita e oral: Galego	2c	6
V01G230V01202	Lingua: Lingua A2, I: Expresión escrita e oral: Español	2c	6
V01G230V01203	Idioma moderno: Idioma 1, II: Inglés	2c	6

V01G230V01204	Idioma moderno: Idioma 1, II: Francés	2c	6
V01G230V01205	Idioma moderno: Idioma 2, II: Inglés	2c	6
V01G230V01206	Idioma moderno: Idioma 2, II: Francés	2c	6
V01G230V01207	Idioma moderno: Idioma 2, II: Alemán	2c	6
V01G230V01208	Idioma moderno: Idioma 2, II: Portugués	2c	6
V01G230V01209	Antropoloxía: Antropoloxía das prácticas de tradución e interpretación	2c	6
V01G230V01210	Introdución á teoría da tradución e a interpretación	2c	6

Curso 2

Código	Nome	Cuadrimestre	Cr.totais
V01G230V01301	Lingua A1, II: Introdución ás linguas de especialización: Galego	1c	6
V01G230V01302	Lingua A1, II: Introdución ás linguas de especialización: Español	1c	6
V01G230V01303	Idioma moderno: Idioma 1, III: Inglés	1c	6
V01G230V01304	Idioma moderno: Idioma 1, III: Francés	1c	6
V01G230V01305	Idioma 2, III: Inglés	1c	6
V01G230V01306	Idioma 2, III: Francés	1c	6
V01G230V01307	Idioma 2, III: Alemán	1c	6
V01G230V01308	Idioma 2, III: Portugués	1c	6
V01G230V01309	Tradución idioma 1, I: Inglés-Galego	1c	6
V01G230V01310	Tradución idioma 1, I: Inglés-Español	1c	6
V01G230V01312	Tradución idioma 1, I: Francés-Español	1c	6
V01G230V01313	Ferramentas para a tradución e a interpretación II: Documentación	1c	6
V01G230V01401	Lingua A2, II: Introdución ás linguas de especialización: Galego	2c	6
V01G230V01402	Lingua A2, II: Introdución ás linguas de especialización: Español	2c	6
V01G230V01403	Idioma moderno: Idioma 1, IV: Inglés	2c	6
V01G230V01404	Idioma moderno: Idioma 1, IV: Francés	2c	6
V01G230V01405	Idioma 2, IV: Inglés	2c	6
V01G230V01406	Idioma 2, IV: Francés	2c	6
V01G230V01407	Idioma 2, IV: Alemán	2c	6

V01G230V01408	Idioma 2, IV: Portugués	2c	6
V01G230V01410	Tradución idioma 2, I: Inglés-Español	2c	6
V01G230V01411	Tradución idioma 2, I: Francés-Galego	2c	6
V01G230V01412	Tradución idioma 2, I: Francés-Español	2c	6
V01G230V01413	Tradución idioma 2, I: Alemán-Galego	2c	6
V01G230V01414	Tradución idioma 2, I: Alemán-Español	2c	6
V01G230V01415	Tradución idioma 2, I: Portugués-Galego	2c	6
V01G230V01416	Tradución idioma 2, I: Portugués-Español	2c	6
V01G230V01417	Cultura e civilización para a tradución e a interpretación (conceptualizacións básicas): Inglés	2c	6
V01G230V01418	Cultura e civilización para a tradución e a interpretación (conceptualizacións básicas): Francés	2c	6

Curso 3

Código	Nome	Cuadrimestre	Cr.totais
V01G230V01501	Tradución entre lingua A1 e lingua A2	1c	6
V01G230V01502	Tradución idioma 1, II: Inglés-Galego	1c	6
V01G230V01503	Tradución idioma 1, II: Inglés-Español	1c	6
V01G230V01504	Tradución idioma 1, II: Francés-Galego	1c	6
V01G230V01505	Tradución idioma 1, II: Francés-Español	1c	6
V01G230V01506	Tradución idioma 2, II: Inglés-Galego	1c	6
V01G230V01507	Tradución idioma 2, II: Inglés-Español	1c	6
V01G230V01508	Tradución idioma 2, II: Francés-Galego	1c	6
V01G230V01509	Tradución idioma 2, II: Francés-Español	1c	6
V01G230V01510	Tradución idioma 2, II: Alemán-Galego	1c	6
V01G230V01511	Tradución idioma 2, II: Alemán-Español	1c	6
V01G230V01512	Tradución idioma 2, II: Portugués-Galego	1c	6
V01G230V01513	Tradución Idioma 2, II: Portugués-Español	1c	6
V01G230V01514	Interpretación de enlace idioma 1: Inglés-Galego	1c	6

V01G230V01515	Interpretación de enlace idioma 1: Inglés-Español	1c	6
V01G230V01516	Interpretación de enlace idioma 1: Francés-Galego	1c	6
V01G230V01517	Interpretación de enlace idioma 1: Francés-Español	1c	6
V01G230V01518	Ferramentas para a tradución e a interpretación III: Terminoloxía	1c	6
V01G230V01601	Interpretación simultánea idioma 1: Inglés-Galego	2c	6
V01G230V01602	Interpretación simultánea idioma 1: Inglés-Español	2c	6
V01G230V01603	Interpretación simultánea idioma 1: Francés-Galego	2c	6
V01G230V01604	Interpretación simultánea idioma 1: Francés-Español	2c	6
V01G230V01605	Tradución idioma 1, III: Inglés-Galego	2c	6
V01G230V01606	Tradución idioma 1, III: Inglés-Español	2c	6
V01G230V01607	Tradución idioma 1, III: Francés-Galego	2c	6
V01G230V01608	Tradución idioma 1, III: Francés-Español	2c	6
V01G230V01609	Tradución idioma 2, III: Inglés-Galego	2c	6
V01G230V01610	Tradución idioma 2, III: Inglés-Español	2c	6
V01G230V01611	Tradución idioma 2, III: Francés-Galego	2c	6
V01G230V01612	Tradución idioma 2, III: Francés-Español	2c	6
V01G230V01613	Tradución idioma 2, III: Alemán-Galego	2c	6
V01G230V01614	Tradución idioma 2, III: Alemán-Español	2c	6
V01G230V01615	Tradución idioma 2, III: Portugués-Galego	2c	6
V01G230V01616	Tradución idioma 2, III: Portugués-Español	2c	6
V01G230V01617	Interpretación consecutiva idioma 1: Inglés-Galego	2c	6
V01G230V01618	Interpretación consecutiva idioma 1: Inglés-Español	2c	6
V01G230V01619	Interpretación consecutiva idioma 1: Francés-Galego	2c	6
V01G230V01620	Interpretación consecutiva idioma 1: Francés-Español	2c	6
V01G230V01621	Introdución aos ámbitos de especialización para a tradución e a interpretación e aspectos profesionais da tradución	2c	6

Curso 4

Código	Nome	Cuadrimestre	Cr.totais
V01G230V01701	Ferramentas para a tradución e a interpretación IV: Revisión e corrección de textos	1c	6
V01G230V01702	Tradución xurídica-administrativa idioma 1: Inglés-Galego	1c	6
V01G230V01703	Tradución xurídica-administrativa idioma 1: Inglés-Español	1c	6
V01G230V01704	Tradución xurídica-administrativa idioma 1: Francés-Galego	1c	6
V01G230V01705	Tradución xurídica-administrativa idioma 1: Francés-Español	1c	6
V01G230V01801	Tradución económica idioma 1: Inglés-Galego	2c	6
V01G230V01802	Tradución económica idioma 1: Inglés-Español	2c	6
V01G230V01803	Tradución económica idioma 1: Francés-Galego	2c	6
V01G230V01804	Tradución económica idioma 1: Francés-Español	2c	6
V01G230V01901	Interpretación simultánea avanzada idioma 1: Inglés-Español	1c	6
V01G230V01902	Interpretación simultánea avanzada idioma 1: Inglés-Galego	1c	6
V01G230V01903	Interpretación simultánea avanzada idioma 1: Francés-Galego	1c	6
V01G230V01904	Interpretación simultánea avanzada idioma 1: Francés-Español	1c	6
V01G230V01905	Interpretación consecutiva avanzada idioma 1: Inglés-Galego	1c	6
V01G230V01906	Interpretación consecutiva avanzada idioma 1: Inglés-Español	1c	6
V01G230V01907	Interpretación consecutiva avanzada idioma 1: Francés-Galego	1c	6
V01G230V01908	Interpretación consecutiva avanzada idioma 1: Francés-Español	1c	6
V01G230V01909	Interpretación idioma 2: Inglés-Galego	2c	6
V01G230V01910	Interpretación idioma 2: Inglés-Español	2c	6
V01G230V01911	Interpretación idioma 2: Francés-Galego	2c	6
V01G230V01912	Interpretación idioma 2: Francés-Español	2c	6
V01G230V01913	Interpretación idioma 2: Alemán-Galego	2c	6

V01G230V01914	Interpretación idioma 2: Alemán-Español	2c	6
V01G230V01915	Interpretación idioma 2: Portugués-Galego	2c	6
V01G230V01916	Interpretación idioma 2: Portugués-Español	2c	6
V01G230V01917	Relacións Internacionais	2c	6
V01G230V01918	Tradución científica-técnica idioma 1: Inglés-Galego	1c	6
V01G230V01919	Tradución científica-técnica idioma 1: Inglés-Español	1c	6
V01G230V01920	Tradución científica-técnica idioma 1: Francés-Galego	1c	6
V01G230V01921	Tradución científica-técnica idioma 1: Francés-Español	1c	6
V01G230V01922	Tradución medios audiovisuais idioma 1: Inglés-Galego	2c	6
V01G230V01923	Tradución medios audiovisuais idioma 1: Inglés-Español	2c	6
V01G230V01924	Tradución medios audiovisuais idioma 1: Francés-Galego	2c	6
V01G230V01925	Tradución medios audiovisuais idioma 1: Francés-Español	2c	6
V01G230V01926	Tradución editorial idioma 1: Inglés-Galego	2c	6
V01G230V01927	Tradución editorial idioma 1: Inglés-Español	2c	6
V01G230V01928	Tradución editorial idioma 1: Francés-Galego	2c	6
V01G230V01929	Tradución editorial idioma 1: Frances-Español	2c	6
V01G230V01930	Tradución especializada lingua A1-lingua A2	1c	6
V01G230V01931	Ferramentas para a tradución e a interpretación V: Informática avanzada	1c	6
V01G230V01932	Tradución especializada idioma 2: Servizos culturais: Inglés-Galego	1c	6
V01G230V01933	Tradución especializada idioma 2: Servizos culturais: Francés-Galego	1c	6
V01G230V01934	Tradución especializada idioma 2: Servizos culturais: Francés-Español	1c	6
V01G230V01935	Tradución especializada idioma 2: Servizos culturais: Alemán-Galego	1c	6
V01G230V01936	Tradución especializada idioma 2: Servizos culturais: Alemán-Español	1c	6

V01G230V01937	Tradución especializada idioma 2: Servizos culturais: Portugués-Galego	1c	6
V01G230V01938	Tradución especializada idioma 2: Servizos culturais: Portugués-Español	1c	6
V01G230V01939	Tradución especializada idioma 2: Administrativa-económica: Inglés-Galego	2c	6
V01G230V01940	Tradución especializada idioma 2: Administrativa-económica: Inglés-Español	2c	6
V01G230V01941	Tradución especializada idioma 2: Administrativa-económica: Francés-Galego	2c	6
V01G230V01942	Tradución especializada idioma 2: Administrativa-económica: Francés-Español	2c	6
V01G230V01943	Tradución especializada idioma 2: Administrativa-económica: Alemán-Galego	2c	6
V01G230V01944	Tradución especializada idioma 2: Administrativa-económica: Alemán-Español	2c	6
V01G230V01945	Tradución especializada idioma 2: Administrativa-económica: Portugués-Galego	2c	6
V01G230V01946	Tradución especializada idioma 2: Administrativa-económica: Portugués-Español	2c	6
V01G230V01947	Tradución especializada idioma 2: Científica-técnica: Inglés-Galego	2c	6
V01G230V01948	Tradución especializada idioma 2: Científica-técnica: Inglés-Español	2c	6
V01G230V01949	Tradución especializada idioma 2: Científica-técnica: Francés-Galego	2c	6
V01G230V01950	Tradución especializada idioma 2: Científica-técnica: Francés-Español	2c	6
V01G230V01951	Tradución especializada idioma 2: Científica-técnica: Alemán-Galego	2c	6
V01G230V01952	Tradución especializada idioma 2: Científica-técnica: Alemán-Español	2c	6
V01G230V01953	Tradución especializada idioma 2: Científica-técnica: Portugués-Galego	2c	6
V01G230V01954	Tradución especializada idioma 2: Científica-técnica: Portugués-Español	2c	6
V01G230V01955	Tradución especializada idioma 2: Servizos culturais: Inglés-Español	1c	6

V01G230V01981	Prácticas externas: Prácticas en empresas e organismos	2c	6
V01G230V01991	Traballo de Fin de Grao	2c	6

DATOS IDENTIFICATIVOS

Lingua: Lingua A1, I: Expresión escrita e oral: Galego

Materia	Lingua: Lingua A1, I: Expresión escrita e oral: Galego			
Código	V01G230V01101			
Titulacion	Grao en Tradución e Interpretación			
Descriptores	Creditos ECTS	Carácter	Curso	Cuadrimestre
	6	FB	1	1c
Lingua impartición	Galego			
Departamento	Filoloxía galega e latina			
Coordinador/a	Gómez Clemente, Xosé María			
Profesorado	Gómez Clemente, Xosé María			
Correo-e	xgomez@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral	Visión sistemática da normativa que rexe o uso da lingua galega, para que o alumnado chegue a te-lo dominio necesario da norma gramatical que lle permita producir textos con corrección. Nas clases presentaranse e comentaranse os diferentes aspectos da normativa actual: ortografía, morfoloxía, léxico e sintaxe e estudaranse polo miúdo os que presenten unha aplicación máis problemática. O punto de partida é o nivel C2 do Marco de referencia europeo para a aprendizaxe de linguas.			

Competencias

Código	
CB1	Que os estudantes demostren posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral e adoita atoparse a un nivel que, malia se apoiar en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo.
CB3	Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
CE3	Dominio da lingua propia, escrita e oral
CE4	Coñecer norma e usos das linguas de traballo
CE18	Capacidade de aplicar os coñecementos á práctica
CE24	Capacidade de aprendizaxe autónoma
CE25	Coñecementos de cultura xeral e civilización
CE27	Capacidade de razoamento crítico
CT6	Capacidade de xestión da información
CT14	Motivación pola calidade

Resultados de aprendizaxe

Resultados de aprendizaxe	Competencias		
Analizar e avaliar criticamente textos orais e escritos en lingua galega.	CB1 CB3	CE3 CE4 CE18 CE27	CT6
Adquirir ou completar con coñecementos teóricos unha expresión oral e escrita en galego correcto, adecuado e coherente.		CE3 CE4 CE25	
Adquirir autonomía para producir e corrixir textos orais e escritos, utilizando axeitadamente os recursos da lingua galega.	CB1 CB3	CE3 CE4 CE18 CE24	CT14

Contidos

Tema	
1. Léxico normativo	1.1. O estándar léxico do galego. 1.2. Interferencias no léxico. 1.3. Interferencias na fraseoloxía 1.4 Sufixos e terminacións

2. Morfosintaxe	2.1. O pronome persoal (formas, contraccións, concorrencia de pronomes, dativo de solidariedade e de interese interferencias, colocación, interpolación) 2.2. O verbo (morfoloxía, usos e valores dos tempos, formas nominais, perífrases verbais) O artigo 2.3 .Outras cuestións de morfosintaxe
3. O estándar oral galego	3.1. Proposta dun estándar oral para a lingua galega. 3.2. Pronuncia das vogais abertas e pechadas, da nasal velar e da fricativa prepalatal xorda. 3.3. Os grupos cultos. 3.4. Elisións e contraccións na cadea fónica.
4. A norma escrita da lingua galega	4.1. Acentuación 4.2. Grupos consonánticos 4.3. Formación do plural e do feminino.

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Lección maxistral	24	48	72
Resolución de problemas	19	0	19
Resolución de problemas de forma autónoma	0	30	30
Traballo tutelado	2	15	17
Exame de preguntas obxectivas	2	9	11
Observación sistemática	1	0	1

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Lección maxistral	Exposición por parte do profesor/a dos contidos sobre a materia obxecto de estudo, bases teóricas e/ou directrices dun traballo, exercicio que o/a estudante ten que desenvolver.
Resolución de problemas	Actividade na que se formulan problemas e/ou exercicios relacionados coa materia. O alumno/a debe desenvolver as solucións axeitadas ou correctas mediante a exercitación de rutinas, a aplicación de fórmulas ou algoritmos, a aplicación de procedementos de transformación da información dispoñible e a interpretación dos resultados. Adóitase empregar como complemento da lección maxistral.
Resolución de problemas de forma autónoma	Actividade na que se formulan problemas e/ou exercicios relacionados coa materia. O alumno/a debe desenvolver a análise e resolución dos problemas e/ou exercicios de forma autónoma.
Traballo tutelado	O/A estudante desenvolve exercicios ou proxectos na aula baixo as directrices e supervisión do profesor. Pode estar vinculado o seu desenvolvementos con actividades autónomas do/a estudante.

Atención personalizada

Metodoloxías	**Descrición**
Lección maxistral	Resolveranse as dúbidas que o alumnado puider ter sobre os contidos teóricos explicados na materia.
Traballo tutelado	Resolveranse as dúbidas que o traballo tutelado puider presentar.
Resolución de problemas	Na aula, resolveranse as dúbidas que os exercicios lle presenten ó alumnado.
Resolución de problemas de forma autónoma	Resolveranse as dúbidas que as prácticas propostas puideren xerar.

Avaliación

	Descrición	Cualificación	Competencias Avaliadas
Resolución de problemas de forma autónoma	Cada estudante deberá facer dous exercicios prácticos que serán corrixidos e entregados.	10	CE3 CE4 CE18 CE24
Traballo tutelado	Consistirá nun traballo escrito en grupo (2 ou 3 persoas) sobre un conxunto de temas propostos o primeiro día de clase (publicados na plataforma MOOVI) (2 puntos). A presentación farase nun vídeo (1 punto).	30	CE3 CE24 CE27

Exame de preguntas obxectivas	Haberá dúas probas por un valor total do 50% 1ª 25%, ó rematarmos o tema 1. Esta parte deberá repetila ó final do cuadrimestre todo o alumnado que non consiga unha puntuación do 50% da nota. 2ª proba 25%, ó remate das clases: temas 2 e 3. Ambas probas poderán ser recuperadas no exame final, na data fixada pola Facultade.	50	CE3 CE4 CE18 CE24
Observación sistemática	Consistirá na comprobación da asistencia e participación activa do alumnado.	10	CE4 CE27

Outros comentarios sobre a Avaliación

Se se considerar preciso, haberá unha proba diagnóstica ó principio do curso que non contará na avaliación.

IMPORTANTE: o tema 4 non será explicado na clase xa que atinxe a cuestións básicas de lingua instrumental que deben estar superadas. Na plataforma haberá material por se alguén necesitar un repaso destes contidos.

1ª Edición das actas

-Avaliación continua

As porcentaxes indicadas soamente se aplicarán nos casos en que o alumnado realice as dúas probas previstas e entregue os comentarios dos textos e mailo traballo sobre os textos propostos, é dicir, que opte pola avaliación continua. Se non se entregaren as probas, enténdese que se renuncia á avaliación continua. Importante: é condición para aprobar a materia a entrega dos exercicios, o traballo e a presentación ó exame.

-Avaliación única

O alumnado que se acolla ó sistema de avaliación única deben presentarse a un exame (80% da nota) sobre os 4 temas do temario. Tamén deberá presentar o traballo tutelado polo valor do 20%. Importante: é condición para aprobar a materia a entrega do traballo e a presentación ó exame.

As dúas partes do exame farán media entre si a partir dun 4.5. Se non se consegue o 5, despois de facer esa media, e se hai unha parte aprobada, a nota desta pódese gardar para a seguinte edición das actas.

As prácticas deben ser entregadas todas para manter a avaliación continua pero non é necesario obter unha determinada nota en cada unha delas e no seu conxunto.

O traballo tutelado poderá facer media co resto das probas a partir de 4.

Enténdese que para aprobar a materia hai que obter un 5 na suma de todas as probas.

2ª Edición das actas

O alumnado que se acolla ó sistema de avaliación única deben presentarse a un exame (80% da nota) sobre os 4 temas do temario. Tamén deberá presentar o traballo tutelado polo valor do 20%.

O alumnado de avaliación continua que teña que se presentar a esta segunda edición das actas pode manter as notas obtidas na primeira edición.

A copia ou plaxio total ou parcial en calquera tipo de traballo ou exame suporá un 0 nesa proba. Alegar descoñecemento do que supón un plaxio non eximirá o estudantado da súa responsabilidade neste aspecto.

É responsabilidade do estudantado consultar os materiais dispoñibles na plataforma MOOVI (novidades, documentos, cualificacións) e estar ao tanto dos avisos e das datas de realización das diferentes probas.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Real Academia Galega, **Dicionario da RAG**, RAG, 2012

REAL ACADEMIA GALEGA/INSTITUTO DA LINGUA GALEGA, **Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego**, 23 ed., RAG-ILG, 2012

HERMIDA GULÍAS, C., **Gramática práctica (Morfoxintaxe)**, Sotelo Blanco, 2006

REGUEIRA, Xosé Luís, **Un modelo de estándar oral para a lingua galega**, D. Kremer (ed.) Actas do VI Congreso Internacional, 2000

CALLÓN, Carlos, **Como falar e escribir en galego con corrección e fluidez**, 6ª, Xerais, 2016

LOSADA ALDREY, M. C ET ALII, **Para dar trela. Manual práctico de fraseoloxía galega**, 1ª, Centro Ramón Piñeiro de Humanidades, 2016

RINOCERONTE EDITORA, **Dicionario castelán-galego /rinoceronte.gal/dicionario**, 1ª, RINOCERONTE EDITORA, 2020

Bibliografía Complementaria

NAVAZA BLANCO, G. (coord.), **Diccionario Xerais castelán-galego de usos, frases e sinónimos**, Xerais, 2011
PENA, X. A. (dir.) et alii, **Gran dicionario Cumio da lingua galega**, Edicións do Cumio, 2007
REAL ACADEMIA GALEGA, **Dicionario castelán-galego da Real Academia Galega**, Fundación Barríe, 2005
FERNÁNDEZ SALGADO, coord.), **Dicionario Galaxia de usos e dificultades da lingua galega**, Galaxia, 2004
CARBALLEIRA ANLLO, X. Mª (coord.), **Gran dicionario Xerais da lingua**, Xerais, 2009
FREIXEIRO MATO, X.R., **Gramática da lingua galega II. Morfosintaxe**, 2ª ed., A Nosa Terra, 2006
ÁLVAREZ BLANCO, R. e XOVE, X., **Gramática da lingua galega**, Galaxia, 2002
ÁLVAREZ BLANCO, R., H. MONTEAGUDO e X. L. REGUEIRA, **Gramática galega**, Galaxia, 1986
LOPEZ TABOADA, C. / R. SOTO ARIAS, **Dicionario de fraseoloxía Galego-Castelán Castelán-Galego**, 1ª, Xerais, 2020

Recomendacións

Materias que continúan o temario

Lingua A1, II: Introdución ás linguas de especialización: Galego/V01G230V01301

Outros comentarios

Aconséllase a consulta periódica de http://ocartafol.usc.es ou de http://www.usc.es/gl/servizos/snl/terminoloxia/uip/index.html) e a subscrición ó Boletín de recomendaciones da Fundación del Español Urgente (www.fundeu.es).

Plan de Continxencias

Descrición

=== MEDIDAS EXCEPCIONAIS PLANIFICADAS ===
Ante a incerta e imprevisible evolución da alerta sanitaria provocada pola COVID- 19, a Universidade establece una planificación extraordinaria que se activará no momento en que as administracións e a propia institución o determinen atendendo a criterios de seguridade, saúde e responsabilidade, e garantindo a docencia nun escenario non presencial ou non totalmente presencial. Estas medidas xa planificadas garanten, no momento que sexa preceptivo, o desenvolvemento da docencia dun xeito mais áxil e eficaz ao ser coñecido de antemán (ou cunha ampla antelación) polo alumnado e o profesorado a través da ferramenta normalizada e institucionalizada das guías docentes DOCNET.

=== ADAPTACIÓN DAS METODOLOXÍAS ===
* Metodoloxías docentes que se manteñen
Mantéñense as metodoloxías definidas. A docencia impartirase a través do Campus remoto da Uvigo.

* Mecanismo non presencial de atención ao alumnado (titoríías).
O alumnado deberá solicitar unha titoría que será atendida a través do Campus remoto.

* Modificacións (se proceder) dos contidos que se impartan
Non se modifica o temario.

=== ADAPTACIÓN DA AVALIACIÓN ===
Mantéñense as tres probas (prácticas, traballo tutelado e exame) pero redúcese o valor do exame ó 30% e sóbese o das prácticas ó 30% (cunha práctica máis) e o do traballo ó 40%.

«Plan de continxencia sobre a modalidade mixta, na que unha parte do estudantado asistirá ás aulas de forma presencial e outra parte seguirá as clases dun modo síncrono (preferentemente) ou asíncrono: o profesorado manterá as metodoloxías, a atención personalizada e os sistemas de avaliación como se indica para a modalidade presencial, adaptando os grupos de estudantes e as quendas para cumprir coa normativa sanitaria que se estableza no seu momento».

DATOS IDENTIFICATIVOS

Lingua: Lingua A1, I: Expresión escrita e oral: Español

Materia	Lingua: Lingua A1, I: Expresión escrita e oral: Español			
Código	V01G230V01102			
Titulacion	Grao en Tradución e Interpretación			
Descriptores	Creditos ECTS	Carácter	Curso	Cuadrimestre
	6	FB	1	1c
Lingua impartición	Castelán			
Departamento	Lingua española			
Coordinador/a	Pérez Rodríguez, María Rosa			
Profesorado	Pérez Rodríguez, María Rosa Sueiro Justel, Joaquín			
Correo-e	rosa@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral	A materia revisa e reforza os coñecementos de lingua española que ten o alumnado. Ademais, a materia incide na aplicación práctica da norma académica adaptada á construción de discursos orais e escritos de carácter formal en contextos comunicativos diversos.			

Competencias

Código	
CB1	Que os estudantes demostren posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral e adoita atoparse a un nivel que, malia se apoiar en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo.
CB4	Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solución a un público tanto especializado coma non especializado.
CE3	Dominio da lingua propia, escrita e oral
CE5	Dominio de técnicas terminolóxicas e neolóxicas para a tradución especializada
CE13	Optimización de toma de notas, elaboración de resumos, síntese e reexpresión
CE15	Dominio das técnicas de edición, maquetación e revisión e corrección específicas dos textos traducidos
CE18	Capacidade de aplicar os coñecementos á práctica
CE21	Rigor e seriedade no traballo
CE24	Capacidade de aprendizaxe autónoma
CE33	Dominio oral e escrito da lingua propia
CT1	Comunicación oral e escrita na lingua propia. Prestarase especial atención ao coñecemento e correcto uso das 2 linguas cooficiais da Comunidade Autónoma de Galicia
CT22	Capacidade de aplicar os coñecementos na práctica
CT23	Capacidade de traballo individual

Resultados de aprendizaxe

Resultados de aprendizaxe	Competencias		
Coñecer a norma do español.		CE3 CE33	CT1
Coñecer as técnicas para a elaboración de discursos orais e escritos.	CB4	CE3 CE33	CT1
Distinguir entre os diferentes rexistros do español (coloquial, estándar, culto)	CB1 CB4	CE3 CE5 CE24 CE33	CT1
Elaborar discursos orais e escritos efectivos e coherentes.	CB4	CE3 CE13 CE33	CT1 CT22
Manexar as ferramentas básicas para a elaboración e corrección do discurso oral e escrito.		CE13 CE15	CT23
Detectar e evitar o plaxio.		CE15 CE18 CE21	

Contidos

Tema

1. Introdución.	1.1. Unidade e variedade da lingua. 1.2. O concepto de norma. 1.2. Norma e estándar. O estándar culto en español. A política lingüística panhispánica da RAE.
2. Norma: ortoloxía e ortografía.	2.1. Lingua oral vs. lingua escrita. Aspectos xerais. 2.2. Pronunciación. Conceptos básicos de fonética e fonoloxía do español. 2.2. Ortoloxía. Dificultades na pronunciación do español. Vulgarismos. 2.3. Cuestións básicas sobre entonación. 2.4. Ortografía e puntuación.
3. Organización e creación de textos.	4.1. Aspectos de gramática normativa. 4.2. A linguaxe inclusiva e o funcionamento do xénero gramatical. 4.3. Coherencia, cohesión e adecuación. 4.4. Presentación e edición de textos formais. Uso do procesador de textos. Sistemas de citas e evitación do plaxio.
4. A comunicación oral en español.	2.1. O discurso oral formal. 2.2. Corrección e precisión lingüística. 2.3. A comunicación non verbal. 2.4. Preparación de presentacións orais.
5. A norma académica e o léxico.	3.1. Corrección no léxico: neoloxismos, préstamos, cultismos; erros habituais. 3.2. Materiais de consulta: dicionarios, gramáticas, manuais de estilo.

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Actividades introdutorias	2	0	2
Lección maxistral	18	30	48
Resolución de problemas	18	40	58
Presentación	6	16	22
Traballo tutelado	2	10	12
Exame de preguntas de desenvolvemento	1	3	4
Resolución de problemas e/ou exercicios	1	3	4

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Actividades introdutorias	Actividades encamiñadas a tomar contacto e reunir información sobre o alumnado, así como a presentar a materia. Recoméndase ao alumnado que, de non poder asistir a esta sesión, na que se proporcionará información sobre o desenvolvemento e planificación do curso, se poña en contacto coa docente.
Lección maxistral	Exposición por parte da profesora de contidos sobre a materia obxecto de estudo, bases teóricas e/ou directrices dun traballo, exercicio ou proxecto que oa alumna ou alumno ten que desenvolver.
Resolución de problemas	Actividade na que se formulan problemas e/ou exercicios relacionados coa materia. O alumnado debe desenvolver as solucións apropiadas ou correctas mediante a aplicación de diferentes rutinas ou procedementos. Téñase en conta que parte dos temas que figuran na sección de "Contidos" non se abordará nas clases teóricas, senon que se tratará íntegramente nas sesións prácticas (o tema 5, por exemplo).
Presentación	Exposición por parte do alumnado ante a docente e un grupo de estudantes dun tema sobre contidos da materia ou dos resultados dun traballo, exercicio, proxecto...
Traballo tutelado	A alumna ou alumno, de maneira individual, elabora un documento sobre a temática da materia ou prepara ensaios, resumos de lecturas, conferencias, etc.

Atención personalizada

Metodoloxías	**Descrición**
Resolución de problemas	A docente, tanto presencialmente (nas sesións prácticas e nas horas de titorías) como non presencialmente (por correo electrónico), atenderá ao alumnado e guiarao na resolución das actividades e exercicios que se propoñan.
Presentación	A docente, tanto presencialmente (nas sesións prácticas e nas horas de titorías) como non presencialmente (por correo electrónico), atenderá ao alumnado e guiarao na preparación das presentacións ou exposicións orais.
Traballo tutelado	A docente, tanto presencialmente (nas sesións prácticas e nas horas de titorías) como non presencialmente (por correo electrónico), atenderá ao alumnado e guiarao na preparación dos traballos tutelados.

Avaliación					
	Descrición	Cualificación	Competencias Avaliadas		
Resolución de problemas	Exame: exercicios, actividades ou problemas.	20	CB1 CB4	CE18	CT22
Presentación	Presentación oral dun traballo individual cuxo tema se acordará previamente coa docente	30	CB4	CE3 CE33	CT1 CT23
Traballo tutelado	Presentación dun traballo escrito sobre un tema relacionado coa materia.	30	CB1 CB4	CE13 CE15 CE21	
Exame de preguntas de desenvolvemento	Exame: pregunta(s) aberta(s) sobre un tema do programa	10	CB1 CB4	CE3 CE5 CE24 CE33	
Resolución de problemas e/ou exercicios	Exame: preguntas breves sobre aspectos concretos do programa	10	CB1	CE3 CE24 CE33	

Outros comentarios sobre a Avaliación

PRIMEIRA EDICIÓN DE ACTAS

Todas as alumnas e alumnos serán avaliados co sistema de **avaliación continua**, que require a presentación dun traballo escrito (30%), unha presentación oral (30%) e un exame (40%). Neste exame, que terá lugar na data prevista no calendario oficial da Facultade, concéntranse as partes da avaliación definidas como "exame: preguntas abertas", "exame: preguntas breves" e "exame: exercicios, actividades e problemas".

Non se esixe asistencia a clase, aínda que se recomenda a todo o alumnado que asista na medida das súas posibilidades.

A entrega do traballo tutelado se programará para a terceira ou cuarta semana de novembro.

As presentacións orais terán lugar previsiblemente na semana do 13 ao 17 de decembro. Estas datas son orientativas e pode ser necesario modificalas dependendo da marcha do curso; o alumnado, asista ou non a clase, debe manter o contacto coa docente e estar pendente da plataforma Moovi para estar ao tanto das novidades ou axustes que se poidan producir.

Quen atope dificultade para respectar o prazo de entrega do traballo ou para axustarse ás datas da exposición oral deberá contactar coa docente, que terá en consideración as circunstancias en cada caso e decidirá se procede facer algunha excepción.

SEGUNDA EDICIÓN DE ACTAS

As alumnas e alumnos que non alcancen o aprobado na primeira oportunidade poderán presentarse en xullo, na data oficial correspondente, nas mesmas condicións que as que rexen para xaneiro. Isto implica que, ademáis de facer o exame, terán que facer entrega do traballo tutelado e realizar unha presentación oral. O alumnado que se atope no caso de ter aprobada algunha proba poderá conservar as cualificacións desa parte ou partes, previo acordo coa profesora, na oportunidade de xullo.

Tanto na primeira como na segunda edición das actas, é imprescindible obter un mínimo de 5 puntos (sobre 10) en cada unha das tres partes da avaliación (exame, presentación oral e traballo escrito).

Nas probas de avaliación penalizaranse os erros de expresión (ortografía, puntuación, incoherencias sintácticas, uso inadecuado do léxico, etc.). No caso de que se detecte copia ou plaxio nalgunha proba, esta non se puntuará.

O alumnado erasmus interesado en cursar a materia deberá ter presente que resulta altamente recomendable ter un nivel de lingua española igual ou superior a C1.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Cassany, Daniel, **La cocina de la escritura**, 21, Anagrama, 2012

Martínez de Sousa, José, **Ortografía y ortotipografía del español actual**, 3, Trea, 2014

Fernández Romero, Jose Antonio, **Manual guía atípico y sinóptico para la corrección de textos (ortografía y morfosintaxis)**, 1, Uvigo, 2012

Montolío, Estrella (coord), **Manual práctico de escritura académica**, 1, Ariel, 2000

Real Academia Española, **Ortografía de la lengua española**, 1, Espasa, 2010

Real Academia Española, **Diccionario panhispánico de dudas**, 1, Santillana, 2005

Real Academia Española y Asociación de Academias de la Lengua Española, **Nueva gramática de la lengua española**, 1, Espasa, 2009

Bibliografía Complementaria

Recomendacións

Outros comentarios

O alumnado debe responsabilizarse de consultar os materiais e as novidades a través da plataforma Moovi, onde a docente irá pondo á súa disposición os temas e exercicios que se vaian traballando en clase.

O alumnado erasmus interesado en cursar a materia deberá ter presente que resulta altamente recomendable ter un nivel de lingua española igual ou superior a C1.

Plan de Continxencias

Descrición

=== MEDIDAS EXCEPCIONAIS PLANIFICADAS ===
Ante a incerta e imprevisible evolución da alerta sanitaria provocada polo COVID-19, a Universidade de Vigo establece unha planificación extraordinaria que se activará no momento en que as administracións e a propia institución determíneno atendendo a criterios de seguridade, saúde e responsabilidade, e garantindo a docencia nun escenario non presencial ou parcialmente presencial. Estas medidas xa planificadas garanten, no momento que sexa preceptivo, o desenvolvemento da docencia dun modo máis áxil e eficaz ao ser coñecido de antemán (ou cunha ampla antelación) polo alumnado e o profesorado a través da ferramenta normalizada e institucionalizada das guías docentes.

=== ADAPTACIÓN DAS METODOLOXÍAS E DA AVALIACIÓN===
Manteranse as metodoloxías, contidos, sistemas de avaliación e titorías, coa excepción de que se realizarán coas ferramentas proporcionadas pola Universidade de Vigo (aulas e despachos virtuais, correo electrónico e Moovi).

Na modalidade mixta, na que unha parte do estudantado permanecerá na aula mentres a outra parte seguirá a docencia dun modo preferentemente síncrono ou asíncrono se a ferramenta utilizada así o aconsella, as metodoloxías, a atención personalizada e a avaliación serán as mesmas que as da modalidade presencial, mentres que os grupos e as quendas se adaptarán para cumprir coa normativa sanitaria.

DATOS IDENTIFICATIVOS				
Idioma moderno: Idioma 1, I: Inglés				
Materia	Idioma moderno: Idioma 1, I: Inglés			
Código	V01G230V01103			
Titulacion	Grao en Tradución e Interpretación			
Descriptores	Creditos ECTS	Carácter	Curso	Cuadrimestre
	9	FB	1	1c
Lingua impartición	Inglés			
Departamento	Filoloxía inglesa, francesa e alemá			
Coordinador/a	González Álvarez, María Dolores			
Profesorado	González Álvarez, María Dolores			
Correo-e	dglez@uvigo.es			
Web	http://https://moovi.uvigo.gal/			
Descrición xeral	Esta materia céntrase na consolidación das competencias lingüísticas e comunicativas a nivel avanzado, prestando especial atención ás destrezas de audición e produción oral. O nivel final do curso é C1, segundo os estándares do Marco Común Europeo de Referencia para as Linguas.			

Competencias	
Código	
CB2	Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
CB4	Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solución a un público tanto especializado coma non especializado.
CB5	Que os estudantes desenvolvan aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.
CE1	Dominio de linguas estranxeiras
CE2	Coñecemento de culturas e civilizacións estranxeiras
CE4	Coñecer norma e usos das linguas de traballo
CE10	Capacidade de traballo en equipo
CE11	Capacidade de deseñar e xerir proxectos
CE18	Capacidade de aplicar os coñecementos á práctica
CE24	Capacidade de aprendizaxe autónoma
CE27	Capacidade de razoamento crítico
CT3	Capacidade de organización e planificación de proxectos
CT9	Razoamento crítico
CT12	Traballo en equipo
CT15	Aprendizaxe autónoma
CT17	Comprensión doutras culturas e costumes
CT23	Capacidade de traballo individual

Resultados de aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe	Competencias		
Adquisición e utilización do repertorio léxico de nivel avanzado do inglés entroncado coa temática a tratar nos contidos.	CB2 CB4 CB5	CE1 CE4 CE24	CT15 CT23
Adquisición da capacidade para desenvolverse cun nivel avanzado en inglés a través de presentacións na clase, individualmente ou en grupo.	CB2 CB4 CB5	CE1 CE2 CE4 CE10 CE11 CE18 CE24 CE27	CT3 CT9 CT12 CT17

Contidos
Tema

I. THE PRONUNCIATION OF ENGLISH [Clases teóricas]	1. The pronunciation of vowels and consonants: 1.1. Phonemes and allophones: The IPA chart 1.2. Sounds and spellings 2. Word stress and sentence stress: 2.1. Strong and weak vowels, syllables and words 2.2. Rhythm 3. The accents of English: 3.1. Standard accents: RP and GA 3.2. Nonstandard British accents 3.3. Other accents of English 4. Intonation: 4.1. Statements and questions 4.2. Other intonation patterns
II. LISTENING [Clases prácticas. Docente: lector/a]	1. Strategies: 1.1. Listening for general meaning and for specific information 1.2. Coping with unknown vocabulary 1.3. Coping with different accents 2. Listening practice: 2.1. News programmes 2.2. Interviews 2.3. Academic lectures 2.4. TV and films
III. SPEAKING [Clases prácticas. Docente: lector/a]	1. Speech vs. Writing: 1.1. Characteristics of spoken language 1.2. Register and style 2. Speaking practice: 2.1. Ordinary conversation: making introductions, answering questions, stating an opinion 2.2. Building arguments: using language to describe, compare and contrast, hypothesise and comment upon a topic 2.3. Structuring and delivering academic presentations
IV. VOCABULARY [Clases teóricas]	1. British and American English vocabulary 2. The language of the media: 2.1. Advertising and the mass media 2.2. The language of the written press 3. Academic language

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Actividades introdutorias	4	1	5
Lección maxistral	12	24	36
Resolución de problemas	18	36	54
Debate	4	12	16
Prácticas con apoio das TIC	0	12	12
Eventos científicos	4	4	8
Presentación	24	20	44
Resolución de problemas e/ou exercicios	6	24	30
Exame de preguntas obxectivas	4	16	20

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Actividades introdutorias	Presentación da materia ao alumnado (semana 1 de curso).

Lección maxistral	Sesións teóricas. Explicacións de contidos de tipo gramatical, de vocabulario ou das destrezas comunicativas por parte da docente.
Resolución de problemas	Sesións prácticas. Formulación, análise e resolución de exercicios prácticos relacionados cos contidos gramaticais e léxicos e as destrezas comunicativas.
Debate	Sesións prácticas. Actividades de conversa grupal relacionadas coas destrezas comunicativas.
Prácticas con apoio das TIC	Traballo autónomo. Resolución de exercicios prácticos relacionados cos contidos gramaticais, léxicos e as destrezas comunicativas de forma autónoma a través da plataforma de docencia en liña.
Eventos científicos	Actividades formativas. Asistencia a charlas e/ou seminarios impartidos por profesorado externo na facultade.
Presentación	Probas de competencia oral, que serán avaliadas por medio de exposicións na aula realizadas polo alumnado.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Presentación	Para resolver as dúbidas sobre a materia e/ou as probas e presentacións orais que haxa que preparar e expoñer, as docentes atenderán ao alumnado nos seus despachos en horario de titorías. É recomendable que o alumnado informe ás docentes con antelación da súa intención de asistir a unha sesión de titorías. Dito aviso será feito ben na aula, ben por medio do correo electrónico. En ningún caso se desenvolverán sesións de titorías por correo electrónico.

Avaliación

	Descrición	Cualificación	Competencias Avaliadas		
Presentación	En sesións prácticas do curso previamente anunciadas pola/s docente/s, o alumnado fará presentacións orais na aula que serán avaliadas con respecto á destreza de "Speaking".	40	CB2 CB4 CB5	CE1 CE2 CE4 CE10 CE11 CE18 CE24 CE27	CT3 CT9 CT12 CT15 CT17 CT23
Resolución de problemas e/ou exercicios	Nas sesións prácticas das semanas 6 e 12 (as semanas poden variar lixeiramente en función do calendario do cuadrimestre), o alumnado será avaliado da destreza de comprensión auditiva ("Listening").	20	CB2 CB4 CB5	CE1 CE2 CE4 CE10 CE11 CE18 CE24 CE27	CT3 CT9 CT12 CT15 CT17 CT23
Exame de preguntas obxectivas	Nas sesións teóricas das semanas 6 e 12 (as semanas poden variar lixeiramente en función do calendario do cuadrimestre), o alumnado será avaliado dos contidos teóricos da materia.	40	CB2 CB5	CE1 CE2 CE4 CE18 CE24 CE27	CT9 CT15 CT17 CT23

Outros comentarios sobre a Avaliación

a) Primeira edición de actas:

a.1) Avaliación continua:

O dominio das competencias lingüísticas e comunicativas a nivel C1 será avaliado por medio de dúas probas parciais para cada unha das destrezas especificadas no programa.

As probas orais, en forma de presentacións, terán lugar ao longo do cuadrimestre, en datas anunciadas polas docentes con suficiente antelación. As probas de contido teórico terán lugar durante as sesións teóricas das semanas 6 e 12 (as datas correspóndense coas datas das clases nesas semanas). As probas de escoita terán lugar durante as sesións prácticas das semanas 6 e 12 (as semanas poden variar lixeiramente en función do calendario do cuadrimestre). Se alguén realiza só unha proba parcial, a súa nota corresponderase coa nota ponderada obtida nesa proba.

En ningún caso se realizarán probas parciais en datas diferentes ás anunciadas polas docentes.

Para aprobar a materia, o alumnado deberá aprobar cada unha das destrezas que se avalían, isto é, destrezas de audición e produción oral, así coma contidos teóricos. O suspenso nunha destas partes implica un suspenso na materia.

De suspender algunha(s) das catro partes de que consta a materia -- isto é, Pronunciation, Vocabulary, Listening ou Speaking -- , o alumnado examinarase no mes de xullo da(s) parte(s) suspensa(s) (para máis detalles, véxase apdo. b). De non aprobar en xullo, o alumnado deberá examinarse de todas as destrezas no seguinte curso académico (non se gardarán notas parciais das distintas destrezas dun curso para outro).

A realización dunha ou varias das probas parciais ou notas obtidas pola participación activa do alumnado nas sesións docentes implica a aceptación do sistema de avaliación continua por parte do alumnado. O alumnado avaliado mediante o sistema de avaliación continua non poderá presentarse ao exame final e a súa nota da primeira edición de actas corresponderá ao cómputo das notas obtidas na(s) proba(s) realizada(s) durante o curso.

a.2) Avaliación única:

O alumnado que non realice ningún exame parcial poderá presentarse a un exame único (100% da cualificación final), que terá lugar na data oficial establecida no calendario de exames da Facultade de Filoloxía e Tradución. Ese exame terá asignadas as porcentaxes que seguen: escoita (20%); produción oral (40%); contidos teóricos (40%), divididos entre vocabulario (20%) e fonética-fonoloxía (20%).

Para aprobar a materia, o alumnado que se presente ao exame único deberá aprobar cada unha das destrezas que se avalían, isto é, destrezas de audición e produción oral, así coma contidos teóricos. O suspenso nunha destas partes implica un suspenso na materia.

De suspender algunha(s) das partes das que consta o exame único, o alumnado examinarase no mes de xullo da(s) parte(s) suspensa(s) (para máis detalles, véxase apdo. b). De non aprobar en xullo, o alumnado deberá examinarse de todas as destrezas no seguinte curso académico (non se gardarán notas parciais das distintas destrezas dun curso para outro).

Como se indicou anteriormente, o alumnado que teña obtido algunha nota polo sistema de avaliación continua non poderá realizar o exame único.

a.3) Avaliación continua/única non presencial:

Se por algunha circunstancia relacionada coa situación derivada da COVID-19 as clases presenciais non puidesen celebrarse ou fosen suspendidas en calquera momento do cuadrimestre, a proba ou probas de avaliación pendentes de realización serían realizadas mediante a plataforma de docencia online (Moovi). Neste caso, as persoas que seguisen a avaliación continua e xa tivesen feito algún exame presencial, completarían as probas co/s exame/s restantes feitos mediante Moovi, mentres que as persoas que seguisen a avaliación final, realizarían esta avaliación cunha única proba para cada parte da materia. En calquera dos dous casos, as porcentaxes da nota asignadas a cada parte serán as especificadas nos apartados a.1 e a.2.

b) Segunda edición de actas:

b.1) Presencial:

O alumnado que suspenda a avaliación continua ou, de ser o caso, o exame final, será avaliado mediante o exame único que o centro fixe oficialmente para o mes de xullo. Este exame computará coma o 100% da nota e constará de diversas partes correspondentes a escoita (20%); produción oral (40%); contidos teóricos (40%), divididos entre vocabulario (20%) e fonética-fonoloxía (20%).

Tal e como se explicou no apdo. a), a este exame poderá presentarse o alumnado que teña suspensa algunha das partes da materia. O alumnado deberá examinarse só da(s) parte(s) que ten suspensa(s) e gardaránselle as notas parciais das outras partes obtidas ben ao longo do curso, ben no exame único (ditas notas só se gardarán ata a convocatoria de xullo, en ningún caso durante máis tempo).

b.2) Non presencial:

Se por algunha circunstancia relacionada coa situación derivada da COVID-19 os exames presenciais non puidesen celebrarse, a proba ou probas de avaliación serían realizadas mediante a plataforma de docencia online (Moovi) e/ou o Campus Remoto da UVigo:

O alumnado que suspenda a avaliación continua ou, de ser o caso, o exame ao final do cuadrimestre, será avaliado mediante o exame único non presencial na data oficial publicada na páxina web da FFT. Este exame computará coma o 100% da nota e constará de diversas partes correspondentes a escoita (20%); produción oral (40%); contidos teóricos (40%), divididos entre vocabulario (20%) e fonética-fonoloxía (20%).

Tal e como se explicou no apdo. a.1), a este exame poderá presentarse o alumnado que teña suspensa algunha das partes da materia. O alumnado deberá examinarse só da/s parte/s suspensa/s.

c) Observacións finais:

Durante a realización dos exames presenciais non se permitirá a utilización de diccionarios, ordenador, teléfono móbil, nin a conexión a Internet. No caso de avaliación non presencial non se permitirá o uso de diccionarios e só se poderá usar internet para acceder á plataforma na que se faga o exame.

A reproducción total ou parcial de contidos cuxa autoría non sexa do alumnado sen que este cite as fontes dos devanditos contidos constitutirá plaxio; o plaxio considérase falta moi grave, e conducirá ao suspenso na parte ou partes en que se teña incorrido nesta falta.

Bibliografía. Fontes de información
Bibliografía Básica
Brazil, David, **Pronunciation for Advanced Learners of English**, Cambridge University Press, 1994
Burgess, Sally & Thomas, Amanda, **Gold Advanced Coursebook (with Audio CD)**, Pearson Education, 2015
Campbell, Colin, **English for academic study: Vocabulary**, Garnet, 2012
Carr, Philip, **English phonetics and phonology: an introduction**, Wiley-Blackwell, 2013
Cauldwell, Richard, **Streaming speech: listening and pronunciation for advanced learners of English**, Speech in Action, 2003
Cruttenden, Alan, **Gimson s pronunciation of English**, 8th ed., Routledge, 2014
Edwards, Lynda & Newbrook, Jacky, **Gold Advanced Exam Maximiser with Key (with CD)**, 2nd ed., Pearson Education, 2014
Estebas Villaplana, Eva, **Teach yourself English pronunciation: an interactive course for Spanish speakers**, UNED, 2014
Hewings, Martin, **English pronunciation in use. Advanced: self-study and classroom use**, Cambridge University Press, 2017
Hughes, Arthur, **English accents and dialects: an introduction to social and regional varieties varieties of English in the British Isles**, 5th ed., Hodder Education, 2012
McCarthy, Michael & Felicity O Dell, **English Vocabulary in Use**, Cambridge University Press, 2002
McCarthy, Michael & Felicity O'Dell, **English Idioms in Use**, Cambridge University Press, 2004
McCormack, Joan and Sebastian Watkins, **English for academic study: Speaking**, Garnet, 2012
Preiss, Sherry, **Northstar: listening and speaking. Advanced**, Pearson Education, 2009
Smith, Jonathan and Annette Margolis, **English for academic study: Pronunciation**, Garnet, 2012
Se o alumnado asiste regularmente ás clases presenciais terá realizado xa, aproximadamente, o 80% da práctica (en calquera das 3 encomendas ou supostos prácticos); o 20% restante forma parte do traballo a realizar de maneira autónoma por parte do alumnado segundo explícita as directrices de Bolonia. As tres encomendas conteñen tamén aspectos relacionados coas novas tecnoloxías da tradución e a comunicación TIC e a xestión de proxectos, as ferramentas telemáticas e o traballo colaborativo no ámbito da tradución profesional. Unha vez finalizadas as horas de clase asociadas a esta proba vaise facer un sorteo público para decidir cal das 3 encomendas vaise ter que entregar para ser avaliada. A partir dese momento, o alumnado vai dispor dun período de tempo adicional (de como mínimo 1 semana) para poder acabar na aula informática (o pola súa conta) a encomenda escollida para a súa entrega.

- **P1-E1; PRÁCTICA-1, ENCOMENDA-1**: Relacionada coa ofimática avanzada aplicada á tradución e centrada nas funcións avanzadas dos procesadores de texto e das follas de cálculo relacionadas co ámbito profesional da tradución e coa maquetación profesional de documentos (Tema-2).
- **P1-E2; PRÁCTICA-1, ENCOMENDA-2**: Relacionada coa ofimática avanzada aplicada á tradución e centrada na telemática, e a creación, tradución e hospedaxe de páxinas web (Tema-2).
- **P1-E3; PRÁCTICA-1, ENCOMENDA-3**: Relacionada coa ofimática avanzada aplicada á tradución e centrada nos programas lexicográficos, nas bases de datos de todo tipo e nas follas de cálculo relacionados co ámbito profesional da tradución (Tema-2).

P2; PROBA PRÁCTICA Nº 2 (Tema-3). Na páxina web http://jmv.webs.uvigo.es/material.htm pódense consultar todos os pormenores actualizados desta proba práctica. Está relacionada co Tema-3 ("Tradución e tecnoloxías: a tradución asistida por ordenador TAO"); e o obxectivo desta práctica é aplicar os coñecementos e destrezas adquiridos neste tema no ámbito profesional da tradución. A práctica constitúe un máximo de 2,5 puntos da avaliación continua da materia. Consta de tres encomendas prácticas, das que a "ENCOMENDA-1" e a "ENCOMENDA-2" son non avaliables e soamente van servir para adquirir experiencia cara á "ENCOMENDA-3", que si vai ser avaliable. A entrega desta segunda práctica vai ser na 12ª semana do curso.

- **P2-E1; PRÁCTICA-2, ENCOMENDA-1**: Relacionada coa tradución asistida por ordenador TAO; é non avaliable e soamente vai servir para adquirir experiencia cara á "ENCOMENDA Nº 3", que si é avaliable (Tema-3).
- **P2-E2; PRÁCTICA-2, ENCOMENDA-2**: Relacionada coa tradución asistida por ordenador TAO; é non avaliable e soamente vai servir para adquirir experiencia cara á "ENCOMENDA Nº 3", que si é avaliable (Tema-3).
- **P2-E3; PRÁCTICA-2, ENCOMENDA-3**: Relacionada coa tradución asistida por ordenador TAO; o valor total desta encomenda é de 2,5 puntos (Tema-3).

2.1.3. Exames tipo test (de preguntas obxectivas) da materia

Na páxina web http://jmv.webs.uvigo.es/material.htm pódense consultar todos os pormenores actualizados destes exames

tipo test (de preguntas obxectivas) da materia. Constitúen o 30% da cualificación final total da materia (isto é, 3,0 puntos sobre os 10,0 posíbeis). Consistirá na realización de dos exames tipo test (de preguntas obxectivas) para avaliar os coñecementos relacionados coas competencias da materia.

As preguntas van dirixidas, de maneira particular, a validar os coñecementos e destrezas adquiridos na realización das diferentes probas prácticas relacionadas coas competencias da materia; e, de maneira xeral, para avaliar os coñecementos e destrezas adquiridos nos diferentes temas 1, 2, 3 e 4 relacionados coas competencias da materia.

No caso de detectar algunha copia entre o alumnado, as persoas involucradas na copia serán automaticamente expulsadas da avaliación continua e cualificadas con SUSPENSO/A (0,0 puntos) na avaliación continua da materia.

O valor de cada resposta correcta será proporcional ao número total de preguntas formuladas; e, antes do inicio de cada exame, vaise establecer (de maneira moi clara e por escrito) as posíbeis penalizacións das respostas incorrectas e/ou das respostas deixadas en branco. Estes parámetros poden variar dun exame a outro desta avaliación continua ou da avaliación final.

- **T1; TEST-1**: Está relacionado co Tema nº 1 ("Introdución á materia de 'Ferramentas para a tradución e a interpretación I: Informática'"), o Tema nº 2 ("Tradución e tecnoloxías: a ofimática aplicada á tradución"), e a proba Práctica nº 1 da materia. A realización deste primeiro exame de preguntas obxectivas vai ser na 8ª semana do curso.
- **T2; TEST-2**: Está relacionado co Tema nº 3 ("Tradución e tecnoloxías: a tradución asistida por ordenador TAO"), o Tema nº 4 ("Introdución á tradución e ás novas tecnoloxías: a tradución multimedia TM"), e á proba Práctica nº 2 da materia. A realización deste segundo exame de preguntas obxectivas vai ser na 14ª semana do curso.

Na medida do posíbel vaise tentar respectar a programación establecida "a priori"; pero, obviamente, a mesma fica suxeita a posíbeis cambios de última hora debidos a imprevistos de tipo persoal, académico e/ou técnico (que serían oportunamente informados a todo o alumnado da materia a través de todos os medios dispoñíbeis para illo).

2.2. Modalidade de "avaliación única"

Lembrade que so pode realizar esta modalidade de "avaliación única" o alumnado que non entregou nin fixo ningunha práctica ou proba tipo test durante a avaliación continua da materia. No momento que un/unha alumno/a entrega unha práctica e/ou fai unha proba tipo test na avaliación continua queda automaticamente excluído/a da avaliación única da primeira edición de actas da materia.

O alumnado que se acolla á modalidade de avaliación única na primeira edición de actas da materia vai ter que realizar un único exame de preguntas obxectivas cun valor máximo de 10,0 puntos en total (o 100% da nota final).

Nesta modalidade de avaliación única tamén é requisito que o alumnado estea dado de alta na plataforma de teledocencia MooVi da materia; neste caso, para que poida facer o exame de preguntas obxectivas no MooVi da materia. Al igual que no caso da avaliación continua, se o require o persoal docente, tamén vai ter que identificarse o día do exame con algún documento oficial onde conste o seu nome e apelidos e a súa fotografía.

Nesta modalidade de avaliación única da primeira edición de actas da materia, dada a especial idiosincrasia desta materia e dos especiais requisitos de hardware e software que precisa "a priori"; por razóns de tempo, infraestrutura e de procedemento, basicamente, non se vai esixir ao alumnado (a diferenza da avaliación continua) que faga ningunha proba/encomenda práctica. Sen embargo, neste exame de preguntas obxectivas, váiselle esixir (entre outras cuestións) que probe que sabería facelas se fose necesario (que sabería utilizar os programas, formatos, procedementos, metodoloxías, etc., esixíbeis para a súa realización).

Así, pois, as preguntas deste exame de preguntas obxectivas estarán relacionadas, de maneira xeral, con aspectos teóricos e prácticos da materia; pero, de maneira particular, tamén coas probas prácticas de execución de tarefas reais e/ou simuladas realizadas na modalidade de avaliación continua da primeira oportunidade de avaliación oficial.

O valor de cada resposta correcta será proporcional ao número total de preguntas formuladas; e, antes de cada exame, vaise establecer (de maneira moi clara e por escrito) as posíbeis penalizacións das respostas incorrectas e/ou das respostas deixadas en branco. Estes parámetros poden variar ao respecto dos diferentes exames de preguntas obxectivas da modalidade de avaliación continua realizados.

De detectarse algún intento de copia no exame de preguntas obxectivas, o alumnado involucrado será de inmediato cominado a abandonar a aula e o seu exame será cualificado con SUSPENSO/A (0,0 puntos).

Para aprobar a materia nesta avaliación única da primeira edición de actas da materia o alumnado deberá obter un mínimo de 5,0 puntos no exame de preguntas obxectivas (sen excepción algunha).

Por acordo da Xunta de Facultade da FFT do 03/06/16, "O exame / A proba/ A entrega de traballos para o alumnado de

avaliación única será a data establecida no calendario de exames aprobado en Xunta de Facultade da FFT".

3. SEGUNDA EDICIÓN DE ACTAS DA MATERIA

A segunda edición de actas da materia rexerase polos mesmos parámetros que a primeira edición de actas da materia na súa modalidade de avaliación única. Con todo, os parámetros relacionados coas posibles penalizacións das respostas incorrectas e/ou das respostas deixadas en branco no exame de preguntas obxectivas poden variar ao respecto desta.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Miquel-Vergés, J., **Blog de Joan Miquel-Vergés**, https://jmiquelv.blogspot.com/2021, FFT-UVigo, 2021

Miquel-Vergés, J., **Espazo web de Joan Miquel-Vergés**, http://jmv.webs.uvigo.es, FFT-UVigo, 2021

Miquel-Vergés, J., **Twitter de Joan Miquel-Vergés**, https://twitter.com/jmiquelv2021, FFT-UVigo, 2021

Martín-Mor, A.; Piqué, R.; Sánchez-Gijón, P., **"Cambios en el paradigma de la traducción digitalizada". En IX Simposio sobre la traducción, la terminología y la interpretación Cuba-Quebec-Canadá, La Habana, 10/12/14**, http://jmv.webs.uvigo.es/docs/2014_martin_pique_sanchez.pdf, ACTI, 2014

Olalla-Soler, C.; Vert-Bolaños, O., **"Traducción y tecnología: uso y percepción de las tecnologías de la traducción. El punto de vista de los estudiantes". En Revista Tradumàtica, 11:338-356**, ISSN: 1578-7559; http://www.raco.cat/index.php/Tradumatica/article/, UAB, 2013

Piqué, R. y Sánchez-Gijón, P., **"La digitalización del proceso de traducción tareas y herramientas". En I Congreso Internacional de Traducción Especializada. Buenos Aires, 27/07/06**, http://tradumatica.net/pique/master/ponencia.pdf, UAB, 2006

Zetzsche, J., **The Translator's Tool Box. A Computer Primer for Translators. Version 14**, http://jmv.webs.uvigo.es/docs/ToolBox14/index.html#t=toolbox%2Ffrontmatter%2Ffrontmatter.htm, Version 14, 2020, International Writers' Group, LLC, 2020

Bibliografía Complementaria

Bowker, L., **Computer-Aided Translation technology: A practical introduction**, ISBN: 0776630164, 0776605380. Signatura FFT: FFT 801:681.3 BOW com, University of Ottawa Press, 2002

Chan, Sin-wai, **The future of translation technology: towards a world without Babel**, ISBN: 9780367409050. Signatura FFT 82.03 CHA fut, Routledge, 2019

Corpas, G.; Varela, M. J., **Entornos informáticos de la traducción profesional: las memorias de traducción**, ISBN: 8496101150. Signatura FFT: FFT 82.03 ENT inf, Atrio, 2003

Díaz-Fouces O.; García-González, M. (eds.), **Traducir (con) software libre**, ISBN: 9788498364873, Signatura FFT: FFT 82.03 TRA con, Comares, 2008

O□hagan, M., **The Routledge Handbook of Translation and Technology**, ISBN: 9781138232846. Signatura FFT 82.03 ROU han, Routledge, 2020

Oliver,-González A., **Herramientas tecnológicas para traductores**, ISBN: 9788490647516 (rústica), 978-8491160427 (PDF). Signatura FFT: FFT 82.03 OLI her, UOC, 2016

Oliver-González, J.A.; Moré, J.; Climent, S. (coords.), **Traducción y tecnologías**, ISBN: 9788497887403 (Rústica), 9788497883658 (EPUB), 9788490296196 (PDF). Signatura FFT: FFT 82.03 O, UOC, 2008

Reineke, D. (coord.), **Traducción y localización: mercado, gestión y tecnologías**, ISBN: 8496577082, 9788496577084. Signatura FFT: FFT 82.03 TRA ylo, Anroart Ediciones, 2005

Santilli, D. (coord.), **Manual de informática aplicada a la traducción, 2ª edición revisada**, ISBN: 9789871763245. Signatura FFT 82.03 MAN, CTPCBA, 2017

Recomendacións

Materias que continúan o temario

Ferramentas para a tradución e a interpretación V: Informática avanzada/V01G230V01931
Tradución medios audiovisuais idioma 1: Francés-Galego/V01G230V01924
Tradución medios audiovisuais idioma 1: Inglés-Español/V01G230V01923
Tradución medios audiovisuais idioma 1: Inglés-Galego/V01G230V01922

Outros comentarios

1) A diferenza da maioría das materias do grao, non se utilizará a plataforma de teledocencia MooVi (http://moovi.uvigo.gal) como elemento exclusivo ou preferente para a docencia desta materia.

Nesta materia vaise reservar o uso da plataforma de teledocencia MooVi, preferentemente, para contactar co alumnado a través dos foros de anuncios, noticias e consultas que se poidan crear ou a través do servizo de mensaxería incorporado; e, tamén, para todo o relacionado coa avaliación docente da materia. Neste último caso, seguindo a recomendación da delegada de protección de datos da UVigo (dpd@uvigo.gal) ao respecto do lugar de publicación das cualificacións do alumnado (http://jmv.webs.uvigo.es/evaluacion/publicacion-das-cualificacions-do-alumnado.pdf), que [sic] "recomenda para a publicación dos listados de cualificacións o emprego da plataforma de formación dixital da UVigo (na que o acceso do

alumnado é restrinxido non só por canto esixe a súa previa identificación electrónica senón porque a alta nas distintas materias a outorgan os servizos informáticos en función das disciplinas nas que consta oficialmente matriculado/a)." Por contra, como elemento preferente para a docencia da materia usarase o espazo web da materia http://jmv.webs.uvigo.es xestionado pola UVigo.

É responsabilidade do alumnado da materia consultar no MooVi e no espazo web da materia toda a información e documentación contida nas mesmas, así como as actualizacións que poidan ter lugar nas mesmas durante o curso académico. No hipotético caso de que o persoal docente da materia opte tamén por usar o espazo web como lugar de publicación dos listados de cualificacións (como alternativa ou de maneira combinada co MooVi), a información vaise protexer cun nome de usuario/a e unha contrasinal (que serán facilitados ao alumnado da materia ao inicio do curso). Lembrade a este respecto que os espazos web da UVigo (a diferenza, por exemplo, doutros espazos de almacenaxe virtual como poidan ser Dropbox ou Google Drive que recoméndanse non empregar para este tipo de funcións) son espazo virtuais de almacenamento seguros, que cómpren con todos os regulamentos de seguridade e de protección de datos. A diferenza dos espazos web xestionados directa ou indirectamente pola UVigo, en espazos web como Dropbox ou Google Drive non é posible un control total do contido e do tipo de servizo prestado; polo que non está garantido nos mesmos o establecido no "Reglamento General de Protección de datos (RGPD)".

2) Esta materia proporciona a adquisición de coñecementos e destrezas das ferramentas informáticas básicas (hardware e software) de tipo xeral relacionadas coa tradución.

Para adquirir coñecementos e destrezas no manexo de ferramentas informáticas especializadas relacionadas coa tradución, e, sobre todo, relacionadas co ámbito da tradución multimedia (tradución audiovisual e localización), considérase imprescindible cursar no 4º curso do Grao: i) A materia de "Ferramentas para a Tradución e Interpretación V: Informática avanzada" [que consolida e amplía os coñecementos e destrezas das ferramentas informáticas de tradución asistida adquiridos na materia de 1º curso do grao; e, ademais, proporciona una primeira aproximación aos coñecementos e destrezas das ferramentas informáticas especializadas empregadas na tradución multimedia (no apartado da localización: a localización de páxinas web, a localización de programas informáticos, e, a localización de videoxogos)]; e; ii) Algunha das combinacións lingüísticas da materia de "Tradución medios audiovisuais" [que proporciona una primeira aproximación aos coñecementos e destrezas das ferramentas informáticas especializadas empregadas na tradución multimedia (no apartado da tradución audiovisual: o subtitulado, a dobraxe, e, as voces superpostas ou "voice-over")].

Dese xeito pódese atinxir un dominio satisfactorio dos coñecementos e das destrezas das principais ferramentas informáticas (hardware e software) relacionadas coa práctica profesional da tradución e a interpretación glosados na listaxe de competencias do Grao (xenéricas e especializadas).

3) Dado que para o desenvolvemento e a avaliación da materia atinxen tanto as horas de traballo presenciais na aula informática como as horas de traballo persoal autónomo do alumnado, considérase imprescindíbel a asistencia (presencial ou virtual síncrona, se é o caso) do alumnado ás primeiras sesións (3 horas) introdutorias da materia (no grupo que teña asignado/a) coa finalidade de estar informado/a do funcionamento da materia, dos contidos, da planificación e metodoloxías docentes que vanse empregar, dos mecanismos de seguimento da docencia, etc. En particular, vai poder contar coa suficiente información para poder decidir a modalidade de avaliación que quere seguir.

4) A copia ou plaxio total ou parcial en calquera tipo de traballo, proba tipo test ou exame suporá automaticamente a cualificación de suspenso/a (0,0 puntos) na cualificación da materia. Alegar descoñecemento do que supón un plaxio non eximirá ao estudantado da súa responsabilidade neste aspecto.

Plan de Continxencias

Descrición

=== MEDIDAS EXCEPCIONAIS PLANIFICADAS ===

Ante a incerta e imprevisible evolución da alerta sanitaria provocada pola COVID- 19, a Universidade establece una planificación extraordinaria que se activará no momento en que as administracións e a propia institución o determinen atendendo a criterios de seguridade, saúde e responsabilidade, e garantindo a docencia nun escenario non presencial ou non totalmente presencial. Estas medidas xa planificadas garanten, no momento que sexa preceptivo, o desenvolvemento da docencia dun xeito mais áxil e eficaz ao ser coñecido de antemán (ou cunha ampla antelación) polo alumnado e o profesorado a través da ferramenta normalizada e institucionalizada das guías docentes DOCNET.

=== ADAPTACIÓN DAS METODOLOXÍAS ===

* Metodoloxías docentes que se manteñen e metodoloxías docentes que se modifican

De maneira xeral, no caso de impartición da docencia en modalidade non presencial, a actividade docente impartirase mediante Campus Remoto e preverase asemade o uso da plataforma de teledocencia Faitic como reforzo e sen prexuízo doutras medidas que se poidan adoptar para garantir a accesibilidade do alumnado aos contidos docentes.

No que atinxe ao plan de continxencia sobre a modalidade mixta, en particular, na que unha parte do estudantado asistirá ás aulas de forma presencial e outra parte seguirá as clases dun modo síncrono (preferentemente) ou asíncrono: o profesorado manterá as metodoloxías, a atención personalizada e os sistemas de avaliación como se indica para a modalidade presencial, adaptando os grupos de estudantes e as quendas para cumprir coa normativa sanitaria que se estableza no seu momento.

* Mecanismo non presencial de atención ao alumnado (titorías)

De maneira xeral, no que atinxe ás titorías, ademais de presencialmente, as sesións de titorización poderán realizarse por medios telemáticos (correo electrónico; videoconferencia a través de Skype, Zoom, Teams, do despacho virtual do Campus Remoto, etc.; foros de MooVi...) baixo a modalidade de concertación previa.

* Modificacións (se proceder) dos contidos a impartir

En caso de ter que adoptar medidas excepcionais que afecten á presencialidade da materia, por tal como está estruturada a materia, illo non vai afectar aos contidos da mesma.

* Bibliografía adicional para facilitar a auto-aprendizaxe

Non se require.

* Outras modificacións

Non proceden.

=== ADAPTACIÓN DA AVALIACIÓN ===

Non procede ningún tipo de adaptación da avaliación, agás, de ser preciso, do uso de medios telemáticos para a mesma.

DATOS IDENTIFICATIVOS

Lingua: Lingua A2, I: Expresión escrita e oral: Galego

Materia	Lingua: Lingua A2, I: Expresión escrita e oral: Galego			
Código	V01G230V01201			
Titulacion	Grao en Tradución e Interpretación			
Descriptores	Creditos ECTS	Carácter	Curso	Cuadrimestre
	6	FB	1	2c
Lingua impartición	Galego			
Departamento	Filoloxía galega e latina			
Coordinador/a	Soto Andión, Xosé			
Profesorado	Soto Andión, Xosé			
Correo-e	xsotoandion@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral	Partindo de que o alumnado posúe un nivel C2 do Marco Europeo de Referencia para a aprendizaxe de linguas, a materia revisa en profundidade e reforza os coñecementos que posúen os discentes á vez que incide na aplicación práctica da norma adaptada á construción de manifestacións discursivas formais nos diferentes contextos comunicativos orais e escritos.			

Competencias

Código	
CB1	Que os estudantes demostren posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral e adoita atoparse a un nivel que, malia se apoiar en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo.
CB2	Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
CB3	Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
CB4	Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solución a un público tanto especializado coma non especializado.
CB5	Que os estudantes desenvolvan aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.
CE3	Dominio da lingua propia, escrita e oral
CE4	Coñecer norma e usos das linguas de traballo
CE17	Capacidade de tomar decisións
CE18	Capacidade de aplicar os coñecementos á práctica
CE25	Coñecementos de cultura xeral e civilización
CE27	Capacidade de razoamento crítico
CE33	Dominio oral e escrito da lingua propia
CT7	Toma de decisións
CT8	Compromiso ético e deontolóxico
CT9	Razoamento crítico
CT15	Aprendizaxe autónoma
CT23	Capacidade de traballo individual

Resultados de aprendizaxe

Resultados de aprendizaxe	Competencias		
- Desenvolver autonomía na produción e corrección de diferentes tipos de textos orais e escritos utilizando axeitadamente os recursos da lingua galega. Coñecementos de cultura xeral e civilización Dominio oral e escrito da lingua propia	CB1 CB2 CB3 CB4 CB5	CE3 CE4 CE17 CE18 CE25 CE27 CE33	CT7 CT8 CT9 CT15 CT23

Contidos

Tema

1. A norma escrita da lingua galega	1.1. A acentuación 1.2. Signos ortográficos 1.3. Grupos consonánticos 1.4. Sufixos e terminacións 1.5. Paradigmas morfolóxicos do galego
2. Morfosintaxe	2.1. O artigo 2.2. O substantivo e adxectivo 2.3. O pronome persoal 2.4. Posesivos e demostrativos 2.5. Cuantitativos e indefinidos 2.6. O verbo 2.7. O adverbio, a preposición, a conxunción.
3. Lingua oral e lingua escrita	3.1. A linguaxe como medio de comunicación 3.2. Escritura e oralidade
4. O texto	4.1. Coherencia e cohesión textual 4.2. Tipoloxía textual en galego

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Resolución de problemas	21	21	42
Eventos científicos	3	6	9
Presentación	3	21	24
Lección maxistral	15	30	45
Actividades introdutorias	4	8	12
Exame de preguntas obxectivas	2	16	18

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Resolución de problemas	O estudantado levará a cabo a resolución de problemas e exercicios específicos para a materia explicada. Adóitase utilizar como complemento da clase maxistral.
Eventos científicos	Os discentes asistirán a conferencias e actividades que complementen a súa formación, agás persoas con conciliación debidamente xustificada.
Presentación	O alumnado exporá perante o docente e/ou un grupo de estudantes un tema sobre os contidos da materia ou os resultados dun traballo, exercicio.
Lección maxistral	Exposición por parte do docente dos contidos sobre a materia obxecto de estudo, directrices dun traballo e actividades que o alumnado debe desenvolver.
Actividades introdutorias	Actividades encamiñadas a tomar contacto co alumnado e reunir información sobre o grupo así como a presentar a materia

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Resolución de problemas	O profesor terá titorías individualizadas ou en pequenos grupos antes da exposición dos temas por parte do alumnado.

Avaliación

	Descrición	Cualificación	Competencias Avaliadas		
Resolución de problemas	Durante o curso o profesorado especificará cales das diferentes actividades prácticas serán avaliables. Terase moi en conta a actitude e participación do alumnado nas aulas.	20	CB2 CB3 CB4 CB5	CE3 CE4 CE18 CE25 CE33	CT15 CT23
Eventos científicos	Valorarase a asistencia a calquera actividade programada relacionada coa materia e a entrega dunha recensión persoal.	5	CB2 CB5	CE25	CT8 CT15
Presentación	Valorarase a preparación dun traballo tutelado, individual e breve (5 folios) no que se atenderá especialmente á corrección do texto.	10	CB2 CB3 CB4 CB5	CE3 CE4 CE17 CE18 CE27 CE33	CT7 CT8 CT9 CT15 CT23

Lección maxistral	Valorarase a atención dos discentes, a súa curiosidade intelectual, a reflexión e mesmo o debate se se considera oportuno.	15	CB2 CB3 CB4 CB5		
Exame de preguntas obxectivas	Realizaranse dúas probas durante o cuadrimestre: unha sobre a normativa ortográfica e morfolóxica (CONTRA A METADE DE MARZO) e outra sobre aspectos gramaticais (NA DATA OFICIAL DE EXAMES). Ámbalas dúas deberán ser superadas para obter a cualificación total deste apartado. Os alumnos que suspendan a primeira proba, deberán examinarse da parte correspondente na devandita data oficial de exames.	50	CB2 CB3 CB4 CB5	CE3 CE4 CE17 CE18 CE25 CE33	CT7 CT8 CT15 CT23

Outros comentarios sobre a Avaliación

Para poder optar á avaliación continua, débense cumprir os seguintes requisitos: asistencia habitual ás aulas e entrega dos traballos obrigatorios. O estudantado que opte pola modalidade presencial someterase ás dúas probas avaliables necesarias para conseguir o aprobado da materia: unha sobre a normativa ortográfica e morfolóxica do galego e outra sobre as cuestións traballadas durante o curso respecto a construción e corrección textual, gramática e léxico-semántica. Ámbalas dúas probas deberán ser superadas. Na segunda edición das actas non se conservará a cualificación de ningunha das dúas probas superadas. O estudantado que non se acolla á modalidade presencial realizará na data oficial de exame tanto unha proba teórico-práctica sobre os contidos da materia, coma unha proba oral e terá ademais a obriga de entregar un traballo individual consensuado de antemán coa profesora ou profesor. O mesmo sistema seguirase cos alumnos que concorran á segunda ou posteriores convocatorias. Calquera tipo de plaxio será penalizado co suspenso. Terase en consideración o caso de persoas con obrigas de conciliación debidamente xustificadas.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

ÁLVAREZ, R. / MONTEAGUDO, H. / REGUEIRA, X.L., **Gramática galega**, Galaxia, 1986

ÁLVAREZ, R. e XOVE, X., **Gramática galega**, Galaxia, 2002

FREIXEIRO MATO, X.R., **Gramática da lingua galega II Morfosintaxe**, A Nosa Terra, 2000

GONZÁLEZ REI, B., **Ortografía da lingua galega**, Galinova, 2004

HERMIDA, Carme, **Gramática Práctica (Morfosintaxe)**, Sotelo Blanco, 2004

ILG / RAG, **Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego**, ILG/RAG, 1995

CARBALLEIRA ANLLO, X. M., **Gran dicionario Xerais da lingua**, Xerais, 2000

FERNÁNDEZ SALGADO,B., **Dicionario Galaxia de usos e dificultades da lingua galega**, Galaxia, 2004

XOVE FERREIRO, Xosé, **Novo dicionario da lingua galega**, Obradoiro-Santillana, 2005

NAVAZA BLANCO, G., **Dicionario Xerais castelán-galego de usos, frases e sinónimos**, Xerais, 1990

RAG, **www.realacademiagalega.org**,

www.edu.xunta.es/diccionarios/BuscaTermo.jsp,

digalego.com/diccionario/html/index.php,

htpp://gl.wikipedia.org.wiki/Portada,

Curso é-galego: ilg.usc.es,

Bibliografía Complementaria

Recomendacións

Materias que continúan o temario

Lingua A2, II: Introdución ás linguas de especialización: Galego/V01G230V01401

Materias que se recomenda cursar simultáneamente

Ferramentas para a tradución e a interpretación I: Informática/V01G230V01109

Outros comentarios

No caso do alumnado que non posúa un nivel avanzado de coñecementos (C2) deberá procuralo por medios alternativos á docencia desta materia: Escola Oficial de Idiomas, cursos CELGA, visionado de películas, lecturas ...

Lémbrese que calquera tipo de plaxio será penalizado.

Lémbrase que se prestará especial atención á corrección lingüística e terase en conta na avaliación.

Recoméndase encarecidamente o uso dos recursos da biblioteca.

O alumnado deberá estar pendente da plataforma docente Moovi, a través da cal o profesorado manterá o contacto permanente co alumnado: notificacións, envío do material, etc.

O profesorado facilitará nova bibliografía actualizada de cada tema na clase.

O profesorado terá en conta situacións de conciliación debidamente xustificadas.

Plan de Continxencias

Descrición

=== MEDIDAS EXCEPCIONAIS PLANIFICADAS ===
Ante a incerta e imprevisible evolución da alerta sanitaria provocada pola COVID- 19, a Universidade establece una planificación extraordinaria que se activará no momento en que as administracións e a propia institución o determinen atendendo a criterios de seguridade, saúde e responsabilidade, e garantindo a docencia nun escenario non presencial ou non totalmente presencial. Estas medidas xa planificadas garanten, no momento que sexa preceptivo, o desenvolvemento da docencia dun xeito mais áxil e eficaz ao ser coñecido de antemán (ou cunha ampla antelación) polo alumnado e o profesorado a través da ferramenta normalizada e institucionalizada das guías docentes DOCNET.

=== ADAPTACIÓN DAS METODOLOXÍAS ===
* Metodoloxías docentes que se manteñen
MANTÉÑENSE TODAS AS METODOLOXÍAS COA EXCEPCIÓN DE QUE SE LEVARÍAN A CABO MEDIANTE AS FERRAMENTAS PROPORCIONADAS POLA UNIVERSIDADE DE VIGO A TRAVÉS DO CAMPUS REMOTO (AULAS E DESPACHOS VIRTUAIS, CORREO ELECTRÓNICO, FAITIC...).

* Metodoloxías docentes que se modifican
NINGUNHA

* Mecanismo non presencial de atención ao alumnado (titorías)
A TRAVÉS DO CAMPUS REMOTO DA UVIGO (AULAS E DESPACHOS VIRTUAIS, CORREO ELECTRÓNICO, FAITIC...) BAIXO A MODALIDADE DE CONCERTACIÓN PREVIA.

* Modificacións (se proceder) dos contidos a impartir
SEN CAMBIO

* Bibliografía adicional para facilitar a auto-aprendizaxe
SEN CAMBIO

* Outras modificacións

=== ADAPTACIÓN DA AVALIACIÓN ===
* Probas xa realizadas
Proba XX: [Peso anterior 00%] [Peso Proposto 00%]
SEN CAMBIO

* Probas pendentes que se manteñen
Proba XX: [Peso anterior 00%] [Peso Proposto 00%]
SEN CAMBIO

* Probas que se modifican
[Proba anterior] => [Proba nova]
SEN CAMBIO

* Novas probas

* Información adicional
NA MODALIDADE MIXTA, NA QUE UNHA PARTE DO ESTUDANTADO PERMANECERÁ NA CLASE, SEGUINDO O RESTO DO ESTUDANTADO AS CLASES DUN MODO PREFERENTEMENTE SÍNCRONO OU ASÍNCRONO DEPENDENDO DA FERRAMENTA QUE MELLOR SE ADAPTE A CADA UNHA, AS METODOLOXÍAS, A ATENCIÓN PERSONALIZADA E A AVALIACIÓN SERÁN AS MESMAS QUE AS DA MODALIDADE PRESENCIAL, ADAPTANDO OS GRUPOS E QUENDAS PARA CUMPRIR COA NORMATIVA SANITARIA.

DATOS IDENTIFICATIVOS				
Lingua: Lingua A2, I: Expresión escrita e oral: Español				
Materia	Lingua: Lingua A2, I: Expresión escrita e oral: Español			
Código	V01G230V01202			
Titulacion	Grao en Tradución e Interpretación			
Descriptores	Creditos ECTS	Carácter	Curso	Cuadrimestre
	6	FB	1	2c
Lingua impartición	Castelán			
Departamento	Lingua española			
Coordinador/a	Anaya Revuelta, Inmaculada			
Profesorado	Anaya Revuelta, Inmaculada			
Correo-e	ianaya@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral	A materia revisa en profundidade e reforza os coñecementos que posúen os discentes dunha das súas linguas maternas, o español. Ademais, a materia incide na aplicación práctica da norma académica adaptada á construción de discursos orais e escritos de carácter formal en contextos comunicativos diversos.			

Competencias	
Código	
CB1	Que os estudantes demostren posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral e adoita atoparse a un nivel que, malia se apoiar en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo.
CB2	Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
CB3	Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
CB4	Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solución a un público tanto especializado coma non especializado.
CB5	Que os estudantes desenvolvan aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.
CE3	Dominio da lingua propia, escrita e oral
CE4	Coñecer norma e usos das linguas de traballo
CE10	Capacidade de traballo en equipo
CE18	Capacidade de aplicar os coñecementos á práctica
CT1	Comunicación oral e escrita na lingua propia. Prestarase especial atención ao coñecemento e correcto uso das 2 linguas cooficiais da Comunidade Autónoma de Galicia
CT7	Toma de decisións
CT12	Traballo en equipo
CT18	Creatividade
CT23	Capacidade de traballo individual

Resultados de aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe	Competencias		
Desenvolver as habilidades de comprensión e de expresión escrita.	CB1 CB4	CE4	CT1
Ampliar o repertorio léxico e textual na lingua materna español.	CB1	CE3	CT23
Fomentar a aplicación práctica dos coñecementos gramaticais, léxicos e culturais á análise, creación e revisión de todo tipo de textos.	CB2	CE10 CE18	CT1 CT18
Capacitar aos alumnos para analizar, sintetizar e extraer de forma crítica a información principal e secundaria dunha manifestación discursiva oral ou escrita e poñela en común.	CB3	CE18	CT7 CT12
Proporcionarlle a información e ferramentas necesarias ao discente para que manexe con soltura os recursos bibliográficos de calidade que contribúan a un óptimo desenvolvemento das actividades profesionais de corrección, traducción e interpretación textual.	CB5		

Contidos
Tema

Tema 1. A comunicación escrita.	1.1. O proceso da escritura. Principais erros e dificultades 1.2. Unidades e niveis na organización do texto 1.3. Claridad, coherencia e cohesión.
Tema 2. O diccionario como ferramenta de uso.	2.1. Concepto e caracterización. 2.2. Tipos de diccionarios.
Tema 3. A comunicación oral.	3.1. Discurso oral/ discurso escrito 3.2. Elementos da comunicación oral. 3.3. Chaves para falar en público.
Tema 4. Como facer unha presentación.	4.1. Fases para a súa elaboración. 4.2. Presentacións. .

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Actividades introdutorias	2	3	5
Lección maxistral	18	45	63
Resolución de problemas de forma autónoma	14	21	35
Presentación	6	18	24
Traballo tutelado	4	8	12
Traballo	2	7	9
Exame de preguntas de desenvolvemento	2	0	2

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Actividades introdutorias	As primeiras sesións están enfocadas a coñecer o grao de coñecemento que ten o *estudiantado, cales son os seus intereses e expectativas, que obxectivos pretenden alcanzar, etc. Para iso realízanse algúns exercicios que teñen como obxecto reflectir o coñecemento da lingua e espertar o seu interese.
Lección maxistral	Actividade teórica. Consiste na exposición dos contidos xerais da materia co obxectivo de comunicar coñecementos e metodoloxías de análises. As explicacións estarán ordenadas e ben estruturadas e contarán con exemplos claros que aseguren a comprensión dos contidos. Ocasionalmente poderán estar apoiadas por presentacións.
Resolución de problemas de forma autónoma	Formularanse na aula unha serie de problemas e exercicios relacionados coa materia traballada nas clases. O obxectivo é reflexionar e relacionar teoría e práctica. Tamén constitúe unha actividade básica para reforzar os coñecementos que se van adquirindo.
Presentación	Actividade práctica. A profesora da materia dará unhas indicacións xerais sobre a forma idónea de realizar unha presentación oral. A partir destas explicacións esta liña metodológica irá orientada ao estudiantado. O obxectivo final é que o estudiantado realice unha presentación de forma individual, na que quede reflectida a metodoloxía apresa en clase.
Traballo tutelado	Actividade práctica orientada na aula pola docente. Trátase de traballos de curta extensión, tutelados pola profesora, encamiñados a expor reflexións sobre o apreso en clase e a saber expresalo con corrección.

Atención personalizada

Metodoloxías	**Descrición**
Traballo tutelado	Exercicios realizados en clase, revisados na aula pola profesora.
Resolución de problemas de forma autónoma	Exercicios realizados en clase, revisados na aula pola profesora.
Probas	**Descrición**
Traballo	Todos os traballos serán orientados e dirixidos pola docente

Avaliación

	Descrición	Cualificación	Competencias Avaliadas		
Presentación	Consistirá na presentación oral dun tema por parte do alumnado	45	CB2 CB4	CE3 CE10 CE18	CT12 CT18 CT23
Traballo	Consistirá en la elaboración de prácticas realizadas en clase. Para llegar al 5 en esta parte hay que haber presentado la mitad de las prácticas más una.	10	CB1 CB2 CB3 CB4 CB5	CE3 CE4 CE18	CT1 CT7 CT12 CT23

Exame de preguntas de desenvolvemento	Consistíirá nunha proba de comunicaión escrita	45	CB1	CE3 CE4 CE10 CE18	CT1

Outros comentarios sobre a Avaliación

Ao comezo do curso, o alumnado deberá indicarlle á docente a forma de avaliación pola que optan, é dicir, avaliación continua (traballos de aula, presentacións, probas, etc.) ou avaliación única (o exame terá lugar na data indicada no calendario oficial de exames da FFT). Os discentes que se acollan ao sistema de avaliación única realizarán un exame no que terán cabida cuestións teóricas e prácticas. O exame para o alumnado que opte pola modalidade de avaliación continua terá lugar durante a última semana do curso. O alumnado que opte pola avaliación continua e que non supere a materia ao final do cuadrimestre poderán presentarse á convocatoria oficial de xullo e ás sucesivas convocatorias, nas que non se gardarán as cualificacións obtidas a través das probas, actividades e traballos realizados ao longo do curso. O estudantado Erasmus poderá realizar as probas coa axuda dun dicionario. O exame de xullo constará dunha parte teórica e unha parte práctica. Tanto nas probas como no resto dos exercicios propostos ao longo do curso penalizaranse os erros ortográficos, os erros na expresión, as incoherencias sintácticas, etc.; se durante a corrección de actividades e traballos detéctase copia ou plaxio, os referidos traballos non se valorarán.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Álvarez Marañón, Gonzalo, **El arte de presentar**, 1, Gestión 2000, 2012

Ballenato Prieto, Guillermo, **Comunicación eficaz**, 1, Pirámide, 2013

Cassany, Daniel, **La cocina de la escritura**, Barcelona: Anagrama,

Leonardo Gómez Torrego. coord., **Número monográfico dedicado a la norma. Español Actual**, Arco/Libros,

Bibliografía Complementaria

Estrella Montolío coord., **Manual de escritura académica y profesional. EStrategias discursivas**, Ariel,

Real Academia Española, **Ortografía de la lengua española**, Madrid, Espasa,

Real Academia Española, **Diccionario panhispánico de dudas**, Madrid, Santillana,

Real Academia Española y Asociación de Academias de la Lengua Española, **Nueva gramática de la lengua española**, Madrid: Espasa,

Rodríguez Barcia, Susana, **Introducción a la lexicografía**, Madrid, Síntesis, 2016

Recomendacións

Materias que continúan o temario

Lingua: Lingua A1, I: Expresión escrita e oral: Español/V01G230V01102

Lingua A2, II: Introdución ás linguas de especialización: Español/V01G230V01402

Outros comentarios

O alumnado Erasmus debe posuír un nivel de español equivalente a C1.

Plan de Continxencias

Descrición

=== MEDIDAS EXCEPCIONAIS PLANIFICADAS ===

Ante a incerta e imprevisible evolución da alerta sanitaria provocada polo *COVID-19, a Universidade de Vigo establece unha planificación extraordinaria que se activará no momento en que as administracións e a propia institución determíneno atendendo a criterios de seguridade, saúde e responsabilidade, e garantindo a docencia nun escenario non presencial ou parcialmente presencial. Estas medidas xa planificadas garanten, no momento que sexa preceptivo, o desenvolvemento da docencia dun modo máis áxil e eficaz ao ser coñecido de antemán (ou cunha ampla antelación) polo alumnado e o profesorado a través da ferramenta normalizada e institucionalizada das guías docentes.

=== ADAPTACIÓN DAS METODOLOXÍAS ===

* Metodoloxías docentes que se manteñen

Actividades introductorias: Actividade encamiñada a tomar contacto e reunir información sobre o estudiantado, así como a presentar a materia, a través das ferramentas de teledocencia,Campus Remoto e Moovi. Esta sesión impartida en modalidade síncrona na aula virtual poderá ser gravada para que o estudiantado con problemas de conexión poida acceder

a elas de forma asíncrona.

Lección Maxistral: Exposición por parte da profesora dos contidos sobre a materia obxecto de estudo, no horario oficial establecido pola facultade, a través das ferramentas de teledocencia Campus Remoto e Moovi. As sesións impartidas en modalidade síncrona nas aulas virtuais poderán ser gravadas para que o estudiantado con problemas de conexión poida acceder a elas de forma asíncrona.

Resolución de problemas: O estudiantado realizará exercicios a través da modalidade asíncrona, baixo as directrices e supervisión da profesora. Para a realización destas actividades o estudiantado deberá ler as lecturas e demais materiais proporcionados na plataforma Moovi.

Traballo tutelado: Traballos individuais que inclúen a lectura de artigos postos a disposición do estudiantado a través da plataforma Moovi e/ou a investigación doutras fontes en relación cun ou máis temas. Finaliza coa redacción e entrega á profesora dun traballo.

Metodoloxías docentes que se modifican

Ningún

Mecanismo non presencial de atención ao alumnado (tutorías)

A atención personalizada realizarase no despacho virtual da profesora (nº 125), en horario de tutorías oficiais, previa cita concertada, a través do correo electrónico.

Modificacións (si proceden) dos contidos a impartir
Ningunha

Bibliografía adicional para facilitar o auto-aprendizaxe
En cada tema, a profesora indicará a lectura ou lecturas que considere necesarias e facilitará a maneira de acceder a ela (Moovi, enlaces web, etc.)

Outras modificacións
Ningunha

=== ADAPTACIÓN DA AVALIACIÓN ===
Probas xa realizadas
Primeira edición de actas (xaneiro-maio)
O estudiantado que siga o sistema de avaliación continua realizará un exame que coincidirá coa data establecida no calendario oficial de exames da FFT, en modalidade síncrona; a proba consistirá na realización dun exame oral sobre o contido da materia, cunha duración máxima de 20 minutos. Esta proba completarase coa redacción dun texto que o estudiantado terá que realizar nese momento e envialo ao correo da profesora, no tempo que esta considere adecuado (media hora, aproximadamente). Estas dúas probas sumarán un 60% da nota. O 40% restante consistirá na elaboración dunha presentación oral que o estudiantado terá que elaborar, seguindo a técnica apresa en clase.
O estudiantado que non siga o sistema de avaliación continua terá avaliación única mediante un exame obrigatorio, na data oficial establecida no calendario de exames da FFT, no que a cualificación suporá o 100% da nota final. Esta proba será exactamente igual que a descrita anteriormente, é dicir, constará de tres partes: a primeira, un exame oral sobre o contido; a segunda, elaboración dun texto e a terceira, unha presentación oral. En caso de problemas de conexión para realizar calquera destes exames, o exame realizarase por correo electrónico, salvo a parte de presentación oral que consistirá en gravar unha presentación e enviala á profesora.

Segunda edición de actas (xuño-xullo)
(A) O estudiantado de avaliación continua que realice todos os traballos prácticos e obteña unha cualificación, como mínimo de 5 sobre 10, non terá que volver presentalos. Neste caso, só deberá superar un exame sobre a materia impartida nas clases teóricas, que coincidirá coa data establecida no calendario oficial de exames da FFT, no que a cualificación suporá o 50% da nota final.
Esta proba consistirá nun exame oral sobre os contidos da materia no campus remoto, cunha duración de 20 minutos, como máximo. Ademais, o estudiantado terá que redactar un texto e envialo por correo á profesora no tempo que esta estime oportuno (media hora, máis ou menos). Por último, o estudiantado terá que preparar unha presentación oral, de acordo ás técnicas apresas en clase. Pode realizala no campus remoto ou ben facer unha gravación e enviala á profesora.

(B) O estudiantado que non consiga a nota mínima requirida durante o curso ordinario nos traballos prácticos, o de avaliación única e o estudiantado de cursos posteriores deberá realizar un exame que coincidirá coa data oficial establecida no calendario de exames da FFT, no que a cualificación suporá o 100% da nota final. Esta proba consistirá nun exame oral sobre os contidos da materia no campus remoto, cunha duración de 20 minutos, como máximo. Ademais, o estudiantado terá que redactar un texto e envialo por correo á profesora no tempo que esta estime oportuno (media hora, máis ou menos). Por último, o estudiantado terá que preparar unha presentación oral, de acordo ás técnicas apresas en clase. Pode realizala no campus remoto ou ben facer unha gravación e enviala á profesora.
Comunicarase por *Moovi o día, hora do exame oral coa suficiente antelación.

Plan de continxencia sobre a modalidade mixta, na que unha parte do estudantado asistirá ás aulas de forma presencial e outra parte seguirá as clases dun modo síncrono (preferentemente) ou asíncrono: o profesorado manterá as metodoloxías, a atención personalizada e os sistemas de avaliación como se indica para a modalidade presencial, adaptando os grupos de estudantes e as quendas para cumprir coa normativa sanitaria que se estableza no seu momento.

DATOS IDENTIFICATIVOS

Idioma moderno: Idioma 1, II: Inglés

Materia	Idioma moderno: Idioma 1, II: Inglés			
Código	V01G230V01203			
Titulacion	Grao en Tradución e Interpretación			
Descriptores	Creditos ECTS	Carácter	Curso	Cuadrimestre
	6	FB	1	2c
Lingua impartición	Inglés			
Departamento	Filoloxía inglesa, francesa e alemá			
Coordinador/a	Yáñez Bouza, Nuria			
Profesorado	Yáñez Bouza, Nuria			
Correo-e	nuria.y.b@uvigo.es			
Web	http://https://moovi.uvigo.gal/			
Descrición xeral	Esta materia ten como obxectivo a consolidación das competencias lingüísticas e comunicativas a nivel avanzado C1, iniciado no cuadrimestre anterior coa materia "Idioma moderno: Idioma 1, I: Inglés". O nivel final do curso será tamén C1, segundo os estándares do Marco Común Europeo de Referencia para as Linguas. A materia céntrase no uso da lingua inglesa en tres compoñentes: 'Use of English and Vocabulary', 'Reading' e 'Writing'. Os materiais teóricos e prácticos seguirán o modelo de C1 Advanced (Cambridge Advanced Examination, CAE).			

Competencias

Código	
CB1	Que os estudantes demostren posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral e adoita atoparse a un nivel que, malia se apoiar en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo.
CB2	Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
CB4	Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solución a un público tanto especializado coma non especializado.
CE1	Dominio de linguas estranxeiras
CE4	Coñecer norma e usos das linguas de traballo
CE13	Optimización de toma de notas, elaboración de resumos, síntese e reexpresión
CE18	Capacidade de aplicar os coñecementos á práctica
CE21	Rigor e seriedade no traballo
CE24	Capacidade de aprendizaxe autónoma
CE27	Capacidade de razoamento crítico
CE30	Coñecemento de idiomas
CT2	Coñecemento dunha segunda e unha terceira lingua estranxeira
CT4	Resolución de problemas
CT6	Capacidade de xestión da información
CT9	Razoamento crítico
CT15	Aprendizaxe autónoma
CT22	Capacidade de aplicar os coñecementos na práctica
CT23	Capacidade de traballo individual

Resultados de aprendizaxe

Resultados de aprendizaxe	Competencias		
Capacidade para desenvolver o sentido de conciencia lingüística da lingua inglesa, os seus mecanismos gramaticais e léxicos e as súas formas de expresión.	CB1 CB4	CE1 CE4 CE24 CE27 CE30	CT2 CT15 CT22 CT23
Capacidade para desenvolver as destrezas de comprensión escrita e de expresión escrita en inglés.	CB1 CB2 CB4	CE1 CE4 CE18 CE24 CE27 CE30	CT2 CT4 CT9 CT15 CT22 CT23

Fomentar a aplicación práctica dos coñecementos gramaticais e léxicos da lingua inglesa para a comprensión e expresión escrita en lingua inglesa.	CB1 CB2 CB4	CE1 CE4 CE18 CE21 CE24 CE27 CE30	CT2 CT9 CT15 CT22 CT23
Cada unha das destrezas da lingua será avaliada ao longo do cuadrimestre mediante probas específicas en datas anunciadas pola/o docente con antelación. O alumnado deberá aprobar todas e cadaunha das partes que compoñen a materia; o suspenso nunha destas partes implicaun suspenso na materia na primeira edición de actas. De suspender algunha(s) das partes nesa primeira edición, o alumnado examinarase da(s) parte(s) suspensa(s) na data oficial do mes de xuño/xullo publicada na páxina web da FFT (véxase apdo. b). De non aprobar nesa segunda oportunidade, oalumnado deberá examinarse de toda a materia no seguinte curso académico (non se gardarán notas dun curso ao seguinte).

Ningunha persoa poderá ser avaliada mediante o sistema de avaliación continua e presentarse ao exame de avaliación única explicado no apartado a.2.

a.2) Avaliación única:

O alumnado que **non realice ningún exame parcial**, poderápresentarse a un **exame único** (100%da cualificación final), que terá lugar na data oficial de decembro/xaneiro publicada na páxina web da FFT. Ese exameterá asignadas as

porcentaxes que seguen: gramática (15%),vocbulario (15%), lectura (10%), escrita (20%), escoita (15%) e produción oral (25%).

a.3) Avaliación continua/única non presencial:

Se por algunha circunstancia relacionada coa situación derivada da COVID-19 as clases presenciais non puidesen celebrarse ou fosen suspendidas en calquera momento do cuadrimestre, a proba ou probas de avaliación pendentes de realización serían realizadas mediante a plataforma de docencia online (Moovi). Neste caso, as persoas que seguisen a avaliación continua e xa tivesen feito algún exame presencial, completarían as probas co/s exame/s restantes feitos mediante Moovi, mentres que as persoas que seguisen a avaliación final, realizarían esta avaliación cunha única proba para cada parte da materia. En calquera dos dous casos, as porcentaxes da nota asignadas a cada parte serán as especificadas nos apartados a.1 e a.2.

b) Segunda edición de actas:

b.1) Presencial:

O alumnado que suspenda a avaliación continua ou, de ser o caso, o exame aofinal do cuadrimestre, será avaliado mediante o exame único presencial na data oficial publicada na páxina web da FFT. Este exame computará coma o 100% danota e constará de diversas partes correspondentes a gramática (15%), vocabulario (15%), lectura (10%), escrita (20%), escoita (15%) e produción oral(25%).

Tal ecomo se explicou no apdo. a.1, a este exame poderá presentarse oalumnado que teña suspensa algunha das partes da materia. O alumnado deberá examinarse só da/s parte/s suspensa/s.

b.2) Non presencial:

Se por algunha circunstancia relacionada coa situación derivada da COVID-19 os exames presenciais non puidesen celebrarse, a proba ou probas de avaliación serían realizadas mediante a plataforma de docencia online (Moovi):

O alumnado que suspenda a avaliación continua ou, de ser o caso, o exame aofinal do cuadrimestre, será avaliado mediante o exame único non presencial na data oficial publicada na páxina web da FFT. Este exame computará coma o 100% danota e constará de diversas partes correspondentes a gramática (15%), vocabulario (15%), lectura (10%), escrita (20%), escoita (15%) e produción oral(25%).

Tal ecomo se explicou no apdo. a.1, a este exame poderá presentarse oalumnado que teña suspensa algunha das partes da materia. O alumnado deberá examinarse só da/s parte/s suspensa/s.

NOTA: Oplaxio total ou parcial en calquera tipo de proba suporá unsuspenso automático na materia. Alegar descoñecemento do que supón un plaxionon eximirá o alumnado da súa responsabilidade neste aspecto.

Bibliografía. Fontes de información
Bibliografía Básica
Cowper, Anna et al., **Open World C1 [Self-Study Pack]**, Cambidge University Press, 2020
Bibliografía Complementaria
Brazil, D., **Pronunciation for Advanced Learners of English**, Cambridge University Press, 1994
Capel, A. and W. Sharp, **Objective proficiency [Student s book]**, Cambridge University Press, 2002
Greenall, S. and M. Swan, **Effective Reading**, Cambridge University Press, 1995
Grellet, F., **Writing for Advanced Learners of English**, Cambridge University Press, 1997
Hall, E., **Objective proficiency [Workbook]**, Cambridge University Press, 2002
Hewings, M., **Advanced Grammar in Use**, Cambridge University Press, 2005
Hewings, M., **Cambridge Grammar for CAE and Proficiency**, Cambridge University Press, 2009
McCarthy, M. and F. O Dell, **English Vocabulary in Use**, Cambridge University Press, 2002
McCarthy, M. and F. O'Dell, **English Idioms in Use**, Cambridge University Press, 2004
McCarthy, M. and F. O'Dell, **English Phrasal Verbs in Use**, Cambridge University Press, 2004

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente
Idioma moderno: Idioma 2, I: Inglés/V01G230V01105
Idioma moderno: Idioma 2, II: Inglés/V01G230V01205

Outros comentarios

Nunha materia de idioma inglés a nivel avanzado, a asistencia activa ás sesións presenciais constitúe un elemento chave na adquisición de competencias por parte do alumnado, polo que se recomenda a asistencia e participación activa na aula. De igual maneira, para superar esta materia é necesario o traballo constante do alumnado, tanto nas sesións presenciais como a nivel individual.

Todos os materiais cos que se traballe ao longo do curso poderán ser obxecto de avaliación.

Recoméndase encarecidamente a consulta regular da plataforma Moovi. A/o docente porá material a disposición do alumnado a través desta plataforma.

Para asegurar o atendemento en tirorías, recoméndase que o alumnado fixe coa/o docente data e hora para dito atendemento. Isto poderá facerse en persoa na aula, ou por e-mail. En ningún caso se resolverán dúbidas por correo electrónico.

Durante as clases, o alumnado non poderá facer uso de dispositivos electrónicos (ordenador, teléfono móbil, tablet, etc.), a non ser que a/o docente así o requira.

Plan de Continxencias

Descrición

I. MEDIDAS EXCEPCIONAIS PLANIFICADAS
Ante a incerta e imprevisible evolución da alerta sanitaria provocada pola COVID-19, a Universidade establece una planificación extraordinaria que se activará no momento en que as administracións e a propia institución o determinen atendendo a criterios de seguridade, saúde e responsabilidade, e garantindo a docencia nun escenario non presencial ou non totalmente presencial. Estas medidas xa planificadas garanten, no momento que sexa preceptivo, o desenvolvemento da docencia dun xeito mais áxil e eficaz ao ser coñecido de antemán (ou cunha ampla antelación) polo alumnado e o profesorado a través da ferramenta normalizada e institucionalizada das guías docentes DOCNET.

II. ADAPTACIÓN DAS METODOLOXÍAS
1. Metodoloxías docentes que se manteñen
Non se mantén inalterada ningunha das metodoloxías docentes explicadas nesta guía. As metodoloxías utilizadas adaptaranse á docencia non presencial do xeito que se expón debaixo.

2. Metodoloxías docentes que se modifican
2.1. A lección maxistral, consistente na exposición por parte da/o docente dos contidos da materia, impartirase de xeito asíncrono mediante presentacións de PowerPoint ou similares ou, de ser o caso, mediante exposición en formato de vídeo, sempre mediante a plataforma Moovi ou as aulas virtuais da UVigo. As explicacións teóricas irán acompañadas de exercicios a desenvolver polos estudantes para consolidar os coñecementos adquiridos.
2.2. A resolución de problemas farase como complemento ás lecciónns maxistrais. Os problemas ou exercicios serán presentados por medio da plataforma Moovi. A corrección dos exercicios farase de maneira asíncrona mediante follas de respostas que a docente subirá á plataforma.
2.3. As presentacións orais na clase realizaranse por medio de Moovi ou as aulas virtuais da UVigo de xeito asíncrono, isto é, mediante a subida de arquivos de vídeo por parte do alumnado en datas que serán fixadas pola/o docente con suficiente antelación.

3. Mecanismo non presencial de atención ao alumnado (titorías)
O alumnado concertará unha data e hora de titorías no presenciais coa docente, que atenderá no espazo do despacho virtual.
Como alternativa, a docente poderá resolver dúbidas concretas respecto aos contidos da materia por medio de correo electrónico.

4. Modificacións dos contidos a impartir
Os contidos non se modifican nin en canto á temática nin en canto á secuenciación da aprendizaxe. Modifícanse, tal e como se explica no apartado 2, as metodoloxías docentes para impartir eses contidos.

5. Bibliografía adicional para facilitar a auto-aprendizaxe
A bibliografía contida nesta guía docente está concibida para permitir e facilitar a autoaprendizaxe. En caso de precisar bibliografía a maiores, o alumnado acudirá a titorías virtuais coa docente, que lle facilitará referencias bibliográficas para complementar as xa referidas.

III. ADAPTACIÓN DA AVALIACIÓN
A avaliación non presencial está recollida no apartado correspondente da presente guía. Este sistema de avaliación só se implementará en caso de que as autoridades académicas indiquen a necesidade de realizar exames non presenciais por necesidades sanitarias.
As porcentaxes correspondentes a cada parte da materia non variarán en ningún caso.
Se o alumnado de avaliación continua tivese feito probas parciais antes de adoptarse a modalidade de docencia non presencial, as notas obtidas gardaranse para o cómputo final e farán media coas probas realizadas de xeito non presencial (cada parte da materia será avaliada mediante dúas probas parciais ao longo do curso, tal e como se explica no apartado correspondente da presente guía).
Se o alumnado de avaliación final tivese que facer o exame final mediante modalidade non presencial, as porcentaxes correspondentes a cada unha das partes dese exame serán as que figuran no apartado de Avaliación da presente guía.

Plan de continxencia sobre a modalidade mixta, na que unha parte do estudantado asistirá ás aulas de forma presencial e outra parte seguirá as clases dun modo síncrono (preferentemente) ou asíncrono: o profesorado manterá as metodoloxías, a atención personalizada e os sistemas de avaliación como se indica para a modalidade presencial, adaptando os grupos de estudantes e as quendas para cumprir coa normativa sanitaria que se estableza no seu momento.

DATOS IDENTIFICATIVOS				
Idioma 2, III: Francés				
Materia	Idioma 2, III: Francés			
Código	V01G230V01306			
Titulacion	Grao en Tradución e Interpretación			
Descriptores	Creditos ECTS	Carácter	Curso	Cuadrimestre
	6	OB	2	1c
Lingua impartición	Francés			
Departamento	Filoloxía inglesa, francesa e alemá			
Coordinador/a	Ripoll Delebourse, Virginia Teresa			
Profesorado	Ripoll Delebourse, Virginia Teresa			
Correo-e	vripoll@uvigo.es			
Web	http://faitic.uvigo.es			
Descrición xeral	Os obxectivos da materia son adquirir unha competencia comprensiva e produtiva de estruturas gramaticais complexas tanto na expresión escrita coma na oral, insistindo na produción e comprensión oral. O nivel que se vai atinxir é un nivel C1.1.			

Competencias	
Código	
CB1	Que os estudantes demostren posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral e adoita atoparse a un nivel que, malia se apoiar en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo.
CB2	Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
CB3	Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
CB4	Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solución a un público tanto especializado coma non especializado.
CB5	Que os estudantes desenvolvan aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.
CE2	Coñecemento de culturas e civilizacións estranxeiras
CE4	Coñecer norma e usos das linguas de traballo
CE10	Capacidade de traballo en equipo
CE18	Capacidade de aplicar os coñecementos á práctica
CE24	Capacidade de aprendizaxe autónoma
CE30	Coñecemento de idiomas
CE32	Saber recoñecer a diversidade e multiculturalidade
CT2	Coñecemento dunha segunda e unha terceira lingua estranxeira
CT10	Recoñecemento da diversidade e a multiculturalidade
CT12	Traballo en equipo
CT15	Aprendizaxe autónoma
CT22	Capacidade de aplicar os coñecementos na práctica
CT23	Capacidade de traballo individual

Resultados de aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe	Competencias		
Desenvolver o sentido da conciencia lingüística das variantes dos idiomas coma un sistema lingüístico-cultural, dos seus mecanismos gramaticais e formas de expresión	CB1	CE2 CE4	CT2 CT10
Fomentar a capacidade de desenvolvemento da lingua e a aplicación práctica dos coñecementos gramaticais, léxicos, e culturais ao análise, creación e revisión de todo tipo de textos	CB2 CB4	CE4 CE10 CE18 CE24 CE30 CE32	CT10
Desenvolver as destrezas de comprensión oral e escrita e de expresión escrita e oral	CB2 CB4	CE4	CT2 CT10 CT15
Fomentar a aplicación practica dos coñecementos gramaticais e léxicos da lingua á comprensión e expresión escrita de textos orais e escritos	CB3 CB4	CE2 CE4 CE18	CT2 CT22

Promover a autonomía do alumnado para analizar e sintetizar todo tipo de textos, escritos e orais	CB2 CB5	CE4 CE18 CE24	CT15 CT23
Ampliar o repertorio léxico e textual	CB1	CE24 CE32	CT2 CT15
Sentar as bases e desenvolver a comprensión dos aspectos fundamentais socioculturais do ámbito lingüístico-cultural correspondente	CB2	CE2 CE4 CE30 CE32	CT10
Capacitar aos alumnos para sintetizar e extraer a información principal e secundaria dunha ampla variedade de textos orais e escritos	CB2 CB3	CE2 CE18	CT2
Ser capaz de desenvolver razoamentos críticos	CB3		CT12
Estimular a autonomía dos alumnos na selección de ferramentas bibliográficas básicas para á localización de información, consultas e resolución de problemas	CB1 CB3	CE4 CE10 CE18 CE24	CT2 CT15 CT23
Desenvolver as nocions gramaticais básicas e expandir estes coñecementos a estruturas máis complexas	CB1	CE4 CE18	
Sentar as bases do repertorio léxico básico e ampliar o repertorio a ámbitos terminolóxicos máis específicos	CB5	CE4 CE24	CT2
Sentar as bases e desenvolver a comprensión de aspectos fundamentais socioculturais do ámbito lingüístico-cultural correspondente	CB2	CE2 CE4	CT10
Desenvolver a capacidade crítica de comparar aspectos socio-culturais do propio ambito cultural cos da outra lingua	CB2	CE2 CE30	CT2 CT10
Adquirir a capacidade de discriminar entre norma e uso para cada situación comunicativa	CB4	CE4	CT10

Contidos	
Tema	
Expressions des circonstances Grammaire expression écrite	la cause, la consèquence et le but
Texte Narratif. Argumenter en géneral. argumenter pour convaincre. Grammaire expression écrite	Structures lingüistiques du texte narratif.marqueurs et connecteurs.Introduction
Niveaux du langage Expression orale	Introduction practique
travail pratique Lecture, expression orale et écrite	Compréhension orale, expression orale. Compréhension ecrite. compte rendu ou résumé. Compréhension de documents.
L´Expression du temps Grammaire et expression écrite	Anteriorité, Simultaneité, Posteriorité. le temps et la Durée
Habitudes du passé et actions en cours d´accomplissement.Rapporter des evnements passés. Grammaire expression écrite et orale	Opposition passé/ présent. Imparfait/passé composé.Deroulement de l´action.marqueurs temporels.
Le Discours Rapporté Grammaire expression écrite et orale	Style Direct et Indirect au présent
L´Opinion et la pensée condition et hypothèse	condition et opinion utilisation des conjugaisons et connecteurs
Faire des projets Grammaire, expression orale	l´expression de l´hypothèse

Planificación			
	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Actividades introdutorias	1	0	1
Resolución de problemas	15	22.5	37.5
Traballo tutelado	18	20	38
Traballo tutelado	0	7.5	7.5
Presentación	4	2	6
Resolución de problemas de forma autónoma	0	40	40
Prácticas con apoio das TIC	0	10	10
Seminario	3	0	3
Práctica de laboratorio	5	0	5
Exame de preguntas de desenvolvemento	2	0	2

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente	
	Descrición
Actividades introdutorias	Revisar e asentar os coñecementos do curso anterior de forma teórica e práctica, recoñecer as posibles dificultades de seguimento e corrixir as formulacións erróneas.
Resolución de problemas	Formulación, análise e resolución de exercicios prácticos relacionados cos contidos gramaticais e léxicos e as destrezas comunicativas
Traballo tutelado	Práctica das catro destrezas comunicativas (écoute, lecture, écrit, oral) e da aplicación dos contidos linguísticos (du français).
Traballo tutelado	Elaboración de traballos escritos a partir da orientación da aula: tipo informe, resumo dun libro e dunha charla, etc.
Presentación	Presentacións orais individuais ou en grupo baseadas en traballo autónomo dos alumnos
Resolución de problemas de forma autónoma	Análise e resolución de exercicios prácticos relacionados cos contidos gramaticais e léxicos e as destrezas comunicativas de forma autónoma
Prácticas con apoio das TIC	Traballo autónomo dirixido na práctica da lingua
Seminario	Explicacións dos elementos dos contidos que precisen aclaración de dúbidas que ao respecto presenten os alumnos

Atención personalizada	
Metodoloxías	**Descrición**
Resolución de problemas	Estes traballos serán feitos baixo a supervisión e corrección da profesora antes da súa presentación final.
Seminario	Estes traballos serán feitos baixo a supervisión e corrección da profesora
Presentación	Estes traballos serán feitos baixo a supervisión e corrección da profesora antes da súa presentación final.
Traballo tutelado	Estes traballos serán feitos baixo a supervisión e corrección da profesora
Actividades introdutorias	Presentación da materia, e planificación dos traballos
Traballo tutelado	Estes traballos serán feitos baixo a supervisión e corrección da profesora

Avaliación					
	Descrición	Cualificación	Competencias Avaliadas		
Traballo tutelado	Elaboración de traballo escrito de resumos de lecturas, charlas e outros tutelados na aula e realizados de forma autónoma	10	CB2 CB3	CE4 CE18	CT15 CT23
Presentación	1 presentación oral relacionada coa destreza de expresión oral e de comprensión escrita	10	CB4	CE18 CE24	CT15 CT22
Práctica de laboratorio	Proba práctica de resolución de tarefas relacionadas coa destreza de comprensión oral e escrita.	20	CB2 CB4 CB5	CE2 CE10 CE18	CT2 CT10 CT12
Exame de preguntas de desenvolvemento	Proba de coñecemento da teoría e aplicación da mesma	60	CB1 CB4 CB5	CE4 CE18 CE30	CT10 CT23

Outros comentarios sobre a Avaliación

AVALIACIÓN CONTINUA:

As tarefas previstas para avaliación continua serán entregadas/realizadas segundo estas datas aproximadas:

- Proba práctica (tarefas de comprensión oral e escrita) (20%): mediados de outubro - Traballo escrito de resumos de lecturas, etc. (10%): mediados de novembro

- Presentación oral do devandito traballo (10%): mediados de novembro

- Proba final teórico-práctica (60%): mediados de decembro (última semana de docencia; a data publicarase en Moovi)

Tamén se terá en conta a participación activa no curso. **Solo computarán para facer a media as probas o traballos cun mínimo dun valor de 4/10**

.. En caso de plaxio, anota final é de suspenso.

Teráse en conta para a avaliación: a lectura do libro como destreza de comprensión lectora, a expresión oral, a argumentación, expresión escrita e a gramática vista ao longo do curso.

AVALIACIÓN ÚNICA:

Haberá unha única proba que constituirá o 100% da nota final. O examepara o alumnado de avaliación única será na data establecida no calendariode exames da FFT.

Os alumnos que non superen a avaliación continua e os que non se presentaronao Final, farán en xullo unha proba final que contará o 100% da nota (30/70parte práctica e teórica) na data establecida no calendario de exames da FFT.

A copia ou plaxio total ou parcial en calquera tipo de traballo ou examesuporá un suspenso na materia. Alegar descoñecemento do que supón unplaxio non eximirá o alumnado da súa responsabilidade neste aspecto.

A avaliación terá en conta non só a pertinencia e calidade do contido dasrespostas senón tamén a súa corrección lingüística.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Michèle Boularès, **Grammaire progressive du français Avancé**, Cle internationnal, 2013

Abbadie-Chovelon-Morsel, **L´Expression française écrite et orale**, Presses Universitaires de Grenoble,

Florence Aubenas, **Le Quai de Ouistreham:reportage**, 9782757824443, Points, 2013

Bibliografía Complementaria

Caquineau-Gündüz,Delatour..,, **Les 500 exercices de grammaire,**, Hachette,,

Recomendacións

Materias que continúan o temario

Idioma 2, IV: Francés/V01G230V01406

Materias que se recomenda cursar simultáneamente

Idioma moderno: Idioma 1, III: Inglés/V01G230V01303

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Idioma moderno: Idioma 2, II: Francés/V01G230V01206

Outros comentarios

Recomendamos o estudo continuado da materia, a consulta da gramática recomendada para realizar os exercicios prácticos e a autocorrección.
A avaliación terá en conta non só a pertinencia e calidade do contido das respostas senón tamén a súa corrección lingüística.
Recomémdase o uso dos recursos da biblioteca.
É responsabilidade do alumnado consultar os materiais e as novidades a través da plataforma MOOVIe de estar ao tanto das datas nas que as probas de avaliación teñen lugar.
Recoméndase a asistencia a clase e o traballo regular.
O nivel recomendado para seguir as clases é un nivel B2.2

Plan de Continxencias

Descrición

=== MEDIDAS EXCEPCIONAIS PLANIFICADAS ===
Ante a incerta e imprevisible evolución da alerta sanitaria provocada pola COVID- 19, a Universidade establece una planificación extraordinaria que se activará no momento en que as administracións e a propia institución o determinen atendendo a criterios de seguridade, saúde e responsabilidade, e garantindo a docencia nun escenario non presencial ou non totalmente presencial. Estas medidas xa planificadas garanten, no momento que sexa preceptivo, o desenvolvemento da docencia dun xeito mais áxil e eficaz ao ser coñecido de antemán (ou cunha ampla antelación) polo alumnado e o profesorado a través da ferramenta normalizada e institucionalizada das guías docentes DOCNET.

=== ADAPTACIÓN DAS METODOLOXÍAS ===
* Metodoloxías docentes que se manteñen
Prácticas con apoio das TIC
Traballo autónomo dirixido na práctica da lingua
Actividades introductorias
Revisar e asentar os coñecementos do curso anterior de forma teórica e práctica, recoñecer as posibles dificultades de seguimento e corrixir as formulacións erróneas.

Resolución de problemas
Formulación, análise e resolución de exercicios prácticos relacionados cos contidos gramaticais e léxicos e as destrezas comunicativas
Resolución de problemas de forma autónoma
Análise e resolución de exercicios prácticos relacionados cos contidos gramaticais e léxicos e as destrezas comunicativas de forma autónoma
Seminario titoría en grupo
Explicacións dos elementos dos contidos que precisen aclaración de dúbidas que ao respecto presenten os alumnos

Metodoloxías docentes que se modifican
Traballo tutelado
Elaboración de traballos escritos a partir da orientación personalizada o grupal: tipo informe, resumo dun libro e dunha charla,conferencia o documento acesible de forma virtual etc. Manterase este tipo de traballo adaptado aos medios proporcionados por a Uvigo.
Traballos de practica oral xa sexa colaborativo ou autónomo.
As catro destrezas comunicativas (écoute,lecture , écrit,oral) e de aplicación dos contidos linguísticos (da lingua francesa) en campus remoto, de forma síncrona ou asincrona adaptada aos medios proporcionados por a Uvigo
Presentación
Presentacións orais individuais baseadas en traballo autónomo dos alumnos adaptadas aos medios proporcionados por la Uvigo

Seminario titoría en grupo
Explicacións dos elementos dos contidos que precisen aclaración de dúbidas que ao respecto presenten os alumnos de forma virtual adaptadas
aos medios proporcionados por a Uvigo

Mecanismo non presencial de atención ao alumnado (titorías)
Comunicación e interrelación entre o alumnado e o docente producida a través das ferramentas telemáticas. A comunicación entre os membros será posible a través de ferramentas síncronas e asíncronas grazas á virtualización e cos medios proporcionados por a Uvigo. O correo electrónico fai posible a comunicación privada, e en caso necesario o envío de mensaxes a grupos de alumnos para poder manter unha comunicación fluída e rápida.

* Bibliografía adicional para facilitar a auto-aprendizaxe

https://www.lepointdufle.net/p/apprendre_le_francais.htm
https://apprendre.tv5monde.com/fr
https://www.bonjourdefrance.com/
https://savoirs.rfi.fr/es/apprendre-enseigner
https://www.canal-u.tv/
https://www.ccdmd.qc.ca/fr/

* Outras modificacións

=== ADAPTACIÓN DA AVALIACIÓN ===
No modelo de avaliación contínua, a avaliación é sumativa e formativa, a través de distintos recursos que non só busquen informar ó alumno sobre o progreso, senón que tamén beneficien a aprendizaxe.
A avaliación será a través de: exames e probas que deberán cubrir diferentes aspectos e, polo tanto, tamén incluirán preguntas abertas e de elección múltiple para cualificar o nivel de cumprimento dos obxectivos de aprendizaxe propostos no programa ou curso académico.
Ao ser avaliación sumativa, coa demostración progresiva das competencias dos estudantes en relación a uns contidos e obxectivos específicos e favorecendo a aprendizaxe autónoma, seguirase co proposto cos mesmos valores.
Opcionalmente poderán gravarse as probas. De ser o caso, comunicarase previamente por escrito ao estudantado conforme ao disposto non anexo da RR do 24 de abril de protección de datos.
No caso de proba non presencial, se optan por avaliación única a nota da proba será un 100% da nota final (40% parte práctica e 60% parte teórica) na data establecida no calendario de exames da FFT. O exame contará coas probas que podan avaliar as competencias: comprensión escrita e oral de documento sonoro, parte gramatical, libro de lectura obrigada e practica oral. Será realizada de forma telemática non presencial co uso da plataforma faitic da universidade o o campus remoto, e ou correo electrónico. Unha vez que termine cada secuencia o alumno renviará cada parte. Durante o tempo de realización da proba, o profesor estará dispoñible para responder ás preguntas ou incidencias por Faitic, campus remoto e ou correo electrónico. Opcionalmente poderá gravarse a proba. De ser ou caso, comunicarase previamente por escrito ao estudantado conforme ao disposto non anexo da RR do 24 de abril de protección de datos. O estudantado deberá estar rexistrado na plataforma para poder realizar o exame.

Proba oral. Deberá gravarse a proba: grabación de 5 minutos en vídeo 2/10 O estudantado deberá dicir ou seu nome e ou seu DNI ao inicio do exame
Proba escrita: -Gramatical: Consiste en preparar preguntas que evidencien que ou estudantado adquiriu os coñecementos e que os ten ben incorporados. 6/10
Proba de comprensión de doc audio-vídeo1/10
proba de coñecemento do libro de lectura obrigada 1/10
A revisión de exames será por medio de Moovi, campus remoto , despacho virtual xunto co correo electronico e telefóno institucional (ou do despacho do profesorado non caso de que ou considere necesario).
A copia ou plaxio total ou parcial en calquera tipo de traballo ou exame suporá un suspenso na materia. Alegar descoñecemento do que supón un plaxio non o eximirá; non só contará a pertinencia e calidade do contido das respostas senón tamén a súa corrección lingüística.

METODOLOXÍA DOCENTE

Organización por parte do propio alumno do seu proceso de formación baixo a orientación do profesor/titor. Modelo de natureza cooperativa orientado ó estudante, con acceso a diferentes actividades e recursos de aprendizaxe e que promovan a aprendizaxe autónoma e activa.
O alumno é o responsable último do seu proceso de aprendizaxe e considérase que os resultados da aprendizaxe, en última instancia, dependen del. As actividades teóricas e prácticas propostas deben fomentar a práctica reflexiva e o aprender facendo; é dicir, aprender a aprender.
Un medio que facilita esta aprendizaxe é o traballo e colaboración entre o grupo de estudantes, que permite explorar diferentes perspectivas, ideas e experiencias

A metodoloxía didáctica con tres vertentes pedagóxicas: a vertente informativa, a vertente práctica ou aplicativa e a vertente comunicativa.
A vertente informativa refírese ao conxunto de materiais de distinta natureza (textual, gráfico, multimedia, etc.) empregado para axudar aos estudantes a acceder e asimilar autónomamente os coñecementos.
A vertente práctica ou aplicativa alude ao conxunto de tarefas ou actividades que poden exporse aos estudantes para que desenvolvan unha experiencia activa con situacións de aprendizaxe nas que teña que activar distintas habilidades e destrezas. Por último, a vertente comunicativa refírese ao conxunto de accións de interacción entre estudantes e profesor producida a través das ferramentas telemáticas.
Con relación á aprendizaxe, facilitarase ao alumno: o acceso a material didáctico dinámico e interactivo; o contacto co resto dos compañeiros do curso; a realización de tarefas de traballo individual e en grupo que favorezan a aprendizaxe; a organizacion, planificación do estudo e a consulta de dúbidas e o intercambio de información. A realización de actividades periódicas de aprendizaxe permitirá ao estudante tomar conciencia do seu propio ritmo de aprendizaxe, así como detectar posibles carencias na comprensión.

MODALIDADE MIXTA
Plan de continxencia sobre a modalidade mixta, na que unha parte do estudantado asistirá ás aulas de forma presencial e outra parte seguirá as clases dun modo síncrono (preferentemente) ou asíncrono: o profesorado manterá as metodoloxías, a atención personalizada e os sistemas de avaliación como se indica para a modalidade presencial, adaptando os grupos de estudantes e as quendas para cumprir coa normativa sanitaria que se estableza no seu momento.

DATOS IDENTIFICATIVOS				
Idioma 2, III: Alemán				
Materia	Idioma 2, III: Alemán			
Código	V01G230V01307			
Titulacion	Grao en Tradución e Interpretación			
Descriptores	Creditos ECTS	Carácter	Curso	Cuadrimestre
	6	OB	2	1c
Lingua impartición	Alemán Castelán			
Departamento	Filoloxía inglesa, francesa e alemá			
Coordinador/a	Ruzicka Kenfel, Veljka			
Profesorado	Ruzicka Kenfel, Veljka			
Correo-e	kenfel@uvigo.es			
Web	http://www.moovi.es			
Descrición xeral	Esta materia parte dun nivel intermedio, que permite unha progresión relativamente rápida tanto no dominio gramatical da lingua como no dominio das competencias orais. Darase especial atención á cultura desta lingua, así como a destrezas tradutolóxicas, que servirá como unha boa base para seguir profundando nos coñecementos do alemán do curso anterior, procurando prestar maior atención á progresión das destrezas orais. O estudantado debería alcanzar un nivel A2.1			

Competencias	
Código	
CE1	Dominio de linguas estranxeiras
CE2	Coñecemento de culturas e civilizacións estranxeiras
CE4	Coñecer norma e usos das linguas de traballo
CE18	Capacidade de aplicar os coñecementos á práctica
CE22	Destrezas de tradución
CE24	Capacidade de aprendizaxe autónoma
CE25	Coñecementos de cultura xeral e civilización
CE27	Capacidade de razoamento crítico
CT2	Coñecemento dunha segunda e unha terceira lingua estranxeira
CT4	Resolución de problemas
CT9	Razoamento crítico
CT10	Recoñecemento da diversidade e a multiculturalidade
CT15	Aprendizaxe autónoma
CT17	Comprensión doutras culturas e costumes

Resultados de aprendizaxe		
Resultados de aprendizaxe	Competencias	
Desenvolver o sentido de conciencia lingüística do segundo idioma estranxeiro como un sistema, dos seus mecanismos e formas de expresión.	CE1 CE2	CT2
Sentar as bases e desenvolver as habilidades de comprensión e expresión oral.	CE2 CE24 CE27	CT15
Fomentar a capacidade de desenvolvemento da lingua en uso e a aplicación práctica dos coñecementos gramaticais, léxicos e fraseolóxicos.	CE4 CE18 CE22	CT2 CT4 CT9
Sentar as bases e desenvolver a comprensión e expresión oral e a correcta expresión gramatical.	CE1 CE4	CT2
Sentar as bases e desenvolver a comprensión dos aspectos fundamentais socio-culturais e de civilización dos países nos que se fala o segundo idioma estranxeiro.	CE2 CE25	CT10 CT17

Contidos
Tema

1. Adjektivdeklination. Fragepronomen für Adjektive. Wiederholung.
2. Plusquamperfekt. Nebensätze mit weil, deshalb und dass
3. Nebensätze mit wenn, wie, ob.
4. Relativpronomen; Relativsätze. Das Adjektiv als Nomen.
5. Komparation der Adjektive. Perfekt der Modalverben.

1. Städte in Deutschland. Auskunft auf der Strasse.
2. Verkehrsunfall. Autodiebstahl. Länder- und Städtenamen.
3. Briefe schreiben. Zeitungsanzeigen.
4. Familie. Berufe. Einwohnermeldeamt.
5. Schule und Ausbildung

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Estudo previo	8	12	20
Resolución de problemas	8	22	30
Seminario	5	9	14
Resolución de problemas de forma autónoma	7	17	24
Actividades introdutorias	2	2	4
Lección maxistral	16	40	56
Resolución de problemas e/ou exercicios	2	0	2

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Estudo previo	Procura, lectura e traballo de documentación, propostas de resolución de problemas e/ou exercicios que se realizarán na aula e/ou laboratorio de forma autónoma por parte do alumnado.
Resolución de problemas	Actividade na que se formulan problemas e/ou exercicios relacionados coa materia. O alumno debe desenvolver as solucións adecuadas ou correctas mediante a exercitación de rutinas, a aplicación de procedementos de transformación da información dispoñible e a interpretación dos resultados. Adóitase empregar como complemento da lección maxistral.
Seminario	Entrevistas que o alumno mantén co profesorado da materia para asesoramento/desenvolvemento de actividades da materia e do proceso de aprendizaxe.
Resolución de problemas de forma autónoma	Actividade na que se formulan problemas e/ou exercicios relacionados coa materia. O alumno debe desenvolver a análise e resolución dos problemas e/ou exercicios de forma autónoma.
Actividades introdutorias	Actividades encamiñadas a tomar contacto e reunir información sobre o alumnado, así como a presentar a materia.
Lección maxistral	Exposición por parte do profesor dos contidos sobre a materia obxecto de estudo, bases teóricas e/ou directrices dun traballo, exercicio ou proxecto a desenvolver polo estudante.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Resolución de problemas de forma autónoma	Seguimento e apoio na preparación e realización das tarefas do curso, tanto na aula como fóra dela mediante titorías personalizadas no despacho ou non presenciais mediante o correo electrónico.

Avaliación

	Descrición	Cualificación	Competencias Avaliadas	
Resolución de problemas	Valoración continua das prácticas gramaticais, léxicas e tradutolóxicas	15	CE4 CE22 CE25	CT9 CT15
Resolución de problemas de forma autónoma	Valoración global das actividades de repaso	15	CE1 CE2	CT2 CT4
Resolución de problemas e/ou exercicios	Examen escrito de contido léxico, gramatical e tradutolóxico	70	CE18 CE24 CE27	CT10 CT17

Outros comentarios sobre a Avaliación

PRIMEIRA EDICIÓN DE ACTAS:

A avaliación e conseguinte cualificación do traballo do alumnado levarase a cabo cun procedemento de **avaliación continua** de acordo coas metodoloxías e porcentaxes descritas máis arriba. Para obter o 30% (máximo) establecido para os traballos de aula, atenderase a participación regular e activa na aula, ademáis da entrega de traballos. A proba escrita

realizarase PARA TODO Ó ALUMNADO na data fixada no calendario de exames aprobado pola Xunta de FFT.

O alumnado que non se acolla ao sistema de avaliación continua e escolla **avaliación única** deberá realizar e superar un exame escrito sobre os contidos da materia, que se realizará na data oficial fixada no calendario aprobado pola Xunta da FFT, e máis outro oral noutra data concertada co profesorado para superala: o primeiro cun valor do 70% e o segundo cun valor do 30% da nota.

Tanto no caso da avaliación continua, como da avaliación única, a nota dos exames -escrito e oral- non deberá ser inferior a 4 para superar a materia. Para poder presentarse á proba oral na avaliación única é necesario ter alcanzado un mínimo de 4 na proba escrita.

SEGUNDA EDICIÓN DE ACTAS (XULLO)

Para o alumnado que durante o curso se acolleu á avaliación continua, un exame teórico-práctico escrito dos contidos do curso polo 100% da cualificación. A data do exame será a data establecida no calendario de exames aprobado en Xunta de FFT.

Para o alumnado que durante o curso se acolleu á avaliación única, este exame ten un valor do 70% da nota. Este alumnado terá que superar tamén unha proba oral (30% da cualificación) para superar a materia. A nota do exame escrito non deberá ser inferior a 4 para superar a materia. A data do exame escrito será a data establecida no calendario de exames aprobado en Xunta de FFT. A proba oral realizarase nunha data concertada co profesorado.

ADVERTENCIA: En calquera das convocatorias de exames, o profesorado pode esixir a realización dunha proba oral a aquel alumnado da avaliación continua que, segundo o seu criterio razoado, non demostrara suficiente competencia na materia.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Schulz / Griesbach, **Deutsche Sprachlehre für Ausländer. Grundstufe in einem Band (S. 87-126)**, 13. Edición. Año 2000,

Bibliografía Complementaria

Habersack/Pude/Specht, **Menschen A2.1. Deutsch als Fremdsprache. Kursbuch**, 2013,

Breitsameter, **Menschen A2.1. Deutsch als Fremdsprache. Arbeitsbuch Grammatik**, 2013,

Recomendacións

Materias que continúan o temario

Idioma 2, IV: Alemán/V01G230V01407

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Idioma moderno: Idioma 2, II: Alemán/V01G230V01207

Outros comentarios

Recoméndase ter coñecementos básicos do idioma alemán (A1.1., A1.2.)
Recoméndase a asistencia ás clases e o traballo regular.
Recoméndase a asistencia ás clases e o traballo regular, así como o uso dos recursos da biblioteca.
Recoméndase ademáis ter en conta os dous aspectos seguintes:
1. A copia ou plaxio total ou parcial en calquera tipo de traballo ou exame suporá un cero nesa proba. Alegar descoñecemento do que supón un plaxio non eximirá o alumnado da súa responsabilidade neste aspecto.
2. É responsabilidade do alumnado consultar os materiais e as novidades a través da plataforma Moovi e de estar ao tanto das datas nas que as probas de avaliación teñen lugar.

Plan de Continxencias

Descrición

=== MEDIDAS EXCEPCIONAIS PLANIFICADAS ===
Ante a incerta e imprevisible evolución da alerta sanitaria provocada pola COVID- 19, a Universidade establece una planificación extraordinaria que se activará no momento en que as administracións e a propia institución o determinen atendendo a criterios de seguridade, saúde e responsabilidade, e garantindo a docencia nun escenario non presencial ou non totalmente presencial. Estas medidas xa planificadas garanten, no momento que sexa preceptivo, o desenvolvemento da docencia dun xeito mais áxil e eficaz ao ser coñecido de antemán (ou cunha ampla antelación) polo alumnado e o profesorado a través da ferramenta normalizada e institucionalizada das guías docentes DOCNET.

=== DOCENCIA NON PRESENCIAL ===

METODOLOXÍAS DOCENTES E AVALIACIÓN
En todo caso, manteranse as metodoloxías de ensino, aínda que adaptadas á situación de cada caso (uso de ferramentas virtuais, etc.), e manterase o sistema e os criterios de avaliación.
TITORIAS
En caso de necesidade, as titorías poden ser non presenciais, a través do sistema de despachos virtuais e outras ferramentas. ademais do uso de Faitic e correo electrónico para o ensino.

====DOCENCIA COMBINADA: PRESENCIAL/NON PRESENCIAL====
Plan de continxencia sobre a modalidade mixta, na que unha parte do estudantado asistirá ás aulas de forma presencial e outra parte seguirá as clases dun modo síncrono (preferentemente) ou asíncrono: o profesorado manterá as metodoloxías, a atención personalizada e os sistemas de avaliación como se indica para a modalidade presencial, adaptando os grupos de estudantes e as quendas para cumprir coa normativa sanitaria que se estableza no seu momento.

DATOS IDENTIFICATIVOS

Idioma 2, III: Portugués

Materia	Idioma 2, III: Portugués			
Código	V01G230V01308			
Titulacion	Grao en Tradución e Interpretación			
Descriptores	Creditos ECTS	Carácter	Curso	Cuadrimestre
	6	OB	2	1c
Lingua impartición	Portugués			
Departamento	Filoloxía galega e latina			
Coordinador/a	Arias Freixedo, Xosé Bieito			
Profesorado				
Correo-e				
Web				
Descrición xeral	Nesta materia trátase de adquirir coñecementos intermedios de Lingua Portuguesa, chegando ao nivel B2 do Marco Común Europeo de Referencia das Linguas, xunto con coñecementos sobre as culturas de expresión portuguesa no mundo. Aviso importante para estudantes Erasmus: O ensino de Lingua Portuguesa na UVigo está dirixido a persoas que teñen o Galego e/ou o Castelán como linguas maternas, de maneira que a progresión é rápida. Non se recomenda a inscrición a estudantes Erasmus que non teñan xa un nivel B2 nestas linguas e, como mínimo, un nivel B1 alto en Lingua Portuguesa.			

Competencias

Código	
CB1	Que os estudantes demostren posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral e adoita atoparse a un nivel que, malia se apoiar en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo.
CB2	Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
CB3	Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
CB4	Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solución a un público tanto especializado coma non especializado.
CB5	Que os estudantes desenvolvan aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.

Resultados de aprendizaxe

Resultados de aprendizaxe	Competencias
Coñecemento medio-alto do terceiro idioma como lingua estranxeira, o que inclúe as perspectivas lingüística,comunicativa e de cultura e civilización.	CB1 CB2 CB3 CB4 CB5
Desenvolvemento da capacidade de contrastar aspectos léxicos, fraseolóxicos e gramaticais do terceiro idioma como propio.	CB1 CB2 CB3 CB4 CB5
Desenvolvemento da capacidade de contrastar aspectos de civilización propios das xentes que falan o idioma estranxeiro e alleos.	CB1 CB2 CB3 CB4 CB5
Dominio oral e escrito do nivel B2, equivalente ao 'Diploma Elementar de português Língua Estrangeira' (DEPLE) e do 'Certificado de Proficiência em Língua Portuguesa para Estrangeiros' (Celpe-Bras).	CB1 CB2 CB3 CB4 CB5

Contidos

Tema

Contidos gramaticais	Contidos gramaticais relacionados co nivel B2 do Marco Común Europeo de Referencia para as Linguas.
Contidos léxicos	Revisión dos contidos léxicos de Idioma II, 2: Portugués. Contidos léxicos relacionados co nivel B2 do Marco Común Europeo de Referencia para as Linguas. Continuación e afondamento nos contidos de Idioma II, 2: Portugués sobre correspondencia formal e falsos amigos.
Contidos pragmáticos	Revisión dos contidos de Idioma II, 2: Portugués sobre falsos amigos e expresións idiomáticas; presentacións temáticas; argumentación; narrativa breve.
Contidos avanzados de cultura lusófona	Continuación e afondamento nos contidos de Idioma II, 2: Portugués sobre: Historia de Portugal; Historia de Brasil; Historia dos países africanos lusófonos; Historia da literatura lusófona; música e arte nas culturas lusófonas actuais; sistemas políticos dos países lusófonos; outros aspectos culturais da Lusofonía. Elementos de tradución e cultura.
Contidos de tradución	Tradución pt-es/gl de idiomatismos, falsos amigos e frases soltas.

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Lección maxistral	8	20	28
Resolución de problemas	7	20	27
Traballo tutelado	5	15	20
Resolución de problemas de forma autónoma	16	28	44
Eventos científicos	3	0	3
Resolución de problemas e/ou exercicios	2	4	6
Exame de preguntas de desenvolvemento	2	10	12
Práctica de laboratorio	5	5	10

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Lección maxistral	Sesións teóricas: explicacións teóricas gramaticais; exercicios gramaticais e de civilización lusófona.
Resolución de problemas	Sesións prácticas: exercicios prácticos de produción escrita e oral, e revisión de deberes.
Traballo tutelado	Sesións prácticas: exercicios gramaticais e revisións que requiren unha preparación previa por parte dos alumnos. Traballo en grupo: interacción a través de exercicios prácticos de produción escrita e oral.
Resolución de problemas de forma autónoma	Actividades relacionadas cos traballos propostos.
Eventos científicos	Asistencia a conferencias, seminarios, películas ou outras actividades relacionadas co contido da disciplina.

Atención personalizada

Metodoloxías	**Descrición**
Resolución de problemas	Algunhas clases serán dedicadas exclusivamente á resolución de exercicios gramaticais, destacando as diferenzas entre portugés, galego e castelán. Terá prioridade nestas clases os temas referentes á escrita.
Traballo tutelado	Desenvolvemento de actividades en clase con foco na expresión oral. Exhibición de vídeos e audios para a comprensión auditiva e expresión oral.

Avaliación

	Descrición	Cualificación	Competencias Avaliadas
Resolución de problemas	Exercicios orais e escritos que se realizarán durante as clases.	20	
Traballo tutelado	Realización/presentación de varios traballos - individuais ou en grupos, sobre temas diversos (gramática, léxico, pragmática e cultura lusófona).	25	

Resolución de problemas e/ou exercicios	Unha proba escrita sobre contidos de civilización lusófona e sobre elementos de tradución e cultura portuguesa (a realizar en novembro).	20
Exame de preguntas de desenvolvemento	Proba escrita sobre os contidos teórico-prácticos vistos durante o curso. O exame realizarase na última sesión de clase.	15
Práctica de laboratorio	Diferentes exercicios prácticos orais a realizar nas clases. Exercicios de tradución oral. Proba oral individual (última semana de aulas).	20

Outros comentarios sobre a Avaliación

O alumnado debe elixir, de forma obrigatoria, nas dúas primeiras semanas do cuadrimestre, entre dúas opcións: un sistema de avaliación **continua** (cf. descrición en"avaliación") ou un sistema de avaliación **única.**

É recomendable elixir o primeiro sistema, **avaliación continua,** xa que se trata do ensino dunha lingua estranxeira e é necesario asistir con regularidade ás clases. Quen non teña a posibilidade de asistir ás clases e ás actividades da materia coa frecuencia necesaria debe comunicalo ao profesor. A non realización das probas ou exercicios parciais, previstos polo sistema de avaliación continua, supón o suspenso cunha nota de 0 (cero) puntos na mesma.

Primeira edición das actas

A data do último exame de avaliación continua coincidirá coa data do exame "avaliación única" indicada no calendario oficial da FFT. A data do exame oral será acordada co profesor ao longo do período de exames. A proba oral deberá ser gravada en forma de audio, coa debida autorización do alumnado. Para aprobar na materia, é necesario aprobar ambas as probas (escrita e oral). Ao suspender unha delas, é necesario recuperar ambas as probas na convocatoria de xullo.

A **avaliación única** consiste nun exame escrito, realizado en data indicada no calendario oficial da FFT, seguido doutro exame oral, que será realizado no mesmo día nunha aula contigua. A avaliación única será valorada da seguinte maneira:

1. Exame escrito teórico-práctico: 75% da nota final.

2. Exame oral: 25% da nota final. A proba oral deberá ser gravada en forma de audio coa debida autorización do alumnado.

Para poder aprobar a materia, é necesario aprobar ambos os exames (escrito e oral). No caso de que se suspenda un dos exames, o alumno/a deberá repetir as dúas partes (escrita e oral) na convocatoria de xullo.

Segunda edición das actas

Os mesmos criterios de avaliación serán aplicados na segunda edición das actas (xullo). A data do exame coincidirá coa data destacada no calendario oficial da FFT.

Consideracións xerais

Copia ou plaxio nos exames de avaliación continua ou única serán penalizados cun suspenso (0 puntos).

Recoméndase a asistencia regular ás clases e ás titorías, así como a consulta regular de materiais e información específica na plataforma Moovi.

As datas e os horarios das probas nas súas diferentes convocatorias seguirán o calendario oficial de exames aprobado pola Facultade.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Ciberdúvidas da Língua Portuguesa,

Dicionário e Tradução,

Dicionário Priberam da Língua Portuguesa,

Materias que continúan o temario

Tradución idioma 1, II: Francés-Español/V01G230V01505
Tradución idioma 1, III: Francés-Español/V01G230V01608

Materias que se recomenda cursar simultáneamente

Idioma moderno: Idioma 1, III: Francés/V01G230V01304

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Idioma moderno: Idioma 1, I: Francés/V01G230V01104
Idioma moderno: Idioma 1, II: Francés/V01G230V01204

Outros comentarios

Forma parte do traballo autónomo do alumnado a lectura tanto de libros, diarios, blogs e revistas da actualidade social, como o *visionado de películas e series das culturas francófonas e española.

O alumnado Erasmus que desexe cursar esta materia deberá presentarse como moi tarde a 3ª semana de clase. De non ser así, non poderá cursar a materia porque xa se impartiron clases fundamentais para poder seguir o seu desenvolvemento e

participar activamente nesta.

O alumnado Erasmus que non teña como linguas de traballo principais francés e español debe realizar unha proba de nivel (redacción e/ou unha tradución curta), para comprobar que está capacitado para traducir cara ao español. Recoméndase polo menos *B2 para cada unha das linguas.

As probas de tradución con tempo limitado así como os encargos serán menos extensos para o alumnado Erasmus.

Plan de Continxencias

Descrición

Ante a incerta e imprevisible evolución da alerta sanitaria provocada polo COVID-19, a Universidade de Vigo establece unha planificación extraordinaria que se activará no momento en que as administracións e a propia institución determíneno atendendo a criterios de seguridade, saúde e responsabilidade, e garantindo a docencia nun escenario non presencial ou parcialmente presencial. Estas medidas xa planificadas garanten, no momento que sexa preceptivo, o desenvolvemento da docencia dun modo máis áxil e eficaz ao ser coñecido de antemán (ou cunha ampla antelación) polo alumnado e o profesorado a través da ferramenta normalizada e institucionalizada das guías docentes.

As porcentaxes de traballos de aula (10%), encargos de tradución (40%) e a proba práctica en tempo limitado (50%) non se modificarán.

O control da lectura obrigatoria farase individualmente de forma oral en datas acordadas entre a profesora e o alumnado, mediante campus remoto, en todo caso durante o período de exames. A proba será gravada.

A proba práctica en tempo limitado: proba síncrona de 2 horas con conexión á aula virtual Campus Remoto e Faitic. Tradución texto do francés ao español (500-600 palabras aprox.). Permítese o uso de fontes documentais en papel ou telemáticas. Realizarase en computador e ao terminar a proba subirase a Faitic. Verificación con cámara da identidade do alumnado durante a realización do exame (debe ensinar DNI). Poderase realizar un control oral individual complementario sobre o proceso de tradución.

Plan de continxencia sobre a modalidade mixta, na que unha parte do estudantado asistirá ás aulas de forma presencial e outra parte seguirá as clases dun modo síncrono (preferentemente) ou asíncrono: o profesorado manterá as metodoloxías, a atención personalizada e os sistemas de avaliación como se indica para a modalidade presencial, adaptando os grupos de estudantes e as quendas para cumprir coa normativa sanitaria que se estableza no seu momento.

DATOS IDENTIFICATIVOS				
Ferramentas para a tradución e a interpretación II: Documentación				
Materia	Ferramentas para a tradución e a interpretación II: Documentación			
Código	V01G230V01313			
Titulacion	Grao en Tradución e Interpretación			
Descriptores	Creditos ECTS	Carácter	Curso	Cuadrimestre
	6	OB	2	1c
Lingua impartición	Castelán			
Departamento	Tradución e lingüística			
Coordinador/a	Marta Rodríguez, Valentina			
Profesorado	García Oya, Elisabet			
Correo-e	vmarta@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral	Esta materia está orientada á formación do estudantado de tradución nas técnicas de procura e análise documental, de tal maneira que, tras cursar esta materia, o alumnado sexa capaz de localizar focos fiables de xeración de documentos, tratar adecuadamente a información que se atopa nestes e aplicala *pertinentemente ás súas necesidades.			

Competencias	
Código	
CB1	Que os estudantes demostren posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral e adoita atoparse a un nivel que, malia se apoiar en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo.
CB2	Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
CB3	Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
CB4	Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solución a un público tanto especializado coma non especializado.
CB5	Que os estudantes desenvolvan aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.
CE3	Dominio da lingua propia, escrita e oral
CE4	Coñecer norma e usos das linguas de traballo
CE8	Destreza para a procura de información/documentación
CE10	Capacidade de traballo en equipo
CE11	Capacidade de deseñar e xerir proxectos
CE16	Capacidade de deseñar, organizar o traballo e xerir e coordinar proxectos
CE17	Capacidade de tomar decisións
CE18	Capacidade de aplicar os coñecementos á práctica
CE21	Rigor e seriedade no traballo
CE24	Capacidade de aprendizaxe autónoma
CE27	Capacidade de razoamento crítico
CE30	Coñecemento de idiomas
CT1	Comunicación oral e escrita na lingua propia. Prestarase especial atención ao coñecemento e correcto uso das 2 linguas cooficiais da Comunidade Autónoma de Galicia
CT2	Coñecemento dunha segunda e unha terceira lingua estranxeira
CT3	Capacidade de organización e planificación de proxectos
CT4	Resolución de problemas
CT7	Toma de decisións
CT9	Razoamento crítico
CT12	Traballo en equipo
CT15	Aprendizaxe autónoma
CT22	Capacidade de aplicar os coñecementos na práctica
CT23	Capacidade de traballo individual
CT24	Deseño e administración de proxectos

Resultados de aprendizaxe	
Resultados de aprendizaxe	Competencias

Coñecer, identificar e solucionar os problemas documentais ligados aos procesos de tradución/ interpretación.	CB1 CB2 CB3 CB4 CB5	CE3 CE8 CE17 CE18 CE21 CE27	CT1 CT2 CT4 CT7 CT9 CT22
Coñecer a evolución dos problemas relacionados coa procura, análise, almacenamento e difusión da información.	CB1 CB2 CB3 CB4 CB5	CE21 CE24 CE27	CT9 CT15 CT23
Coñecer os fundamentos teóricos e metodolóxicos da documentación.	CB1 CB2 CB3 CB4 CB5	CE4 CE17 CE18 CE21 CE24 CE27	CT4 CT7 CT9 CT15 CT22 CT23
Avaliar a calidade de documentos e de información.	CB1 CB2 CB3 CB4 CB5	CE3 CE4 CE8 CE11 CE17 CE18 CE21 CE24 CE27 CE30	CT1 CT2 CT4 CT7 CT9 CT12 CT23 CT24
Utilizar adecuadamente ferramentas de localización de información.	CB1 CB2 CB3 CB4 CB5	CE3 CE4 CE8 CE10 CE11 CE16 CE17 CE18 CE21 CE27 CE30	CT1 CT2 CT3 CT4 CT7 CT9 CT12 CT22 CT23 CT24
Utilizar adecuadamente protocolos documentais para o tratamento da información	CB1 CB2 CB3 CB4 CB5	CE3 CE4 CE8 CE11 CE16 CE17 CE18 CE21 CE24 CE27	CT1 CT3 CT4 CT7 CT9 CT15 CT22 CT23 CT24

Contidos	
Tema	
1. Alfabetización informacional en tradución e interpretación	Presentación das características da sociedade da información actual e introdución á relevancia da paradigma educativo da alfabetización informacional e a súa relevancia no ámbito da Tradución e Interpretación.
2. Competencia documental	Introdución ao concepto da competencia documental dentro da denominada competencia tradutora e estudo da súa importancia.
3. Acceso e recuperación da información	Análise da recuperación da información mediante o uso das tecnoloxías aplicadas.
4. Xestión e organización	Introdución aos fundamentos para xestionar o coñecemento na vida académica e profesional, desde a perspectiva da aprendizaxe ao longo da vida e a optimización en busca da calidade.
5. Análise e síntese	Introdución á análise documental de contido.
6. Avaliación	Adquisición das competencias necesarias para levar a cabo unha avaliación rigorosa e crítica dos recursos electrónicos.
7. Presentación e difusión	Introdución á preparación e presentación dun traballo académico.
8. Ética e calidade no uso da información	Estudo da relevancia da Documentación para o exercicio tradutor e da ética tradutora.

9. Recursos especializados	Presentación dos principais recursos bibliográficos para a tradución e interpretación xeral e especializada (científico-técnica, xurídica, audiovisual e literaria).

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Actividades introdutorias	2	0	2
Lección maxistral	12	12	24
Resolución de problemas	12	12	24
Resolución de problemas de forma autónoma	20	20	40
Traballo tutelado	30	30	60

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Actividades introdutorias	Presentación da materia.
Lección maxistral	Explicacións de cuestións de tipo teórico.
Resolución de problemas	Realización de traballos prácticos.
Resolución de problemas de forma autónoma	Exame tipo test.
Traballo tutelado	Realización dun traballo de carácter práctico.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Lección maxistral	As diferentes actividades propostas implican unha atención personalizada que terá lugar nas sesións presenciais ou nas titorías. Para facilitar o seguimento do curso, utilizarase a plataforma Moovi.
Resolución de problemas	As diferentes actividades propostas implican unha atención personalizada que terá lugar nas sesións presenciais ou nas titorías. Para facilitar o seguimento do curso, utilizarase a plataforma Moovi.

Avaliación

	Descrición	Cualificación	Competencias Avaliadas		
Resolución de problemas de forma autónoma	Exame teórico tipo test.	40	CB1 CB2 CB3 CB4 CB5	CE17 CE18	CT4 CT9 CT15
Traballo tutelado	Traballo práctico.	60		CE8 CE16 CE17 CE18 CE21 CE24	CT3 CT4 CT15 CT22 CT23

Outros comentarios sobre a Avaliación

Avaliación continua1. Para poder acollerse á avaliación continua, o alumnado deberá, polo menos, presentar un 50 % dos exercicios obrigatorios que se realizarán na aula.
2. Ao final de cuadrimestre, terá lugar un exame tipo de test (40 %) en relación cos contidos teóricos.
3. Así mesmo, o alumnado ha de presentar un traballo individual (60 %).

Avaliación única
O alumnado que se acolla a esta modalidade deberá realizar un exame teórico que se celebrará na data oficial que figura no calendario de exames.

Avaliación xulloO alumnado deberá realizar un exame teórico que se celebrará na data oficial que figura no calendario de exames.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

ARGUDO, S.; PONS, A,, **Mejorar las búsquedas de información**, UOC, 2012
CID LEAL, P.; PERPINYÀ MORERA, R., **Cómo y dónde buscar fuentes de información**, Serv. Pub. Univ. de Barcelona, 2013
CORDÓN GARCÍA, J.A. ET AL., **Las nuevas fuentes de información: información y búsqueda documental en el contexto de la web 2.0**, Pirámide, 2012
LÓPEZ YEPES, J., OSUNA ALARCÓN, M.R. (coords.), **Manual de ciencias de la información y documentación**, Pirámide, 2011
PACIOS LOZANO, A.R. (coord.), **Técnicas de búsqueda y uso de la información**, Ramón Areces, 2013
SALES SALVADOR, D., **Documentación aplicada a la traducción:presente y futuro de una disciplina**, Trea, 2007

Bibliografía Complementaria

CODINA, L.; MARCOS, M.C.; PEDRAZA, R. (coords.), **Web semántica y sistemas de información documental**, Trea, 2009
CORDÓN GARCÍA, J. A. ET AL., **Las nuevas fuentes de información: la búsqueda informativa, documental y de investigación en el ámbito digital**, Pirámide, 2016
COSTA SÁNCHEZ, C.; PIÑEIRO OTERO, T., **Estrategias de comunicación multimedia**, UOC, 2016
CRUZ GIL, M.C., **Modelos de búsqueda y recuperación de la información**, Trea, 2015
GIANNASI-KAIMEN, M.J.; CARELLI, A.E. (coords.), **Recursos informacionales para compartir**, Alfabrama, 2010
GÓMEZ DÍAZ, R.; GARCÍA-RODRÍGUEZ, A.; CORDÓN GARCÍA, J. A.; ALONSO ARÉVALO, J., **Leyendo entre pantallas**, Trea, 2016
MALDONADO MARTÍNEZ, A., RODRÍGUEZ YUNTA, L. (coords.), **La información especializada en Internet : directorio de recursos de interés académico y profesional**, CSIC, 2006
MATEOS SÁNCHEZ, M., **Aplicación de técnicas de clustering en la recuperación de la información**, Trea, 2009
PÉREZ-MONTORO GUTIÉRREZ, M., **Arquitectura de la información en entornos web**, Trea, 2010
RODRÍGUEZ BRAVO, B., **Apuntes sobre representación y organización de la información**, Trea, 2011
TORTOSA MAROTO, J., **Dos punto ¿qué?: guía para conocer el mundo 2.0: novatos, nivel medio y alto**, Bubok, 2011

Recomendacións

Materias que continúan o temario

Ferramentas para a tradución e a interpretación III: Terminoloxía/V01G230V01518

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Lingua: Lingua A1, I: Expresión escrita e oral: Español/V01G230V01102
Lingua: Lingua A2, I: Expresión escrita e oral: Español/V01G230V01202

Outros comentarios

Utilizarase a plataforma Moovi (http://faitic.uvigo.es) como contorna de comunicación virtual e colectiva. É responsabilidade do alumnado consultar os materiais e as novidades a través da devandita plataforma e de estar ao tanto das datas nas que as probas de avaliación teñen lugar ou teñen que entregarse.
Téñase en conta que a copia ou o plaxio (xa sexa total ou parcial) nos traballos solicitados ou no exame suporá a súa anulación directa. Ademais, no proceso de avaliación, non só prestarase atención á pertinencia e a calidade do contido dos traballos, senón tamén á súa corrección lingüística.
Os recursos bibliográficos achegados pola profesora (todos eles dispoñibles na biblioteca) durante as clases serán capitais para poder superar con éxito os traballos que se deberán realizar.

Plan de Continxencias

Descrición

=== MEDIDAS EXCEPCIONAIS PLANIFICADAS ===
Ante a incerta e imprevisible evolución da alerta sanitaria provocada pola *COVID-19, a Universidade de Vigo establece unha planificación extraordinaria que se activará no momento en que as administracións e a propia institución determíneno atendendo a criterios de seguridade, saúde e responsabilidade, e garantindo a docencia nun escenario non presencial ou parcialmente presencial. Estas medidas xa planificadas garanten, no momento que sexa preceptivo, o desenvolvemento da docencia dun modo máis áxil e eficaz ao ser coñecido de antemán (ou cunha ampla antelación) polo alumnado e o profesorado a través da ferramenta normalizada e institucionalizada das guías docentes.

=== ADAPTACIÓN DAS METODOLOXÍAS ===

Manterase a mesma metodoloxía e as lecciónns maxistrais pasarán a ser virtuais.

As titorías serán de carácter virtual.

A entrega dos exercicios obrigatorios en soporte papel pasarán a entregarse de forma telemática.

O exame tipo test para o alumnado de avaliación continua levará a cabo de forma virtual e estará supervisado pola docente

telematicamente. Así mesmo, o alumnado terá un tempo limitado para contestar a cada pregunta co fin de evitar plaxios e copias.

O traballo práctico entregarase por correo electrónico.

O exame teórico para o alumnado de avaliación única levará a cabo de forma virtual e estará supervisado pola docente telematicamente. Así mesmo, o alumnado terá un tempo limitado para contestar a cada pregunta co fin de evitar plaxios e copias.

Plan de continxencia sobre a modalidade mixta, na que unha parte do estudantado asistirá ás aulas de forma presencial e outra parte seguirá as clases dun modo síncrono (preferentemente) ou asíncrono: o profesorado manterá as metodoloxías, a atención personalizada e os sistemas de avaliación como se indica para a modalidade presencial, adaptando os grupos de estudantes e as quendas para cumprir coa normativa sanitaria que se estableza no seu momento.

DATOS IDENTIFICATIVOS

Lingua A2, II: Introdución ás linguas de especialización: Galego

Materia	Lingua A2, II: Introdución ás linguas de especialización: Galego			
Código	V01G230V01401			
Titulacion	Grao en Tradución e Interpretación			
Descriptores	Creditos ECTS	Carácter	Curso	Cuadrimestre
	6	OB	2	2c
Lingua impartición	Galego			
Departamento	Filoloxía galega e latina			
Coordinador/a	Gómez Clemente, Xosé María			
Profesorado	Gómez Clemente, Xosé María			
Correo-e	xgomez@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral	Ademais de constituír un reforzo dos aspectos de corrección lingüística, a materia posúe un eminente carácter práctico e busca iniciar o alumnado no coñecemento das linguas de especialidade do galego. Ademais, esta materia achegará ao alumnado a outras disciplinas como a semántica, a lexicografía que serán de moita utilidade no desenvolvemento práctico das habilidades discursivas no ámbito oral e escrito. Finalmente, ao longo do cuadrimestre reforzaranse os coñecementos relativos á tipoloxía textual académica e científica (con especial atención no artigo de investigación). Pártese dun nivel de competencia lingüística C2 do Marco europeo de referencia para a aprendizaxe de linguas.			

Competencias

Código	
CB2	Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
CB4	Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solución a un público tanto especializado coma non especializado.
CE3	Dominio da lingua propia, escrita e oral
CE4	Coñecer norma e usos das linguas de traballo
CE5	Dominio de técnicas terminolóxicas e neolóxicas para a tradución especializada
CE18	Capacidade de aplicar os coñecementos á práctica
CE33	Dominio oral e escrito da lingua propia
CT1	Comunicación oral e escrita na lingua propia. Prestarase especial atención ao coñecemento e correcto uso das 2 linguas cooficiais da Comunidade Autónoma de Galicia
CT5	Coñecementos de informática aplicada
CT6	Capacidade de xestión da información
CT23	Capacidade de traballo individual

Resultados de aprendizaxe

Resultados de aprendizaxe	Competencias		
Desenvolver as habilidades de comprensión e de expresión oral e escrita.	CB4	CE3 CE4 CE33	CT1 CT6 CT23
Ampliar o repertorio léxico e textual na lingua obxecto de estudo, sobre todo no relativo aos textos de especialidade.		CE3 CE4 CE5 CE18 CE33	CT1 CT5 CT23
Fomentar a aplicación práctica dos coñecementos gramaticais, léxicos e culturais á análise, creación e revisión de todo tipo de textos de especialidade.		CE3 CE4 CE18 CE33	CT1 CT6
Capacidade para extraer a información relevante e secundaria dun texto oral e escrito.	CB2	CE3 CE33	CT1 CT6

Contidos

Tema

Tema 1. Recursos para o traballo en lexicografía especializada.	1.1. Dicionarios especializados e dicionarios xerais de lingua. 1.2. Corpus monolingües e multilingües. 1.3. Metodoloxía do traballo terminográfico puntual.
Tema 2. Introdución ás linguas de especialidade.	2.1. O concepto de especialidade. 2.2. Estrutura e características do texto científico e técnico: o texto divulgativo e o texto de investigación.
Tema 3. Os textos de especialidade.	3.1. Estrutura e características do texto de especialidade: o ámbito xurídico e administrativo. 3.2. Estrutura e características do texto de especialidade: o ámbito da bioloxía.

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Traballo tutelado	2	23	25
Resolución de problemas	8	15	23
Prácticas con apoio das TIC	12	0	12
Lección maxistral	23	40	63
Exame de preguntas de desenvolvemento	2	24	26
Observación sistemática	1	0	1

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Traballo tutelado	O alumnado presentará individualmente dous traballos propostos. Avaliaranse os resultados e a calidade lingüística da redacción.
Resolución de problemas	Proporanse exercicios sobre o temario para realizar na aula ou fóra dela.
Prácticas con apoio das TIC	O alumnado, especialmente para o tema 1 e o primeiro traballo, realizará prácticas na aula de informática onde se imparte a materia.
Lección maxistral	Actividade teórica. Consiste na exposición dos contidos da materia co obxectivo de comunicar coñecementos. As explicacións estarán ordenadas e ben estruturadas e contarán con exemplos que aseguren a comprensión dos contidos.

Atención personalizada

Metodoloxías	**Descrición**
Lección maxistral	Daranse as explicacións pertinentes nas aulas ou nas titorías.
Traballo tutelado	As dúbidas que xurdiren da elaboración dos traballos tutelados serán resoltas nas titorías do profesor.
Resolución de problemas	Explicacións nas aulas e titorías.
Prácticas con apoio das TIC	Daranse as explicacións necesarias na aula ou nas titorías.
Probas	**Descrición**
Exame de preguntas de desenvolvemento	As dúbidas que xurdiren para a preparación do exame serán resoltas nas titorías od profesor.

Avaliación

	Descrición	Cualificación	Competencias Avaliadas		
Traballo tutelado	O alumnado terá que entregar dous traballos: 1. 15% da nota. Elaborarase un traballo sobre neoloxía: resolución de problemas conceptuais e denominativos. 2. 25% da nota. Traballo tutelado sobre un tema de divulgación científica: a) 15% traballo escrito. b) 10% vídeo gravado para a presentación.	40	CB4	CE3 CE18	CT5 CT6 CT23
Exame de preguntas de desenvolvemento	Consistirá nun exame que pode abordar todos os temas estudados durante o curso, con especial atención ós aspectos lingüísticos do temario.	50	CB2	CE3 CE5 CE18	CT23
Observación sistemática	Avaliarase a asistencia e a participación activa nas aulas.	10	CB2	CE18	

Outros comentarios sobre a Avaliación

1ª edición das actas

O alumnado poderá escoller entre dous sistemas de avaliación. Deberá confirmar explicitamente por cal deles opta nas dúas primeiras semanas de curso.

a) Avaliación continua

Os aspectos avaliados son os que aparecen nesta páxina por un valor do 100% da nota.

O traballo sobre divulgación científica consistirá nun resumo e nun comentario persoal sobre o material proporcionado.

Condicións para superar a materia:

-Entrega dos traballos nos prazos establecidos:

-Primeiro traballo: última semana de outubro.

-Segundo traballo: nos primeiros días de xaneiro.

- Exame: fixarase unha data na última semana de curso. Este exame poderase repetir, se non se aproba, na data oficial que fixe a Facultade.

Importante

Para superar a materia, cómpre obter no exame unha nota mínima de 4.5. Os traballos farán media co resto das probas a partir de 4 puntos (nota conxunta dos dous).

O incumprimento das condicións da avaliación continua implicará o paso automático á avaliación única.

b) Avaliación única: condicións

1. Un único exame sobre os contidos da materia na data que fixe oficialmente a Facultade (80%)

2. Traballo sobre neoloxía (20%).

2ª edición das actas (xullo)

A avaliación farase a través dun exame (8o%) e un traballo sobre neoloxía (20%).

O alumnado de avaliación continua que non teña aprobada a materia na 1ª ed. das actas manterá, se así o desexa, as cualificacións das probas superadas. Se non o desexa, acollerase ó sistema definido no parágrafo anterior.

Datas dos exames

A data do exame, tanto para a avaliación continua como a única, en todas as oportunidades de avaliación, será a fixada no calendario oficial da Facultade de Filoloxía e Tradución.

Importante

Cómpre ter un nivel avanzado das normas ortográficas, da gramática da lingua e do léxico xeral, aínda que non sexan contidos específicos do curso. Daquela, nos traballos a falta de corrección será penalizada.

A copia ou plaxio total ou parcial en calquera tipo de traballo ou exame implica unha cualificación de 0.

A avaliación terá en conta non só a pertinencia e calidade do contido das respostas senón tamén a súa corrección lingüística.

É responsabilidade do alumnado consultar os materiais e as novidades a través da plataforma MOOVI e de estar ao tanto das datas nas que as probas de avaliación teñen lugar.

Bibliografía. Fontes de información
Bibliografía Básica
Leobalde García, María das Mercedes et alii., **Curso de linguaxe administrativa.**, 1ª, Xunta de Galicia, 2007
Ramos Insua, Martín (coord.), **Curso de linguaxe xurídica. Nivel medio.**, 1ª, Xunta de Galicia, 2013
Rodríguez Río, Xusto, **Metdoloxía do traballo terminolóxico puntual en lingua galega.**, 1ª, Consello da Cultura, 2004
Servizo de Normalización. USC, **bUSCatermos. Base de datos terminolóxica**, 1ª, Universidade de Santiago, 2012-
Rolland, E. e Pablo López, **GCiencia. Xornalismo e divulgación**, Portal GCiencia, 2012
Servizo de Normalización UDC, **Profesionaliza a túa lingua: bioloxía**, 1ª, Servizo de Normalización. UDC, 2005

González González, Manuel (dir), **TERGAL: Banco de termos galegos recomendados, versión 1.5.2.**, Centro Ramón Piñeiro para a investigación en Human, 2015

Rinoceronte editora, **Dicionario castelán-galego / rinoceronte.gal/dicionario**, 1ª, RINOCERONTE EDITORA, 2020

Bibliografía Complementaria

Gutiérrez Rodilla, Bertha, **El lenguaje de las ciencias.**, 1ª, Gredos, 2005

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Lingua: Lingua A1, I: Expresión escrita e oral: Galego/V01G230V01101

Outros comentarios

Para superar esta materia hai que ter un amplo coñecementos dos aspectos normativos da lingua galega. Pártese do nivel C2 de competencia.

Plan de Continxencias

Descrición

=== MEDIDAS EXCEPCIONAIS PLANIFICADAS ===
Ante a incerta e imprevisible evolución da alerta sanitaria provocada pola COVID- 19, a Universidade establece una planificación extraordinaria que se activará no momento en que as administracións e a propia institución o determinen atendendo a criterios de seguridade, saúde e responsabilidade, e garantindo a docencia nun escenario non presencial ou non totalmente presencial. Estas medidas xa planificadas garanten, no momento que sexa preceptivo, o desenvolvemento da docencia dun xeito mais áxil e eficaz ao ser coñecido de antemán (ou cunha ampla antelación) polo alumnado e o profesorado a través da ferramenta normalizada e institucionalizada das guías docentes DOCNET.

=== ADAPTACIÓN DAS METODOLOXÍAS ===
* Metodoloxías docentes que se manteñen
Mantéñense todas as metodoloxías definidas para a docencia normal.
* Metodoloxías docentes que se modifican
Non se modifican.
* Mecanismo non presencial de atención ao alumnado (titorías)
O alumnado solicitará unha titoría para ser atendido no Campus remoto da Universidade de Vigo.
* Modificacións (se proceder) dos contidos que se imparten
Non se modifica
* Bibliografía adicional para facilitar a auto-aprendizaxe
Non se propón ningunha.
* Outras modificacións
Non hai.
=== ADAPTACIÓN DA AVALIACIÓN ===
Non se modifica.
«Plan de continxencia sobre a modalidade mixta, na que unha parte do estudantado asistirá ás aulas de forma presencial e outra parte seguirá as clases dun modo síncrono (preferentemente) ou asíncrono: o profesorado manterá as metodoloxías, a atención personalizada e os sistemas de avaliación como se indica para a modalidade presencial, adaptando os grupos de estudantes e as quendas para cumprir coa normativa sanitaria que se estableza no seu momento».

DATOS IDENTIFICATIVOS

Lingua A2, II: Introdución ás linguas de especialización: Español

Materia	Lingua A2, II: Introdución ás linguas de especialización: Español			
Código	V01G230V01402			
Titulacion	Grao en Tradución e Interpretación			
Descriptores	Creditos ECTS	Carácter	Curso	Cuadrimestre
	6	OB	2	2c
Lingua impartición	Castelán			
Departamento	Lingua española			
Coordinador/a	Rodríguez Barcia, Susana			
Profesorado	Rodríguez Barcia, Susana			
Correo-e	susanarbarcia@gmail.com			
Web				
Descrición xeral	Ademais de constituír un reforzo dos aspectos de corrección lingüística e de redacción e presentación formal de traballos académicos, a materia posúe un eminente carácter práctico e busca iniciar ao discente no coñecemento das linguas de especialidade do español. Esta materia achegará ao alumnado a outras disciplinas como a análise crítica do discurso especializado que será de moita utilidade no desenvolvemento práctico das habilidades discursivas no ámbito oral e escrito e no desenvolvimiento do pensamento crítico. Finalmente, ao longo do cuadrimestre reforzaranse os coñecementos relativos á tipoloxía textual académica científica (con especial atención no artigo de investigación) que xa se estudiaron tanxencialmente nas materias de lingua A cursadas no primeiro ano do grao.			

Competencias

Código	
CB1	Que os estudantes demostren posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral e adoita atoparse a un nivel que, malia se apoiar en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo.
CB2	Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
CB3	Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
CB4	Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solución a un público tanto especializado coma non especializado.
CB5	Que os estudantes desenvolvan aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.
CE4	Coñecer norma e usos das linguas de traballo
CE11	Capacidade de deseñar e xerir proxectos
CE17	Capacidade de tomar decisións
CE18	Capacidade de aplicar os coñecementos á práctica
CE27	Capacidade de razoamento crítico
CT1	Comunicación oral e escrita na lingua propia. Prestarase especial atención ao coñecemento e correcto uso das 2 linguas cooficiais da Comunidade Autónoma de Galicia
CT5	Coñecementos de informática aplicada
CT6	Capacidade de xestión da información
CT9	Razoamento crítico
CT15	Aprendizaxe autónoma
CT23	Capacidade de traballo individual

Resultados de aprendizaxe

Resultados de aprendizaxe	Competencias		
Desenvolver e reforzar as habilidades de comprensión e de expresión oral e escrita.	CB1 CB2 CB4	CE4 CE18 CE27	CT1 CT5 CT6
Ampliar o repertorio léxico e textual da lingua española, sobre todo no relativo á terminoloxía e aos textos de especialidade.	CB1	CE11 CE18 CE27	CT9 CT15 CT23

Fomentar a aplicación práctica dos coñecementos gramaticais, léxicos e culturais á análise crítica, creación e revisión de todo tipo de textos de especialidade.	CB3	CE17 CE18 CE27	CT23
Capacitar ao alumnado para analizar, sintetizar e extraer a información principal e secundaria dunha manifestación discursiva oral ou escrita.	CB3	CE11 CE17 CE18 CE27	CT6 CT9 CT23
Capacitar aos discentes para que manexen con soltura as ferramentas bibliográficas de calidade que contribúan a un óptimo desenvolvemento das actividades profesionais da corrección, composición e reformulación de textos.	CB5	CE4 CE17 CE18	CT6 CT9 CT15 CT23

Contidos

Tema	
Tema 1. Descrición lingüística dos textos de especialidade.	1.1. Aspectos ortotipográficos. 1.2. Aspectos morfolóxicos: procesos de lexicoxénese. 1.3. Aspectos semánticos, léxicos e lexicográficos. 1.4. Aspectos discursivos.
Tema 2. O texto de especialidade.	2.1. O artigo de investigación. 2.2. A divulgación científica.
Tema 3. A análise crítica do discurso especializado.	3.1. Denotación e obxectividade nos textos de especialidade. 3.2. A orientación ideolóxica nos textos especializados e non especializados. 3.3. A modalización discursiva.

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Actividades introdutorias	2	3	5
Lección maxistral	18	45	63
Traballo tutelado	4	8	12
Resolución de problemas	14	21	35
Traballo tutelado	2	7	9
Presentación	6	18	24
Exame de preguntas de desenvolvemento	2	0	2

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Actividades introdutorias	O obxectivo fundamental das actividades introdutorias é recoller información sobre os coñecementos de partida, os intereses e as motivacións dos discentes.
Lección maxistral	Actividade teórica. Consiste na exposición dos contidos da materia co obxectivo de comunicar coñecementos e fontes de información. As explicacións estarán ordenadas e ben estruturadas e contarán con exemplos ilustrativos que aseguren a adecuada comprensión.
Traballo tutelado	Actividades prácticas orientadas na aula pola docente. Aínda que o alumnado poderá traballar de forma autónoma na materia, nestes traballos de aula serán suxeridas certas actividades que se desenvolverán coa colaboración de alumnos e docente.
Resolución de problemas	Actividade práctica. Formularanse na aula ou a través da plataforma Moovi unha serie de problemas e exercicios relacionados coa materia traballada. O obxectivo é reflexionar e relacionar teoría e práctica. Tamén constitúe unha actividade básica para consolidar coñecementos teóricos.
Traballo tutelado	Actividade práctica. Os traballos tutelados estarán dirixidos a través das titorías concertadas cos discentes. Nestes traballos trátase de poñer a proba a competencia en lingua escrita do alumnado e a súa capacidade para xestionar grandes traballos e proxectos (por exemplo, realizar un cartafol comentado de textos de especialidade, analizar os recursos de modaliación nun conxunto de artigos científicos divulgativos, etc.).
Presentación	Actividade práctica. A docente proporcionará unha serie de recursos para afrontar de forma correcta unha exposición oral. Unha vez terminado este paso, a actividade por parte do discente consistirá na exposición oral ante os compañeiros dun tema lingüístico concreto que se escollerá entre os temas da asignatura.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición

Resolución de problemas	No relativo ás presentacións, os traballos tutelados e á resolución de exercicios, a docente reservará un tempo de atención personalizada co fin de atender e resolver as dúbidas do alumnado. Este tempo distribuirase en relación coas necesidades puntuais dos discentes, que poderán asistir ás titorías habituais ou concertar outras específicas (individuais ou en grupos reducidos). Ademais do formato presencial, no caso de docencia mixta e/ou non presencial, a docente empregará o seu despacho do Campus remoto para atender consultas tras fixar previamente a cita a través do correo electrónico.
Traballo tutelado	No relativo ás presentacións, os traballos tutelados e á resolución de exercicios, a docente reservará un tempo de atención personalizada co fin de atender e resolver as dúbidas do alumnado. Este tempo distribuirase en relación coas necesidades puntuais dos discentes, que poderán asistir ás titorías habituais ou concertar outras específicas (individuais ou en grupos reducidos). Ademais do formato presencial, no caso de docencia mixta e/ou non presencial, a docente empregará o seu despacho do Campus remoto para atender consultas tras fixar previamente a cita a través do correo electrónico.
Presentación	No relativo ás presentacións, os traballos tutelados e á resolución de exercicios, a docente reservará un tempo de atención personalizada co fin de atender e resolver as dúbidas do alumnado. Este tempo distribuirase en relación coas necesidades puntuais dos discentes, que poderán asistir ás titorías habituais ou concertar outras específicas (individuais ou en grupos reducidos). Ademais do formato presencial, no caso de docencia mixta e/ou non presencial, a docente empregará o seu despacho do Campus remoto para atender consultas tras fixar previamente a cita a través do correo electrónico.

Avaliación

	Descrición	Cualificación	Competencias Avaliadas		
Traballo tutelado	Nestes traballos trátase de poñer a proba a competencia en lingua escrita do alumnado e a súa capacidade para xestionar grandes traballos e proxectos de análise, revisión e corrección de textos especializados. O traballo realízase de xeito grupal. Os traballos tutelados estarán dirixidos a través das titorías ou horas adicionais de atención personalizada concertadas cos discentes. O obxectivo será avaliar os recursos para a redacción formal, a capacidade analítica e a xestión do traballo. A data límite para a entrega do traballo será o 21 de abril de 2022.	30	CB2 CB3	CE11 CE17	CT5 CT9 CT15 CT23
Presentación	Consistirá nunha exposición oral sobre un tema lingüístico concreto que se escollerá entre os temas da asignatura e as propostas recollidas en Moovi. Terá lugar no mes de marzo de 2022. O obxectivo será avaliar a competencia oral dos discentes nun contexto formal. En caso de confinamento ou algunha situación que impida a presencialidade, a exposición realizarase a través da aula do Campus Remoto. Se non é posible a presentación por problemas de conexión a actividade será gravada e subida a Youtube, e enviarase a ligazón á docente na data fixada nas clases.	30	CB3 CB4 CB5	CE18 CE27	CT6
Exame de preguntas de desenvolvemento	Consistirá nun exame no que terán cabida as preguntas de carácter teórico e as de tipo práctico. Esta proba terá en conta todos os temas recollidos no temario e impartidos durante o curso. Esta proba terá lugar durante a última semana de clase. A data de celebración desta proba coincidirá co día fixado no Calendario de exames aprobado pola Xunta de Facultade e publicado na web da FFT. En caso de confinamento ou de que sexa preciso realizar o exame a distancia, empregaranse as ferramentas do Campus Remoto.	40	CB1	CE4	CT1 CT23

Outros comentarios sobre a Avaliación

1. PRIMEIRA EDICIÓN DE ACTAS (Maio-xuño 2022)

Avaliación continua

É obrigatorio realizar e entregar no prazo estabelecido as probas marcadas na avaliación. Os traballos non entregados ou entregados fóra de prazo non se avaliarán. A data límite de entrega de traballos será o 21 de abril de 2022, a través de Moovi (sección de exercicios). As presentacións orais terán lugar en marzo de 2022; o tema destas presentacións deberá ser comunicado a través de Moovi no prazo que se indique durante as sesións presenciais. A data de celebración do exame coincidirá co día fixado no Calendario de exames establecido pola facultade e publicado na web da FFT.

A cualificación na primeira edición de actas dos alumnos e alumnas que opten pola avaliación continua corresponderá ao cómputo das notas obtidas nas probas realizadas durante o curso. Para superar a materia será necesario obter como mínimo un 4,75 (sobre 10) en total.

Avaliación única

Neste caso, a avaliación realízase mediante un exame único, baseado nos contidos da materia, no que a nota constituirá o 100% da cualificación final.

Este exame terá lugar ao final do cuadrimestre, na data fixada no Calendario de exames aprobado pola Xunta de Facultade e publicado na web da FFT. A data desta proba coincidirá na primeira edición das actas coa data na que se realizará o exame para os discentes que opten pola avaliación continua.

A escolla desta opción en ningún caso supón a perda do dereito á asistencia. Recoméndase ao alumnado que escolla esta modalidade de avaliación que consulte regularmente os documentos que se irán colgando en Moovi.

2. SEGUNDA EDICIÓN DE ACTAS (xullo 2022)

Na segunda edición de actas a avaliación levarase a cabo exclusivamente mediante un exame único, baseado nos contidos da materia. Este exame terá lugar na data oficial de xullo aprobada pola Xunta de Facultade.

Os alumnos e alumnas que non acadasen o aprobado na modalidade de avaliación continua e que se presenten nesta oportunidade de xullo deben ter en conta que non se gardarán en ningún caso as notas da exposición oral e do traballo escrito.

Para o alumnado de avaliación continua, no caso de que tras a avaliación conxunta sexan necesarios ata 0,25 puntos para superar a materia, terase en conta a asistencia e participación regular e activa na clase ou en proxectos colaborativos.

O estudantado Erasmus poderá realizar as probas coa axuda dun dicionario.

Tanto no exame coma no traballo escrito e no resto dos exercicios propostos ao longo do curso penalizaranse os erros ortográficos, os erros na expresión, as incoherencias sintácticas, etc.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Ciapuscio, G., **Reformulación textual: El caso de las noticias de divulgación científica, en Revista Argentina de Lingüística**, Revista Argentina de Lingüística,

de Miguel, Elena, **El texto jurídico-administrativo: análisis de una orden ministerial**, https://webs.ucm.es/info/circulo/no4/demiguel.htm, Revista Clac, 2000

Gutiérrez Rodilla, Bertha, **El lenguaje de las ciencias**, Madrid: Gredos,

Bibliografía Complementaria

Alcaraz Varó; José Mateo Martínez y Francisco Yus Ramos (ed.), **Las lenguas profesionales y académicas**, Barcelona: Ariel,

Cabré, María Teresa, **La Terminología. Teoría, metodología, aplicaciones**, Barcelona: Editoral Antártida,

García Negroni, María, **"Subjetividad y discurso científico-académico. Acerca de algunas manifestaciones de la subjetividad en el artículo de investigación en español"**, Revista Signos,

Gómez de Enterría Sánchez, Josefa, **El español lengua de especialidad: enseñanza y aprendizaje**, Madrid: Arco/Libros,

Vivanco Cervero, Verónica, **El español de la ciencia y la tecnología**, Madrid: Arco/Libros,

Recomendacións

Materias que continúan o temario

Lingua: Lingua A2, I: Expresión escrita e oral: Español/V01G230V01202

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Lingua: Lingua A2, I: Expresión escrita e oral: Español/V01G230V01202

Outros comentarios

Recoméndase ao estudando Erasmus que teña un nivel mínimo de español B2.

Plan de Continxencias

Descrición

MEDIDAS EXCEPCIONAIS PLANIFICADAS
Aínda que en 2021 a alerta sanitaria provocada pola COVID- 19 evoluciona positivamente, a Universidade de Vigo establece una planificación extraordinaria que se activará no momento en que as administracións e a propia institución o determinen atendendo a criterios de seguridade, saúde e responsabilidade, e garantindo de ser necesario a docencia nun escenario non presencial ou non totalmente presencial. Estas medidas xa planificadas garanten, no momento que sexa preceptivo, o

desenvolvemento da docencia dun xeito mais áxil e eficaz ao ser coñecido de antemán (ou cunha ampla antelación) polo alumnado e o profesorado a través da ferramenta normalizada e institucionalizada das guías docentes DOCNET.

ADAPTACIÓN DAS METODOLOXÍAS, ATENCIÓN E AVALIACIÓN
As alternativas metodolóxicas en caso de docencia mixta e/ou non presencial serán síncronas (aulas xemelgas e despacho persoal do Campus Remoto) e asíncronas (Moovi). No apartado de atención personalizada e avaliación xa se especifica a adaptación metodolóxica que se levará a cabo en caso de ser precisa.

O acceso ao Despacho persoal de Susana Rodríguez Barcia (Sala 2186) no Campus remoto faise a través da ligazón e clave seguintes:

https://campusremotouvigo.gal/public/836489612
Contrasinal: q9bUtq7M

A URL e clave de acceso para as aulas xemelgas envíanse ao principio do curso dende o vicedecanato competente.

En resumo: Como plan de continxencia sobre a modalidade mixta, na que unha parte do estudantado asistirá ás aulas de forma presencial e outra parte seguirá as clases dun modo síncrono (preferentemente) ou asíncrono, o profesorado manterá as metodoloxías, a atención personalizada e os sistemas de avaliación como se indica para a modalidade presencial (coas especificacións recollidas), adaptando os grupos de estudantes e as quendas para cumprir coa normativa sanitaria que se estableza no seu momento.

Nesta materia, independentemente da modalidade de ensino, as actividades entréganse a través de Moovi. No caso dos traballos de aula, de non poder desenvolverse de xeito presencial empregarase a aula xemelga no Campus Remoto.

DATOS IDENTIFICATIVOS				
Idioma moderno: Idioma 1, IV: Inglés				
Materia	Idioma moderno: Idioma 1, IV: Inglés			
Código	V01G230V01403			
Titulacion	Grao en Tradución e Interpretación			
Descriptores	Creditos ECTS	Carácter	Curso	Cuadrimestre
	6	FB	2	2c
Lingua impartición	Inglés			
Departamento	Filoloxía inglesa, francesa e alemá			
Coordinador/a	González Álvarez, María Dolores			
Profesorado	González Álvarez, María Dolores			
Correo-e	dglez@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral	Pártese dun nivel avanzado alto/Cambridge Advanced (MCER C1) e preténdese conseguir o nivel superior/ Cambridge Proficiency (MCER C2). O curso ten unha orientación práctica, co foco en tarefas de lectura e traballos escritos, fiction e non-fiction.			

Competencias	
Código	
CB1	Que os estudantes demostren posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral e adoita atoparse a un nivel que, malia se apoiar en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo.
CB2	Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
CB4	Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solución a un público tanto especializado coma non especializado.
CE1	Dominio de linguas estranxeiras
CE2	Coñecemento de culturas e civilizacións estranxeiras
CE4	Coñecer norma e usos das linguas de traballo
CE8	Destreza para a procura de información/documentación
CE13	Optimización de toma de notas, elaboración de resumos, síntese e reexpresión
CE18	Capacidade de aplicar os coñecementos á práctica
CE24	Capacidade de aprendizaxe autónoma
CE25	Coñecementos de cultura xeral e civilización
CE28	Posuír unha gran competencia sociolingüística
CT2	Coñecemento dunha segunda e unha terceira lingua estranxeira
CT4	Resolución de problemas
CT6	Capacidade de xestión da información
CT14	Motivación pola calidade
CT15	Aprendizaxe autónoma
CT22	Capacidade de aplicar os coñecementos na práctica

Resultados de aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe	Competencias		
capacidade para desenvolver o sentido de conciencia lingüística da lingua inglesa, os seus mecanismos gramaticais e léxicos e as súas formas de expresión.	CB1 CB2 CB4	CE1 CE2 CE4 CE25 CE28	CT2
Capacidade para desenvolver as destrezas de comprensión e expresión escrita en inglés.	CB1	CE1 CE2 CE8 CE24 CE25	CT14 CT15 CT22
Fomento da aplicación práctica dos coñecementos gramaticais e léxicos da lingua inglesa á comprensión e elaboración de textos excritos en inglés.	CB2 CB4	CE4 CE13 CE18 CE28	CT2 CT6 CT22

Ampliación do repertorio léxico e textual en inglés.	CB1 CB4	CE2 CE4 CE8 CE13	CT2 CT4
Capacidade de sintetizar e extraer a información principal e secundaria dunha ampla variedade de textos orais e escritos en inglés.	CB1	CE1 CE2 CE4 CE8 CE13 CE18 CE28	CT6 CT14 CT15

Contidos	
Tema	
Use of English	A. Grammar: inversion, wishes, modal verbs, unreal time and subjunctive clauses, purpose, reason and concession clauses, passive structure. B. Vocabulary: idioms, phrasal verbs, collocations, register. C: Word formation: preffixes, suffixes, compound adjectives, compound nouns from phrasal verbs. D. Tasks used in the Cambridge proficiency examination: Open cloze exercises. word transformation task, gapped sentences, Key-word transformation, etc
Reading	A. Comprehension of a fiction book and texts from journals, newspapers, promotional and informational materials. B. Understanding of written English at word, phrase (phrasal verb and idiomatic expressions), sentence, paragraph and whole text level. C. Interpreting textual register, and writer/audience relationship concerning ideas, opinions, suggestions, and attitudes. D. Understanding cohesion, structure and organization of the text.
Writing	A. Summaries, formal letters, articles, and essays to defend concepts, opinions, and to express suggestions in an academic environment.

Planificación			
	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Actividades introdutorias	2	0	2
Resolución de problemas	8	0	8
Traballo tutelado	12	12	24
Prácticas con apoio das TIC (Repetida, non usar)	0	20	20
Traballo tutelado	12	0	12
Resolución de problemas de forma autónoma	5	20	25
Resolución de problemas e/ou exercicios	4	15	19
Exame de preguntas de desenvolvemento	1	15	16
Resolución de problemas e/ou exercicios	4	20	24

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente	
	Descrición
Actividades introdutorias	Orientación xeral sobre a materia, qué se espera do alumnado e cómo conseguilo. Descubrir intereses e motivacións do alumnado.
Resolución de problemas	Formulación, análise e resolución de exercicios prácticos relacionados cos contidos gramaticais e léxicos (Use of English) e das destrezas comunicativas (reading and writing)
Traballo tutelado	Elaboración de traballos escritos tutelados na aula (writing)
Prácticas con apoio das TIC (Repetida, non usar)	Resolución de test de gramática e vocabulario, práctica de reading-comprehensión con clave de respostas
Traballo tutelado	Práctica das destrezas comunicativas, especialmente de "writing" e da aplicación dos contidos lingüísticos (use of English).
Resolución de problemas de forma autónoma	Análise e resolución de exercicios prácticos relacionados cos contidos gramaticais e léxicos e as destrezas comunicativas de forma autónoma.

Atención personalizada	
Metodoloxías	**Descrición**

É responsabilidade do estudantado consultar os materiais dispoñibles na plataforma (novidades, documentos, cualificacións) e estar ao tanto dos avisos e das datas de realización das diferentes probas.

Plan de Continxencias

Descrición

=== MEDIDAS EXCEPCIONAIS PLANIFICADAS ===
Ante a incerta e imprevisible evolución da alerta sanitaria provocada pola COVID- 19, a Universidade establece una planificación extraordinaria que se activará no momento en que as administracións e a propia institución o determinen atendendo a criterios de seguridade, saúde e responsabilidade, e garantindo a docencia nun escenario non presencial ou non totalmente presencial. Estas medidas xa planificadas garanten, no momento que sexa preceptivo, o desenvolvemento da docencia dun xeito mais áxil e eficaz ao ser coñecido de antemán (ou cunha ampla antelación) polo alumnado e o profesorado a través da ferramenta normalizada e institucionalizada das guías docentes DOCNET.

Plan de continxencia sobre a modalidade mixta, na que unha parte do estudantado asistirá ás aulas de forma presencial e outra parte seguirá as clases dun modo síncrono (preferentemente) ou asíncrono: o profesorado manterá as metodoloxías, a atención personalizada e os sistemas de avaliación como se indica para a modalidade presencial, adaptando os grupos de estudantes e as quendas para cumprir coa normativa sanitaria que se estableza no seu momento.

Plan de continxencia sobre a modalidade non presencial
Mantéñense as metodoloxías, contidos, avaliación e titorías coa salvedade de que se realizarán coas ferramentas proporcionadas pola Universidade de Vigo (aulas e despachos virtuais, correo electrónico e Faitic).

DATOS IDENTIFICATIVOS				
Idioma 2, IV: Alemán				
Materia	Idioma 2, IV: Alemán			
Código	V01G230V01407			
Titulacion	Grao en Tradución e Interpretación			
Descriptores	Creditos ECTS	Carácter	Curso	Cuadrimestre
	6	OB	2	2c
Lingua impartición	Alemán Castelán			
Departamento	Filoloxía inglesa, francesa e alemá			
Coordinador/a	Ruzicka Kenfel, Veljka			
Profesorado	Ruzicka Kenfel, Veljka			
Correo-e	kenfel@uvigo.es			
Web	http://moovi.uvigo.es			
Descrición xeral	Esta materia parte dun nivel medio-alto, que permite unha profundización dos coñecementos gramaticais, léxicos e culturais así como tamén un maior dominio das competencias oralis. Darase especial atención á profundización da ""Landeskunde"" dos países xermanofalantes e á ampliación do léxico e da terminoloxía especializada (comercio, dereito, economía). Farase fincapé na progresión das destrezas orais e da tradución inversa. O estudantado debería alcanzar un nivel A2.2.			

Competencias	
Código	
CB2	Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
CB4	Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solución a un público tanto especializado coma non especializado.
CB5	Que os estudantes desenvolvan aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.
CE1	Dominio de linguas estranxeiras
CE2	Coñecemento de culturas e civilizacións estranxeiras
CE4	Coñecer norma e usos das linguas de traballo
CE18	Capacidade de aplicar os coñecementos á práctica
CE22	Destrezas de tradución
CE24	Capacidade de aprendizaxe autónoma
CE25	Coñecementos de cultura xeral e civilización
CE27	Capacidade de razoamento crítico
CT2	Coñecemento dunha segunda e unha terceira lingua estranxeira
CT4	Resolución de problemas
CT9	Razoamento crítico
CT10	Recoñecemento da diversidade e a multiculturalidade
CT15	Aprendizaxe autónoma
CT17	Comprensión doutras culturas e costumes

Resultados de aprendizaxe	Competencias		
Dominio de linguas estranxeiras	CB2	CE1	CT2
Coñecemento de culturas e civilizacións estranxeiras	CB4	CE2	CT4
Capacidade de traballo en equipo	CB5	CE4	CT9
Capacidade de aplicar os coñecementos á práctica		CE18	CT10
Saber recoñecer a diversidade e multiculturalidade		CE22	CT15
Razoamento crítico		CE24	CT17
Traballo en equipo		CE25	
Comprensión doutras culturas e costumes		CE27	

Contidos
Tema

1. Futur. Nebensatz mit Fragewort.
2. Passiv. Infinitiv mit "zu".
3.Der Infinitivsatz. Temporale Nebensätze. Vergleichsätze.
4. Präteritum, Perfekt und Plusquamperfekt. Relativsätze II.
5. Konjunktiv II. Konditionalsätze.
6. Finalsätze. Temporalsätze (bevor, während, nachdem). Konzessivsätze.
7. Konjunktiv I: Indirekte Rede.
8. Verben mit Dativ und Akkusativ. Verben mit Präpositionen.

1. Reisen. Tourismus.
2. Aus der Zeitung. Presse. Kochrezepte.
3. Das politische System. Gerichtsfälle.
4. Beruf und Arbeit. Wörterbücher.
5. Auf der Bank. Wünsche ausdrücken.
6. Sport und Ernährung. Gesundheit.
7. Studium und Universität.
8. Feiern. Veranstaltungen.

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Resolución de problemas	8	22	30
Seminario	5	9	14
Resolución de problemas de forma autónoma	7	17	24
Actividades introdutorias	2	2	4
Lección maxistral	16	40	56
Estudo previo	8	12	20
Resolución de problemas e/ou exercicios	2	0	2

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Resolución de problemas	Actividade na que se formulan problemas e/ou exercicios relacionados coa materia. O alumno debe desenvolver a análise e resolución dos problemas e/ou exercicios de forma autónoma.
Seminario	Entrevistas que o alumno mantén co profesorado da materia para asesoramento/desenvolvemento de actividades da materia e do proceso de aprendizaxe.
Resolución de problemas de forma autónoma	Actividade na que se formulan problemas e/ou exercicios relacionados coa materia. O alumno debe desenvolver a análise e resolución dos problemas e/ou exercicios de forma autónoma.
Actividades introdutorias	Actividades encamiñadas a tomar contacto e reunir información sobre o alumnado, así como a presentar a materia.
Lección maxistral	Exposición por parte do profesor dos contidos sobre a materia obxecto de estudo, bases teóricas e/ou directrices dun traballo, exercicio ou proxecto a desenvolver polo estudante.
Estudo previo	Procura, lectura e traballo de documentación, propostas de resolución de problemas e/ou exercicios que se realizarán na aula e/ou laboratorio de forma autónoma por parte do alumnado.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Resolución de problemas de forma autónoma	Seguimento e apoio na preparación e realización das tarefas do curso, tanto na aula como fóra dela mediante titorías personalizadas no despacho ou non presenciais mediante o correo electrónico.
Estudo previo	Seguimento e apoio na preparación e realización das tarefas do curso, tanto na aula como fóra dela mediante titorías personalizadas no despacho ou non presenciais mediante o correo electrónico.

Avaliación

	Descrición	Cualificación	Competencias Avaliadas		
Resolución de problemas	Valoración continua das prácticas gramaticais, léxicas e tradutolóxicas	15	CB2 CB4	CE18 CE24	CT10 CT17
Resolución de problemas de forma autónoma	Valoración global das actividades de repaso	15		CE1 CE2	CT2 CT4
Resolución de problemas e/ou exercicios	Exame escrito de contido léxico, gramatical e tradutolóxico	70	CB5	CE4 CE22 CE25 CE27	CT9 CT15

Outros comentarios sobre a Avaliación

PRIMEIRA EDICIÓN DE ACTAS:

A avaliación e conseguinte cualificación do traballo do alumnado levarase a cabo cun procedemento de avaliación continua de acordo coas metodoloxías e porcentaxes descritas máis arriba. Para obter o 30% (máximo) establecido para os traballos de aula, atenderase a participación regular e activa na aula, ademáis da entrega de traballos. A proba escrita realizarase PARA TODO Ó ALUMNADO na data fixada no calendario de exames aprobado pola Xunta de FFT.

O alumnado que non se acolla ao sistema de avaliación continua e escolla avaliación única deberá realizar e superar un exame escrito sobre os contidos da materia, que se realizará na data oficial fixada no calendario aprobado pola Xunta da FFT, e máis outro oral noutra data concertada co profesorado para superala: o primeiro cun valor do 70% e o segundo cun valor do 30% da nota.

Tanto no caso da avaliación continua, como da avaliación única, a nota dos exames -escrito e oral- non deberá ser inferior a 4 para superar a materia. Para poder presentarse á proba oral na avaliación única é necesario ter alcanzado un mínimo de 4 na proba escrita.

SEGUNDA EDICIÓN DE ACTAS (XULLO)

Para o alumnado que durante o curso se acolleu á avaliación continua, un exame teórico-práctico escrito dos contidos do curso polo 100% da cualificación. A data do exame será a data establecida no calendario de exames aprobado en Xunta de FFT.

Para o alumnado que durante o curso se acolleu á avaliación única, este exame ten un valor do 70% da nota. Este alumnado terá que superar tamén unha proba oral (30% da cualificación) para superar a materia. A nota do exame escrito non deberá ser inferior a 4 para superar a materia. A data do exame escrito será a data establecida no calendario de exames aprobado en Xunta de FFT. A proba oral realizarase nunha data concertada co profesorado.

ADVERTENCIA: En calquera das convocatorias de exames, o profesorado pode esixir a realización dunha proba oral a aquel alumnado da avaliación continua que, segundo o seu criterio razoado, non demostrara suficiente competencia na materia.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Schulz / Griesbach, **Deutsche Sprachlehre für Ausländer. Grundstufe in einem Band (S. 126-207)**, 13. Edición. Año 2000,

Bibliografía Complementaria

Slaby / Grossmann, **diccionario alemán-español, español-alemán**, 2004,

Hilke Dreyer, **Lehr- und Übungsbuch der deutschen Grammatik**, 2007,

Podeschwa/Habersack/Pude, **Menschen B1.1. Deutsch als Fremdsprache. Kursbuch und Arbeitsbuch**, 2013,

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Idioma 2, III: Alemán/V01G230V01307

Outros comentarios

Recoméndase ter coñecementos básicos do idioma alemán (A1.2., A2.1.)
Recoméndase a asistencia ás clases e o traballo regular.
Recoméndase a asistencia ás clases e o traballo regular, así como o uso dos recursos da biblioteca.
Recoméndase ademáis ter en conta os dous aspectos seguintes:
1. A copia ou plaxio total ou parcial en calquera tipo de traballo ou exame suporá un cero nesa proba. Alegar descoñecemento do que supón un plaxio non eximirá o alumnado da súa responsabilidade neste aspecto.
2. É responsabilidade do alumnado consultar os materiais e as novidades a través da plataforma MOOVI e de estar ao tanto das datas nas que as probas de avaliación teñen lugar.

Plan de Continxencias

Descrición

=== MEDIDAS EXCEPCIONAIS PLANIFICADAS ===
Ante a incerta e imprevisible evolución da alerta sanitaria provocada pola COVID- 19, a Universidade establece una planificación extraordinaria que se activará no momento en que as administracións e a propia institución o determinen atendendo a criterios de seguridade, saúde e responsabilidade, e garantindo a docencia nun escenario non presencial ou non totalmente presencial. Estas medidas xa planificadas garanten, no momento que sexa preceptivo, o desenvolvemento

da docencia dun xeito mais áxil e eficaz ao ser coñecido de antemán (ou cunha ampla antelación) polo alumnado e o profesorado a través da ferramenta normalizada e institucionalizada das guías docentes DOCNET.

==ADAPTACIÓN DAS METODOLOXÍAS: MODALIDADE NON PRESENCIAL===
METODOLOXÍA E AVALIACIÓN DOCENTES
En todo caso, manteranse as metodoloxías de ensino, aínda que adaptadas á situación de cada caso (uso de ferramentas virtuais, etc.), e manterase o sistema e os criterios de avaliación.

TITORIAS
En caso de necesidade, as titorías poden ser non presenciais, a través do sistema de despachos virtuais e outras ferramentas. ademais do uso de Faitic e correo electrónico para o ensino.

MODALIDADE MIXTA
Plan de continxencia sobre a modalidade mixta, na que unha parte do estudantado asistirá ás aulas de forma presencial e outra parte seguirá as clases dun modo síncrono (preferentemente) ou asíncrono: o profesorado manterá as metodoloxías, a atención personalizada e os sistemas de avaliación como se indica para a modalidade presencial, adaptando os grupos de estudantes e as quendas para cumprir coa normativa sanitaria que se estableza no seu momento.

DATOS IDENTIFICATIVOS

Idioma 2, IV: Portugués

Materia	Idioma 2, IV: Portugués			
Código	V01G230V01408			
Titulacion	Grao en Tradución e Interpretación			
Descriptores	Creditos ECTS	Carácter	Curso	Cuadrimestre
	6	OB	2	2c
Lingua impartición	Outros			
Departamento	Filoloxía galega e latina			
Coordinador/a	Arias Freixedo, Xosé Bieito			
Profesorado				
Correo-e				
Web				
Descrición xeral	Nesta materia trátase de adquirir coñecementos intermedios de Lingua Portuguesa, chegando ao nível C1 do Marco Común Europeo de Referencia das Linguas, xunto con coñecementos sobre as culturas de expresión portuguesa no mundo. Aviso importante para estudantes Erasmus: O ensino de Língua Portuguesa na UVigo está dirixido a persoas que teñen o Galego e/ou o Castelán como linguas maternas, de maneira que a progresión é rápida. Non se recomenda a inscrición a estudantes Erasmus que non teñanjá un nivel B2 nestas linguas e, como mínimo, un nivel B2 alto em Lingua Portuguesa.			

Competencias

Código	
CB1	Que os estudantes demostren posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral e adoita atoparse a un nivel que, malia se apoiar en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo.
CB2	Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
CB3	Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
CB4	Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solución a un público tanto especializado coma non especializado.
CB5	Que os estudantes desenvolvan aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.

Resultados de aprendizaxe

Resultados de aprendizaxe	Competencias
Coñecemento basico-medio do terceiro idioma como lingua estranxeira, o que inclúe as perspectivas lingüística,comunicativa e de cultura e civilización.	CB1 CB2 CB3 CB4 CB5
Desenvolvemento da capacidade de contrastar aspectos léxicos, fraseológicos e gramaticales do terceiro idioma como propio.	CB1 CB2 CB3 CB4 CB5
Desenvolvemento da capacidade de contrastar aspectos de civilización propios das xentes que falan o idioma estranxeiro e alleos.	CB1 CB2 CB3 CB4 CB5
Dominio oral e escrito do nivel C1, equivalente ao 'Diploma Elementar de português Língua Estrangeira' (DEPLE) e do 'Certificado de Proficiência em Língua Portuguesa para Estrangeiros' (Celpe-Bras).	CB1 CB2 CB3 CB4 CB5

Contidos

Tema

Contidos gramaticais	Revisión dos contidos da materia Segundo Idioma Estranxeiro III: Portugués. Contido gramatical relacionado co nivel C1 do Marco Común Europeo de Referencia das Linguas. Elementos do portugués no Brasil e na África Lusófona.
Contidos léxicos	Revisión dos contidos léxicos de Segundo Idioma Estranxeiro III: Portugués; Léxico relacionado cos ámbitos económico, xurídico e técnico-científico; Léxico literario; Léxico do portugués no Brasil e na África Lusófona.
Contidos pragmáticos	Revisión dos contidos de Segundo Idioma Estranxeiro III: Portugués; Expresión espontánea; Organización, articulación e cohesión do discurso; Redacción de textos de extensión media a longa sobre temáticas diversas.
Contidos avanzados de cultura lusófona	Continuación e afondamento nos contidos de Segundo Idioma Estranxeiro III: Portugués sobre: Historia de Portugal; Historia de Brasil; Historia dos países africanos lusófonos; Historia da literatura lusófona; música e arte nas culturas lusófonas actuais; sistemas políticos dos países lusófonos; outros aspectos culturais da Lusofonía. Afondamento dos elementos de tradución e cultura.
Contidos de tradución	Tradución ptes/gl de idiomatismos, falsos amigos e frases curtas contextualizadas con apoio nos principais correctores ortográficos e outras ferramentas.

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Lección maxistral	10	24	34
Resolución de problemas	12	63	75
Traballo tutelado	12	9	21
Eventos científicos	6	0	6
Resolución de problemas e/ou exercicios	2	6	8
Exame de preguntas de desenvolvemento	3	0	3
Práctica de laboratorio	3	0	3

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Lección maxistral	Sesións teóricas: explicacións teóricas gramaticais; exercicios gramaticais e de civilización lusófona.
Resolución de problemas	Sesións prácticas: exercicios prácticos de produción escrita e oral e revisión de exercicios.
Traballo tutelado	Sesións prácticas: exercicios gramaticais e revisións que requiren unha especial preparación previa por parte do alumno. Traballo en grupo: interacción a través de exercicios prácticos de produción escrita e oral.
Eventos científicos	Asistencia a conferencias, seminarios, películas ou outras actividades relacionadas co contido da disciplina.

Atención personalizada

Metodoloxías	**Descrición**
Lección maxistral	O profesor explicará os contidos esenciais de cada un dos temas, aclarando os conceptos clave da materia e orientando ao alumnado nas lecturas obrigatorias relacionadas con cada tema. No caso do réxime semipresencial, o alumnado disporá na plataforma de ensino virtual dos materiais necesarios para avanzar en cada unidade temática.
Resolución de problemas	Sesións prácticas: exercicios gramaticais e revisións que requiren unha preparación previa por parte do alumnado. Traballos en grupo e exposicións na aula. No caso do réxime semipresencial, o alumnado disporá na plataforma de ensino virtual dos materiais necesarios en cada unidade temática.
Traballo tutelado	Sesións prácticas, exercicios prácticos de produción oral e escritura. Revisión de contidos gramaticais con exercicios realizados na aula. No caso do réxime semipresencial, o alumnado disporá na plataforma de ensino virtual os materiais necesarios para avanzar en cada unidade temática.

Avaliación

	Descrición	Cualificación	Competencias Avaliadas
Lección maxistral	Exposición de contidos e observación da atención e participación do alumnado.	15	
Resolución de problemas	Exercicios orais e escritos breves a realizar durante as clases.	15	
Traballo tutelado	Realización/presentación de varios traballos en grupos ou individuais sobre temas diversos (gramática, léxico, pragmática e cultura lusófona).	25	
Resolución de problemas e/ou exercicios	Unha proba escrita sobre contidos de civilización lusófona e sobre elementos de tradución e cultura (a realizar en marzo).	15	
Exame de preguntas de desenvolvemento	Proba escrita sobre os contidos teórico-prácticos vistos durante o curso. O exame realizarase na última sesión de clase.	20	
Práctica de laboratorio	Diferentes exercicios prácticos orais a realizar nas clases. Exercicios de tradución oral. Proba oral individual (última semana de clase).	10	

Outros comentarios sobre a Avaliación

O alumnado debe elixir, de forma obrigatoria, nas dúas primeiras semanas do cuadrimestre, entre dúas opcións: un sistema de avaliación **continua** (cf. descrición en "avaliación") ou un sistema de avaliación **única.**

É recomendable elixir o primeiro sistema, **avaliación continua,** xa que se trata do ensino dunha lingua estranxeira e é necesario asistir con regularidade ás clases. Quen non teña a posibilidade de asistir ás clases e ás actividades da materia coa frecuencia necesaria debe comunicalo ao profesor. A non realización das probas ou exercicios parciais, previstos polo sistema de avaliación continua, supón o suspenso cunha nota de 0 (cero) puntos na mesma.

Primeira edición das actas

A **avaliación única** consiste nun exame escrito, realizado en data indicada no calendario oficial da FFT, seguido doutro exame oral, que será realizado no mesmo día nunha aula continua. A avaliación única será valorada da seguinte maneira:

1. Exame escrito teórico-práctico: 75% da nota final.

2. Exame oral: 25% da nota final. A proba oral deberá ser gravada en forma de audio coa debida autorización do alumnado.

Para poder aprobar a materia, é necesario aprobar ambos os exames (escrito e oral). No caso de que se suspenda un dos exames, o alumno/a deberá repetir as dúas partes (escrita e oral) na convocatoria de xullo.

Segunda edición das actas

Os mesmos criterios de avaliación serán aplicados na segunda edición das actas (xullo). A data do exame coincidirá coa data destacada no calendario oficial da FFT.

Consideracións xerais

Copia ou plaxio nos exames de avaliación continua ou única serán penalizados cun suspenso (0 puntos).

Recoméndase a asistencia regular ás clases e ás titorías, así como a consulta regular de materiais e información específica na plataforma Faitic.

As datas e os horarios das probas nas súas diferentes convocatorias seguirán o calendario oficial de exames aprobado pola Facultade para o ano académico.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Ciberdúvidas da Língua Portuguesa,

Dicionário Priberam da Língua Portuguesa,

Boléo, Ana, **Por falar nisso ... Manual de expressâo oral em português**, Lidel, 2019

Cristóvão, Fernando (dir. e coord.), **Dicionário Temático da Lusofonia**, Texto Editores, 2005

Coelho, Luísa; Oliveira, Carla, **Português em foco 4 : livro do aluno : níveis C1-C2 : QECR níveis C1-C2 / coordenação João Malaca Casteleiro**, Lidel, 2019

Cunha, Celso e Lindley Cintra, **Nova Gramática do Português Contemporâneo**, 6, Lexikon Editorial, 2009

Dias, Ana Cristina, **Entre nós 3 : método de português para hispanofalantes : nivel B2/C1**, Lidel, 2019

Duarte, Gonçalo, **Histórias de bolso : 21 contos de autores lusófonos anotados para estrangeiros / escolha dos textos, anotações e exercícios**, Lidel, 2016

Mascarenhas, Lúcia; Sousa, Susana Carvalho, **Cultura e história de Portugal : ensino português no estrangeiro, vol. 2 B2/C1**, Porto Editora, 2013

Bibliografía Complementaria

Dicionários on-line de idiomas,

Corrector ortográfico e sintáctico,

Júnior, Joaquim Mattoso Câmara, **Estrutura da Língua Portuguesa**, Vozes, 1989

Machado, José Barbosa, **Introdução à História da Língua e Cultura Portuguesas**, Edições Vercial, 2009

Recomendacións

Outros comentarios

É responsabilidade do estudantado consultar os materiais dispoñibles na plataforma Moovi (novidades, documentos, cualificacións) e estar ao tanto dos avisos e das datas de realización das diferentes probas.

A lectura e a audición de textos en lingua portuguesa axudan a aumentar o léxico e a fluidez en lingua portuguesa.

A avaliación terá en conta non só a pertinencia e calidade do contido das respostas senón tamén a súa corrección lingüística.

Aviso importante para o alumnado de intercambio (Erasmus): o ensino de Lingua Portuguesa na UVigo diríxese a un alumnado que ten as linguas galega e/ou castelá como linguas maternas, de maneira que a progresión habitualmente é rápida. Non se recomenda ao alumnado de intercambio que non teña xa ou un nivel B2 nestas linguas e un B2 alto (como mínimo) en Lingua Portuguesa matricularse nesta materia.

Plan de Continxencias

Descrición

=== MEDIDAS EXCEPCIONAIS PLANIFICADAS ===
Ante a incerta e imprevisible evolución da alerta sanitaria provocada pola COVID- 19, a Universidade establece una planificación extraordinaria que se activará no momento en que as administracións e a propia institución o determinen atendendo a criterios de seguridade, saúde e responsabilidade, e garantindo a docencia nun escenario non presencial ou non totalmente presencial. Estas medidas xa planificadas garanten, no momento que sexa preceptivo, o desenvolvemento da docencia dun xeito mais áxil e eficaz ao ser coñecido de antemán (ou cunha ampla antelación) polo alumnado e o profesorado a través da ferramenta normalizada e institucionalizada das guías docentes DOCNET

DOCENCIA NON PRESENCIAL
*Metodoloxías docentes.
En caso de que as circunstancias obriguen a unha docencia non presencial, manteranse a maior parte das metodoloxías docentes, dado que o alumnado disporá na plataforma de ensino virtual Faitic das indicacións puntuais e dos materiais necesarios para acompañar os eventos docentes e divulgativos.
Procurarase restrinxir ao máximo a sesión maxistral e utilizarase a sala virtual do profesorado para as postas en común e resolución de dúbidas, a corrección de exercicios e a resolución de problemas.
En xeral, indicaranse semanalmente os contidos que se van tratar, así como os materiais que deberán consultar e os exercicios que deberán realizar e entregar.

* Titorías (Mecanismo non presencial de atención ao alumnado).
As titorías non presenciais realizaranse por medio da plataforma faitic, a través do correo electrónico e de ser o caso, a través da sala virtual do profesorado.

* Contidos a impartir
Os contidos son os mesmos que na modalidade presencial.

* Bibliografía adicional para facilitar a auto-aprendizaxe
A bibliografía indicada para a modalidade presencial inclúe manuais materiais para a auto-aprendizaxe.
Na propia plataforma Faitic da materia hai materiais bibliográficos útiles para unha aprendizaxe autónoma.

*Avaliación
Mantéñense todas as probas previstas para a modalidade presencial, dado que poden ser realizadas por vía telemática a través de Faitic ou da aula virtual.

* Información adicional

É responsabilidade do alumnado manter o contacto co profesorado así como a súa participación activa no desenvolvemento da docencia, participando nas actividades docentes e realizando as probas de avaliación.
As comunicacións do profesorado co alumnado terán un carácter xeral e irán dirixidas ao grupo, polo que é responsabilidade do alumnado estar pendente desas informacións.
En caso de ter algún problema de tipo técnico que dificulte o acceso á docencia virtual, o alumnado debe poñelo canto antes en coñecemento dos servizos técnicos da universidade (SAUM), onde poderá recibir asesoramento.

====DOCENCIA COMBINADA: PRESENCIAL/NON PRESENCIAL====

Na modalidade mixta, na que unha parte do estudantado permanecerá na clase, seguindo o resto do estudantado as clases dun modo preferentemente síncrono ou asíncrono dependendo da ferramenta que mellor se adapte a cada unha, as metodoloxías, a atención personalizada e a avaliación serán as mesmas que as da modalidade presencial, adaptando os grupos e quendas para cumprir coa normativa sanitaria.

DATOS IDENTIFICATIVOS				
Tradución idioma 2, I: Inglés-Español				
Materia	Tradución idioma 2, I: Inglés-Español			
Código	V01G230V01410			
Titulacion	Grao en Tradución e Interpretación			
Descriptores	Creditos ECTS	Carácter	Curso	Cuadrimestre
	6	OB	2	2c
Lingua impartición	Castelán			
Departamento	Tradución e lingüística			
Coordinador/a	Domínguez Araújo, Lara			
Profesorado	Domínguez Araújo, Lara			
Correo-e	laradoar@gmail.com			
Web	http://			
Descrición xeral	Esta materia ten como destinatario aquel alumnado que ten como primeira lingua estranxeira o francés. É a primeira dun conxunto de 3 materias con estas combinacións e nela iniciarase ao alumnado na tradución de textos xerais do inglés ao español, facendo fincapé nos aspectos lingüístico-contrastivos e culturais subxacentes ás dúas linguas obxecto de estudo. Os textos que se traballarán pertencen a distintos xéneros e rexistros, sen grandes problemas terminolóxicos e sen entrar en campos de especialización. Pódese tratar de textos reais ou de tarefas creadas ad hoc para estudar determinados puntos de interese.			

Competencias	
Código	
CE2	Coñecemento de culturas e civilizacións estranxeiras
CE3	Dominio da lingua propia, escrita e oral
CE4	Coñecer norma e usos das linguas de traballo
CE8	Destreza para a procura de información/documentación
CE17	Capacidade de tomar decisións
CT6	Capacidade de xestión da información
CT7	Toma de decisións
CT22	Capacidade de aplicar os coñecementos na práctica

Resultados de aprendizaxe	Competencias	
Competencias metodolóxicas: desenvolver as habilidades de crítica e autocrítica de tradución; identificar e explotar a potencialidade dos repertorios das culturas orixinal e termo.	CE3 CE8 CE17	CT7 CT22
Competencias contrastivas: dominar as diferenzas das convencións de escritura ortotipográfica e estilística das dúas linguas e culturas; dominar os elementos de interferencia léxica; capacidade para dominar os elementos de discrepancia morfosintáctica; dominar as diferenzas dos mecanismos de coherencia e cohesión e de construción textual das dúas linguas; coñecer as diverxencias e coincidencias das culturas.	CE2 CE4	
Competencias textuais: desenvolver a capacidade para traducir textos xerais (informativos breves, exhortativos como instrucións etc.).	CE8 CE17	CT7
Competencias profesionais: coñecer o mercado da tradución para a combinación lingüística inglés-español; desenvolver un autoconcepto de tradutor/a profesional e da súa autoestima; desenvolver a capacidade de tomar decisións; fomentar a habilidade para traballar coas ferramentas para a tradución; desenvolver a capacidade para localizar e corrixir os erros de tradución.	CE4 CE17	CT6 CT7

Contidos	
Tema	
1. Introdución á tradución de inglés a español.	1. Repaso do concepto de equivalencia e das fases do proceso de tradución. 2. Análise dos factores que inflúen no trasvase intercultural (o propósito da tradución, as implicacións culturais, as limitacións de formato e o paratexto) aplicados á tradución de inglés a español. 3. Identificación e análise contrastiva e tradutiva dos usos e convencións das linguas inglesa e española. 4. A linguaxe inclusiva e as decisións na tradución dunha lingua neutra a outra específica con respecto ao xénero.

2. Tradución de textos.	1. Encargas e realización individual e colectiva de traballos de tradución reais ou textos susceptibles de seren traducidos no ámbito profesional a partir de tipoloxías textuais de dificultade media ou baixa: folletos divulgativos, textos publicitarios, páxinas web etc. 2. Problemas e estratexias de tradución derivadas da natureza específica de cada texto. 3. A adaptación, a tradución á vista. 4. Crítica e xustificación das decisións que se toman ao longo do proceso de realización dunha tradución. 5. Desenvolvemento da pericia.
3. Recursos para a tradución inglés-español	1. Recursos terminolóxicos e fontes de documentación. 2. Aplicacións, programas de apoio, ferramentas informáticas e recursos humanos.
4. Introdución á tradución profesional.	1. Recreación do proceso de aceptación, xestión e realización dunha tradución no ámbito profesional (relación co cliente, prazos, formato, función, pasos previos ou posteriores, planificación, revisión, traballo en equipo...). 2. A revisión e corrección de textos. Os símbolos de corrección, o alcance da revisión, tipos de revisión, o formato da revisión, a corrección lingüística e a revisión tradutora.

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Actividades introdutorias	5	5	10
Debate	5	7.5	12.5
Resolución de problemas de forma autónoma	11	22	33
Eventos científicos	3	1.5	4.5
Estudo de casos	10	20	30
Resolución de problemas	15	33	48
Resolución de problemas e/ou exercicios	4	8	12

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Actividades introdutorias	Presentación da docente e do alumnado. Posta en común dos coñecementos previos e intereses particulares sobre a materia por parte do alumnado. Repaso das fontes de documentación útiles para a tradución entre inglés e español.
Debate	Repaso dos conceptos teóricos consignados nos contidos. Posta en común razoada e crítica sobre as dúbidas, inquedanzas e lagoas xurdidas no transcurso das distintas tarefas realizadas ou encargadas na clase.
Resolución de problemas de forma autónoma	Detección, investigación, resolución e xustificación dos numerosos casos e tipos de problemas de tradución que poden xurdir na tradución dos distintos exemplos e tipoloxías de textos propostos na clase.
Eventos científicos	Asistencia a charlas, mesas redondas e actividades culturais relacionadas coa materia.
Estudo de casos	Simulación de situacións reais de tradución e toma de decisións por parte de alumnado sobre os numerosos factores que inflúen na realización dun traballo de tradución de calidade (relación co cliente, prazos, formato, función, pasos previos ou posteriores, planificación, revisión, traballo en equipo...).
Resolución de problemas	Aplicación das destrezas e coñecementos desenvolvidos mediante as demais metodoloxías na realización de distintas tarefas propias da tradución de textos de inglés a español.

Atención personalizada

Metodoloxías	**Descrición**
Resolución de problemas	Tanto durante as clases como nas horas de titoría, animarase ao alumnado a participar e propor liñas de traballo, debate ou investigación que sexan do seu interese persoal ou profesional. Recoméndase especialmente que aquelas persoas que detecten lagoas nalgunha das competencias ou áreas de coñecemento necesarias para a superación da materia, se poñan en contacto coa docente, ben nas horas de clase, ben nas titorías, para que esta lles aconselle métodos ou lecturas para superalas de xeito autónomo antes da fin do cuadrimestre.

Avaliación

	Descrición	Cualificación	Competencias Avaliadas

Resolución de problemas de forma autónoma	Realización e defensa dunha tradución	25	CE2 CE3 CE4 CE8 CE17	CT6 CT7 CT22
Resolución de problemas	Aplicación das destrezas e coñecementos desenvolvidos mediante as demais metodoloxías na realización de distintas tarefas propias da tradución (encargas de tradución, revisión, etc.).	25		
Resolución de problemas e/ou exercicios	Realización dunha ou varias probas presenciais de tradución xustificada.	50	CE2 CE8 CE17	CT7

Outros comentarios sobre a Avaliación

Existen dous sistemas de avaliación: continua e única. Estes son incompatibles e hai que optar por un ou outro nas primeiras sesións. Para acollerse á avaliación continua é preciso participar en todas as actividades da materia e realizar as probas e encargas correspondentes. As metodoloxías descritas na sección "Avaliación" desta guía docente fan referencia á avaliación continua.

A **avaliación continua** engloba a avaliación formativa na clase (proba diagnóstica, debate sobre solucións, erros e estratexias de tradución, corrección de textos) e a avaliación sumativa --isto é, a puntuación para a obtención da cualificación final--das seguintes probas ou encomendas:

1) Realización e defensa individuais dunha tradución (25%).

2) Encomenda colectiva dunha tradución xustificada (25%).

3) Proba presencial de revisión e xustificación de traducións --que pode incluír a tradución dun texto--, así como de coñecementos de xestión (50%).

A **avaliación única** consistirá nun exame presencial (60%) e nunha encomenda de tradución xustificada (40%). O exame consistirá na realización de tarefas e avaliación de coñecementos relacionados coa tradución profesional de inglés a español. A/o alumna/o que desexe presentarse á avaliación única ou á segunda convocatoria deberá poñerse en contacto coa docente un mes antes da finalización das clases (no caso de avaliación única) ou da data oficial de exame (no caso da segunda convocatoria) para informarse sobre as características da encarga de tradución, que deberá entregar no día da proba de avaliación presencial (única ou segunda convocatoria).

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

LÓPEZ GUIX, J. G.; MINETT, J., **Manual de traducción inglés/español**, Barcelona: Gedisa,

NORD, Ch., **Text Analysis in Translation Theory. Methodology and Didactic Application of a Model for Translation Oriented Text Analysis. 2ª edición**, Amsterdam: Rodopi,

MARTÍNEZ DE SOUSA, J., **Ortografía y ortotipografía del español actual**, Gijón: Trea,

NORD, CH., **Translating as a Purposeful Activity: Funcionalist Approaches Explained (Translation Theories Explored)**, Manchester: St. Jerome,

Bibliografía Complementaria

HATIM, B.; MASON, I., **Discourse and the Translator**, London & New York: Longman,

GOUADEC, D., **Translation as a Profession**, Amsterdam: John Benjamins,

MOSSOP, B., **Revising and editing for translators**, Machester ; Northampton: St. Jerome,

MARCH, K., **"Compromiso e ética da tradución"**, Boletín Galego de Literatura, 14, 7-46.,

Mamkjaer, K. & K. Windle (Eds.), **The Oxford Handbook of Translation Studies**, Oxford: Oxford University Press., 2011

Recomendacións

Materias que continúan o temario

Tradución idioma 2, II: Inglés-Español/V01G230V01507
Tradución idioma 2, III: Inglés-Español/V01G230V01610

Materias que se recomenda cursar simultáneamente

Idioma 2, IV: Inglés/V01G230V01405

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Idioma 2, III: Inglés/V01G230V01305

Outros comentarios

Para poder cursar con aproveitamento esta materia é recomendable ter aprobado Idioma II,3 Inglés.
Para cursar as materias de Tradución Idioma 2 (1, 2 e 3) inglés-español, o alumnado deberá:
- dominar as normas cultas das dúas linguas de traballo e demostrar corrección na expresión oral e escrita;
- saber facer lectura comprensiva de textos na LO (sentidos literais e figurados, intencionalidades ocultas, manipulación ideolóxica, ironia, etc.);
- ter coñecementos de ofimática, comunicación electrónica e internet (procesador de textos, correo electrónico, navegadores, dicionarios e enciclopedias electrónicos, correctores ortográficos, etc.);
- saber facer un uso eficiente dos fondos das bibliotecas, para o que se recomenda a asistencia aos cursos de formación que se ofrecen tanto na Biblioteca Xeral como na biblioteca da propia Facultade.

Plan de Continxencias

Descrición

=== MEDIDAS EXCEPCIONAIS PLANIFICADAS ===
Ante a incerta e imprevisible evolución da alerta sanitaria provocada pola COVID- 19, a Universidade establece una planificación extraordinaria que se activará no momento en que as administracións e a propia institución o determinen atendendo a criterios de seguridade, saúde e responsabilidade, e garantindo a docencia nun escenario non presencial ou non totalmente presencial. Estas medidas xa planificadas garanten, no momento que sexa preceptivo, o desenvolvemento da docencia dun xeito mais áxil e eficaz ao ser coñecido de antemán (ou cunha ampla antelación) polo alumnado e o profesorado a través da ferramenta normalizada e institucionalizada das guías docentes DOCNET.

=== ADAPTACIÓN DAS METODOLOXÍAS ===
Manteranse as metodoloxías, contidos e titorías coa salvedade de que se realizarán coas ferramentas proporcionadas pola Universidade de Vigo (aulas e despachos virtuais, correo electrónico e Moovi).

=== ADAPTACIÓN DA AVALIACIÓN ===
No caso da avaliación continua, a avaliación poderanse adaptar ao soporte ou método máis conveniente en función das circunstancias (portafolio, diario de aprendizaxe, recollida de follas de autoavaliación, reflexión sobre a aprendizaxe, pautas metacognitivas etc.).

No caso da avaliación única, manteranse todas as probas de avaliación coa salvedade de que se realizarán coas ferramentas proporcionadas pola Universidade de Vigo (aulas e despachos virtuais, correo electrónico e Moovi).

Plan de continxencia sobre a modalidade mixta, na que unha parte do estudantado asistirá ás aulas de forma presencial e outra parte seguirá as clases dun modo síncrono (preferentemente) ou asíncrono: o profesorado manterá as metodoloxías, a atención personalizada e os sistemas de avaliación como se indica para a modalidade presencial, adaptando os grupos de estudantes e as quendas para cumprir coa normativa sanitaria que se estableza no seu momento.

DATOS IDENTIFICATIVOS				
Tradución idioma 2, I: Francés-Galego				
Materia	Tradución idioma 2, I: Francés-Galego			
Código	V01G230V01411			
Titulacion	Grao en Tradución e Interpretación			
Descriptores	Creditos ECTS	Carácter	Curso	Cuadrimestre
	6	OB	2	2c
Lingua impartición	Francés Galego			
Departamento	Tradución e lingüística			
Coordinador/a	Luna Alonso, Ana			
Profesorado	Luna Alonso, Ana			
Correo-e	aluna@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral	Esta materia aposta pola adquisición ou a consolidación das habilidades básicas da tradución profesional, neste caso aplicadas á combinación francés-galego. Como tal, serve de reforzo para as competencias aprendidas na materia de Tradución Idioma I cursada no primeiro semestre. Esta materia de vocación xeneralista servirá ademais para familiarizarse con aspectos do sector da tradución en países francófonos, e con varios temas recorrentes nas temáticas obxecto de tradución.			

Competencias	
Código	
CB1	Que os estudantes demostren posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral e adoita atoparse a un nivel que, malia se apoiar en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo.
CB2	Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
CB3	Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
CE1	Dominio de linguas estranxeiras
CE2	Coñecemento de culturas e civilizacións estranxeiras
CE3	Dominio da lingua propia, escrita e oral
CE4	Coñecer norma e usos das linguas de traballo
CE8	Destreza para a procura de información/documentación
CE13	Optimización de toma de notas, elaboración de resumos, síntese e reexpresión
CE17	Capacidade de tomar decisións
CT2	Coñecemento dunha segunda e unha terceira lingua estranxeira
CT4	Resolución de problemas
CT7	Toma de decisións
CT9	Razoamento crítico
CT15	Aprendizaxe autónoma
CT17	Comprensión doutras culturas e costumes
CT22	Capacidade de aplicar os coñecementos na práctica

Resultados de aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe	Competencias		
COMPETENCIA LINGÜÍSTICA: ter un bo dominio das dúas linguas de traballo (francés-galego) tanto a nivel sintáctico, gramatical, morfolóxico, lexicolóxico, terminolóxico e fraseolóxico. SUBCOMPETENCIAS: coñecer tanto as diferenzas como as similitudes dos dous sistemas linguïsticos.	CB1 CB2 CB3	CE2 CE4 CE13 CE17	CT2
COMPETENCIA TEXTUAL: comprender a estrutura e os principios organizadores dun texto. SUBCOMPETENCIAS: coñecer textos de tipo xeral e as súas características (argumentativos, expositivos...)	CB1 CB2 CB3	CE4	CT2 CT7
COMPETENCIA COMUNICATIVA E CULTURAL: Comprender textos redactados na lingua de partida. SUBCOMPETENCIA: Coñecer os mundos textuais das dúas culturas coas que se traballa, as distintas convencións sociais, etcétera	CB1 CB2 CB3	CE1 CE2 CE3 CE17	CT9 CT17

COMPETENCIA TRADUTORA: adquirir as diferentes competencias precisas para traducir un texto de tipo xeral. SUBCOMPETENCIAS: Identificar os axentes que interveñen no proceso de tradución (autor, mediador, tradutor, cliente, lector...) e a función comunicativa do texto. Aprender a analizar textos con vistas á súa tradución. Coñecer as distintas técnicas e estratexias de tradución. Identificar os problemas de tradución e aprender a resolvelos, e argumentar as escollas. Traducir textos non especializados. Aprender a traballar con textos paralelos. Aprender a manexar as ferramentas básicas de tradución (procesadores de texto, Internet: dicionarios en liña...). Comprender o papel do tradutor como mediador intercultural. Coñecer as normas de revisión e presentación de traducións. Coñecer o mercado laboral e a práctica profesional. Desenvolver habilidades de traballo en equipo e adquirir un compromiso deontolóxico.	CB1 CB2 CB3	CE3 CE4 CE8 CE17	CT4 CT7 CT15 CT22

Contidos	
Tema	
1. Introduction	A materia no contexto dos estudos de grao / Obxectivos do curso, metodoloxía, actividades e sistema de avaliación / Galicia como referencia xeopolítica e cultural no prisma francés.
2. Traductions dirigées	Valoración, diagnóstico individual das fortalezas e das debilidades tradutivas do alumnado.
3. Gérer l'erreur	A falsa noción de problema en tradución / Incoherencias, fallas de cohesión, erros de tipo léxico e de rexistro / Clasificación das dificultades segundo a súa prioridade de intervención / Os erros involuntarios dos falsos erros e estratexia de tradución correspondente /Técnicas para neutralizar as dificultades irresolubles, dentro dun prazo de entrega fixado.
4. Le métier	Anticipación mediante o contraste das propiedades semánticas e da estrutura léxica e sintáctica das dúas linguas / Sensibilización ás dificultades da tradución para un sistema con déficit de rexistros / Convencións ortotipográficas do francés / Iniciación á linguaxe das profesións da tradución en Francia.

Planificación			
	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Actividades introdutorias	2	2	4
Lección maxistral	10	20	30
Resolución de problemas	24	48	72
Obradoiro	12	32	44

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente	
	Descrición
Actividades introdutorias	A docente presentará a programación, explicando polo miúdo os contidos, os traballos que hai que realizar así como o sistema de avaliación.
Lección maxistral	As sesións maxistrais destinaranse a presentar o marco profesional da tradución dende o francés cara ó galego e a relembrar o proceso da tradución. Malia estaren no apartado de sesións maxistrais, as clases serán de índole participativo e sempre estarán apoiadas por un soporte práctico.
Resolución de problemas	Neste apartado realizaranse exercicios de tradución do nivel do alumnado de Idioma II e traballarase na resolución de dificultades propias dese nivel. Tamén se proporán exercicios aplicados á teoría achegada durante as sesións maxistrais.
Obradoiro	Os obradoiros son a principal ferramenta diagnóstica. Neles proporanse traducións dirixidas, co fin de tentar a competencia tradutora do alumnado. Ó mesmo tempo, as traducións dirixidas permitirán familiarizarse co método de traballo e de avaliación da profesora.

Atención personalizada	
Metodoloxías	**Descrición**
Resolución de problemas	O alumnado recibirá atención directa tanto na aula como fóra dela por medio de titorías personalizadas.
Obradoiro	O alumnado recibirá atención directa tanto na aula como fóra dela por medio de titorías personalizadas.

Avaliación			
	Descrición	Cualificación	Competencias Avaliadas

Resolución de problemas	Realizaranse e entregaranse encomendas de tradución características do tipo de dificultades que se abordan na aula (individuais ou grupais). Traballos de clase Exposición de lecturas Exame práctico final	100	CB1 CB2 CB3	CE1 CE2 CE3 CE4 CE8 CE17	CT2 CT4 CT7 CT15 CT22

Outros comentarios sobre a Avaliación

Av. contínuaEncargas (40 %) poden ser individuais ou grupais.
Traballo de clase (20%)Exposición de lecturas (10 %)
Exame final práctico (30 %)

Av. únicaExame final práctico (50 %)
Encarga (para entregar unha semana despois da data do exame) (30 %)
Exame sobre lecturas (20 %)

A copia ou plaxio total ou parcial en calquera tipo de traballo ou exame suporá un cero nesa proba. Alegar descoñecemento do que supón un plaxio non eximirá o alumnado da súa responsabilidade neste aspecto.

Corrección lingüística

Os erros de lingua que sobrepasen a proporción de tolerancia fixada polo docente durante o curso provocarán o suspenso de calquera traballo ou exame.

Teledocencia

É responsabilidade do alumnado consultar os materiais e as novidades a través da plataforma Moovi e de estar ó tanto das datas nas que as probas de avaliación teñen lugar.

IMPORTANTE:

A bibliografía recomendada, así como as lecturas obrigatorias estarán en Moovi a disposición do alumnado presencial e non presencial.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Bibliografía Complementaria

Xunta de Galicia, **O portal da Lingua**, 2021
ILGA, **Recursos e Dicionarios**, 2021
ANLUVigo, **Recursos e Ferramentas**, 2021
VV.AA., **Dictionnaire Larousse**, https://www.larousse.fr/dictionnaires/francais-monolingue, 2021
VV.AA., **Trésor de la Langue Française informatisé**, http://atilf.atilf.fr/, 2021
Galgo, **Tradutor e corrector**, http://tradutorgaio.xunta.gal/TradutorPublico/traducir/index, 2021

Recomendacións

Materias que continúan o temario

Tradución idioma 2, II: Francés-Galego/V01G230V01508
Tradución idioma 2, III: Francés-Galego/V01G230V01611

Materias que se recomenda cursar simultáneamente

Cultura e civilización para a tradución e a interpretación (conceptualizacións básicas): Francés/V01G230V01418
Ferramentas para a tradución e a interpretación II: Documentación/V01G230V01313

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Antropoloxía: Antropoloxía das prácticas de tradución e interpretación/V01G230V01209
Idioma moderno: Idioma 2, I: Francés/V01G230V01106
Lingua: Lingua A1, I: Expresión escrita e oral: Galego/V01G230V01101

Plan de Continxencias

Descrición

=== MEDIDAS EXCEPCIONAIS PLANIFICADAS ===
Ante a incerta e imprevisible evolución da alerta sanitaria provocada pola COVID- 19, a Universidade establece una planificación extraordinaria que se activará no momento en que as administracións e a propia institución o determinen atendendo a criterios de seguridade, saúde e responsabilidade, e garantindo a docencia nun escenario non presencial ou non totalmente presencial. Estas medidas xa planificadas garanten, no momento que sexa preceptivo, o desenvolvemento da docencia dun xeito mais áxil e eficaz ao ser coñecido de antemán (ou cunha ampla antelación) polo alumnado e o profesorado a través da ferramenta normalizada e institucionalizada das guías docentes DOCNET.

Na modalidade mixta, unha parte do estudantado permanecerá na aula ao tempo que a outra parte seguirá a clase dun modo preferentemente síncrono, ou dun modo asíncrono se a ferramenta utilizada así o aconsella. As metodoloxías, a atención personalizada e a avaliación serán as mesmas tanto na modalidade mixta como presencial, mentres que os grupos e as quendas se adaptarán para cumprir coa normativa sanitaria.

En caso de suspensión completa da actividade docente, isto é, que a formación da materia se imparta en modalidade non presencial, todo o alumnado seguirá a clase no horario previsto a través da plataforma docente Faitic. Impartiranse as clases na aula virtual e manteranse todas as probas de avaliación previstas na guía coas mesmas porcentaxes. Tanto as titorías como as aulas levaranse a cabo a través dos medios proporcionados pola Uvigo (aulas e despachos virtuais, Faitic e correo electrónico).

DATOS IDENTIFICATIVOS

Tradución idioma 2, I: Francés-Español

Materia	Tradución idioma 2, I: Francés-Español			
Código	V01G230V01412			
Titulacion	Grao en Tradución e Interpretación			
Descriptores	Creditos ECTS	Carácter	Curso	Cuadrimestre
	6	OB	2	2c
Lingua impartición	Castelán			
Departamento	Tradución e lingüística			
Coordinador/a	Cruces Colado, María Susana			
Profesorado	Cruces Colado, María Susana			
Correo-e	scruces@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral	Esta materia aborda a práctica da tradución con textos de diversos tipos (non especializados) desde a segunda lingua estranxeira (francés). Os seus obxectivos residen en adquirir as técnicas necesarias para traducir textos xerais de diferente índole. Por esta razón, na aula traballarase fundamentalmente con encargos de tradución reais procedentes de ámbitos diversos e representativos dos xéneros máis habituais, co fin de que o alumnado adquira unha metodoloxía de traballo que lle permita enfrontarse, no futuro, a diferentes tipos de encargos e proseguir a súa formación de maneira autónoma. Ao final da materia, o alumnado deberá ser capaz de demostrar a súa capacidade para traducir textos non especializados nunhas circunstancias semellantes ás propias dunha contorna profesional.			

Competencias

Código	
CE1	Dominio de linguas estranxeiras
CE2	Coñecemento de culturas e civilizacións estranxeiras
CE4	Coñecer norma e usos das linguas de traballo
CE17	Capacidade de tomar decisións
CE28	Posuír unha gran competencia sociolingüística
CT2	Coñecemento dunha segunda e unha terceira lingua estranxeira
CT3	Capacidade de organización e planificación de proxectos
CT4	Resolución de problemas
CT7	Toma de decisións
CT9	Razoamento crítico
CT15	Aprendizaxe autónoma
CT17	Comprensión doutras culturas e costumes
CT22	Capacidade de aplicar os coñecementos na práctica

Resultados de aprendizaxe

Resultados de aprendizaxe	Competencias	
Identificar as dificultades do texto a traducir, para planear razonadamente as estratexias de tradución, adaptadas á función do texto, do seu soporte e dos seus destinatarios	CE1 CE2 CE4 CE17	CT2 CT3 CT4 CT9 CT17 CT22
- Producir un texto traducido en Lengua I (español) seleccionando el material lingüístico que cumpla con los estándares de norma y uso de textos originales similares, contrastándolo para ello con textos paralelos. Aplicar criterios razonados de revisión.	CE1 CE4 CE17	CT2 CT7 CT15 CT17 CT22
Interiorizar o papel do tradutor en tanto que mediador cultural e traballador que atende ás pautas profesionais e deontolóxicas do seu labor.	CE2 CE4 CE17 CE28	CT2 CT7 CT15 CT17

Contidos

Tema

Os contidos da materia céntranse na tradución de textos non especializados de diversos xéneros textuais. Divídense en varios bloques en función da variedade temática (textos xornalísticos, publicitarios, literarios, etc.) e da diversidade tipolóxica (textos expositivos, argumentativos, instructivos, etc.). Desde unha perspectiva eminentemente práctica, preténdese: que o alumnado se aproxime á realidade profesional do exercicio da tradución, profundar no proceso de comprensión do TO, dominar as competencias comunicativas en LT, analizar os aspectos contrastivos que desempeñan un papel capital na tradución do francés ao español e promover a competencia textual.	- A análise textual. - O proceso de tradución. - Dificultades de tradución francés-español (morfosintácticas, léxico-semánticas, estilísticas, etc.).

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Actividades introdutorias	2	0	2
Lección maxistral	6	15	21
Traballo tutelado	34	65	99
Resolución de problemas de forma autónoma	2	7	9
Práctica de laboratorio	4	15	19

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Actividades introdutorias	Actividades encamiñadas a tomar contacto e reunir información sobre o alumnado, así como a presentar a materia.
Lección maxistral	Exposición por parte da profesora dos contidos sobre a materia obxecto de estudo, as bases teóricas ou as directrices dun traballo, exercicio ou proxecto que o alumnado debe desenvolver.
Traballo tutelado	O alumnado elabora traducións na aula baixo as directrices e supervisión do profesor.
Resolución de problemas de forma autónoma	O alumnado realizará individualmente encargos de tradución que reproducen situacións reais da actividade profesional. Para iso, aplicará os coñecementos e destrezas adquiridos durante os traballos de aula e o traballo autónomo.

Atención personalizada

Metodoloxías	**Descrición**
Resolución de problemas de forma autónoma	Prestarase unha atención personalizada ao alumnado tanto na clase como fóra da aula de forma presencial e, por motivos xustificados, de forma telemática.

Avaliación

	Descrición	Cualificación	Competencias Avaliadas	
Traballo tutelado	Estes traballos consistirán en traducións realizadas na aula, revisións de traducións, controis de lecturas de textos académicos, ou outros que propoña a docente. A efectos de avaliación terase en conta a participación activa. Será obrigatoria a entrega de polo menos tres traballos para a súa corrección e avaliación.	10	CE1 CE2 CE4 CE17	CT2 CT7 CT17 CT22
Resolución de problemas de forma autónoma	O alumnado realizará individualmente 2 encargos de tradución que reproducen situacións reais da actividade profesional. Para iso aplicarán os coñecementos e destrezas adquiridos durante os traballos de aula. O primeiro encargo realizarase a semana do 5 ao 11 de marzo. O segundo encargo acordarase en clase co alumnado.	40	CE1 CE2 CE4 CE17	CT2 CT7 CT15 CT17 CT22

Práctica de laboratorio	Realizaranse dúas probas de tradución con tempo limitado (2 horas cada proba). A primeira terá lugar a terceira semana de marzo, e a segunda, denominada proba final, o día sinalado no calendario de exames da convocatoria de maio da FFT. a) So poderase usar documentación en papel que debe levar o alumnado. Permitirase unicamente o uso de libros e dicionarios, pero non de apuntamentos propios ou similares. Non se poderá empregar o computador nin calquera outro dispositivo electrónico. b) A nota deste apartado será a media entre ambas as probas. A nota deste apartado será a media entre ambas as probas. Se a segunda proba obtén unha cualificación superior en polo menos un (1) punto que a primeira, entón só contará a segunda nota para calcular a porcentaxe.	50	CE1 CE2 CE4 CE17	CT2 CT4 CT7 CT9

Outros comentarios sobre a Avaliación

É responsabilidade do alumnado consultar os materiais e as novidades a través da plataforma Moovi e de estar ao tanto das datas de entrega de traballos, probas, etc.

O plaxio ou copia parcial ou total dun encargo ou proba suporá a perda do dereito a avaliación continua. Considérase plaxio o uso de programas de tradución automática mesmo cando o texto resultante presente algunhas correccións. Alegar descoñecemento do que supón un plaxio non eximirá ao alumnado da súa responsabilidade.

AVALIACIÓN CONTINUA

1- O alumnado deberá informar o profesorado nas dúas primeiras semanas de clase a súa decisión de acollerse á avaliación continua ou non. Para esta recoméndase a asistencia continuada a clase.

2- Aquelas persoas que por motivos de traballo ou familiares non poidan asistir ás clases, deben comunicalo persoalmente á profesora para que esta tome as medidas compensatorias para facilitar a conciliación laboral e familiar.

3- O feito de non entregar algún dos dous encargos ou non realizar algunha das dúas probas implicará a perda do dereito á avaliación continua e a anulación de todas cualificacións obtidas anteriormente.Terá entón que presentarse á convocatoria única

4- O alumnado que se acolla á avaliación continua e obteña unha cualificación de suspenso deberá presentarse á convocatoria extraordinaria de xullo na data de exame publicada polo decanato.

a) Se ten unha nota media superior a 5 nos dous apartados: Encargos de tradución (40 %) e Traballos de aula (10 %), só deberá realizar unha proba en tempo limitado similar á proba final de decembro.

b) Se non se ten unha nota media superior a 5nos dous apartados: Encargos de tradución (40 %) e Traballos de aula (10 %) terá que realizar obrigatoriamente as probas que se especifican a continuación:.

1. Tradución con tempo limitado (2 horas): 60% da nota. Só se poderá usar documentación en papel que debe levar o alumnado e non se poderá empregar o computador. Permitirase unicamente o uso de libros e dicionarios, pero non de apuntamentos propios ou similares.

2. Encargo de tradución que recibirá o alumnado o día do exame oficial e que deberá entregar segundo as condicións especificadas no devandito encargo nun máximo de 7 días naturais: 40% da nota

No caso b)a nota mínima da tradución con tempo limitado para facer a media entre partes será dun 5 sobre 10. De non alcanzar esta nota, non se contará o encargo de tradución e a nota final será a do exame con tempo limitado.

CONVOCATORIA ÚNICA (MAIO E XULLO)

O alumnado que non se acolla á avaliación continua ou que teña a materia pendente de cursos anteriores presentarase na data oficial do exame (xaneiro ou xullo segundo corresponda) de xaneiro publicada polo decanato a unha proba que consistirá en:

1. Tradución con tempo limitado (2 horas): 60 % da nota. Soamente poderase usar documentación en papel que debe levar o alumnado e non se poderá empregar o computador. Permitirase unicamente o uso de libros e dicionarios, pero non de apuntamentos propios ou similares.

2. Encargo de tradución que recibirá o alumnado o día do exame oficial e que deberá entregar segundo as condicións especificadas no devandito encargo nun máximo de 7 días naturais: 40 % da nota.

A nota mínima da tradución con tempo limitado para facer a media entre ambas as partes será dun 5 sobre 10. De non alcanzar esta nota, non se contará o encargo de tradución e a nota final será a do exame.

ALUMNADO ERASMUS

Esta materia non está dirixida á aprendizaxe do español nin do francés. Considérase que o alumnado xa posúe un bo nivel do mesmo.

Para poder cursar a materia recoméndase un nivel **B2 de español.**

Non se recomenda seguir esta materia a aquel alumnado que:

1. Non teña como primeira ou segunda lingua de traballo o español.

2- Non curse estudos de linguas ou tradución.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Hurtado Albir, Amparo, **Aprender a traducir del francés al español: competencias y tareas para la iniciación a la traducción**, Edelsa, 2015

Bibliografía Complementaria

Recomendacións

Materias que continúan o temario

Tradución idioma 2, II: Francés-Español/V01G230V01509

Materias que se recomenda cursar simultáneamente

Idioma 2, IV: Francés/V01G230V01406

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Idioma moderno: Idioma 2, I: Francés/V01G230V01106
Idioma moderno: Idioma 2, II: Francés/V01G230V01206
Idioma 2, III: Francés/V01G230V01306

Outros comentarios

Trátase dunha materia orientada eminentemente cara á práctica da tradución non especializada. Así pois, pretende que o alumnado adquira as competencias tradutoras básicas que se aplicarán e ampliarán a través das outras materias do Grao.

Plan de Continxencias

Descrición

«Plan de continxencia sobre a modalidade mixta, na que unha parte do estudantado asistirá ás aulas de forma presencial e outra parte seguirá as clases dun modo síncrono (preferentemente) ou asíncrono: o profesorado manterá as metodoloxías, a atención personalizada e os sistemas de avaliación como se indica para a modalidade presencial, adaptando os grupos de estudantes e as quendas para cumprir coa normativa sanitaria que se estableza no seu momento».

DATOS IDENTIFICATIVOS				
Tradución idioma 2, I: Alemán-Galego				
Materia	Tradución idioma 2, I: Alemán-Galego			
Código	V01G230V01413			
Titulacion	Grao en Tradución e Interpretación			
Descriptores	Creditos ECTS	Carácter	Curso	Cuadrimestre
	6	OB	2	2c
Lingua impartición	Alemán Galego			
Departamento	Tradución e lingüística			
Coordinador/a	Montero Küpper, Silvia			
Profesorado	Montero Küpper, Silvia			
Correo-e	smontero@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral	Iniciarase a/o alumna/o na tradución de textos xerais na combinación lingüística alemán-galego facendo fincapé en aspectos estilísticos-contrastivos das dúas linguas e diferentes culturas.			

Competencias	
Código	
CB1	Que os estudantes demostren posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral e adoita atoparse a un nivel que, malia se apoiar en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo.
CB2	Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
CB3	Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
CB4	Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solución a un público tanto especializado coma non especializado.
CB5	Que os estudantes desenvolvan aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.
CE2	Coñecemento de culturas e civilizacións estranxeiras
CE3	Dominio da lingua propia, escrita e oral
CE4	Coñecer norma e usos das linguas de traballo
CE14	Dominio de ferramentas informáticas
CE17	Capacidade de tomar decisións
CE22	Destrezas de tradución
CT3	Capacidade de organización e planificación de proxectos
CT4	Resolución de problemas
CT7	Toma de decisións
CT8	Compromiso ético e deontolóxico
CT9	Razoamento crítico
CT12	Traballo en equipo
CT14	Motivación pola calidade
CT17	Comprensión doutras culturas e costumes

Resultados de aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe	Competencias		
Competencias contrastivas: dominar as diferenzas das convencións de escritura ortotipográfica e estilística das dúas linguas e das súas culturas; dominar os elementos de interferencia léxica e discrepancia morfosintáctica; dominar as diferenzas dos mecanismos de coherencia e cohesión na construción textual nas dúas linguas; coñecer as diverxencias e coincidencias das culturas.	CB3	CE2 CE3 CE4 CE17	CT7 CT17
Competencias metodolóxicas: desenvolver as habilidades de crítica e autocrítica de traducións; identificar e explotar a potencialidade dos repertorios das culturas orixinal e termo.	CB1 CB2 CB3 CB5	CE17 CE22	CT7
Competencias textuais: desenvolver a capacidade para traducir textos expositivos e textos exhortativos.	CB2 CB5	CE17 CE22	CT4 CT7 CT17

Competencias profesionais: coñecer o mercado da tradución para a combinación lingüística alemán-galego; desenvolver un autoconcepto de tradutor/a profesional e da súa autoestima; desenvolver a capacidade de tomar decisións; fomentar a habilidade para traballar coas ferramentas para a tradución, usar e xestionar recursos documentais lexicográficos para a tradución de textos xerais; desenvolver a capacidade para localizar e superar as fallas tradutivas individuais.	CB2 CB4	CE2 CE4 CE14 CE17	CT3 CT4 CT7 CT8 CT9 CT12 CT14

Contidos	
Tema	
1. Contidos transversais ou xeneralidades	1.1. Fontes de documentación en formato papel, en liña e textos paralelos. O uso de dicionarios e glosarios: subcompetencia instrumental: emprego e xestión de recursos documentais lexicográficos para tradución de textos xerais. 1.2 Funcións textuais 1.3 Tipoloxías 1.4. Cohesión e estrutura textual
2. Contidos metodolóxicos	2.1 Estratexias tradutivas 2.2 Estratexias de autoavaliación 2.3 Metalinguaxe
3. Contidos contrastivos (estilísticos e culturais). Problemas específicos de tradución alemán-galego	3.1 Léxico (p.e. expresións formulaicas, citas, proverbios, modismos, metáforas, falsos amigos...) 3.2 Morfosintaxe (p.e. o verbo 'werden', uso do artigo, adverbio 'dabei' vs. 'bei'...) 3.3 Convencións tipográficas (uso de siglas e abreviaturas, puntuación, maiúsculas/minúsculas...) 3.4 Referentes culturais I 3.5 Cultura e civilización dos países xermanófonos
4. Tradución de textos contemporáneos	4.1 Textos expositivos divulgativos 4.2 Textos exhortativos

Planificación			
	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Traballo tutelado	7	19	26
Prácticas con apoio das TIC	12	24	36
Actividades introdutorias	2	0	2
Presentación	5	10	15
Resolución de problemas	11	31	42
Eventos científicos	2	0	2
Lección maxistral	5	10	15
Exame de preguntas de desenvolvemento	2	4	6
Práctica de laboratorio	2	4	6

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente	
	Descrición
Traballo tutelado	Inclúese aquí o traballo que o alumnado debe realizar obrigatoriamente para a avaliación continua. O traballo será de índole lexicográfico e versará sobre un campo léxico en alemán e galego. O alumnado contará coa tutela da docente. Durante as horas presenciais dedicadas a este apartado, a docente explicará o procedemento e as normas de elaboración e presentación do traballo cuxo resumo se subirá á plataforma moovi. Incluirase un resumo destas normas na plataforma. O traballo deberá ser exposto na aula antes do 30 de abril.
Prácticas con apoio das TIC	Farase sobre todo traballo documental previo á tradución e traballo de aprendizaxe dalgunhas ferramentas básicas para a tradución.
Actividades introdutorias	Actividades encamiñadas a tomar contacto e reunir información sobre o alumnado, así como a presentar a materia. Explicarase, en especial, o sistema de avaliación, a bibliografía recomendada e a de lectura obrigatoria. Ó finalizar, e xa como traballo autónomo, o alumnado deberá localizar na biblioteca da facultade a bibliografía dada.
Presentación	Cada estudante realizará unha exposición oral de aprox. 15 minutos sobre un tema acordado coa profesora (cf. traballo tutelado). Haberá quenda de preguntas e debate.

Resolución de problemas	Realizaranse exercicios de tradución, que tentarán reproducir situacións reais e exercicios de resolución de problemas (dificultades de tradución). Logo dunha fase introdutoria ou preparatoria dos textos e temas o alumnado realizará varias tarefas pola súa conta. Finalmente, nas horas presenciais, farase a posta en común e corrección dos resultados. Esta parte terase en conta na avaliación continua.
Eventos científicos	Prevése a asistencia a eventos divulgativos como conferencias ou presentacións de programas de estudo, segundo a programación das actividades da facultade
Lección maxistral	As sesións maxistrais dedicaranse a explicar os contidos máis teóricos da materia, como a descrición do mercado da tradución do alemán ou a tipoloxía de erros, así como contidos teóricos fundamentais para desenvolver as tarefas prácticas, como aspectos contrastivos morfosintácticos e estilísticos entre as dúas linguas, referentes culturais etcétera. Malia estaren no apartado de sesións maxistrais, as clases serán de índole participativa e sempre estarán apoiadas por un soporte práctico.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Traballo tutelado	A profesora guiará o alumnado na elaboración deste traballo e, de así o requerir o alumnado, doutras tarefas en titorías individuais e grupais.

Avaliación

	Descrición	Cualificación	Competencias Avaliadas		
Traballo tutelado	Avaliarase a preparación, o contido e o resumo. O traballo deberá ser exposto na aula antes do 30 de abril. O alumnado entregará unha sinopse do traballo (data límite: 20 de maio). É obrigatorio acordar o tema do traballo coa profesora antes do 25 de febreiro.	10	CB1 CB2 CB3 CB4	CE2 CE3 CE4 CE14 CE17 CE22	CT4 CT7 CT8 CT9 CT12 CT14 CT17
Prácticas con apoio das TIC	Avaliaranse conxuntamente co apartado "Resolución dos problemas".	0	CB1 CB3		CT3 CT4 CT7 CT8
Presentación	cf. "Traballos tutelados" Avaliarase a preparación, presentación e o contido. A presentación realizarase antes do 15 de abril.	10	CB2 CB3 CB4	CE2 CE3	CT3 CT9 CT14
Resolución de problemas	Avaliarase a resolución dos problemas e exercicios realizados dentro e fóra da aula. Cómpre realizar entregas de polo menos 3 exercicios e 4 traducións. As entregas (via moovi) faranse antes da respectiva corrección en clase .	10	CB1 CB2 CB3 CB4 CB5	CE3 CE4 CE14	CT3 CT4 CT7 CT8
Exame de preguntas de desenvolvemento	Consistirá na tradución dun texto de aprox. 200-250 palabras que abordará algún dos temas estudados ao longo do semestre. Poderá incluír un comentario. De ser presencial o exame constará de 2 partes: nunha priimeira parte a tradución se efectuará con todo tipo de obras de consulta, sen ordenador e acceso a internet; nunha segunda parte tamén se poderá contar con ordenador e as fontes de información dispoñibles en internet. No caso de exames a distancia realizarase o exame con todo tipo de obras de consulta, incluídas as dixitais.	60	CB1 CB2 CB3	CE2 CE3 CE4 CE14 CE17 CE22	CT3 CT4 CT7
Práctica de laboratorio	Consistirá nunha proba de tradución dun texto de aprox. 200 palabras que abordará algún dos temas estudados ao longo das sesions 1ª-12ª. De ser presencial esta proba constará de 2 partes: nunha priimeira parte a tradución se efectuará con todo tipo de obras de consulta, sen ordenador e acceso a internet; nunha segunda parte tamén se poderá contar con ordenador e as fontes de información dispoñibles en internet. No caso de realizala a distancia poderase contar con todo tipo de obras de consulta, incluídas as dixitais.	10	CB1 CB2 CB3	CE2 CE3 CE4 CE14 CE17 CE22	CT4 CT8 CT9

Outros comentarios sobre a Avaliación

Lectura obrigatoria (avaliación continua e única):

Quesada Tocino, Begoña, Alemania, el país imprescindible, I. Nobel, 2016

É responsabilidade do estudantado consultar os materiais dispoñibles na plataforma moovi (novidades, documentos, avisos

etc.) e estar ó tanto dos avisos e das datas de realización das diferentes probas.

Avaliación continua:

Para unha axeitada avaliación recoméndase unha asistencia asídua e participativa ás aulas. É obrigatorio cumprir coas esixencias do traballo tutelado. Se algunha persoa non pode cumprir estas condicións, deberá comunicarllo á docente argumentadamente e reconsiderarase a posibilidade de avaliación continua. A opción pola avaliación continua implica a renuncia á avaliación única. A/o alumna/o deberá notificarllo á docente por escrito nas dúas primeiras semanas de clase. Se por causa de forza maior (traballo, enfermidade...) a/o alumna/o non puidese seguir o sistema de avaliación continua a pesar de escoller esta opción, poderá acollerse á avaliación única. A/o alumna/o que non supere a materia e teña que acudir á convocatoria de xullo deberá superar un exame con todos os contidos da materia.

Data da proba "práctica de laboratorio": sesión 13 da materia.

Data de entrega dos traballos tutelados: 20 de maio.

Data do exame: A data e hora do exame da avaliación continua coincidirá coa data e hora do exame de avaliación única establecida no calendario de exames que se aprobará en Xunta de Facultade

Ó longo de toda a avaliación penalizarase a copia e o plaxio.

Avaliación única:

O alumnado que non se acolla á modalidade de avaliación continua poderá presentarse ó exame oficial da materia que terá lugar na data establecida no calendario de exames que se aprobará en Xunta de FFT.

O exame constará dun exercicio de tradución de entre 200 e 250 palabras (80% da nota do exame), así como varias preguntas sobre os contidos transversais ou cuestions de estilística contrastiva (20% da nota do exame). A tradución do exame constará de 2 partes: nunha primeira parte a tradución se efectuará con todo tipo de obras de consulta, sen ordenador e acceso a internet; nunha segunda parte tamén se poderá contar con ordenador e as fontes de información dispoñibles en internet.

Penalizarase a copia e o plaxio.

Convocatoria de xullo:

A/o alumna/o que non supere a materia e teña que acudir á convocatoria de xullo deberá superar un exame con todos os contidos da materia.

O exame constará dun exercicio de tradución de entre 200 e 250 palabras (80% da nota do exame), así como varias preguntas sobre os contidos transversais ou cuestions de estilística contrastiva (20% da nota do exame). A tradución do exame constará de 2 partes: nunha primeira parte a tradución se efectuará con todo tipo de obras de consulta, sen ordenador e acceso a internet; nunha segunda parte tamén se poderá contar con ordenador e as fontes de información dispoñibles en internet.

Penalizarase a copia e o plaxio

Bibliografía. Fontes de información
Bibliografía Básica
Nord, Christiane, **Professionelles Übersetzen Spanisch-Deutsch. Ein Einführungskurs in 15 Lektionen.**, Wilhelmsfeld: Egert, 2001
A. Se entregará unha bibliografía complementaria ó inicio do curso.,
Alemania; Tatsachen über Deutschland. https://www.tatsachen-ueber-deutschland.de/de,
Austria; Bundeskanzleramt Austria. http://www.austria.gv.at/,
Suíza: Das Portal der Schweizer Regierung. https://www.admin.ch/gov/de/start.html,
RAG. Real Academia Galega., **Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego. 2005. Vigo: Real Academia Galega & Instituto da Lingua Galega.**,
Bibliografía Complementaria
Delisle, J.; Lee-Jahnke, H.; Cormier, M., **Terminoloxía e tradución. [Versión galega de A. Fernández Ocampo e A. Álvarez Lugrís]**, Vigo: Servizo de Publicacións da Universidade de Vigo,
Hurtado Albir, A., **Traducción y traductología. Introducción a la traductología**, Madrid: Cátedra,
Quesada Tocino, Begoña, **Alemania, el país imprescindible**, I. Nobel, 2016

Recomendacións

Materias que continúan o temario

Tradución idioma 2, II: Alemán-Galego/V01G230V01510

Materias que se recomenda cursar simultáneamente

Idioma 2, IV: Alemán/V01G230V01407

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Idioma 2, III: Alemán/V01G230V01307

Outros comentarios

Para poder cursar con aproveitamento esta materia é recomendábel ter o nivel A2 ó inicio do semestre e acadar o nivel B1 ó finalizar o 4º semestre (lingua alemá).

ALUMNADO cuxa 1ª lingua non sexa o galego (alumnado Erasmus, Seneca etc.): Requírese polo menos un nivel B2 na lingua galega e C1 da lingua alemá ou C2 en galego e A2 en alemán.

É responsabilidade do alumnado consulta-los materiais e as novidades a través da plataforma de teledocencia, así como estar informado das datas nas que teñen lugar as probas de avaliación.

Plan de Continxencias

Descrición

=== MEDIDAS EXCEPCIONAIS PLANIFICADAS ===
Ante a incerta e imprevisible evolución da alerta sanitaria provocada pola COVID- 19, a Universidade establece una planificación extraordinaria que se activará no momento en que as administracións e a propia institución o determinen atendendo a criterios de seguridade, saúde e responsabilidade, e garantindo a docencia nun escenario non presencial ou non totalmente presencial. Estas medidas xa planificadas garanten, no momento que sexa preceptivo, o desenvolvemento da docencia dun xeito mais áxil e eficaz ao ser coñecido de antemán (ou cunha ampla antelación) polo alumnado e o profesorado a través da ferramenta normalizada e institucionalizada das guías docentes DOCNET.

=== ADAPTACIÓN DAS METODOLOXÍAS ===
Mantéñense metodoloxías, contidos, avaliación e titorías coa salvedade de que unha alerta sanitaria obrigue a activar un ensino exclusivamente virtual. Neste caso, metodoloxías, contidos, avaliación e titorías realizaranse coas ferramentas virtuais proporcionadas pola Universidade de Vigo (aulas e despachos virtuais, correo electrónico e plataforma Faitic).

Na modalidade mixta, unha parte do estudantado permanecerá na aula ao tempo que a outra parte seguirá a clase dun modo síncrono. As metodoloxías, a atención personalizada e a avaliación serán as mesmas tanto na modalidade mixta como presencial, mentres que os grupos e as quendas se adaptarán para cumprir coa normativa sanitaria.

DATOS IDENTIFICATIVOS				
Tradución idioma 2, I: Alemán-Español				
Materia	Tradución idioma 2, I: Alemán-Español			
Código	V01G230V01414			
Titulacion	Grao en Tradución e Interpretación			
Descriptores	Creditos ECTS	Carácter	Curso	Cuadrimestre
	6	OB	2	2c
Lingua impartición	Alemán Castelán			
Departamento	Tradución e lingüística			
Coordinador/a	Montero Küpper, Silvia			
Profesorado	Montero Küpper, Silvia			
Correo-e	smontero@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral	Iniciarase a/o alumna/o na tradución de textos xerais na combinación lingüística alemán-galego facendo fincapé en aspectos estilísticos-contrastivos das dúas linguas e diferentes culturas.			

Competencias	
Código	
CB1	Que os estudantes demostren posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral e adoita atoparse a un nivel que, malia se apoiar en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo.
CB2	Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
CB3	Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
CB4	Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solución a un público tanto especializado coma non especializado.
CB5	Que os estudantes desenvolvan aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.
CE2	Coñecemento de culturas e civilizacións estranxeiras
CE3	Dominio da lingua propia, escrita e oral
CE4	Coñecer norma e usos das linguas de traballo
CE14	Dominio de ferramentas informáticas
CE17	Capacidade de tomar decisións
CE22	Destrezas de tradución
CT3	Capacidade de organización e planificación de proxectos
CT4	Resolución de problemas
CT7	Toma de decisións
CT8	Compromiso ético e deontolóxico
CT9	Razoamento crítico
CT12	Traballo en equipo
CT14	Motivación pola calidade
CT17	Comprensión doutras culturas e costumes

Resultados de aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe	Competencias		
Competencias contrastivas: dominar as diferenzas das convencións de escritura ortotipográfica e estilística das dúas linguas e das súas culturas; dominar os elementos de interferencia léxica e discrepancia morfosintáctica; dominar as diferenzas dos mecanismos de coherencia e cohesión na construción textual nas dúas linguas; coñecer as diverxencias e coincidencias das culturas.	CB3	CE2 CE3 CE4 CE17	CT7 CT17
Competencias metodolóxicas: desenvolver as habilidades de crítica e autocrítica de traducións; identificar e explotar a potencialidade dos repertorios das culturas orixinal e termo.	CB1 CB2 CB3 CB5	CE17 CE22	CT7
Competencias textuais: desenvolver a capacidade para traducir textos expositivos e textos exhortativos.	CB2 CB5	CE17 CE22	CT4 CT7 CT17

Competencias profesionais: coñecer o mercado da tradución para a combinación lingüística alemán-galego; desenvolver un autoconcepto de tradutor/a profesional e da súa autoestima; desenvolver a capacidade de tomar decisións; fomentar a habilidade para traballar coas ferramentas para a tradución, usar e xestionar recursos documentais lexicográficos para a tradución de textos xerais; desenvolver a capacidade para localizar e superar as fallas tradutivas individuais.	CB2 CB4	CE2 CE4 CE14 CE17	CT3 CT4 CT7 CT8 CT9 CT12 CT14

Contidos	
Tema	
1. Contidos transversais ou xeneralidades	1.1. Fontes de documentación en formato papel, en rede e textos paralelos. O uso de dicionarios e glosarios: subcompetencia instrumental: emprego e xestión de recursos documentais lexicográficos para tradución de textos xerais. 1.2 Funcións textuais 1.3 Tipoloxías 1.4. Cohesión e estrutura textual
2. Contidos metodolóxicos	2.1 Estratexias tradutivas 2.2 Estratexias de autoavaliación 2.3 Metalinguaxe
3.Contidos contrastivos (estilísticos e culturais). Problemas específicos de tradución alemán-español	3.1 Léxico (p.e. expresións formulaicas, citas, proverbios, modismos, metáforas, falsos amigos...) 3.2 Morfosintaxe (p.e. o verbo 'werden', uso do artigo, adverbio 'dabei' vs. 'bei'...) 3.3 Convencións tipográficas (uso de siglas e abreviaturas, puntuación, maiúsculas/minúsculas...) 3.4 Referentes culturais I 3.5 Cultura e civilización dos países xermanófonos
4. Tradución de textos contemporáneos	4.1 Textos expositivos divulgativos 4.2 Textos exhortativos

Planificación			
	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Traballo tutelado	7	19	26
Prácticas con apoio das TIC	12	24	36
Actividades introdutorias	2	0	2
Presentación	5	10	15
Resolución de problemas	11	31	42
Eventos científicos	2	0	2
Lección maxistral	5	10	15
Exame de preguntas de desenvolvemento	2	4	6
Práctica de laboratorio	2	4	6
*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.			

Metodoloxía docente	
	Descrición
Traballo tutelado	Inclúese aquí o traballo que o alumnado debe realizar obrigatoriamente para a avaliación continua. O traballo versará fundamentalmente sobre algún aspecto das culturas D-A-CH ou da lingua orixe que poida presentar dificultades de tradución. O alumnado contará coa tutela da docente. Durante as horas presenciais dedicadas a este apartado, a docente explicará o procedemento e as normas de elaboración e presentación do traballo cuxo resumo se subirá á plataforma moovi. Incluirase un resumo destas normas na plataforma. O traballo deberá ser exposto na aula antes do 30 de abril.
Prácticas con apoio das TIC	Farase sobre todo traballo documental previo á tradución e traballo de aprendizaxe dalgunhas ferramentas básicas para a tradución. Avaliaranse conxuntamente co apartado "Resolución de problemas".
Actividades introdutorias	Actividades encamiñadas a tomar contacto e reunir información sobre o alumnado, así como a presentar a materia. Explicarase, en especial, o sistema de avaliación, a bibliografía recomendada e a de lectura obrigatoria. Ó finalizar, e xa como traballo autónomo, o alumnado deberá localizar na biblioteca da facultade a bibliografía dada.
Presentación	Cada estudante realizará unha exposición oral de aprox. 15 minutos sobre un tema acordado coa profesora (cf. traballo tutelado). Haberá quenda de preguntas e debate.

Resolución de problemas	Realizaranse exercicios de tradución, que tentarán reproducir situacións reais e exercicios de resolución de problemas (dificultades de tradución). Logo dunha fase introdutoria ou preparatoria dos textos e temas o alumnado realizará varias tarefas pola súa conta. Finalmente, nas horas presenciais, farase a posta en común e corrección dos resultados. Esta parte terase en conta na avaliación continua.
Eventos científicos	Prevése a asistencia a eventos divulgativos como conferencias ou presentacións de programas de estudo, segundo a programación das actividades da facultade
Lección maxistral	As sesións maxistrais dedicaranse a explicar os contidos máis teóricos da materia, como a descrición do mercado da tradución do alemán ou a tipoloxía de erros, así como contidos teóricos fundamentais para desenvolver as tarefas prácticas, como aspectos contrastivos morfosintácticos e estilísticos entre as dúas linguas, referentes culturais etcétera. Malia estaren no apartado de sesións maxistrais, as clases serán de índole participativa e sempre estarán apoiadas por un soporte práctico.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Traballo tutelado	A profesora guiará o alumnado na elaboración deste traballo e, de así o requerir o alumnado, doutras tarefas en titorías individuais e grupais.

Avaliación

	Descrición	Cualificación	Competencias Avaliadas		
Traballo tutelado	Avaliarase a preparación, o contido e o resumo. O traballo deberá ser exposto na aula antes do 30 de abril. O alumnado entregará unha sinopse do traballo (data límite: 20 de maio). A/O alumna/o contará coa tutela da profesora. É obrigatorio acordar o tema do traballo coa profesora antes do 25 de febreiro.	10	CB1 CB2 CB3 CB4	CE2 CE3 CE4 CE14 CE17 CE22	CT4 CT7 CT8 CT9 CT12 CT14 CT17
Prácticas con apoio das TIC	Avaliaranse conxuntamente co apartado "Resolución dos problemas".	0	CB1 CB3		CT3 CT4 CT7 CT8
Presentación	cf. "Traballos tutelados" Avaliarase a preparación, presentación e o contido do traballo tutelado. A presentación realizarase antes do 15 de abril.	10	CB2 CB3 CB4	CE2 CE3	CT3 CT9 CT14
Resolución de problemas	Avaliarase a resolución dos problemas e exercicios realizados dentro e fóra da aula. Cómpre realizar entregas de polo menos 3 exercicios e 4 traducións. As entregas (via moovi) faranse antes da respectiva corrección en clase.	10	CB1 CB2 CB3 CB4 CB5	CE3 CE4 CE14	CT3 CT4 CT7 CT8
Exame de preguntas de desenvolvemento	Consistirá na tradución dun texto de aprox. 200-250 palabras que abordará algún dos temas estudados ao longo do semestre. Poderá incluír un comentario. De ser presencial o exame constará de 2 partes: nunha priimeira parte a tradución se efectuará con todo tipo de obras de consulta, sen ordenador e acceso a internet; nunha segunda parte tamén se poderá contar con ordenador e as fontes de información dispoñibles en internet. No caso de exames a distancia realizarase o exame con todo tipo de obras de consulta, incluídas as dixitais.	60	CB1 CB2 CB3	CE2 CE3 CE4 CE14 CE17 CE22	CT3 CT4 CT7
Práctica de laboratorio	Consistirá nunha proba de tradución dun texto de aprox. 200 palabras que abordará algún dos temas estudados ao longo das sesions 1ª-12ª. De ser presencial esta proba constará de 2 partes: nunha priimeira parte a tradución se efectuará con todo tipo de obras de consulta, sen ordenador e acceso a internet; nunha segunda parte tamén se poderá contar con ordenador e as fontes de información dispoñibles en internet. No caso de realizala a distancia poderase contar con todo tipo de obras de consulta, incluídas as dixitais.	10	CB1 CB2 CB3	CE2 CE3 CE4 CE14 CE17 CE22	CT4 CT8 CT9

Outros comentarios sobre a Avaliación

Será lectura obrigatoria para a avaliación continua e a única:

Quesada Tocino, Begoña, Alemania, el país imprescindible, I. Nobel, 2016

É responsabilidade do estudantado consultar os materiais dispoñibles na plataforma moovi (novidades, documentos etc.) e estar ó tanto dos avisos e das datas de realización das diferentes probas.

Avaliación continua:

Para unha axeitada avaliación recoméndase unha asistencia asídua e participativa ás aulas. É obrigatorio cumprir coas esixencias do traballo tutelado. Se algunha persoa non pode cumprir estas condicións, deberá comunicarllo á docente argumentadamente e reconsiderarase a posibilidade de avaliación continua. A opción pola avaliación continua implica a renuncia á avaliación única. A/o alumna/o deberá notificarllo á docente por escrito nas dúas primeiras semanas de clase. Se por causa de forza maior (traballo, enfermidade...) a/o alumna/o non puidese seguir o sistema de avaliación continua a pesar de escoller esta opción, poderá acollerse á avaliación única. A/o alumna/o que non supere a materia e teña que acudir á convocatoria de xullo deberá superar un exame con todos os contidos da materia.

Data da proba "práctica de laboratorio": sesión 13 da materia.

Data de entrega dos traballos tutelados: 20 de maio.

Data do exame: A data e hora do exame da avaliación continua coincidirá coa data e hora do exame de avaliación única establecida no calendario de exames que se aprobará en Xunta de Facultade

Ó longo de toda a avaliación penalizarase a copia e o plaxio.

Avaliación única:

O alumnado que non se acolla á modalidade de avaliación continua poderá presentarse ó exame oficial da materia que terá lugar na data establecida no calendario de exames que se aprobará en Xunta de FFT.

O exame constará dun exercicio de tradución de entre 200 e 250 palabras (80% da nota do exame), así como varias preguntas sobre os contidos transversais ou cuestions de estilística contrastiva (20% da nota do exame). A tradución doexame constará de 2 partes: nunha primeira parte a tradución se efectuará con todo tipo de obras de consulta, sen ordenador e acceso a internet; nunha segunda parte tamén se poderá contar con ordenador e as fontes de informacióndispoñibles en internet.

Penalizarase a copia e o plaxio.

Convocatoria de xullo:

A/o alumna/o que non supere a materia e teña que acudir á convocatoria de xullo deberá superar un exame con todos os contidos da materia.

O exame constará dun exercicio de tradución de entre 200 e 250 palabras (80% da nota do exame), así como varias preguntas sobre os contidos transversais ou cuestions de estilística contrastiva (20% da nota do exame). A tradución do exame constará de 2 partes: nunha primeira parte a tradución se efectuará con todo tipo de obras de consulta, sen ordenador e acceso a internet; nunha segunda parte tamén se poderá contar con ordenador e as fontes de información dispoñibles en internet.

Penalizarase a copia e o plaxio.

É responsabilidade do estudantado consultar os materiais dispoñibles na plataforma Moovi (novidades, documentos, avisos etc.) e estar ó tanto dos avisos e das datas de realización das diferentes probas.

Bibliografía. Fontes de información
Bibliografía Básica
Nord, Christiane, **Professionelles Übersetzen Spanisch-Deutsch. Ein Einführungskurs in 15 Lektionen.**, Wilhelmsfeld: Egert, 2001
A. Se entregará unha bibliografía complementaria ó inicio do curso.,
Alemania; Tatsachen über Deutschland. https://www.tatsachen-ueber-deutschland.de/de,
Austria; Bundeskanzleramt Austria. http://www.austria.gv.at/,
Suíza: Das Portal der Schweizer Regierung. https://www.admin.ch/gov/de/start.html,
Bibliografía Complementaria
Delisle, J.; Lee-Jahnke, H.; Cormier, M., **Terminoloxía e tradución. [Versión galega de A. Fernández Ocampo e A. Álvarez Lugrís]**, Vigo: Servizo de Publicacións da Universidade de Vigo,
Hurtado Albir, A., **Traducción y traductología. Introducción a la traductología**, Madrid: Cátedra,
Quesada Tocino, Begoña, **Alemania, el país imprescindible**, I. Nobel, 2016

Recomendacións

Materias que continúan o temario

Tradución idioma 2, II: Alemán-Español/V01G230V01511

Materias que se recomenda cursar simultáneamente

Idioma 2, IV: Alemán/V01G230V01407

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Idioma 2, III: Alemán/V01G230V01307

Outros comentarios

Para poder cursar con aproveitamento esta materia é recomendábel ter o nivel A2 ó inicio do semestre e acadar o nivel B1 ó finalizar o 4º semestre (lingua alemá).

ALUMNADO cuxa 1ª lingua non sexa o español (alumnado Erasmus, Seneca etc.): Requírese polo menos un nivel B2 na lingua galega e C1 da lingua alemá ou C2 en español e A2 en alemán.

É responsabilidade do alumnado consulta-los materiais e as novidades a través da plataforma de teledocencia Faitic, así como estar informado das datas nas que teñen lugar as probas de avaliación.

Plan de Continxencias

Descrición

=== MEDIDAS EXCEPCIONAIS PLANIFICADAS ===
Ante a incerta e imprevisible evolución da alerta sanitaria provocada pola COVID- 19, a Universidade establece una planificación extraordinaria que se activará no momento en que as administracións e a propia institución o determinen atendendo a criterios de seguridade, saúde e responsabilidade, e garantindo a docencia nun escenario non presencial ou non totalmente presencial. Estas medidas xa planificadas garanten, no momento que sexa preceptivo, o desenvolvemento da docencia dun xeito mais áxil e eficaz ao ser coñecido de antemán (ou cunha ampla antelación) polo alumnado e o profesorado a través da ferramenta normalizada e institucionalizada das guías docentes DOCNET.

=== ADAPTACIÓN DAS METODOLOXÍAS ===
Mantéñense metodoloxías, contidos, avaliación e titorías coa salvedade de que unha alerta sanitaria obrigue a activar un ensino exclusivamente virtual. Neste caso, metodoloxías, contidos, avaliación e titorías realizaranse coas ferramentas virtuais proporcionadas pola Universidade de Vigo (aulas e despachos virtuais, correo electrónico e plataforma Faitic).

Na modalidade mixta, unha parte do estudantado permanecerá na aula ao tempo que a outra parte seguirá a clase dun modo síncrono. As metodoloxías, a atención personalizada e a avaliación serán as mesmas tanto na modalidade mixta como presencial, mentres que os grupos e as quendas se adaptarán para cumprir coa normativa sanitaria.

DATOS IDENTIFICATIVOS				
Tradución idioma 2, I: Portugués-Galego				
Materia	Tradución idioma 2, I: Portugués-Galego			
Código	V01G230V01415			
Titulacion	Grao en Tradución e Interpretación			
Descriptores	Creditos ECTS	Carácter	Curso	Cuadrimestre
	6	OB	2	2c
Lingua impartición	Galego			
Departamento	Tradución e lingüística			
Coordinador/a	Dasilva Fernández, Xosé Manuel			
Profesorado	Dasilva Fernández, Xosé Manuel			
Correo-e	jdasilva@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral	Iniciación á práctica da tradución de textos non especializados na correspondente combinación lingüística.			

Competencias	
Código	
CB1	Que os estudantes demostren posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral e adoita atoparse a un nivel que, malia se apoiar en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo.
CB2	Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
CB3	Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
CB4	Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solución a un público tanto especializado coma non especializado.
CB5	Que os estudantes desenvolvan aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.
CE1	Dominio de linguas estranxeiras
CE2	Coñecemento de culturas e civilizacións estranxeiras
CE3	Dominio da lingua propia, escrita e oral
CE4	Coñecer norma e usos das linguas de traballo
CE10	Capacidade de traballo en equipo
CE12	Posuír unha ampla cultura
CE17	Capacidade de tomar decisións
CE18	Capacidade de aplicar os coñecementos á práctica
CE21	Rigor e seriedade no traballo
CE22	Destrezas de tradución
CE24	Capacidade de aprendizaxe autónoma
CE25	Coñecementos de cultura xeral e civilización
CE30	Coñecemento de idiomas
CE32	Saber recoñecer a diversidade e multiculturalidade
CT1	Comunicación oral e escrita na lingua propia. Prestarase especial atención ao coñecemento e correcto uso das 2 linguas cooficiais da Comunidade Autónoma de Galicia
CT4	Resolución de problemas
CT7	Toma de decisións
CT9	Razoamento crítico
CT10	Recoñecemento da diversidade e a multiculturalidade
CT12	Traballo en equipo
CT13	Traballo nun contexto internacional
CT15	Aprendizaxe autónoma
CT23	Capacidade de traballo individual

Resultados de aprendizaxe	
Resultados de aprendizaxe	Competencias

Coñecer as linguas de traballo, discriminando as súas semellanzas e as súas diferenzas.	CB2	CE1 CE3 CE18 CE21	CT1
Identificar e resolver as dificultades dos textos de partida, aplicando as estratexias e os procedementos de tradución adecuados.	CB1	CE17 CE22	CT7 CT12 CT23
Desenvolver as competencias tradutoras necesarias para a mediación cultural.	CB4 CB5	CE2 CE10 CE24 CE32	CT4 CT10 CT13
Realizar con criterio individual traballos de tradución.	CB3	CE4 CE12 CE25 CE30	CT9 CT15

Contidos

Tema	
Particularidades xerais da combinación lingüística.	Descrición. Caracterización.
Trazos específicos da actividade tradutora.	Interferencias. Eivas comúns.
Procedementos de tradución.	Análise. Inventario.
Dicionarios e fontes documentais.	Formato papel. Formato dixital.

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Actividades introdutorias	4	16	20
Resolución de problemas	22	42	64
Resolución de problemas de forma autónoma	22	44	66

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Actividades introdutorias	Actividades de carácter preliminar para tomar contacto coas características da materia.
Resolución de problemas	Resolución en grupo ou individualmente de exercicios, con orientación do docente.
Resolución de problemas de forma autónoma	Resolución individualmente de exercicios, con orientación do docente.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Actividades introdutorias	Analizaranse as características do alumnado.
Resolución de problemas de forma autónoma	Os exercicios propostos levaranse a cabo de forma particularizada a partir da comunicación fluída entre o docente e o alumnado tanto nas sesións lectivas como nas sesións de titorías.

Avaliación

	Descrición	Cualificación	Competencias Avaliadas		
Resolución de problemas	No primeiro sistema de avaliación continua, realización de actividades que reproducen as características do labor profesional. Tales actividades, de carácter acumulativo, estarán distribuídas regularmente ao longo do período docente. Efectuarase unha proba final relativa a estas actividades, a cal representa o 50% da nota global.	50	CB1 CB3	CE1 CE4 CE12 CE17 CE21 CE22 CE25 CE32	CT9 CT10 CT12 CT13

Resolución de problemas de forma autónoma	No primeiro sistema de avaliación continua, realización presencial de dous traballos de tradución que reproducen as características do labor profesional. Tales traballos de tradución representan as seguintes porcentaxes da nota global: traballo de tradución 1: 25%; traballo de tradución 2: 25%. No segundo sistema de avaliación continua, realización a distancia de tres encargas de tradución que reproducen as características do labor profesional. Tales encargas de tradución representan as seguintes porcentaxes da nota global: encarga de tradución 1: 30%; encarga de tradución 2: 30%; encarga de tradución 3: 40%.	50	CB2 CB4 CB5	CE2 CE3 CE10 CE18 CE24 CE30	CT1 CT4 CT7 CT15 CT23

Outros comentarios sobre a Avaliación

Establécense dous sistemas de avaliación continua. Durante as dúas primeiras semanas lectivas, o estudantado deberá indicar por escrito o sistema de avaliación que escolle de forma voluntaria no formulario que se proporcionará ao efecto.

O primeiro sistema de avaliación continua, destinado ás persoas que asistan a un mínimo do 80% das clases, baséase na realización presencial de dous traballos de tradución a partir de textos seleccionados polo docente e unha proba final relativa ás actividades desenvolvidas nas clases. Os dous traballos de tradución, que terán lugar respectivamente nas semanas do 21 de febreiro de 2022 e do 21 de marzo de 2022, representan cada un deles o 25% da nota global. Por outra banda, a proba final relativa ás actividades desenvolvidas nas clases representa o 50% da nota global. A devandita proba final, que terá lugar na semana do 25 de abril de 2022, consistirá en exercicios de tradución sobre textos abordados nas clases, sen posibilidade de utilizar, por tal motivo, material auxiliar de ningún tipo.

O segundo sistema de avaliación continua, destinado ás persoas que non asistan a un mínimo do 80% das clases, baséase na realización a distancia de tres encargas de tradución a partir de textos seleccionados polo docente. A encarga de tradución 1 e a encarga de tradución 2 representan cada unha o 30% da nota global; a encarga de tradución 3 representa o 40% da nota global. As tres encargas de tradución terán como prazo límite de entrega as seguintes datas: a encarga de tradución 1, o 23 de febreiro de 2022; a encarga de tradución 2, o 23 de marzo de 2022; a encarga de tradución 3, o 27 de abril de 2022.

Con independencia dos dous sistemas de avaliación continua descritos, establécese un sistema de avaliación única destinado ao estudantado que non se acolla a ningún sistema de avaliación continua para a convocatoria da primeira edición de actas e destinado a todo o estudantado para a convocatoria da segunda edición de actas, consistente nun exame presencial con exercicios de tradución relativos aos contidos do programa, con posibilidade de utilizar exclusivamente materiais lexicográficos en formato papel. As datas do devandito exame da convocatoria da primeira edición de actas e da convocatoria da segunda edición de actas serán fixadas no calendario de exames aprobado en Xunta da FFT.

Todas as actividades de avaliación referidas para cada sistema de avaliación teñen carácter obrigatorio e non existe nota de corte en ningunha delas.

No caso de que se obteña a cualificación de suspenso na convocatoria da primeira edición de actas en calquera dos dous sistemas de avaliación continua e no sistema de avaliación única, haberá que recuperar a totalidade da materia na convocatoria da segunda edición de actas.

Todas as actividades de avaliación presenciais mencionadas realizaranse de forma virtual se as circunstancias así o esixen en cada momento.

A avaliación terá en conta non só a pertinencia e a calidade do contido das respostas, senón tamén a corrección lingüística.

O estudantado Erasmus deberá acreditar un coñecemento de tipo medio da lingua de partida e un coñecemento de tipo alto da lingua de chegada.

A copia ou plaxio nos traballos de tradución, nas encargas de tradución, na proba final e/ou no exame terá como consecuencia unha cualificación global negativa.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Instituto Antônio Houaiss, **Dicionário Houaiss da Língua Portuguesa**, Editora Objetiva, 2009

Priberam, **Dicionário Priberam da Língua Portuguesa**, Priberam, 2021

Real Academia Galega, **Dicionario da Real Academia Galega**, RAG, 2021

Bibliografía Complementaria

Academia das Ciências de Lisboa, **Dicionário da Língua Portuguesa Contemporânea**, Editorial Verbo, 2001

Barbosa, Heloísa Gonçalves, **Procedimentos técnicos da tradução (Uma nova proposta)**, Pontes Editores, 2004

Castro Figueiras, Eva María; Rodríguez Ricart, María Cristina, **Na Universidade en galego sen dúbida**, Universidade de Vigo; Xunta de Galicia, 2014
Castro Figueiras, Eva María; Rodríguez Ricart, María Cristina, **Na Universidade en galego con seguridade**, Universidade de Vigo; Xunta de Galicia, 2015
Neves, Orlando, **Dicionário de Expressões Correntes**, Editorial Notícias, 1999
Pinto, José M. de Castro, **Novo Prontuário Ortográfico com Novo Acordo Ortográfico**, Plátano Editora, 2011
Simões, Guilherme Augusto, **Dicionário de Expressões Populares Portuguesas**, Publicações Dom Quixote, 2000

Recomendacións

Materias que continúan o temario

Tradución idioma 2, II: Portugués-Galego/V01G230V01512
Tradución idioma 2, III: Portugués-Galego/V01G230V01615

Materias que se recomenda cursar simultáneamente

Idioma 2, IV: Portugués/V01G230V01408

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Idioma moderno: Idioma 2, I: Portugués/V01G230V01108
Idioma moderno: Idioma 2, II: Portugués/V01G230V01208
Idioma 2, III: Portugués/V01G230V01308

Plan de Continxencias

Descrición

No caso de que se produza unha situación de excepcionalidade, na modalidade de docencia non presencial manteranse as metodoloxías, a atención personalizada, os contidos e os sistemas de avaliación da modalidade de docencia presencial. En tal circunstancia, as sesións lectivas presenciais e as actividades de avaliación presenciais pasarán a desenvolverse virtualmente coas ferramentas proporcionadas pola institución universitaria. No que respecta en particular á modalidade de docencia mixta, tamén se manterán as metodoloxías, a atención personalizada, os contidos e os sistemas de avaliación
Tanto na modalidade de docencia non presencial como na modalidade de docencia mixta, no relativo especificamente á avaliación, nos dous sistemas de avaliación continua non se producirá ningunha modificación na porcentaxe parcial de cada unha das actividades de avaliación na nota global. No sistema de avaliación única, o exame previsto, co valor do 100% da nota global, substituirase por unha encarga de tradución non presencial co valor do 60% da nota global e un exame non presencial co valor do 40% da nota global.
No referente ás sesións de titorías, procurarase para todas as modalidades de docencia que de forma xeral as mesmas teñan lugar con cita previa concertada e por medios telemáticos (correo electrónico e videoconferencia, preferentemente).

DATOS IDENTIFICATIVOS				
Tradución idioma 2, I: Portugués-Español				
Materia	Tradución idioma 2, I: Portugués-Español			
Código	V01G230V01416			
Titulacion	Grao en Tradución e Interpretación			
Descriptores	Creditos ECTS	Carácter	Curso	Cuadrimestre
	6	OB	2	2c
Lingua impartición	Castelán Portugués			
Departamento	Tradución e lingüística			
Coordinador/a	Currais Arcay, Jacobo			
Profesorado	Currais Arcay, Jacobo			
Correo-e	xcurrais@yahoo.co.uk			
Web				
Descrición xeral	Iniciación á práctica da tradución de textos non especializados na correspondente combinación lingüística.			

Competencias	
Código	
CB1	Que os estudantes demostren posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral e adoita atoparse a un nivel que, malia se apoiar en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo.
CB2	Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
CB3	Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
CB4	Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solución a un público tanto especializado coma non especializado.
CB5	Que os estudantes desenvolvan aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.
CE1	Dominio de linguas estranxeiras
CE2	Coñecemento de culturas e civilizacións estranxeiras
CE3	Dominio da lingua propia, escrita e oral
CE4	Coñecer norma e usos das linguas de traballo
CE10	Capacidade de traballo en equipo
CE12	Posuír unha ampla cultura
CE17	Capacidade de tomar decisións
CE18	Capacidade de aplicar os coñecementos á práctica
CE21	Rigor e seriedade no traballo
CE22	Destrezas de tradución
CE24	Capacidade de aprendizaxe autónoma
CE25	Coñecementos de cultura xeral e civilización
CE30	Coñecemento de idiomas
CE32	Saber recoñecer a diversidade e multiculturalidade
CT1	Comunicación oral e escrita na lingua propia. Prestarase especial atención ao coñecemento e correcto uso das 2 linguas cooficiais da Comunidade Autónoma de Galicia
CT4	Resolución de problemas
CT7	Toma de decisións
CT9	Razoamento crítico
CT10	Recoñecemento da diversidade e a multiculturalidade
CT12	Traballo en equipo
CT13	Traballo nun contexto internacional
CT15	Aprendizaxe autónoma
CT23	Capacidade de traballo individual

Resultados de aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe		Competencias	
Coñecer as linguas de traballo, discriminando as súas semellanzas e as súas diferenzas.	CB2	CE1 CE3 CE18 CE21	CT1

Identificar e resolver as dificultades dos textos de partida, aplicando as estratexias e os procedementos de tradución adecuados.	CB1	CE17 CE22	CT7 CT12 CT23
Desenvolver as competencias tradutoras necesarias para a mediación cultural.	CB4 CB5	CE2 CE10 CE24 CE32	CT4 CT10 CT13
Realizar con criterio individual traballos de tradución.	CB3	CE4 CE12 CE25 CE30	CT9 CT15

Contidos	
Tema	
Procedementos e recursos de tradución	- Identificación do contexto, lectura e detección de problemas - Busca de información e resolución de problemas - Tradución - Revisión, análise crítica e control de calidade
Dicionarios e fontes de documentación	- Fontes de documentación en formato papel. - Fontes de documentación en formato dixital e en rede. - Textos paralelos.
Problemas de tradución	- Erros comúns - Interferencias lingüísticas - Referencias culturais e intertextuais - Procura da equivalencia textual - Creatividade discursiva
Tradución de textos	- Tradución á vista e escrita de textos non especializados de xéneros diversos. - Encomendas que simulen o proceso de tradución no mercado profesional. - Valoración e argumentación da calidade do produto traducido.
Aspectos contrastivos na combinación portugués>español	- Morfosintácticos - Léxico-semánticos - Estilístico-discursivos

Planificación			
	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Actividades introdutorias	4	16	20
Resolución de problemas	18	42	60
Lección maxistral	8	0	8
Resolución de problemas de forma autónoma	18	44	62
*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.			

Metodoloxía docente	
	Descrición
Actividades introdutorias	Actividades de carácter preliminar para tomar contacto coas características da materia.
Resolución de problemas	Resolución en grupo ou individualmente de exercicios, con orientación do docente.
Lección maxistral	Exposición por parte do docente dos contidos sobre a materia obxecto de estudo, bases teóricas e/ou directrices dun traballo, exercicio ou proxecto a desenvolver polo estudantado.
Resolución de problemas de forma autónoma	O estudantado realizará individualmente encomendas de tradución que reproducen total ou parcialmente situacións reais do mercado profesional nas que aplicará os coñecementos e destrezas adquiridos durante os traballos de aula.

Atención personalizada	
Metodoloxías	**Descrición**
Resolución de problemas de forma autónoma	Prestarase unha atención personalizada ao estudantado tanto en clase como fóra da aula de forma presencial e, por motivos xustificados, de xeito telemático. Todo o material empregado en clase estará dispoñible na plataforma MOOVI.
Actividades introdutorias	Prestarase unha atención personalizada ao estudantado tanto en clase como fóra da aula de forma presencial e, por motivos xustificados, de xeito telemático. Todo o material empregado en clase estará dispoñible na plataforma MOOVI.

Avaliación					
	Descrición	Cualificación	Competencias Avaliadas		
Resolución de problemas de forma autónoma	Resolución, de modo autónomo, de catro encargos e/ou probas que reproduzan as características da práctica profesional e que estarán distribuídos ao longo do período de docencia. Cada un deses encargos e/ou probas terá un valor do 25% da nota global.	100	CB2 CB4 CB5	CE2 CE3 CE10 CE18 CE24 CE30	CT1 CT4 CT7 CT15 CT23

Outros comentarios sobre a Avaliación

O alumnado que non se acolla á avaliación continua ou que teña a materia pendente de cursos anteriores presentarase na data oficial do exame publicada polo decanato a unha proba que consistirá en:

1. Exame consistente en tradución con tempo limitado (2 horas): 60% da nota.

2. Encargo de tradución que recibirá o alumnado o día do exame oficial e que deberá entregar segundo as condicións especificadas no devandito encargo nun máximo de 7 días naturais: 40% da nota.

Para facer a media entre ambas as partes, a nota mínima do exame de tradución con tempo limitado de 2 horas deberá alcanzar un 5 sobre 10. De non ser así, non se contará o encargo de tradución e a nota final será a do exame.

A copia ou plaxio nos traballos de tradución, nas encargas de tradución e/ou no exame terá como consecuencia unha cualificación global negativa. Alegar descoñecemento do que supón un plaxio non eximirá o alumnado da súa responsabilidade neste aspecto.

É responsabilidade do alumnado consultar os materiais e as novidades relativas á materia a través da plataforma MOOVI, así como estar ao tanto das datas nas que as probas de avaliación teñen lugar.

Esta materia non está dirixida á aprendizaxe do español nin do portugués. Considérase que o alumnado xa posúe un bo nivel do seu idioma 2. Para poder cursar a materia recoméndase como mínimo un nivel B2 de español.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Instituto Antônio Houaiss, **Dicionário Houaiss da Língua Portuguesa**, Editora Objetiva, 2009
Real Academia Española, **Diccionario de la lengua española**, Espasa, 2014

Bibliografía Complementaria

Academia das Ciências de Lisboa, **Dicionário da Língua Portuguesa Contemporánea**, Editorial Verbo, 2001
Gonçalves Barbosa, Heloísa, **Procedimentos técnicos de tradução (Uma nova proposta)**, Pontes Editores, 2004
Pinto, José M. de Castro, **Novo Prontuário Ortográfico com Novo Acordo Ortográfico**, Plátano Editora, 2011
Neves, Orlando, **Dicionário de Expressões Correntes**, Editorial Notícias, 1999
Simões, Guilherme Augusto, **Dicionário de Expressões Populares Portuguesas**, Publicações Dom Quixote, 2000
Real Academia Española, **Diccionario panhispánico de dudas**, Santillana, 2005

Recomendacións

Materias que continúan o temario

Tradución Idioma 2, II: Portugués-Español/V01G230V01513
Tradución idioma 2, III: Portugués-Español/V01G230V01616

Materias que se recomenda cursar simultáneamente

Idioma 2, IV: Portugués/V01G230V01408

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Idioma moderno: Idioma 2, I: Portugués/V01G230V01108
Idioma moderno: Idioma 2, II: Portugués/V01G230V01208
Idioma 2, III: Portugués/V01G230V01308

Plan de Continxencias

Descrición

MEDIDAS EXCEPCIONAIS PLANIFICADAS
Ante a incerta e imprevisible evolución da alerta sanitaria provocada pola COVID- 19, a Universidade establece una planificación extraordinaria que se activará no momento en que as administracións e a propia institución o determinen

atendendo a criterios de seguridade, saúde e responsabilidade, e garantindo a docencia nun escenario non presencial ou non totalmente presencial. Estas medidas xa planificadas garanten, no momento en que resulte preceptivo, o desenvolvemento da docencia dun xeito mais áxil e eficaz ao ser coñecido de antemán (ou cunha ampla antelación) polo alumnado e o profesorado a través da ferramenta normalizada e institucionalizada das guías docentes DOCNET.

ADAPTACIÓN DE METODOLOXÍAS E AVALIACIÓN
En caso de que as circunstancias esixan o paso á docencia telemática, as metodoloxías, contidos, avaliación e titorías manteranse segundo o previsto na guía docente e a materia pasará a impartirse na modalidade de teledocencia por medio de ferramentas de docencia remota como o correo electrónico, MOOVI e as aulas e despachos virtuais da Universidade de Vigo.

Plan de continxencia sobre a modalidade mixta, na que unha parte do estudantado asistirá ás aulas de forma presencial e outra parte seguirá as clases dun modo síncrono (preferentemente) ou asíncrono: o profesorado manterá as metodoloxías, a atención personalizada e os sistemas de avaliación como se indica para a modalidade presencial, adaptando os grupos de estudantes e as quendas para cumprir coa normativa sanitaria que se estableza no seu momento.

DATOS IDENTIFICATIVOS

Cultura e civilización para a tradución e a interpretación (conceptualizacións básicas): Inglés

Materia	Cultura e civilización para a tradución e a interpretación (conceptualizacións básicas): Inglés			
Código	V01G230V01417			
Titulacion	Grao en Tradución e Interpretación			
Descriptores	Creditos ECTS	Carácter	Curso	Cuadrimestre
	6	OB	2	2c
Lingua impartición	Galego			
Departamento	Tradución e lingüística			
Coordinador/a	Veiga Díaz, María Teresa			
Profesorado	Veiga Díaz, María Teresa			
Correo-e	mveiga@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral	A materia concíbese como un espazo didáctico en que o estudantado reforza e amplía os coñecementos que posúe sobre a cultura e civilización dos países de fala inglesa e traballa as competencias necesarias para comprender e interpretar correctamente textos redactados en lingua inglesa dende o punto de vista cultural. O alumnado investigará de maneira guiada sobre os aspectos da cultura dos países de fala inglesa que sexan relevantes para a tradución e interpretación do idioma inglés.			

Competencias

Código	
CB1	Que os estudantes demostren posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral e adoita atoparse a un nivel que, malia se apoiar en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo.
CB2	Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
CB3	Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
CB4	Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solución a un público tanto especializado coma non especializado.
CB5	Que os estudantes desenvolvan aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.
CE2	Coñecemento de culturas e civilizacións estranxeiras
CE8	Destreza para a procura de información/documentación
CE14	Dominio de ferramentas informáticas
CE20	Facilidade para as relacións humanas
CE25	Coñecementos de cultura xeral e civilización
CE26	Coñecementos temáticos básicos de cada unha das especializacións
CE32	Saber recoñecer a diversidade e multiculturalidade
CT6	Capacidade de xestión da información
CT9	Razoamento crítico
CT12	Traballo en equipo
CT13	Traballo nun contexto internacional
CT15	Aprendizaxe autónoma
CT16	Adaptación a novas situacións
CT22	Capacidade de aplicar os coñecementos na práctica
CT23	Capacidade de traballo individual
CT24	Deseño e administración de proxectos

Resultados de aprendizaxe

Resultados de aprendizaxe	Competencias

O alumnado coñecerá o funcionamento básico das sociedades relevantes para a súa combinación lingüística e adquirirá a competencia cultural necesaria para desenvolver actividades de tradución e interpretación.	CB1 CB2 CB3 CB4	CE2 CE8 CE20 CE25 CE26 CE32	CT6 CT9 CT12 CT13 CT15 CT16 CT23
O alumnado será capaz de identificar as singularidades culturais en textos concretos, seleccionar as estratexias de tradución máis adecuadas e xustificar as súas decisións.	CB1 CB2 CB3 CB4 CB5	CE2 CE8 CE14 CE20 CE25 CE26 CE32	CT6 CT9 CT12 CT13 CT15 CT16 CT22 CT23 CT24

Contidos	
Tema	
1. Cultura e tradución.	1.1. Definicións de cultura. 1.2. A tradución como acto de comunicación cultural. 1.3. A competencia cultural das persoas tradutoras. 1.4. A referencia cultural e o seu tratamento na tradución.
2. Apuntamentos de historia e relixión en países de fala inglesa.	2.1. Breve historia dalgúns países da Commonwealth. 2.2. A relixión e a súa influencia na cultura.
3. O sistema político.	3.1. Sistema de goberno e principais institucións. 3.2. Sistema electoral. 3.3. Sistema xurídico.
4. A vida cotiá.	4.1. A vida familiar: familia, vivenda, horarios, tarefas. 4.2. A vida laboral: profesións e salarios. 4.3. A vida escolar: o sistema educativo. 4.4. A vida social: afeccións, ocio e tempo libre.
5. Análise pragmática e cultural de textos para a tradución e a interpretación.	Aplicación das competencias e dos coñecementos adquiridos nos bloques temáticos anteriores á análise e comprensión dos elementos culturais dos textos para a súa tradución.

Planificación			
	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Actividades introdutorias	2	5	7
Aprendizaxe baseado en proxectos	20	40	60
Flipped Learning	4	8	12
Lección maxistral	4	8	12
Resolución de problemas de forma autónoma	5	10	15
Seminario	3	3	6
Presentación	6	12	18
Resolución de problemas e/ou exercicios	2	8	10
Exame de preguntas de desenvolvemento	2	8	10

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente	
	Descrición
Actividades introdutorias	A primeira sesión do curso dedicarase a explicar e comentar os contidos, a metodoloxía e a avaliación e a resolver dúbidas sobre a guía para o estudantado que estará publicada en MooVi.
Aprendizaxe baseado en proxectos	O proxecto de investigación, que se levará a cabo en grupo, incluirá tarefas de diferentes tipos que lle permitan ao alumnado fomentar o espíritu crítico, desenvolver adecuadamente o traballo en equipo e a súa propia aprendizaxe, e acadar os coñecementos e as competencias previstos.
Flipped Learning	Para estas sesións o alumnado preparará, antes das clases presenciais, unha serie de contidos teóricos correspondentes ao primeira tema dos contidos. Sobre estes contidos traballarase a través de actividades guiadas pola profesora.
Lección maxistral	Nestas sesións introduciranse os puntos teóricos que relacionan cultura e tradución e os aspectos culturais descritos nos contidos. As sesións maxistrais servirán para proporcionar un fío condutor para o proxecto en grupo.
Resolución de problemas de forma autónoma	De xeito individual, en grupos ou en parellas os alumnos terán que realizar as diversas tarefas que se especificarán ao longo do curso para implementar os coñecementos teóricos e demostrar as súas competencias.

Seminario	As titorías en grupos permitirán a orientación, comentario e revisión das tarefas encomendadas.
Presentación	O estudantado comunicará os resultados da súa investigación mediante exposicións orais programadas que se irán desenvolvendo ao longo do curso.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Seminario	No caso de detectar necesidades de atención personalizada durante unha titoría en grupo, citarase o alumnado afectado a unha titoría individual. En caso de se detectaren necesidades educativas especiais, a docente poñerase en contacto co gabinete psicopedagóxico da Universidade para seguir os protocolos establecidos.
Aprendizaxe baseado en proxectos	Atenderanse as necesidades de aprendizaxe de cada alumno tanto dentro das aulas coma nos horarios de titoría. No caso dos proxectos, poderá darse ao alumnado feedback a través de MooVi. A atención ao alumnado a través de correo electrónico tamén se realizará en horario de titorías. En caso de se detectaren necesidades educativas especiais, a docente poñerase en contacto co gabinete psicopedagóxico da Universidade para seguir os protocolos establecidos.
Resolución de problemas de forma autónoma	Atenderanse as necesidades de aprendizaxe de cada alumno tanto dentro das aulas coma nos horarios de titoría. A atención ao alumnado a través de correo electrónico tamén se realizará en horario de titorías. No caso da resolución de problemas e/ou exercicios, poderá darse ao alumnado feedback a través de MooVi. En caso de se detectaren necesidades educativas especiais, a docente poñerase en contacto co gabinete psicopedagóxico da Universidade para seguir os protocolos establecidos.
Presentación	Atenderanse as necesidades de aprendizaxe de cada alumno tanto dentro das aulas coma nos horarios de titoría. A atención ao alumnado a través de correo electrónico tamén se realizará en horario de titorías. En caso de se detectaren necesidades educativas especiais, a docente poñerase en contacto co gabinete psicopedagóxico da Universidade para seguir os protocolos establecidos.
Flipped Learning	Atenderanse as necesidades de aprendizaxe de cada alumno tanto dentro das aulas coma nos horarios de titoría oficiais. No caso dos proxectos, poderá darse ao alumnado feedback a través de MooVi. A atención ao alumnado a través de correo electrónico tamén se realizará en horario de titorías. En caso de se detectaren necesidades educativas especiais, a docente poñerase en contacto co gabinete psicopedagóxico da Universidade para seguir os protocolos establecidos.

Avaliación

	Descrición	Cualificación	Competencias Avaliadas
Aprendizaxe baseado en proxectos	O estudantado desenvolverá un proxecto colaborativo de investigación en equipo. Cada equipo investigará en profundidade un tema dos indicados nos bloques 2, 3 e 4 dos contidos da materia e compartirá co resto do alumnado os resultados das súas investigacións. O desenvolvemento do proxecto explicarase ao comezo do curso, momento en que xa estará publicada en Moovi unha guía detallada coa descrición dos obxectivos do proxecto e a planificación das actividades que inclúe. Na guía tamén aparecerán indicados os principais criterios de avaliación, que o alumnado deberá ter en conta para a realización das tarefas. O dossier final incluirá todas as actividades descritas na devandita guía e entregarase o día 3 de maio na tarefa creada a tal efecto en Moovi.	30	CB1 CB2 CB3 CB4 CB5 CE2 CE8 CE14 CE20 CE25 CE26 CE32 CT6 CT9 CT12 CT13 CT15 CT16 CT22 CT23 CT24
Presentación	Ao longo do curso todo o alumnado que siga o sistema de avaliación continua deberá expoñer oralmente durante un mínimo de 5 minutos e un máximo de 10 os resultados da investigación que está levando a cabo o seu equipo. As exposicións orais están orientadas a poñer en común os contidos dos bloques temáticos tratados por cada grupo de xeito que todo o alumnado coñeza os resultados das investigacións levadas a cabo por todos os equipos. O calendario de presentacións elaborarase unha vez se dispoña do listado de persoas que seguen a avaliación continua e publicarase en Moovi.	20	CB1 CB3 CB4 CE2 CE20 CE25 CE26 CT12 CT15 CT23
Resolución de problemas e/ou exercicios	Ao remate do primeiro bloque de contidos, o estudantado levará a cabo unha proba de resposta curta en que demostrará ter adquirido os coñecementos requiridos sobre cultura, cultura e tradución, referentes culturais e estratexias de tradución. Para a realización da proba non se permitirá o uso de apuntamentos nin medios telemáticos. A proba realizarase na segunda sesión de clase da semana do 21 ao 25 de marzo de 2022. Se houber algún cambio, este notificaraselle ao alumnado por correo electrónico a través de Moovi con antelación suficiente.	20	CB1 CB4 CE25 CE26 CE32 CT6 CT9 CT15 CT23

Exame de preguntas de desenvolvemento	Proba individual de resposta longa que se desenvolverá na data oficial de exame marcada polo Decanato do centro. A proba consistirá na análise dun texto breve (de arredor de 300 palabras) que trate sobre algún aspecto da cultura dalgún dos países estudados ao longo do curso. O estudantado deberá contextualizar culturalmente o texto, analizalo dende o punto de vista pragmático, identificar e clasificar os seus elementos culturais e propoñer estratexias de tradución para os elementos identificados.	30	CB1 CE2 CT9 CB2 CE25 CT15 CE26 CT22

Outros comentarios sobre a Avaliación

PRIMEIRA OPORTUNIDADE DE AVALIACIÓN (MAIO):

Na convocatoria de maio existirán dúas posibilidades de avaliación, a continua ou a única.

O alumnado que desexe acollerse á avaliación única deberá comunicalo por escrito a través de Moovi durante as dúas primeiras semanas de clase. Transcorrido ese período, entenderase que os alumnos que non o fixeron optan pola avaliación continua e aceptan as condicións de traballo e avaliación descritas nesta guía e na guía do proxecto colaborativo explicada na primeira sesión de clase e publicada na plataforma de teledocencia dende o comezo do cuadrimestre. A aceptación da avaliación continua implicará a aceptación das condicións que se indican a continuación e a renuncia á avaliación continua.

Avaliación continua:

As metodoloxías e probas para a avaliación continua serán as indicadas no apartado de avaliación desta guía, nas porcentaxes expresadas. A materia comprende avaliación individual e en grupo. O estudantado que supere a parte de traballo en grupo pero non as probas individuais deberán recuperar en xullo as probas individuais.

A avaliación continua esixe entregar dentro do prazo establecido o 80% das tarefas encomendadas ao longo do curso, incluídas aquelas que non teñen peso na cualificación final. Dentro dese 80% inclúense obrigatoriamente as seguintes:

a) Proxecto de grupo.

b) Exposición oral individual.

c) Proba de resposta curta.

d) Proba de desenvolvemento.

A proba de resposta curta corresponderase co primeiro bloque de contidos teóricos da materia, que incluirá a lectura obrigatoria de varios textos sobre cultura e tradución e os contidos impartidos nas sesións maxistrais. As lecturas poranse a disposición do alumnado en Moovi. Para a resolución da proba da parte teórica non se permitirá o emprego de materiais de consulta. Todas as actividades da parte teórica da materia serán de carácter obrigatorio, polo que se non se realizan durante o curso terán que realizarse na convocatoria de xullo.

A proba de desenvolvemento consistirá nunha análise dos aspectos pragmáticos e culturais dun texto segundo o descrito no apartado correspondente en que o alumnado demostrará a súa capacidade de aplicar os coñecementos e as competencias adquiridos ao longo do curso. Para esta proba permitirase o uso dos materiais de consulta xerados polos grupos de traballo colaborativo. Esta proba ten carácter obrigatorio, polo que non se realiza na data establecida terá que realizarse na convocatoria de xullo.

Durante a exposición oral, cada estudante, de maneira individual, transmitirá ao resto do alumnado os resultados da investigación que está levando a cabo o seu grupo de traballo. A exposición avaliarase e puntuarase seguindo os criterios recollidos na matriz de avaliación incluída na guía do proxecto e publicada na plataforma de teledocencia.

O alumnado que se encontre en situacións excepcionais que poidan ser documentadas, como as de embarazo, enfermidade ou lesión, ou que compaxine a vida universitaria coa actividade laboral, ten dereito a recibir unha consideración especial, polo que estas situacións deberán ser notificadas na primeira semana do curso ou no momento en se produzan para que a docente poida adoptar as medidas oportunas. O estudantado ten dereito, se o solicita, a un xustificante documental que acredite térense presentado ás probas. Aquela persoa que por enfermidade, lesión ou calquera outro impedimento temporal, fidedignamente demostrado, non poida efectuar un exame ou unha proba parcial, terá dereito a ser examinado noutra data.

<u>Criterios de avaliación empregados no sistema de avaliación continua:</u>

Os criterios de avaliación aplicados a cada traballo ou proba explicaranse nas clases e publicaranse na plataforma de teledocencia para que todo o alumnado matriculado na materia poida acceder a eles. É responsabilidade do alumnado ter

coñecemento das actividades e correccións realizadas nas clases, consultar os materiais e as novidades a través da plataforma de teledocencia e estar ao tanto das datas de entrega de tarefas e realización de probas de avaliación.

De maneira xeral, en calquera das probas, traballos ou exercicios, obterán a cualificación de suspenso (0) nesa proba, traballo ou exercicio aqueles alumnos que:

- Cometan máis de dúas faltas de ortografía.

- Incurran en plaxio total ou parcialmente. Alegar descoñecemento do que supón un plaxio non eximirá o alumnado da súa responsabilidade a este respecto.

- **Incumplan as instrucións proporcionadas para a realización e entrega do exercicio ou proba**.

EXCEPCIONALMENTE, PODERÁ ACORDARSE COS ESTUDANTES QUE NON SUPERASEN UNHA PARTE CONCRETA DA MATERIA O MECANISMO OPORTUNO PARA RECUPERAR ESA PARTE NA SEGUNDA OPORTUNIDADE DE AVALIACIÓN.

Que ocorre se non quero acollerme ao sistema de avaliación continua?

Avaliación única:

O estudantado que **deixase constancia por escrito a través da plataforma de teledocencia durante as dúas primeiras semanas de clase da súa vontade de acollerse ao sistema de avaliación única** perderá o dereito á avaliación continua e formativa, mais terá dereito a avaliación na data oficial fixada polo Decanato. A avaliación única constará das seguintes probas e traballos:

1. Entrega dun proxecto de investigación individual sobre un dos bloques de contidos establecidos para a materia segundo as directrices proporcionadas ao comezo do curso. O alumnado que se acolla ao sistema de avaliación única deberá comunicarlle á profesora o tema sobre o que traballará nas tres primeiras semanas do curso. De maneira xeral, o traballo comprenderá o estudo en profundidade do bloque seleccionado de maneira comparativa para todos os países estudados (40%).

2. Exame individual (60%), que constará de dúas probas: unha proba teórica de resposta breve que incluirá preguntas sobre o primeiro bloque de contidos para a que non se permitirá o uso de materiais de consulta (30%), e unha proba de desenvolvemento que consistirá na análise dun texto breve (de arredor de 300 palabras) que trate sobre algún aspecto da cultura dalgún dos países estudados ao longo do curso. O estudantado deberá contextualizar culturalmente o texto, analizalo dende o punto de vista pragmático, identificar e clasificar os seus elementos culturais e propoñer estratexias de tradución para os elementos identificados. Para esta proba permitirase o uso dalgúns materiais de consulta (30%).

É responsabilidade do alumnado consultar os materiais e as novidades a través da plataforma de teledocencia e estar ao tanto das datas de entrega de tarefas e realización de probas de avaliación. Os estudantes teñen dereito, se o solicitan, a un xustificante documental que acredite térense presentado á proba ou exame. Aquela persoa que por enfermidade, lesión ou calquera outro impedimento temporal, fidedignamente demostrado, non poida efectuar un exame ou unha proba parcial, terá dereito a ser examinado noutra data.

En calquera das probas e traballos da avaliación única obterán a cualificación de suspenso (0) nesa proba ou traballo aqueles alumnos que:

- Cometan máis de dúas faltas de ortografía.

- Incurran en plaxio total ou parcialmente. Alegar descoñecemento do que supón un plaxio non eximirá o alumnado da súa responsabilidade a este respecto.

- Incumplan as instrucións proporcionadas para a realización e entrega do exercicio ou proba.

EXCEPCIONALMENTE, PODERÁ ACORDARSE COS ESTUDANTES QUE NON SUPERASEN UNHA PARTE CONCRETA DA MATERIA O MECANISMO OPORTUNO PARA RECUPERAR ESA PARTE NA SEGUNDA OPORTUNIDADE DE AVALIACIÓN.

SEGUNDA OPORTUNIDADE DE AVALIACIÓN (XULLO):

PARA SUPERAR A MATERIA NA SEGUNDA OPORTUNIDADE, O ALUMNADO DEBERÁ APROBAR UN EXAME, QUE SE CELEBRARÁ NA DATA OFICIAL PREVISTA POLO DECANATO DO CENTRO E QUE CONSTARÁ DAS SEGUINTES PROBAS (indícase o peso de cada proba dentro do exame entre parénteses):

1. Proba teórica. Para desenvolver esta proba non se permitirá o uso de materiais de consulta. (30%)

2. Proba de desenvolvemento, que consistirá na análise dun texto dunhas 300 palabras que trate sobre algún aspecto da

cultura dalgún dos países estudados ao longo do curso. O estudantado deberá contextualizar culturalmente o texto, analizalo dende o punto de vista pragmático, identificar e clasificar os seus elementos culturais e propoñer estratexias de tradución para os elementos identificados. Para esta proba permitirase o uso dos materiais de consulta xerados polos grupos de traballo colaborativo (70%).

Na avaliación de xullo obterán automaticamente a cualificación de suspenso aqueles alumnos que:

- Cometan máis de dúas faltas de ortografía.

- Incurran en plaxio total ou parcialmente. Alegar descoñecemento do que supón un plaxio non eximirá o alumnado da súa responsabilidade a este respecto.

- Incumplan as instrucións proporcionadas para a realización e entrega do exercicio ou proba.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Kachru, J. & Smith, L.E., **Cultures, contexts and world Englishes.**, 1ª, 2008

Leppihalme, R., **Culture bumps: an empirical approach to the translation of allusions**, Multilingual Matters, 1997

Pedersen, J., **How is Culture Rendered in Subtitles?**, 2005

Salehi, M., **Reflections on Culture, Language and Translation**, 2012

Mayoral, R. & Muñoz, R., **Estrategias comunicativas en la traducción intercultural**, 84-7762-756-8, Universidad de Valladolid, 1997

Bibliografía Complementaria

Álvarez, R & Vidal, C. (eds.), **Translation, Power, Subversion.**, 1ª, 1996

Baker, M., **In other words: a coursebook on translation.**, 2ª, 2011

Bassnett, S. (ed.)., **Studying British Culture: An Introduction.**, 2ª, 2003

Campbell, N. & Alasdair, K., **American cultural studies: an introduction to American culture**, 4ª, 2016

Grant, G., **The True(Ish) History of Ireland**, 1ª, 2015

Hunt, D., **Girt: the unauthorised history of Australia.**, 1ª, 2013

Katan, D., **Translating cultures: an introduction for translators, interpreters and mediators**, 2ª, 2004

Leppihame, R., **Realia**, John Benjamins, 2011

Molina Martínez, L., **Análisis descriptivo de la traducción de los culturemas árabe-español**,

Nord, C., **Text Analysis in Translation. Theory, Methodology and Didactic Application of a Model for Translation-Oriented Text Analysis.**, 2ª, 2005

O'Discroll, James, **Britain for learners of English.**, 2ª, 2009

Pedersen, J., **Subtitling norms for television: an exploration focussing on extralinguistic cultural references.**, 1ª, 2011

Zinn, H., **La otra historia de los Estados Unidos: (desde 1492 hasta hoy)**, 3ª, 2005

Hickey, L. & Stewart, M., **Politeness in Europe**, Multilingual Matters, 2005

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Antropoloxía: Antropoloxía das prácticas de tradución e interpretación/V01G230V01209
Idioma moderno: Idioma 1, I: Inglés/V01G230V01103
Lingua: Lingua A1, I: Expresión escrita e oral: Galego/V01G230V01101
Lingua: Lingua A2, I: Expresión escrita e oral: Español/V01G230V01202

Outros comentarios

- A copia ou plaxio total ou parcial en calquera tipo de traballo ou exame suporá un 0 nesa proba. Alegar descoñecemento do que supón un plaxio non eximirá o estudantado da súa responsabilidade neste aspecto.

- Na avaliación terase en conta non só a pertinencia e calidade do contido das respostas senón tamén a súa corrección lingüística.

- É responsabilidade do estudantado consultar os materiais dispoñibles na plataforma (novidades, documentos, cualificacións) e estar ao tanto dos avisos e das datas de realización das diferentes probas.

Plan de Continxencias

Descrición

=== MEDIDAS EXCEPCIONAIS PLANIFICADAS ===

Ante a incerta e imprevisible evolución da alerta sanitaria provocada pola COVID- 19, a Universidade establece una planificación extraordinaria que se activará no momento en que as administracións e a propia institución o determinen atendendo a criterios de seguridade, saúde e responsabilidade, e garantindo a docencia nun escenario non presencial ou non totalmente presencial. Estas medidas xa planificadas garanten, no momento que sexa preceptivo, o desenvolvemento da docencia dun xeito mais áxil e eficaz ao ser coñecido de antemán (ou cunha ampla antelación) polo alumnado e o profesorado a través da ferramenta normalizada e institucionalizada das guías docentes DOCNET.

=== ADAPTACIÓN DAS METODOLOXÍAS ===
* Metodoloxías docentes que se manteñen: seminario, actividades introdutorias, aprendizaxe baseada en proxectos, flipped learning, presentacións e resolución de problemas e exercicios.

* Metodoloxías docentes que se modifican: lecciónns maxistrais. No caso dun escenario non presencial, a metodoloxía de lección maxistral substiuirase pola de aprendizaxe inversa.

* Mecanismo non presencial de atención ao alumnado (titorías): as titorías desenvolveranse a través de correo electrónico e da sala virtual da profesora concertando cita previa.

* Modificacións (se proceder) dos contidos a impartir: non se modificarán os contidos.

* Bibliografía adicional para facilitar a auto-aprendizaxe: no caso de que fose preciso nun escenario non presencial, proporcionaraselle ao alumnado a bibliografía adicional que fose precisa.

* Outras modificacións

=== ADAPTACIÓN DA AVALIACIÓN ===
* Probas xa realizadas

Non se modificará o peso das probas xa realizadas. Só se modificará o peso das probas realizadas no caso de que sexa imposible acceder ao seu soporte físico antes do peche das actas. Nese caso, o peso da proba en cuestión distribuirase de maneira equitativa entre as restantes actividades avaliadas.

* Probas pendentes que se manteñen

Todas as probas pendentes manteranse co seu peso.

* Probas que se modifican
[Exposición oral na aula] => [Gravación en vídeo da exposición]

* Novas probas

Non se engadirán probas á avaliación.

* Información adicional

PLAN DE CONTINXENCIA SOBRE A MODALIDADE MIXTA:

Na modalidade mixta, unha parte do estudantado asistirá ás aulas de forma presencial e outra parte seguirá as clases dun modo síncrono (preferentemente) ou asíncrono: o
profesorado manterá as metodoloxías, a atención personalizada e os sistemas de avaliación como se indica para a modalidade presencial, adaptando os grupos de estudantes e as quendas para cumprir coa normativa sanitaria que se estableza no seu momento.

DATOS IDENTIFICATIVOS

Cultura e civilización para a tradución e a interpretación (conceptualizacións básicas): Francés

Materia	Cultura e civilización para a tradución e a interpretación (conceptualizacións básicas): Francés			
Código	V01G230V01418			
Titulacion	Grao en Tradución e Interpretación			
Descriptores	Creditos ECTS	Carácter	Curso	Cuadrimestre
	6	OB	2	2c
Lingua impartición	Francés			
Departamento	Tradución e lingüística			
Coordinador/a	Cruces Colado, María Susana			
Profesorado	Cruces Colado, María Susana			
Correo-e	scruces@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral	Adquirir e ampliar competencias extralingüísticas e xustificar a toma de decisións a partir do tratamento das referencias culturais francófonas.			

Competencias

Código	
CB1	Que os estudantes demostren posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral e adoita atoparse a un nivel que, malia se apoiar en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo.
CB3	Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
CB4	Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solución a un público tanto especializado coma non especializado.
CB5	Que os estudantes desenvolvan aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.
CE1	Dominio de linguas estranxeiras
CE2	Coñecemento de culturas e civilizacións estranxeiras
CE8	Destreza para a procura de información/documentación
CE25	Coñecementos de cultura xeral e civilización
CE26	Coñecementos temáticos básicos de cada unha das especializacións
CE27	Capacidade de razoamento crítico
CT6	Capacidade de xestión da información
CT13	Traballo nun contexto internacional
CT15	Aprendizaxe autónoma
CT17	Comprensión doutras culturas e costumes

Resultados de aprendizaxe

Resultados de aprendizaxe	Competencias		
Identificar as diferenzas culturais do francés, do galego e do castelán.	CB1 CB3 CB4 CB5	CE2 CE25 CE27	CT15 CT17
Mellorar o coñecemento da lingua francesa, perfeccionar a redacción e a competencia oral na lingua meta e profundar na cultura francófona.		CE1 CE2 CE8 CE25	CT6 CT15 CT17
Familiarizarse cos recursos documentais na rede		CE1 CE2 CE8 CE25 CE26	CT6 CT13 CT15 CT17

Contidos

Tema

0. Introduction aux cours : culture(s), civilisation et traduction	0.1. La culture du point de vue de la sociologie 0.2. La culture du point de vu de la traductologie 0.3 La francophonie
I. Quelques repères historiques	1.1 La Révolution française et la Déclaration des droits de l'homme et du citoyen 1.2 La République. La notion de citoyenneté. La laicité 1.3 Le XXème siècle. Les guerres. 1.4 La décolonisation. L’immigration 1.5 Mai 68 1.6 Les grands débats actuels
II. Les pays francophones en Europe: La Belgique, la France, la Suisse	2.1. L'administration du territoire 2.2. Les institutions politiques et administratives. 2.3. L'éducation. 2.4 Les (autres) langues officielles
IV. Habitudes, usages, institutions et produits culturels	1.1 La gastronomie et l'art de vivre 1.2 La presse et la radio 1.3 La télévision et ses productions 1.4 Le cinéma: courants, insdustrie, esthétique, festivals 1.5 La musique: la chanson française, autres musiques contemporaines, musiques d'autres territoires 1.6 La BD: maisons d'éditions, auteur.e.s, festivals 1.7 La littérature: le champ littéraire, les maisons d'édition, courants esthétiques, auteur.e.s de référence, les prix
Organisation culturelle, sociale et politique francophone, galicienne et espagnole : parcours comparatif Bien que pour des raison d'organisation les unités doivent être présentées de façon succesive, la présente unité guidera la vision comparatiste	Différences culturelles générales entre les pays francophones de l'Europe et l'Espagne.

Planificación			
	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Actividades introdutorias	2	0	2
Lección maxistral	20	20	40
Resolución de problemas	12	20	32
Estudo previo	0	20	20
Traballo tutelado	0	10	10
Exame de preguntas obxectivas	6	20	26
Presentación	8	12	20

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente	
	Descrición
Actividades introdutorias	Neste apartado, o docente presentará a programación, explicando polo miúdo os contidos, as tarefas que hai que realizar e comentará tamén as lecturas obrigatorias do curso, así como o sistema de avaliación.
Lección maxistral	Exposición por parte do docente dos contidos da materia obxecto de estudo.
Resolución de problemas	Analizaranse e traducirán segmentos de distintos xéneros textuais en francés que conteñan elementos culturais e expoñan unha dificultade de tradución, comprensión por parte das tradutoras ou as lectoras do TT
Estudo previo	Proporanse unha serie de lecturas, así como audios e vídeos complementarios aos contidos do temario que son necesarios para a preparación da proba de contidos así como para a correcta comprensión dos textos para traducir.
Traballo tutelado	Supervisarase o deseño da presentación que debe realizar o alumnado, a pertinencia das fontes de información empregadas, así como a corrección lingüística da mesma

Atención personalizada	
Metodoloxías	**Descrición**

Lección maxistral	As sesións maxistrais, os debates, os traballos, proxectos, estudos de casos e maila resolución de exercicios precisan unha atención personalizada que se exerce na aula e mais nas horas de titorías presenciais e telemáticas. O docente tratará de sistematizar as dúbidas e as preguntas individuais e ofrecer respostas para o conxunto do grupo, de maneira que sexa posible garantir a igualdade de acceso á información e ao ensino.
Resolución de problemas	As sesións maxistrais, os debates, os traballos, proxectos, estudos de casos e a resolución de exercicios precisan unha atención personalizada que se exerce na aula e nas horas de *tutorías presenciais e *telemáticas.
Probas	**Descrición**
Presentación	As sesións maxistrais, os debates, os traballos, proxectos, estudos de casos e a resolución de exercicios precisan unha atención personalizada que se exerce na aula e nas horas de *tutorías presenciais e *telemáticas.

Avaliación

	Descrición	Cualificación	Competencias Avaliadas		
Resolución de problemas	A proba consiste na tradución dun texto dunhas 500 palabras que o alumnado individualmente deberá contextualizar, así como identificar e clasificar os seus elementos culturais e explicar as estratexias de tradución para devanditos elementos identificados	25	CB4	CE1 CE2 CE8 CE25 CE27	CT6 CT15 CT17
Exame de preguntas obxectivas	Faranse varias probas de preguntas obxectivas (de resposta curta ou de desenvolvemento) referidas aos contidos das presentacións, das clases maxistrais e das lecturas obrigatorias, visionados e audicións propostas en datas fixadas de acordo co alumnado. A última proba será en data oficial do exame fixado polo decanato. É necesario obter un 5 de media para poder sumar a nota coa dos demais apartados.	50	CB1 CB3 CB4 CB5	CE1 CE2 CE25 CE26	CT13 CT17
Presentación	O alumnado fará unha presentación duns 10-15 minutos en grupo dalgún dos temas do programa. A presentación será en lingua francesa. Deberase entregar despois un podcast (1 punto sobre 2,5) e a presentación en formato ppt preferiblemente, corrixido e coas fontes de información empregadas debidamente citadas. Valorarase a corrección lingüística oral e escrita. A distribución de temas e datas acordarase co alumnado que se acolla á avaliación continua na segunda semana de clase.	25	CB1 CB3 CB4	CE2 CE25 CE26	CT13 CT15

Outros comentarios sobre a Avaliación

É responsabilidade do alumnado consultar os materiais e as novidades a través da plataforma Moovi e de estar ao tanto das datas de entrega de traballos, probas, etc.

AVAIUACIóN CONTINUA

1- O alumnado deberá informar o profesorado nas dúas primeiras semanas de clase a súa decisión de acollerse á avaliación continua ou non. Para esta recoméndase a asistencia continuada a clase.

2- Aquelas persoas que por motivos de traballo ou familiares non poidan asistir ás clases, deben comunicalo persoalmente á profesora para que esta tome as medidas compensatorias para facilitar a conciliación laboral e familiar.

3- O non presentar algún dos traballos ou non realizar algunha das probas implicará a perda do dereito á avaliación continua e a anulación de todas cualificacións obtidas anteriormente. Deberá entón presentarse á convocatoria única.

4- O alumnado que se acolla á avaliación continua e obteña unha calificación de suspenso deberá presentarse á convocatoria extraordinaria de xullo na data publicada polo decanato. Só deberá repetir aquela parte que na que necesiten obter un 5 para facer media coas demáis actividades de avaliación

CONVOCATORIA DE AVALIACIÓN ÚNICA

O alumnado que non se acolla á avaliación continua, deberá presentarse na data fixada polo decanato a un exame que constará de dúas partes:

1- Probas de preguntas obxectivas referidas ao temario, lecturas e o material de consulta que se encontrará en Moovi (50 %). É necesario obter un 5 para poder facer a media coas outra probas.

2- Proba de resolución de dificultades e toma de decisións para traducir segmentos caracterizados pola súa trama de referencias á cultura e á civilización francófonas que deberá identificar, contextualizar, clasificar e xustificar (50 %)

Corrección lingüística

A avaliación terá en conta non só a pertinencia e calidade do contido das respostas senón tamén a súa corrección lingüística en calquera das linguas empregadas.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Bibliografía Complementaria

Se proporcionaraá una bibliografía completa así como un catálogo completo de recursos en la palatafo,

Recomendacións

Materias que continúan o temario

Interpretación consecutiva idioma 1: Francés-Español/V01G230V01620
Interpretación de enlace idioma 1: Francés-Español/V01G230V01517
Tradución idioma 1, II: Francés-Español/V01G230V01505
Tradución idioma 1, III: Francés-Español/V01G230V01608
Relacións Internacionais/V01G230V01917

Materias que se recomenda cursar simultáneamente

Idioma moderno: Idioma 1, IV: Francés/V01G230V01404

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Idioma moderno: Idioma 1, I: Francés/V01G230V01104
Idioma moderno: Idioma 1, II: Francés/V01G230V01204
Idioma moderno: Idioma 1, III: Francés/V01G230V01304
Tradución idioma 1, I: Francés-Español/V01G230V01312

Plan de Continxencias

Descrición

«Plan de continxencia sobre a modalidade mixta, na que unha parte do estudantado asistirá ás aulas de forma presencial e outra parte seguirá as clases dun modo síncrono (preferentemente) ou asíncrono: ou profesorado manterá as metodoloxías, a atención personalizada e vos sistemas de avaliación como se indica para a modalidade presencial, adaptando vos grupos de estudantes e as quendas para cumprir coa normativa sanitaria que se estableza non seu momento».

Ante a incerta e imprevisible evolución da alerta sanitaria provocada polo COVID-19, a Universidade de Vigo establece unha planificación extraordinaria que se activará no momento en que as administracións e a propia institución determíneno atendendo a criterios de seguridade, saúde e responsabilidade, e garantindo a docencia nun escenario non presencial ou parcialmente presencial. Estas medidas xa planificadas garanten, no momento que sexa preceptivo, o desenvolvemento da docencia dun modo máis áxil e eficaz ao ser coñecido de antemán (ou cunha ampla antelación) polo alumnado e o profesorado a través da ferramenta normalizada e institucionalizada das guías docentes.

As porcentaxes das actividades avaliadas non se modificarán en caso de docencia unicamente virtual.

DATOS IDENTIFICATIVOS				
Tradución entre lingua A1 e lingua A2				
Materia	Tradución entre lingua A1 e lingua A2			
Código	V01G230V01501			
Titulacion	Grao en Tradución e Interpretación			
Descriptores	Creditos ECTS	Carácter	Curso	Cuadrimestre
	6	OB	3	1c
Lingua impartición	Castelán Galego			
Departamento	Tradución e lingüística			
Coordinador/a	Valado Fernández, Liliana			
Profesorado	Valado Fernández, Liliana			
Correo-e	lilianavalado@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral	Única materia non especializada ao longo da carreira que combina a tradución do castelán cara ao galego. Os contidos estrutúranse en tres bloques: un introdutorio, outro sobre linguas de tradución castelá e galega e un último sobre a tradución editorial, e só se imparte unha introdución á práctica da tradución administrativa, xa que existe unha materia de especializada específica desta modalidade de tradución en cuarto curso do grao. Esta secuencialización de contidos permite adquirir coñecementos temáticos e lingüísticos de modo previo a iniciarse no traballo tradutolóxico na combinación castelán-galego-castelán, é dicir, a práctica da tradución correspóndese cun 50% na dirección de castelán a galego e 50% de galego a castelán.			

Competencias	
Código	
CE3	Dominio da lingua propia, escrita e oral
CE4	Coñecer norma e usos das linguas de traballo
CE5	Dominio de técnicas terminolóxicas e neolóxicas para a tradución especializada
CE8	Destreza para a procura de información/documentación
CE9	Coñecemento dos aspectos económicos e profesionais
CE10	Capacidade de traballo en equipo
CE17	Capacidade de tomar decisións
CE18	Capacidade de aplicar os coñecementos á práctica
CE21	Rigor e seriedade no traballo
CE22	Destrezas de tradución
CE27	Capacidade de razoamento crítico
CE28	Posuír unha gran competencia sociolingüística
CE33	Dominio oral e escrito da lingua propia
CT1	Comunicación oral e escrita na lingua propia. Prestarase especial atención ao coñecemento e correcto uso das 2 linguas cooficiais da Comunidade Autónoma de Galicia
CT7	Toma de decisións
CT8	Compromiso ético e deontolóxico
CT12	Traballo en equipo
CT15	Aprendizaxe autónoma
CT22	Capacidade de aplicar os coñecementos na práctica

Resultados de aprendizaxe		
Resultados de aprendizaxe		Competencias
Identificación e análise dos problemas de tradución que presentan os diferentes campos temáticos do saber producidos nas liñas de xestión que designan os materiais educativos e non educativos editados por unha empresa editorial en linguas castelá e galega	CE8 CE9 CE22	
Desenvolvemento da autonomía no traballo profesional a través da simulación de encomendas profesionais respectando os parámetros de calidade	CE3 CE9 CE17 CE18 CE21 CE22	

Comunicación oral e escrita na lingua propia. Prestarase especial atención ao coñecemento e correcto uso das 2 linguas cooficiais da Comunidade Autónoma de Galicia	CE3 CE4 CE5 CE18 CE27 CE33	CT1
Capacidade para simular un protocolo de tradución editorial	CE10 CE21 CE22 CE33	CT7 CT8 CT12
Destrezas prácticas da tradución xeral do galego ao castelán e do castelán ao galego	CE3 CE4 CE22 CE28	CT1 CT22
□□□□□□ □□□□Crear espírito crítico e autocrítico para desenvolver a fase de revisión.	CE18	
Aprender a traballar e traballar en equipos de carácter transdisciplinar, emulando o traballo profesional		CT12
Adquirir un compromiso deontolóxico ante o labor tradutor, tendo presentes os parámetros de calidade na tradución	CE9 CE17	CT15

Contidos	
Tema	
Tema 1: Coñecementos temáticos básicos Tema 2: Iniciación á práctica profesional da tradución editorial e administrativa Tema 3: Clasificación e características específicas dos textos editoriais traducidos Tema 4: Linguas da tradución: castelán e galego Tema 5: Tradución editorial: práctica	1.1 Introdución a unha panorámica do sector editorial: edición traducida castelán-galego 2.1 Introdución aos aspectos profesionais da profesión: códigos deontolóxicos, asociacións profesionais, facturación 2.2 Encomenda de tradución, proceso de tradución e entrega da tradución 3.1 Introdución aos aspectos contrastivos da tradución editorial xeral castelán-galego-castelán 4.1 Control de calidade, corrección e revisión de traducións: baremo 5.1 O proceso de tradución coas súas dificultades e estratexias 5.2 Tradución de materiais editoriais pertencentes a diversos ámbitos do saber con diversas técnicas: tradución á vista, autotradución e tradución de textos 5.3 Simulación do proceso de tradución editorial cara ao galego: do TO ao TM

Planificación			
	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Lección maxistral	10	20	30
Actividades introdutorias	8	10	18
Debate	8	25	33
Prácticas de laboratorio	15	35	50
Resolución de problemas e/ou exercicios	7	12	19

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente	
	Descrición
Lección maxistral	O peso das sesións maxistrais serve de introdución a cada un dos temas citados no apartado de contidos. Concéntranse en maior medida nas actividades de tradución previstas dos temas últimos. As clases teóricas e prácticas compleméntanse con titorías en grupo nas que se propoñen traballos colectivos de tradución. Trátase de fomentar a autoaprendizaxe coa elaboración conxunta de encomendas curtas.
Actividades introdutorias	Os primeiros temas inclúe contidos introdutorios tanto ao contexto da tradución editorial no par de linguas castelán e galego, como á súa teoría tradutolóxica. Neste senso, exporase e ampliarase (en función do ritmo da aula) parte das referencias bibliográficas, así como tamén se impartirán oralmente contidos dos que o alumnado deberá tomar apuntamentos, xa que se trata de materia obxecto de avaliación. A impartición estará principalmente constituída por traballos do profesorado encargado da materia (entre outras e outros especialistas). Estas obras aparecen cientificamente recensionadas, tal e como quedará exposto ao longo do curso.
Debate	As revisión e corrección das encomendas de tradución (prácticas de laboratorio) durante as sesións. Nos casos nos que estas revisión e corrección non sexan avaliacións individualizadas, previa indicación da profesora, serán en grupos simulando a práctica do traballo de traducir en grupos ou equipos de tradución, tal e como sucede no ámbito real profesional. A participación nestes debates será anotada pola docente e formará parte da cualificación.

Prácticas de laboratorio	Para determinar o nivel inicial do alumnado nas prácticas de laboratorio (práctica de tradución) realizarase unha proba piloto ou proba de nivel, cuxo obxectivo é cualificar a competencia tradutora. As clases prácticas estrutúranse conforme ás horas de docencia que se dedican ás actividades previstas para a comparación de traducións, retrotradución e iniciación. Prevese que a docente revise textos corrixidos previamente na aula para ponderar a calidade das traducións, a comprensión das súas explicacións e detectar posibles alternativas de tradución ou erros que non saísen na corrección anterior. Nelas incidirase na evolución de resultados da encomenda, orientará futuras encomendas e proporanse tarefas alternativas de reforzo. A docente terá a oportunidade de observar a metodoloxía de traballo e orientará as tarefas auxiliares á tradución. As clases teóricas e prácticas compleméntanse con titorías en grupo. Trátase de fomentar a autoaprendizaxe coa elaboración conxunta de encomendas curtas.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Prácticas de laboratorio	As prácticas implican revisión e corrección durante as sesións.

Avaliación

	Descrición	Cualificación	Competencias Avaliadas	
Lección maxistral	Materia impartida nas sesións plenarias a cargo da docente, é dicir, os apuntamentos tomados polo alumnado e os textos da teoría e contextualización. Proba individualizada sen consulta de materiais, nin dicionarios. Poderá ser unha proba de resposta media ou longa.	20	CE21 CE22 CE27 CE28	
Actividades introdutorias	Materia impartida nas sesións plenarias a cargo da docente, é dicir, os apuntamentos tomados polo alumnado e os textos da introdución. Proba individualizada sen consulta de materiais, nin dicionarios.	20	CE33	CT1 CT7
Prácticas de laboratorio	1 proba individualizada presencial de tradución castelán-galego.	30	CE3 CE4 CE5 CE8 CE9 CE10 CE17 CE18	
Resolución de problemas e/ou exercicios	1 proba individualizada presencial de revisión e corrección con marcas sobre papel.	30		CT15 CT22

Outros comentarios sobre a Avaliación

a) Avaliación continua e única

O alumnado poderá adherirse a **un dos dous sistemas de avaliación** estimados, é dicir, **avaliación continua** (v. **1**) ou **avaliación única** (v. **2**)

1 Avaliación continua: para o alumnado que realice as 2 probas examinatorias de máis abaixo, así como que entregue as actividades solicitadas ao longo do curso.

As **actividades** obxecto de entrega e avaliación serán:

-- **revisión e corrección xustificadas individuais dunha tradución** (a cualificación será numérica): 30**%.A entrega é presencial; a data será fixada pola docente ao longo do curso e publicada en Moovi.**

Así mesmo, para superar a materia e facer media, é imprescindible aprobar tamén as **dúas probas examinatorias** que se realizarán ao longo do curso (metade e final de curso).

A primeira proba (40%) contará cunha parte teórica (lecciónns maxistrais, contextualización, actividades introdutorias, teoría, procesos, ética...); **a data será fixada pola docente ao longo do curso e publicada en Moovi.**

A segunda (30%) consistirá na realización dunha tradución (600 palabaras máximo) ao final de curso **(durante a penúltima sesión de aula).**

No caso de suspender unha delas, gardarase a aprobada até o exame oficial de xuño-xullo (data oficial para a segunda edición de actas).

No caso da avaliación continua, a asistencia non é obrigatoria, pero a docente poderá establecer outros sistemas de control da participación do estudantado (traballos de curso con prazos en Moovi, etc).

2 Avaliación única:

Existen dúas convocatorias: **en xaneiro (na data oficial de exame para a primeira edición de actas fixada pola FFT)** e **en xuño-xullo (igualmente na data oficial para a segunda edición de actas).** As probas consisten en:

 Proba teórica (40%): conformada a partir dos contidos de **"[lectura obrigatoria]"** que aparecen en Moovi (e dispoñibles na biblioteca). A extensión será acorde co tempo de exame. Proba individualizada sen consulta de materiais, nin dicionarios. Será unha proba de tipo resposta media ou longa. O alumnado será penalizado con -0.2, no caso de resposta incorrecta.

 Proba práctica 1 (30%): traducións con dicionario (castelán-galego) de textos tematicamente vinculados aos empregados nas prácticas (e dispoñibles a través de Moovi). A extensión será acorde co tempo de exame.

 Proba práctica 2 (30%): revisión e corrección (con marcas sobre papel) individuais dunha tradución de textos tematicamente vinculados aos empregados nas prácticas (e dispoñibles a través de Moovi). A extensión será acorde co tempo de exame.

En ningún caso, as probas serán compensatorias entre elas. A cualificación de aprobado/a acadaraa quen supere todas e cada unha delas.

Ao ser única, non se gardan as partes aprobadas dunha convocatoria de actas para a otra.

Importante: para adherirse á avaliación única o estudantado deberá enviar un correo electrónico á docente antes de 30 de setembro de 2021 (agás casos excepcionais, debido a unha situación sobrevida).

c) Baremo e outros comentarios
*O **baremo** é o seguinte:*

1 Exercicio de proba teórica sobre lecturas: *resposta incorrecta: -0,2.*

Os erros ortograficogramaticais así como os tipográficos tamén descontan nesta parte, tal e como aparece a continuación.

2 Exercicio de tradución*:*
Sen sentido (SS): -1,00

Contrasentido (CS): -1,00

Sentido diferente (DS): -1,00

Omisións (Om): -1,00

Erro de gramática (G): -0,50

Erro de sintaxe (S): -0,50

Erro de léxico (S): -0,50

Erro de ortografía (O): -0,25

Non idiomático ou erro de estilo (E): -0,15

A avaliación terá en conta non só a pertinencia e calidade do contido das respostas senón tamén a súa corrección lingüística.
A copia ou plaxio total ou parcial en calquera tipo de traballo ou exame suporá un cero nesa proba. Alegar descoñecemento do que supón un plaxio non eximirá o alumnado da súa responsabilidade neste aspecto.
É responsabilidade do alumnado consultar os materiais e as novidades a través da plataforma Moovi e de estar ao tanto das datas nas que as probas de avaliación teñen lugar.

Bibliografía. Fontes de información
Bibliografía Básica
ACT, **La importancia del español y su traducción multilingüe en la empresa.**, AENOR., 2006
Bibliografía Complementaria
ISO, **UNE-EN ISO 17100:2015. Servicios de traducción. Requisitos para los servicios de traducción.**, AENOR, 2015
Buján, P. e outros, **RE-)WRITING THE MARGIN. TRANSLATION AND GENDER IN GALICIAN LITERATURE**, UA, 2011
ISO, **UNE-EN ISO 17100:2015. Servicios de traducción. Requisitos para los servicios de traducción.**, AENOR, 2015
Valado, L., **Lingua da edición en Galicia**, UVI, 2012
Cortizas, A., **Enciclopedia dos xogos populares.**, Galinova, 2004
Even-Zohar, I., **A posición da tradución literaria dentro do polisistema literario**, UVI, 1996

ernández Rodríguez, A., **O papel da tradución no sistema lingüístico e literario nacional: o ámbito galego**, Galaxia, 1995
Galanes Santos, I., **O galego como lingua de especialidade**, CCG, 2002
González Millán, X, **Cara a unha teoría para sistemas literarios 'marxinais'. A situación galega**, UVI, 1995
Luna Alonso, A., **De nós cara a outras linguas**, Xunta de Galcia, 2008
Noia Campos, M C, **Historia da tradución en Galicia no marco da cultura europea**, UVI, 1995
Valado, L., **Quen traduce en Galicia?**, Xunta de Galicia, 2008
Valado, L., **Xestión de proxectos de tradución editorial. Fase 1: Do texto orixinal ao texto meta sen editar. Fase 2: Do texto meta editado á produción do texto meta definitivo.**, [facilitarase o guión durante a proxección en aula, [no prelo]
Valado, L., **Lingua da edición en Galicia". En Tradución na edición de libro de texto. Proposta de protocolo de actuación do castelán ao galego na procura de calidade**, UVI, 2012
VV.AA., **Criterios para o uso da lingua.**, UDC, 2006

Recomendacións

Materias que continúan o temario

Introdución aos ámbitos de especialización para a tradución e a interpretación e aspectos profesionais da tradución/V01G230V01621
Ferramentas para a tradución e a interpretación IV: Revisión e corrección de textos/V01G230V01701
Prácticas externas: Prácticas en empresas e organismos/V01G230V01981
Tradución especializada lingua A1-lingua A2/V01G230V01930
Tradución editorial idioma 1: Inglés-Galego/V01G230V01926

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Lingua: Lingua A1, I: Expresión escrita e oral: Español/V01G230V01102
Ferramentas para a tradución e a interpretación II: Documentación/V01G230V01313
Ferramentas para a tradución e a interpretación III: Terminoloxía/V01G230V01518
Lingua: Lingua A1, I: Expresión escrita e oral: Galego/V01G230V01101

Outros comentarios

A copia ou plaxio total ou parcial en calquera tipo de traballo ou exame suporá un 0 nesa proba. Alegar descoñecemento do que supón un plaxio non eximirá o estudantado da súa responsabilidade neste aspecto.

Plan de Continxencias

Descrición

=== MEDIDAS EXCEPCIONAIS PLANIFICADAS ===
Ante a incerta e imprevisible evolución da alerta sanitaria provocada pola COVID- 19, a Universidade establece una planificación extraordinaria que se activará no momento en que as administracións e a propia institución o determinen atendendo a criterios de seguridade, saúde e responsabilidade, e garantindo a docencia nun escenario non presencial ou non totalmente presencial. Estas medidas xa planificadas garanten, no momento que sexa preceptivo, o desenvolvemento da docencia dun xeito mais áxil e eficaz ao ser coñecido de antemán (ou cunha ampla antelación) polo alumnado e o profesorado a través da ferramenta normalizada e institucionalizada das guías docentes DOCNET.

Na metodoloxía non presencial, cómpre indicar que se manteñen as metodoloxías da presencial, é dicir, contidos, avaliación e titorías coa salvidade de que se realizarán coas ferramentas proporcionadas pola Universidade de Vigo (aulas e despachos virtuais, correo electrónico e Faitic).

Na modalidade mixta, na que unha parte do estudantado asistirá ás aulas de forma presencial e outra parte seguirá as clases dun modo síncrono (preferentemente) ou asíncrono: o profesorado manterá as metodoloxías, a atención personalizada e os sistemas de avaliación como se indica para a modalidade presencial, adaptando os grupos de estudantes e as quendas para cumprir coa normativa sanitaria que se estableza no seu momento.

Tanto nas versións mixta coma non presencial, nas probas avaliativas non presenciais, esixirase que o estudantado acenda cámara e micrófono dos seus equipos informáticos así como que asine unha declaración xurada de autoría propia (para asegurar que non hai plaxio). A identificación mediante DNI escaneado ou fotografado (enviado por correo electrónico á docente no momento da proba avaliativa) será obrigatoria para poder acceder á mesma. As sesións de probas non presenciais serán gravadas.

DATOS IDENTIFICATIVOS

Tradución idioma 1, II: Inglés-Galego

Materia	Tradución idioma 1, II: Inglés-Galego			
Código	V01G230V01502			
Titulacion	Grao en Tradución e Interpretación			
Descriptores	Creditos ECTS	Carácter	Curso	Cuadrimestre
	6	OB	3	1c
Lingua impartición	Galego			
Departamento	Tradución e lingüística			
Coordinador/a	Currais Arcay, Jacobo			
Profesorado	Currais Arcay, Jacobo			
Correo-e	xcurrais@yahoo.co.uk			
Web				
Descrición xeral	Teoría e práctica da tradución inglés-galego (tradución directa).			

Competencias

Código	
CB1	Que os estudantes demostren posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral e adoita atoparse a un nivel que, malia se apoiar en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo.
CB2	Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
CB3	Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
CB4	Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solución a un público tanto especializado coma non especializado.
CB5	Que os estudantes desenvolvan aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.
CE1	Dominio de linguas estranxeiras
CE2	Coñecemento de culturas e civilizacións estranxeiras
CE3	Dominio da lingua propia, escrita e oral
CE4	Coñecer norma e usos das linguas de traballo
CE8	Destreza para a procura de información/documentación
CE10	Capacidade de traballo en equipo
CE14	Dominio de ferramentas informáticas
CE17	Capacidade de tomar decisións
CE18	Capacidade de aplicar os coñecementos á práctica
CE21	Rigor e seriedade no traballo
CE22	Destrezas de tradución
CE25	Coñecementos de cultura xeral e civilización
CE27	Capacidade de razoamento crítico
CE32	Saber recoñecer a diversidade e multiculturalidade
CE33	Dominio oral e escrito da lingua propia
CT4	Resolución de problemas
CT5	Coñecementos de informática aplicada
CT6	Capacidade de xestión da información
CT7	Toma de decisións
CT8	Compromiso ético e deontolóxico
CT9	Razoamento crítico
CT10	Recoñecemento da diversidade e a multiculturalidade
CT12	Traballo en equipo
CT14	Motivación pola calidade
CT18	Creatividade

Resultados de aprendizaxe

Resultados de aprendizaxe	Competencias

Profundizar no coñecemento das dúas linguas de traballo, inglés (Idioma I) e galego (Lingua I), sobre todo nos niveis lexical, morfosintáctico e textual.	CB1 CB3 CB4 CB5	CE1 CE3 CE4 CE18 CE27 CE33	CT9
Ser capaz de recoñecer nun texto-fonte escrito en inglés, e en relación á lingua e á comunidade sociocultural de chegada (galegas), as estruturas lexicais e morfosintácticas e os trazos textuais e culturais que, no cadro da correspondente tradución (instrumental ou documental), se revelarán críticos ou problemáticos.	CB1 CB2 CB3 CB4 CB5	CE1 CE2 CE3 CE4 CE17 CE18 CE25 CE27	CT10
Ser capaz, autónoma e eficazmente, de detectar e analizar problemas tradutivos e de aplicar as pertinentes estratexias tradutivas no cadro da tradución instrumental para galego de textos pragmáticos, non especializados, compostos en inglés e pertencentes a diversos xéneros e campos.	CB1 CB2 CB3 CB4 CB5	CE3 CE4 CE10 CE17 CE18 CE22 CE27	CT7 CT9 CT12 CT14
Ser capaz de utilizar con proveito as diversas fontes de información e ferramentas de traballo de que hoxe dispón o tradutor profesional, tanto as tradicionais como as encadradas nas TIC.	CB1 CB2 CB3 CB4 CB5	CE8 CE14 CE22	CT4 CT5 CT6 CT9
Fomentar a curiosidade intelectual e o espírito crítico en relación ao uso das linguas, ben como desenvolver un concepto profesional da actividade tradutiva, conforme o cal o tradutor actúe como mediador cultural orientado por principios deontolóxicos e de calidade.	CB1 CB2 CB3 CB4 CB5	CE4 CE10 CE21 CE32	CT8 CT9 CT12 CT14 CT18

Contidos

Tema	
Caraterización da tradución no seu encadramento sociocultural e profesional	Participantes e factores envolvidos no proceso da tradución profesional. Análise textual da tradutora. Tipoloxía da tradución: a tradución instrumental. Modificacións substanciais na tradución comunicativa e tratamento tradutivo das discordancias interculturais.
Restauración estrutural e potenciación expresiva do galego en canto lingua meta da tradución	Degradación e rexeneración do léxico galego: habilitación en galego do léxico moderno, culto e de especialidade. Estruturas morfosintácticas críticas na tradución inglés-galego (colocación do pronome átono, infinitivo flexionado, futuro do conxuntivo, voz pasiva, nexos de relativo, oracións condicionais, perfectividade, formación dos complementos directo e indirecto).
Análise dos problemas e das estratexias da tradución instrumental de textos pragmáticos de inglés para galego	Utilización dos dicionarios por parte da tradutora. Introdución á tradución de textos pertencentes a (sub)xéneros como artigo xornalístico, textos publicitarios, textos institucionais, textos literarios, artigo de divulgación científica, actas de congresos, etc.
A profesión e o mercado laboral	Familiarización con diversos aspectos relativos á profesión tradutora e ao mercado laboral.

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Actividades introdutorias	2	0	2
Lección maxistral	10	20	30
Resolución de problemas	8	18	26
Estudo de casos	26	52	78
Traballo tutelado	2	12	14

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Actividades introdutorias	Tomada de contacto co estudantado e presentación da disciplina.
Lección maxistral	Presentación dos temas teóricos do programa.

Resolución de problemas	Análise e resolución individual e colectiva de exercicios que visan desenvolver no estudantado competencia expresiva e destrezas metodolóxicas.
Estudo de casos	Presentación e análise de casos ou situacións habituais na práctica profesional mediante a realización de encomendas de tradución individuais e posta en común das mesmas.
Traballo tutelado	Proporanse actividades para que o estudantado poña en práctica o asimilado en clase. O obxectivo destes traballos é fomentar a aprendizaxe, a capacidade de traballo en equipo e as habilidades para a resolución de problemas.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Lección maxistral	Mediante consultas realizadas á/ao docente da disciplina (de modo presencial, durante o seu horario de atendemento na FFT, ou a través do correo electrónico). A finalidade deste atendemento personalizado é asesorar o estudantado sobre a realización das actividades do curso (exercicios, encomendas de tradución, traballo en equipo...).
Traballo tutelado	Mediante consultas realizadas á/ao docente da disciplina (de modo presencial, durante o seu horario de atendemento na FFT, ou a través do correo electrónico). A finalidade deste atendemento personalizado é asesorar o estudantado sobre a realización das actividades do curso (exercicios, encomendas de tradución, traballo en equipo...).
Estudo de casos	Mediante consultas realizadas á/ao docente da disciplina (de modo presencial, durante o seu horario de atendemento na FFT, ou a través do correo electrónico). A finalidade deste atendemento personalizado é asesorar o estudantado sobre a realización das actividades do curso (exercicios, encomendas de tradución, traballo en equipo...).
Resolución de problemas	Mediante consultas realizadas á/ao docente da disciplina (de modo presencial, durante o seu horario de atendemento na FFT, ou a través do correo electrónico). A finalidade deste atendemento personalizado é asesorar o estudantado sobre a realización das actividades do curso (exercicios, encomendas de tradución, traballo en equipo...).

Avaliación

	Descrición	Cualificación	Competencias Avaliadas		
Resolución de problemas	Realización individual dunha encomenda de tradución, comentando as fontes de documentación e bibliografía empregadas.	35	CB2	CE1 CE3 CE4 CE18 CE22 CE33	CT4 CT9
Estudo de casos	Realización de modo autónomo e individual dunha encomenda de tradución que trata de reproducir as condicións da práctica profesional.	35	CB1	CE1 CE2 CE3 CE4 CE8 CE14 CE17 CE18 CE22 CE27	CT5 CT7 CT8 CT9 CT14 CT18
Traballo tutelado	Elaboración en equipo e exposición pública dun traballo consistente na tradución comentada dun texto.	30	CB2 CB3	CE1 CE2 CE3 CE4 CE8 CE10 CE14 CE17 CE18 CE22 CE27 CE33	CT4 CT5 CT7 CT9 CT12 CT14 CT18

Outros comentarios sobre a Avaliación

A presente disciplina pode cursarse, na primeira convocatoria anual, en réxime de avaliación continua (en que se avaliará fundamentalmente a adquisición de competencia tradutiva e a participación regular e activa nas aulas) ou de avaliación única (exame oficial). No entanto, na convocatoria de xullo só é posible o réxime de avaliación única (exame oficial).

Na primeira convocatoria anual enténdese que a/o estudante opta polo réxime de avaliación continua cando realiza algunha das actividades da avaliación continua. Para superar a avaliación continua, a/o estudante deberá obter o aprobado na media aritmética ponderada das cualificacións nas tres probas (ningunha das cualificacións parciais poderá en principio ser inferior a 4 sobre 10). As/os estudantes que non superen a avaliación continua mediante as actividades referidas deberán realizar o exame oficial da convocatoria de xullo.

O exame oficial da disciplina (convocatorias de decembro [data, hora e lugar establecidos polo Decanato] e xullo [data, hora e lugar establecidos polo Decanato]) consta dunha parte práctica (100%) consistente nunha ou dúas traducións sobre temas tratados na clase.

A copia ou plaxio nos traballos de tradución, nas encargas de tradución e/ou no exame terá como consecuencia unha cualificación global negativa. Alegar descoñecemento do que supón un plaxio non eximirá o alumnado da súa responsabilidade neste aspecto.

É responsabilidade do alumnado consultar os materiais e as novidades relativas á materia a través da plataforma MOOVI, así como estar ao tanto das datas nas que as probas de avaliación teñen lugar.

Esta materia non está dirixida á aprendizaxe do galego nin do inglés. Considérase que o alumnado xa posúe un bo nivel do seu idioma 1. Para poder cursar a materia recoméndase como mínimo un nivel B2 de galego.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

AA.VV., **Dicionário de Inglês-Português**, 5.ª ed., Porto Editora / www.infopedia.pt, 2009

GARRIDO, Carlos, **«Estratégia para a habilitaçom em galego do léxico especializado e culto»**, LECTURA OBRIGATORIA, Através Editora, 2006

Bibliografía Complementaria

AA.VV., **Dicionário Visual Verbo. Português, Francês, Inglês**, 1.ª ed., Editorial Verbo, 1995

GÓMEZ GUINOVART, Xavier, Alberte ÁLVAREZ LUGRÍS e Eva DÍAZ RODRÍGUEZ, **Dicionario Moderno Inglés-Galego**, 1.ª ed., 2.0 Editora, 2012

AA.VV., **Webster's Third New International Dictionary**, 1.ª ed., Merriam-Webster, 1986

STEVENSON, Angus (dir.), **Shorter Oxford English Dictionary**, 6.ª ed., Oxford University Press, 2007

GARRIDO, Carlos, **Léxico Galego. Degradaçom e Regeneraçom**, 1.ª ed., Edições da Galiza, 2011

HOUAISS, Antônio, Mauro DE SALLES VILLAR e Francisco Manoel DE MELLO FRANCO (dir.), **Dicionário Houaiss da Língua Portuguesa**, 1.ª ed., Editorial Objetiva, 2002

Real Academia Galega, **Dicionario da Real Academia Galega**, 3.ª ed., www.academia.gal, 2013-

COSTA CASAS, X. X., M. A. GONZÁLEZ REFOXO, C. C. MORÁN FRAGA e X. C. RÁBADE, **Nova Gramática para a Aprendizaxe da Língua**, 1.ª ed., Vía Láctea, 1988

La bibliografía se completará en clase,

Recomendacións

Materias que continúan o temario

Tradución idioma 1, III: Inglés-Galego/V01G230V01605

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Tradución idioma 1, I: Inglés-Galego/V01G230V01309

Outros comentarios

Recoméndase cursar todas as materias da combinación lingüística inglés-galego.

Plan de Continxencias

Descrición

«Plan de continxencia sobre a modalidade mixta, na que unha parte do estudantado asistirá ás aulas de forma presencial e outra parte seguirá as clases dun modo síncrono (preferentemente) ou asíncrono: o profesorado manterá as metodoloxías, a atención personalizada e os sistemas de avaliación como se indica para a modalidade presencial, adaptando os grupos de estudantes e as quendas para cumprir coa normativa sanitaria que se estableza no seu momento».

No caso de que a docencia presencial fose completamente suspendida, non se cambiará nin a metodoloxía nin a avaliación, pero estas terán que adaptarse ás plataformas de teledocencia que resultar preciso utilizar.

DATOS IDENTIFICATIVOS				
Tradución idioma 1, II: Inglés-Español				
Materia	Tradución idioma 1, II: Inglés-Español			
Código	V01G230V01503			
Titulacion	Grao en Tradución e Interpretación			
Descriptores	Creditos ECTS	Carácter	Curso	Cuadrimestre
	6	OB	3	1c
Lingua impartición	Castelán Inglés			
Departamento	Tradución e lingüística			
Coordinador/a	Currais Arcay, Jacobo			
Profesorado	Currais Arcay, Jacobo Gómez López, Elisa			
Correo-e	xcurrais@yahoo.co.uk			
Web				
Descrición xeral	Teoría e práctica da tradución inglés-español (tradución directa).			

Competencias	
Código	
CE1	Dominio de linguas estranxeiras
CE2	Coñecemento de culturas e civilizacións estranxeiras
CE3	Dominio da lingua propia, escrita e oral
CE4	Coñecer norma e usos das linguas de traballo
CE8	Destreza para a procura de información/documentación
CE9	Coñecemento dos aspectos económicos e profesionais
CE17	Capacidade de tomar decisións
CE18	Capacidade de aplicar os coñecementos á práctica
CE21	Rigor e seriedade no traballo
CE22	Destrezas de tradución
CE27	Capacidade de razoamento crítico
CT2	Coñecemento dunha segunda e unha terceira lingua estranxeira
CT4	Resolución de problemas
CT7	Toma de decisións
CT9	Razoamento crítico
CT12	Traballo en equipo
CT14	Motivación pola calidade
CT15	Aprendizaxe autónoma
CT17	Comprensión doutras culturas e costumes
CT18	Creatividade
CT22	Capacidade de aplicar os coñecementos na práctica
CT23	Capacidade de traballo individual

Resultados de aprendizaxe		
Resultados de aprendizaxe	Competencias	
O alumno será capaz de analizar o xénero e rexistro do TO e o encargo de tradución co fin de deseñar unha estratexia de tradución apropiada	CE4 CE17 CE22	CT4 CT7 CT17 CT22
O alumno será capaz de detectar problemas de tradución e resolvelos escollendo, entre as diversas posibilidades, a máis apropiada	CE17 CE18 CE22	CT4 CT7 CT9 CT15 CT17 CT23
O alumno manexará as fontes documentais básicas para a tradución inglés-español de textos xerais	CE1 CE2 CE3 CE4 CE8	CT2 CT7

O alumno será capaz de levar a cabo de forma apropiada o proceso de tradución de textos ingleses de xéneros diferentes e saberá defender o seu traballo	CE1 CE4 CE17 CE18 CE21 CE22 CE27	CT7 CT9 CT12 CT14 CT15 CT17 CT18 CT22 CT23
O alumno terá unha primeira toma de contacto co mundo profesional do mediador	CE9	

Contidos

Tema	
Caraterización da tradución no seu encadramento sociocultural e profesional	Participantes e factores envolvidos no proceso da tradución profesional. Análise textual da tradutora. Tipoloxía da tradución: a tradución instrumental. Modificacións substanciais na tradución comunicativa e tratamento tradutivo das discordancias interculturais.
Análise dos problemas e das estratexias da tradución instrumental de textos pragmáticos de inglés para español	Utilización dos dicionarios por parte da tradutora. Introdución á tradución de textos pertencentes a (sub)xéneros como artigo xornalístico, textos institucionais, textos literarios, artigo de divulgación científica, actas de congresos, etc.
A profesión e o mercado laboral	Familiarización con diversos aspectos relativos á profesión tradutora e ao mercado laboral.

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Traballo tutelado	11	0	11
Resolución de problemas	27	42	69
Estudo de casos	0	15	15
Lección maxistral	12	18	30
Actividades introdutorias	2	0	2
Seminario	2	0	2
Resolución de problemas de forma autónoma	0	21	21

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Traballo tutelado	Proporanse actividades para que o estudantado poña en práctica o asimilado en clase. O obxectivo destes traballos é fomentar a aprendizaxe, a capacidade de traballo en equipo e as habilidades para a resolución de problemas.
Resolución de problemas	Tras as sesións teóricas, o estudantado traballará na aula con diversos exercicios, de diversas lonxitudes, que estarán baseados na resolución de problemas dentro de distintos ámbitos da tradución. Estes exercicios, que se resolverán individual ou colectivamente, poderán ser tanto de tradución como de revisión.
Estudo de casos	Presentación e análise de casos ou situacións habituais na práctica profesional mediante a realización de encomendas de tradución individuais e posta en común destas.
Lección maxistral	Nas sesións maxistrais explicaranse os puntos teóricos fundamentais de cada un dos temas, para a súa posterior práctica tanto dentro como fóra da aula. O estudantado terá que ter en conta esta teoría á hora de afrontar as diversas prácticas.
Actividades introdutorias	A primeira sesión presencial desta materia dedicarase a explicar con detalle os obxectivos que se pretenden alcanzar, o temario, a forma na que se desenvolverá a docencia e os procedementos de avaliación.
Seminario	Nas titorías grupais comentaranse e revisaranse os exercicios e as entregas da materia.
Resolución de problemas de forma autónoma	Ademais do traballo en clase, o estudantado terá tamén actividades para traballar en casa individualmente, nas que deberá aplicar e familiarizarse cos aspectos teóricos presentados na aula.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Resolución de problemas de forma autónoma	A/o docente estará a disposición do estudantado tanto en clase como en horas de titorías (presenciais ou telemáticas) para resolver dúbidas.
Traballo tutelado	A/o docente estará a disposición do estudantado tanto en clase como en horas de titorías (presenciais ou telemáticas) para resolver dúbidas.

Resolución de problemas	A/o docente estará a disposición do estudantado tanto en clase como en horas de titorías (presenciais ou telemáticas) para resolver dúbidas.

Avaliación

	Descrición	Cualificación	Competencias Avaliadas	
Resolución de problemas	Resolución, de modo autónomo e/ou grupal, de varios encargos e/ou traballos que estarán distribuídos ao longo do período de docencia. Cada un deses encargos e/ou traballos recibirá unha cualificación que corresponderá a unha parte porcentual dunha nota global que se obterá realizando a media aritmética das cualificacións parciais.	100	CE1 CE2 CE3 CE4 CE8 CE9 CE18 CE21 CE27	CT4 CT12 CT22

Outros comentarios sobre a Avaliación

A presente disciplina pode cursarse, na primeira convocatoria anual, en réxime de avaliación continua (en que se avaliará fundamentalmente a adquisición de competencia tradutiva e a participación regular e activa nas aulas) ou de avaliación única (exame oficial). No entanto, na convocatoria de xullo só é posible o réxime de avaliación única (exame oficial).

Na primeira convocatoria anual enténdese que a/o estudante opta polo réxime de avaliación continua cando realiza algunha das actividades da avaliación continua. Para superar a avaliación continua, a/o estudante deberá obter o aprobado na media aritmética ponderada das cualificacións nos encargos e/ou traballos (ningunha das cualificacións parciais poderá en principio ser inferior a 4 sobre 10). As/os estudantes que non superen a avaliación continua mediante as actividades referidas deberán realizar o exame oficial da convocatoria de xullo.

O exame oficial da disciplina (convocatorias de decembro [data, hora e lugar establecidos polo Decanato] e xullo [data, hora e lugar establecidos polo Decanato]) consta dunha parte práctica (100%) consistente nunha ou dúas traducións sobre temas tratados na clase.

A copia ou plaxio nos traballos de tradución, nas encargas de tradución e/ou no exame terá como consecuencia unha cualificación global negativa. Alegar descoñecemento do que supón un plaxio non eximirá o alumnado da súa responsabilidade neste respecto.

É responsabilidade do estudantado consultar os materiais e as novidades relativas á materia a través da plataforma MOOVI, así como estar ao tanto das datas nas que as probas de avaliación teñen lugar.

Esta materia non está dirixida á aprendizaxe do español nin do inglés. Considérase que o alumnado xa posúe un bo nivel do seu idioma 1. Para poder cursar a materia recoméndase como mínimo un nivel B2 de español.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Biel, L., **Working for translation agencies as a freelancer: a guide for novice translators**, 2008

Epstein, J., **Educating the customer**, 2006

Ricagno, M. A., **The management by the freelance translator. Practical rules to schedule your workday and activities**, 2011

Bibliografía Complementaria

Nord, C., **Text Analysis in Translation: Theory, Methodology and Didactic Application of a Model for Translation-oriented Text Analysis (traducción del original alemán de 1988)**, Rodopi, 2005

Newmark, P., **A Textbook of Translation**, Prentice Hall International, 1988

Baker, Mona, **Routledge Encyclopedia of Translation Studies**, Routledge, 2009

López Guix, J. G. y Minett Wilkinson, J., **Manual de traducción inglés-castellano**, Gedisa, 1997

A bibliografía poderá completarse nas aulas,

Recomendacións

Materias que continúan o temario

Tradución idioma 1, III: Inglés-Español/V01G230V01606

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Tradución idioma 1, I: Inglés-Español/V01G230V01310

Outros comentarios

A bibliografía desta materia completarase nas aulas.

O plaxio será duramente castigado, xa sexa parcial ou total, en calquera dos traballos entregados ou no exame. Alegar descoñecemento do que supón un plaxio non eximirá da responsabilidade do estudantado neste aspecto.

É moi importante a corrección lingüística. Neste punto dos estudos, considérase que o nivel lingüístico é elevado e os erros ortográficos serán penalizados con severidade.

Recoméndase que o estudantado estea atento á plataforma MOOVI ante posíbeis novidades, notas ou anuncios que se poidan publicar.

Para a pesquisa bibliográfica e outras fontes documentais, recoméndase acudir á biblioteca, onde hai dispoñibilidade destas.

Plan de Continxencias

Descrición

=== MEDIDAS EXCEPCIONAIS PLANIFICADAS ===
Ante a incerta e imprevisible evolución da alerta sanitaria provocada pola COVID- 19, a Universidade establece una planificación extraordinaria que se activará no momento en que as administracións e a propia institución o determinen atendendo a criterios de seguridade, saúde e responsabilidade, e garantindo a docencia nun escenario non presencial ou non totalmente presencial. Estas medidas xa planificadas garanten, no momento que sexa preceptivo, o desenvolvemento da docencia dun xeito mais áxil e eficaz ao ser coñecido de antemán (ou cunha ampla antelación) polo alumnado e o profesorado.

=== ADAPTACIÓN DAS METODOLOXÍAS ===
Ao tratarse dunha materia eminentemente práctica, as metodoloxías básicas da mesma manteranse. As posibles lecciónns maxistrais ou seminarios celebraranse a través de aulas virtuais e o alumno seguirá a ter que facer os mesmos traballos, só que, no canto de facelos na aula baixo a supervisión do profesor, terá que facelos pola súa conta e recibirá valoracións sobre os seu traballo posteriormente.

=== MODALIDADE MIXTA ===
Plan de continxencia sobre a modalidade mixta, na que unha parte do estudantado asistirá ás aulas de forma presencial e outra parte seguirá as clases dun modo síncrono (preferentemente) ou asíncrono: o profesorado manterá as metodoloxías, a atención personalizada e os sistemas de avaliación como se indica para a modalidade presencial, adaptando os grupos de estudantes e as quendas para cumprir coa normativa sanitaria que se estableza no seu momento.

DATOS IDENTIFICATIVOS				
Tradución idioma 1, II: Francés-Galego				
Materia	Tradución idioma 1, II: Francés-Galego			
Código	V01G230V01504			
Titulacion	Grao en Tradución e Interpretación			
Descriptores	Creditos ECTS	Carácter	Curso	Cuadrimestre
	6	OB	3	1c
Lingua impartición	Francés Galego			
Departamento	Tradución e lingüística			
Coordinador/a	Fernández Ocampo, Anxo			
Profesorado	Fernández Ocampo, Anxo			
Correo-e	valquente@gmail.com			
Web	http://http://paratraduccion.com/ocampo			
Descrición xeral	Esta materia pretende desenvolver e afianzar unha competencia tradutora entre o francés e o galego que permita afondar posteriormente en diferentes ámbitos de especialidade. Esta meta conseguirase mediante obxectivos metodolóxicos e profesionais para ofrecer ferramentas, estratexias e solucións ás circunstancias xerais da actividade tradutora do francés ó galego.			

Competencias	
Código	
CB1	Que os estudantes demostren posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral e adoita atoparse a un nivel que, malia se apoiar en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo.
A avaliación continua da materia realizarase de acordo cos criterios e porcentaxes que sinalados nos paragrafos precedentes. Resumo de probas avaliables, porcentaxes e requisitos para a aplicación dos mesmos:

*Traballos de aula: 10%

*Aprendizaxe baseada en proxectos (total 50%): encargo(s) 20% e proxecto 30%

*Resolución de problemas: *exames 40%. É necesario que a nota do segundo exame sexa igual ou superior a 5.

Trátase dun requisito necesario para proceder a aplicar as porcentaxes de avalaiación indicados.

** A nota final será o resultado da aplicación das porcentaxes indicadas sempre que se reúnan as condicións necesarias e os requisitos indicados para este sistema de avaliación.

Os/as estudantes que non superen a materia neste sistema de avaliación continua poden presentarse ao exame da convocatoria da 2a edición de actas (xuño-xullo). Data fixada polo Decanato, consultar calendario de exames web FFT. Indicarase a cada estudante, en función das cualificacións obtidas, si debe realizar todas as probas previstas nese exame (ver o indicado en apartado seguinte: B.2 Características) ou só algunha delas. Para superar a materia será necesario obter unha nota igual ou superior a cinco en cada unha das probas previstas neste exame ás que haxa que presentarse.

B) Avaliación única (todas as convocatorias):

Opción prevista para os/as estudantes que non poidan acollerse ao sistema de avaliación continua.

B.1) Datas: existen dúas posibilidades:

* Convocatoria primeira edición de actas (xaneiro): data fixada polo Decanato (consultar calendario de exames na web FFT).

IMPORTANTE: os/as estudantes que opten por este sistema de avaliación única deben porse en contacto por mail coa profesora coa antelación suficiente (non máis tarde da última semana de novembro).

* Convocatoria 2a edición de actas (xuño-xullo) : data fixada polo Decanato, (consultar calendario de exames na web *FFT).

B.2) Características: a avalaicón da materia realizarase por medio das seguintes probas:

1) Exame práctico (40%): a) proba práctica escrita con tempo limitado; b) Duración: 1h.15 horas; c)Tradución dun texto en francés ao español, poderase pedir así mesmo unha breve caracterización do TO; d)Extensión: ao redor de 400-500 palabras; e) Permítese o uso de fontes documentais en papel ou telemáticas.

2) Encargo/proxecto de traducción (50%): O día do exame práctico proporcionarase un dosier de textos en francés para traducir ao español. Hai que entregalo xunto coa proba que se segue (ver abaixo punto 3) no prazo que indicarase nese momento (entre 5 e 7 días en función da dispoñibilidade de tempo polas datas asignadas para o exame). - Aspectos que se deben incluír: a)Análise de cada texto obxecto de tradución; b)Textos traducidos; c)Comentario das dificultades que se atoparon en cada un dos textos traducidos, xustificando as solucións adoptadas; d)Factura; e)Bibliografía e fontes de documentación que se manexaron.

3) Exercicios (10%): O día do exame práctico proporcionarase unha serie de cuestións relacionadas coa traducción do francés ao español que figuren no programa e/ou nas lecturas obrigatorias. Hai que entregalas xunto coa proba indicada no punto anterior (punto 2) no prazo que se indicará nese momento (entre 5 e 7 días en función da dispoñibilidade de tempo polas datas asignadas para o exame).

NOTA: Para aplicar as porcentaxes indicadas a calificación obtida en cada unha das diferentes probas debe ser igual ou superior a 5. A orde de corrección das probas será: primeiro exame práctico, en caso de reunir a condición indicada (nota igual ou superior a 5) se correxirá o Encargo/proxecto de tradución e en caso de reunir a condición indicada (nota igual ou superior a 5) se correxirán os Exercicios.

As características do exame de avaliación única serán as mesmas para calquera das convocatorias existentes: primeira edición de actas (xaneiro) e 2a edición actas (xuño-xullo).

B) Estudantes Erasmus:

Os sistemas e criterios de avaliación serán os mesmos que para o resto dos estudantes.

IMPORTANTE: Consultar as indicacións para estudantes erasmus que figuran no apartado «Outros comentarios», ao final desta guía docente.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

DELISLE, J., **La traduction raisonnée**, 3ª éd., Presses de l'Université d'Ottawa,, 2013

GARCÍA IZQUIERDO, I., **Análisis textual aplicado a la traducción**, Tirant lo Blanc, 2000

GARCÍA YEBRA, V., **Teoría y práctica de la traducción**, 2ª ed, Gredos, 1989

HATIM, B. y I. MASON, **Teoría de la traducción. Una aproximación al discurso**, Ariel, [1990] 1995

HURTADO ALBIR, A., **Traducción y Traductología. Introducción a la Traductología**, 5ª ed, Cátedra, 2011

SÁNCHEZ TRIGO, E., **Teoría de la traducción: convergencias y divergencias**, 2ª ed, Servicio de Publicacións Universidade de Vigo, 2002

TRICÁS, M, **Manual de traducción (Francés/Castellano)**, Gedisa, 1995

VERDEGAL, J., **Me gusta traducir del francés: curso de traducción general**, Septem Ediciones, 2010

GARCÍA PELAYO Y GROSS, R. y J. TESTAS., **Dictionnaire français-espagnol, espagnol- français,**, Larousse http://www.larousse.com/es/, 2008

CNRS-ATILF., **Trésor de la Langue Française informatisé (TLFi)**, (s.f.), http://atilf.atilf.fr/tlf.htm,

ROBERT, P., **Le Nouveau Petit Robert de la langue française**, (última edición), Le Robert,

REAL ACADEMIA ESPAÑOLA-ASALE, **Diccionario de la lengua española**, Espasa Calpe http://www.rae.es,

REAL ACADEMIA ESPAÑOLA, **Diccionario panhispánico de dudas**, Real Academia Española- Ed.Santillana. http://www,

BUREAU DE LA TRADUCTION, **Clés de la rédaction,**, https://www.noslangues-ourlanguages.gc.ca/fr/cles-de-la-redaction/index-fra,, Ministre de Travaux publics et Services gouverneme,

MARTÍNEZ de SOUSA, J., **Manual de estilo de la lengua española (MELE 5)**, 5ª ed., Trea, 2015

Bibliografía Complementaria

Bibliografía Complementaria, **entrega en clases**,

Recomendacións

Materias que continúan o temario

Tradución idioma 2, III: Francés-Español/V01G230V01612

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Idioma moderno: Idioma 2, I: Francés/V01G230V01106
Idioma moderno: Idioma 2, II: Francés/V01G230V01206
Tradución idioma 2, I: Francés-Español/V01G230V01412

Outros comentarios

Dadas as características da materia, é necesario que todos os estudantes que decidan cursala a través do sistema de avaliación continua intégrense e participen na mesma desde a data de inicio do cuadrimestre.

Nivel de francés mínimo recomendado: nivel B2 de francés segundo o Marco Europeo de Referencia.

De acordo coa normativa da Uvigo con respecto á avaliación de traballos, encargos, proxectos, etc: si detéctase que estes (ou algunha dos seus partes) son plaxios ou que non son de autoría propia, a cualificación dos mesmos será 0. Alegar descoñecemento destas cuestións non eximirá ao alumnado de responsabilidade en relación coas mesmas.

É necesario, para poder seguir o sistema de traballo previsto na materia, dispor dun computador co asistir ás clases.

ESTUDANTES ERASMUS
Esta materia non está enfocada á aprendizaxe do español.

Nivel de español necesario: C1 de español segundo o Marco Europeo de Referencia.

Non se recomenda seguir esta materia aos/as estudantes que:
. Non teñan como primeira lingua de traballo o español
. Non cursen estudos de linguas, literatura, tradución ou linguas aplicadas.

É necesario, para poder seguir o sistema de traballo previsto na materia, dispor dun computador co que asistir ás clases.

Dadas as características da materia, é necesario que os/as estudantes erasmus que decidan cursala a través do sistema de

avaliación continua intégrense e participen na mesma desde a data de inicio do cuadrimestre.

Os/as estudantes erasmus que reúnan as condicións indicadas e queiran cursar esta materia deben incorporarse durante as dúas primeiras semanas de clase. De non ser así, non poderán cursala porque xa se impartiron clases fundamentais para poder seguir o seu desenvolvemento adecuadamente.

Plan de Continxencias

Descrición

=== MEDIDAS EXCEPCIONAIS PLANIFICADAS ===
Ante a incerta e imprevisible evolución da alerta sanitaria provocada polo COVID-19, a Universidade de Vigo establece unha planificación extraordinaria que se activará no momento en que as administracións e a propia institución determíneno atendendo a criterios de seguridade, saúde e responsabilidade, e garantindo a docencia nun escenario non presencial ou parcialmente presencial. Estas medidas xa planificadas garanten, no momento que sexa preceptivo, o desenvolvemento da docencia dun modo máis áxil e eficaz ao ser coñecido de antemán (ou cunha ampla antelación) polo alumnado e o profesorado a través da ferramenta normalizada e institucionalizada das guías docentes.

DOCENCIA EN MODALIDADE NON PRESENCIAL
Mantéñense as metodoloxías, contidos, avaliación e titorías coa excepción que se realizarán coas ferramentas proporcionadas pola *Universidade de Vigo

DOCENCIA EN MODALIDADE MIXTA
A Universidade de Vigo decidiu que, nesta modalidade (na que unha parte do estudiantado permanecerá na aula mentres que a outra parte seguirá a docencia dun modo preferentemente síncrono ou *asíncrono si a ferramenta utilizada así o aconsella), o profesorado manterá as metodoloxías, a atención personalizada e os sistemas de avaliación como se indica na modalidade presencial, adaptando os grupos de estudantes e as quendas para cumprir coa normativa sanitaria que se estableza no seu momento.

DATOS IDENTIFICATIVOS				
Tradución idioma 2, II: Alemán-Galego				
Materia	Tradución idioma 2, II: Alemán-Galego			
Código	V01G230V01510			
Titulacion	Grao en Tradución e Interpretación			
Descriptores	Creditos ECTS	Carácter	Curso	Cuadrimestre
	6	OB	3	1c
Lingua impartición	Alemán Galego			
Departamento	Tradución e lingüística			
Coordinador/a	Montero Küpper, Silvia			
Profesorado	Montero Küpper, Silvia			
Correo-e	smontero@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral	Reforzarase o alumnado na tradución de textos xerais na combinación lingüística alemán-galego facendo fincapé nos aspectos estilístico contrastivos das dúas linguas e diferentes culturas e, asi mesmo, na importancia dos aspectos paratextuais na tradución.			

Competencias	
Código	
CB1	Que os estudantes demostren posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral e adoita atoparse a un nivel que, malia se apoiar en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo.
CB2	Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
CB3	Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
CB4	Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solución a un público tanto especializado coma non especializado.
CB5	Que os estudantes desenvolvan aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.
CE2	Coñecemento de culturas e civilizacións estranxeiras
CE3	Dominio da lingua propia, escrita e oral
CE4	Coñecer norma e usos das linguas de traballo
CE14	Dominio de ferramentas informáticas
CE17	Capacidade de tomar decisións
CE27	Capacidade de razoamento crítico
CT3	Capacidade de organización e planificación de proxectos
CT4	Resolución de problemas
CT7	Toma de decisións
CT9	Razoamento crítico
CT14	Motivación pola calidade
CT17	Comprensión doutras culturas e costumes

Resultados de aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe	Competencias		
Competencias metodolóxicas: desenvolver as habilidades de crítica e autocrítica de traducións; identificar e explotar a potencialdade dos repertorios das culturas orixinal e termo. Desenvolvemento da creatividade e da inferencia na resolución das situacións tradutivas.	CB1 CB2 CB3 CB5	CE17 CE27	CT7 CT17
Competencias contrastivas: dominar as diferenzas das convencións de escritura ortotipográfica e estilística das dúas linguas e culturas; dominar os elementos de interferencia léxica; capacidade para dominar os elementos de discrepancia morfosintáctica; dominar as diferenzas dos mecanismos de coherencia e cohesión e de construción textual das dúas linguas; coñecer as diverxencias e coincidencias das culturas.	CB3	CE2 CE3 CE4 CE17	CT7 CT17
Competencias textuais: desenvolver a capacidade para traducir textos argumentativos e expositivos: descritivo, expositivo-conceptual, noticioso, narrativo; desenvolver a capacidade para traducir textos exhortativos (p. ex. textos instrutivos, informativo-apelativos...)	CB2 CB5	CE17	CT4 CT7 CT17

Competencias profesionais: coñecer o mercado da tradución para a combinación lingüística alemán-galego e español; desenvolver un autoconcepto de tradutor/a profesional e da súa autoestima; desenvolver a capacidade de tomar decisións; fomentar a habilidade para traballar coas ferramentas para a tradución, saber usar e xestionar recursos documentais lexicográficos para a tradución de textos xerais; desenvolver a capacidade para localizar e superar as fallas tradutivas individuais.	CB2 CB4	CE2 CE4 CE14 CE17	CT3 CT4 CT7 CT9 CT14

Contidos	
Tema	
1. Recursos e procedementos de tradución	1.1 Fontes de documentación en formato papel, en rede e textos paralelos (2); subcompetencia instrumental: usar e xestionar recursos documentais lexicográficos para a tradución de textos xerais. 1.2 Estratexias tradutivas (2) 1.3 Control de calidade (autoavaliación, avaliación allea)
2. Problemas específicos da tradución	2.1. Estilística contrastiva (partículas modais, calcos sintácticos, os adverbios alemáns fronte á perífrase gramatical, recursos de anovacion do léxico alemán e a súa tradución: sufixación e composición, nominalización,... 2.3 Convencións tipográficas de gl 2.4 Referentes culturais II
3. Análise de textos en alemán	3.1 Funcións textuais 3.2 Tipoloxías 3.3 Cohesión e estrutura textual alemán-galego
4. Tradución de textos	4.1 Textos argumentativos (1) 4.2 Textos expositivos divulgativos (por exemplo: descritivo, entrevistas, noticioso ou textos de divulgación científica-1) 4.3 Textos exhortativos (por exemplo: instrutivos, folletos turísticos ou publicidade)
5. Varios aspectos para o exercicio da profesión	Adquisición de coñecementos esenciais das culturas xermanófonas.

Planificación			
	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Lección maxistral	5	0	5
Resolución de problemas	13.5	31.5	45
Traballo tutelado	4	20	24
Presentación	4	15	19
Eventos científicos	3	0	3
Prácticas con apoio das TIC	18	20.5	38.5
Actividades introdutorias	1.5	0	1.5
Exame de preguntas de desenvolvemento	2	4	6
Autoavaliación	1	1	2
Práctica de laboratorio	2	4	6

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente	
	Descrición
Lección maxistral	As sesións maxistrais dedicaranse a explicar os contidos máis teóricos da materia, como a descrición do mercado da tradución do alemán ou a terminoloxía especializada de tradución, así como contidos teóricos fundamentais para desenvolver as tarefas prácticas, como aspectos contrastivos morfosintácticos e estilísticos entre as dúas linguas, referentes culturais etcétera. Malia estaren no apartado de sesións maxistrais, as clases serán de índole participativo e sempre estarán apoiadas por un soporte práctico.
Resolución de problemas	Realizaranse exercicios de tradución, que tentarán reproducir situacións reais, e exercicios de resolución de problemas (dificultades de tradución). Despois da presentación da base conceptual e procedimental nas sesións maxistrais, nas horas presenciais farase o traballo previo de análise. A seguir, o alumnado preparará as tarefas pola súa conta. Finalmente, e de novo nas horas presenciais, farase a posta en común e corrección dos resultados. Esta parte terase en conta na avaliación continua.

Traballo tutelado	Inclúese neste apartado un traballo de entrega obrigatoria que verserá sobre un aspecto de cultura e civilización dun país xermanófono. Este traballo, que se fará individualmente, deberá ser exposto na aula. Entregarase, ademais, un resumo dos resultados ou aspectos máis importantes do estudo. O resumo quedará ó dispor das/dos compañeiras/os nas TIC. Durante as horas presenciais dedicadas a este apartado, a docente explicará o procedemento e as normas de elaboración do traballo. A/O alumna/o ten que consensuar o tema deste estudo coa profesora.
Presentación	O alumnado fará unha exposición oral (15-20 min) do traballo realizado; haberá quenda de preguntas e debate.
Eventos científicos	Prevése a asistencia a eventos divulgativos como conferencias ou presentacións de interese para o alumnado de T&I.
Prácticas con apoio das TIC	Consisten en exercicios que se desenvolverán na propia aula. Poden consistir, por exemplo, en exercicios de resolución de problemas tradutivos, de análise textual ou de aspectos contrastivos. Inclúe así mesmo traballo documental previo á tradución e traballo de aprendizaxe dalgunhas ferramentas básicas para a tradución.
Actividades introdutorias	Actividades encamiñadas a tomar contacto e reunir información sobre o alumnado (farase un test de nivel de lingua alemá e de tradución), así como a presentar a materia. En especial, explicarase o sistema de avaliación, a bibliografía exhaustiva que estará ó dispor do alumnado en FaiTic e a bibliografía de lectura obrigatoria.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Traballo tutelado	A profesora guiará o alumnado na elaboración deste traballo e, de así o requerir o alumnado, doutras tarefas en titorías individuais e grupais. Os horarios das titorías fixaranse despois de aprobar os horarios do centro en Xunta de FFT.

Avaliación

	Descrición	Cualificación	Competencias Avaliadas		
Resolución de problemas	Avaliaranse conxuntamente a resolución dos problemas e exercicios desenvoltos na aula e fóra da aula. Cómpre entregar a través da plataforma moovi un mínimo de 5 traducións nas datas indicadas pola profesora ou, no seu defecto, antes da corrección dos exercicios na aula.	10	CB1 CB2 CB3 CB4 CB5	CE3 CE4 CE14	CT3 CT4 CT7
Traballo tutelado	Avaliarase a preparación, o contido e o resumo. Data límite da escolla do tema do traballo: 30 de outubro. Data límite da presentación do estudo: na sesión 26 da materia Data límtie da entrega da sinopse: 20 de decembro.	10	CB2 CB3 CB4	CE2 CE3	CT3 CT9 CT14
Presentación	Presentarase o tema do traballo tutelado. Avalíase a preparación, o contido do tema e a competencia discursiva dos discentes nun contexto formal.	10	CB2 CB3 CB4	CE2 CE3	CT3 CT9 CT14
Prácticas con apoio das TIC	Avaliarase a resolución dos problemas e os exercicios que se desenvolverán na aula (participación escrita e oral). A cualificación puntúa en Resolucion de problemas.	0	CB1 CB3		CT3 CT4 CT7
Exame de preguntas de desenvolvemento	Consistirá na tradución dun texto que abordará varios temas estudados ó longo do semestre (250-300 palabras). O exame constará de 2 partes: nunha primeira parte a tradución se efectuará con todo tipo de obras de consulta, sen acceso a internet; nunha segunda parte tamén se poderá utilizar como material de apoio as fontes de información dispoñibles en internet. No caso de exames a distancia realizarase o exame con todo tipo de obras de consulta, incluídas as dixitais.	60	CB1 CB2 CB3 CB5	CE2 CE3 CE4 CE14 CE17	CT4 CT7 CT9 CT17
Práctica de laboratorio	Consistirá nunha proba de tradución dun texto de aprox. 250 palabras que abordará algún dos temas estudados ao longo das sesions 1ª-12ª. De ser presencial esta proba constará de 2 partes: nunha priimeira parte a tradución se efectuará con todo tipo de obras de consulta, sen ordenador e acceso a internet; nunha segunda parte tamén se poderá contar con ordenador e as fontes de información dispoñibles en internet. No caso de realizala a distancia poderase contar con todo tipo de obras de consulta, incluídas as dixitais.	10	CB1 CB2 CB3	CE4 CE14 CE17 CE27	CT3 CT7 CT9 CT17

Outros comentarios sobre a Avaliación

Lecturas obrigatorias (avaliación continua e única):

Quesada Tocino, Begoña. 2016. Alemania, el país imprescindible. breve manual español de animadversiones yquerencias. Oviedo.

Schote, Joachim. 2016. Grundwissen Politik, Geschichte und Gesellschaft in Deutschland. Berlin.

Avaliación continua:

Para unha axeitada avaliación continua recoméndase unha asistencia asídua e participativa ás aulas. É obrigatorio cumprir coas esixencias do traballo tutelado. Se algunha persoa non pode cumprir estas condicións, deberá comunicarllo á docente argumentadamente e reconsiderarase a posibilidade de avaliación continua.
A opción pola avaliación continua implica a renuncia á avaliación única. A/o alumna/o deberá notificarllo á docente por escrito nas dúas primeiras semanas de clase. Se por causa de forza maior (traballo, enfermidade...) a/o alumna/o non puidese seguir o sistema de avaliación continua a pesar de escoller esta opción, poderá acollerse á avaliación única.
A/o alumna/o que non supere a materia e teña que acudir á convocatoria de xullo deberá superar un exame con todos os contidos da materia.

Data da proba Práctica de laboratorio: sesión 13 da materia.

Data de entrega dos traballos tutelados: 20 de decembro.
Data do exame: A data e hora do exame da avaliación continua coincidirá coa data e hora do exame de avaliación única establecida no calendario de exames que se aprobará en Xunta de Facultade

Ó longo de toda a avaliación penalizarase a copia e o plaxio.

Avaliación única:

O alumnado que non se acolla á modalidade de avaliación continua poderá presentarse ao exame oficial da materia que terá lugar na data establecida no calendario de exames que se aprobará en Xunta de FFT.

O exame constará dun exercicio de tradución de aproximadamente 250 palabras, e incluirá cuestións teóricas e prácticas relativas ó total dos contidos. A tradución do exame constará de 2 partes: nunha primeira parte a tradución se efectuará con todo tipo de obras de consulta, sen ordenador e acceso a internet; nunha segunda parte tamén se poderá contar con ordenador e as fontes de información dispoñibles en internet. No caso de exames a distancia realizarase o exame con todo tipo de obras de consulta, incluídas as dixitais.

Convocatoria de xullo:
A/o alumna/o que non supere a materia e teña que acudir á convocatoria de xullo deberá superar un exame con todos os contidos da materia.

O exame constará dun exercicio de tradución de aprox. 250 -300 palabras, e incluirá cuestións teóricas e prácticas relativas ó total dos contidos. A tradución do exame constará de 2 partes: nunha primeira parte a tradución se efectuará con todo tipo de obras de
consulta, sen ordenador e acceso a internet; nunha segunda parte tamén se poderá contar con ordenador e as fontes de información dispoñibles en internet. No caso de exames a distancia realizarase o exame con todo tipo de obras de consulta, incluídas as dixitais.
Penalizarase a copia e o plaxio.

É responsabilidade do alumnado consulta-los materiais e as novidades a través da plataforma deteledocencia Faitic, así como estar informado das datas nas que teñen lugar asprobas de avaliación.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Nord, Christiane, **Kommunikativ Handeln auf Spanisch und Deutsch. Ein übersetzungsorientierter Stilvergleich.**, Egert-Verlag, 2003

Quesada Tocino, Begoña, **Alemania, el país imprescindible. breve manual español de animadversiones y querencias**, 1, Nobel, 2016

Kammer, Thomas, **Basiswissen fürDolmetscher Deutschland und Spanien**, Frank & Timme Verlag, 2014

Bibliografía Complementaria

Schote, Joachim, **Orientierungskurs Neue Ausgabe/A2-B1 Grundwissen Politik, Geschichte und Gesellschaft in Deutschland : Kursheft**, Cornelsen Verlag, 2016

Kellner, Simone, **Basiswissen für Dolmetscher und Übersetzer - Österreich**, Frank & Timme Verlag, 2017

Recomendacións

Materias que continúan o temario

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Tradución idioma 2, I: Alemán-Galego/V01G230V01413

Outros comentarios

Para poder cursar con aproveitamento esta materia, é recomendable ter acadado o nivel B1,2 en alemán. O alumnado deberá ir ampliando os seus coñecementos de lingua e cultura alemás de maneira autónoma para acadar polo menos o nivel B2,1 ó remate do semestre.

Alumnado cuxa 1ª lingua non sexa o galego (alumnado Erasmus, Seneca etc.): Requírese polo menos un nivel B2 na lingua galega e C1 da lingua alemá ou C1 en galego e A2 en alemán.

É responsabilidade do alumnado consultar a documentación e os anuncioas a través da plataforma de teledocencia e de estar ó tanto das datas nas que as probas de avaliación teñen lugar.

As obras de Nord e Quesada indicadas na bibliografía son de lectura obrigatoria.

Plan de Continxencias

Descrición

=== MEDIDAS EXCEPCIONAIS PLANIFICADAS ===
Ante a incerta e imprevisible evolución da alerta sanitaria provocada pola COVID- 19, a Universidade establece una planificación extraordinaria que se activará no momento en que as administracións e a propia institución o determinen atendendo a criterios de seguridade, saúde e responsabilidade, e garantindo a docencia nun escenario non presencial ou non totalmente presencial. Estas medidas xa planificadas garanten, no momento que sexa preceptivo, o desenvolvemento da docencia dun xeito mais áxil e eficaz ao ser coñecido de antemán (ou cunha ampla antelación) polo alumnado e o profesorado a través da ferramenta normalizada e institucionalizada das guías docentes DOCNET.

=== ADAPTACIÓN DAS METODOLOXÍAS ===
Mantéñense metodoloxías, contidos, avaliación e titorías coa salvedade de que unha alerta sanitaria obrigue a activar un ensino exclusivamente virtual. Neste caso, metodoloxías, contidos, avaliación e titorías realizaranse coas ferramentas virtuais proporcionadas pola Universidade de Vigo (aulas e despachos virtuais, correo electrónico e plataforma Faitic).

Na modalidade mixta, unha parte do estudantado permanecerá na aula ao tempo que a outra parte seguirá a clase dun modo síncrono. As metodoloxías, a atención personalizada e a avaliación serán as mesmas tanto na modalidade mixta como presencial, mentres que os grupos e as quendas se adaptarán para cumprir coa normativa sanitaria.

DATOS IDENTIFICATIVOS				
Tradución idioma 2, II: Alemán-Español				
Materia	Tradución idioma 2, II: Alemán-Español			
Código	V01G230V01511			
Titulacion	Grao en Tradución e Interpretación			
Descriptores	Creditos ECTS	Carácter	Curso	Cuadrimestre
	6	OB	3	1c
Lingua impartición	Alemán Castelán			
Departamento	Tradución e lingüística			
Coordinador/a	Buján Otero, Patricia			
Profesorado	Buján Otero, Patricia			
Correo-e	buxan@uvigo.gal			
Web				
Descrición xeral	Logo da introdución á tradución xeral en 2, I, trátase agora de seguir profundando na materia; retómanse contidos de 2, I e inclúense novos contidos. É importante resaltar que o estudantado ha de ir incrementando considerablemente os seus coñecementos de alemán, ben a través das correspondentes clases que ofrece a Universidade de Vigo, ben por iniciativa propia (EOI, Instituto de Idiomas, intercambios, etc.).			

Competencias	
Código	
CB1	Que os estudantes demostren posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral e adoita atoparse a un nivel que, malia se apoiar en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo.
CB2	Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
CB3	Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
CB4	Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solución a un público tanto especializado coma non especializado.
CB5	Que os estudantes desenvolvan aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.
CE1	Dominio de linguas estranxeiras
CE2	Coñecemento de culturas e civilizacións estranxeiras
CE3	Dominio da lingua propia, escrita e oral
CE4	Coñecer norma e usos das linguas de traballo
CE12	Posuír unha ampla cultura
CE14	Dominio de ferramentas informáticas
CE15	Dominio das técnicas de edición, maquetación e revisión e corrección específicas dos textos traducidos
CE17	Capacidade de tomar decisións
CE18	Capacidade de aplicar os coñecementos á práctica
CE21	Rigor e seriedade no traballo
CE22	Destrezas de tradución
CE24	Capacidade de aprendizaxe autónoma
CE25	Coñecementos de cultura xeral e civilización
CE26	Coñecementos temáticos básicos de cada unha das especializacións
CE27	Capacidade de razoamento crítico
CE28	Posuír unha gran competencia sociolingüística
CE30	Coñecemento de idiomas
CE32	Saber recoñecer a diversidade e multiculturalidade
CE33	Dominio oral e escrito da lingua propia
CT1	Comunicación oral e escrita na lingua propia. Prestarase especial atención ao coñecemento e correcto uso das 2 linguas cooficiais da Comunidade Autónoma de Galicia
CT2	Coñecemento dunha segunda e unha terceira lingua estranxeira
CT4	Resolución de problemas
CT7	Toma de decisións
CT9	Razoamento crítico
CT10	Recoñecemento da diversidade e a multiculturalidade
CT14	Motivación pola calidade
CT17	Comprensión doutras culturas e costumes

CT18	Creatividade
CT22	Capacidade de aplicar os coñecementos na práctica
CT23	Capacidade de traballo individual

Resultados de aprendizaxe

Resultados de aprendizaxe	Competencias		
Competencia metodolóxica: traballar as habilidades de crítica e autocrítica de traducións	CB2 CB3	CE17 CE27 CE33	CT1 CT4 CT7 CT9 CT22 CT23
Competencia contrastiva: dominar as diferencias nas convencións de escritura, ortotipográfica e estilística das dúas linguas e culturas; dominar os elementos de interferencia léxica; capacidade para dominar os elementos de discrepancia morfosintáctica; dominar as diferenzas dos mecanismos de coherencia e cohesión e de construción textual das dúas linguas; coñecer as diverxencias e converxencias das dúas culturas.	CB1 CB2 CB3 CB4 CB5	CE1 CE3 CE4 CE14 CE18 CE22 CE24 CE26 CE30 CE33	CT1 CT2 CT4 CT14 CT18 CT22
Competencia textual: traballar a capacidade para traducir textos expositivos: descritivos, narrativos, expositivo-conceptuais; traballar a capacidade para traducir textos exhortativos (p.ex. textos instrutivos).	CB1 CB2 CB3 CB4	CE1 CE2 CE3 CE4 CE12 CE14 CE15 CE21 CE22 CE25 CE26 CE28 CE30 CE32 CE33	CT1 CT2 CT10 CT14 CT17 CT18

Contidos

Tema	
1. Introdución á materia	1.1 Ferramentas e recursos da tradución alemán-español 1.2 Repaso ao tratado en tradución alemán-español 2, I 1.3 Cuestións lingüístico-culturais básicas na tradución alemán-español 1.4 Repaso de aspectos de corrección lingüística en español: puntuación, ortotipografía, gramática...
2. Aspectos profesionais da tradución alemán-español	2.1 Mercado da tradución alemán-español: sectores económicos e tipoloxías textuais 2.2 Deontoloxía profesional 2.3 Asociacionismo
3. Problemas específicos da tradución alemán-español	3.1 Estilística contrastiva: puntuación, compostos, verbos modais, voz pasiva etc. 3.2 Convencións tipográficas alemán-español 3.3 Tradución de culturemas: toponimia, nomes de institucións etc. 3.4 Falsos amigos e calcos estruturais
4. Análise de textos e das culturas de partida	4.1 Funcións textuais 4.2 Tipoloxías 4.3 Cohesión e estrutura textual
5. A tradución como función (I)	5.1 Os textos e os seus propósitos en consideración dos destinatarios 5.1.1 Textos expositivos 5.1.2 Texto instrutivos 5.1.3 Textos argumentativos

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Actividades introdutorias	2	2	4
Resolución de problemas	20	40	60

Estudo de casos	12	24	36
Lección maxistral	4	0	4
Presentación	1	2	3
Eventos científicos	2	1	3
Foros de discusión	0	6	6
Resolución de problemas de forma autónoma	0	20	20
Aprendizaxe colaborativa	10	0	10
Exame de preguntas de desenvolvemento	3	0	3
Exame de preguntas obxectivas	1	0	1

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Actividades introdutorias	Neste apartado, a docente presentará a programación, explicando polo miúdo os contidos, os traballos que hai que realizar e comentará tamén as lecturas obrigatorias do curso, así como o sistema de avaliación. O alumnado deberá familiarizarse cos recursos bibliográficos dispoñibles na biblioteca.
Resolución de problemas	Neste apartado realizaranse análises de texto, resumos e esquemas, exercicios de tradución con textos adaptados ao nivel do alumnado de Idioma II, así como a resolución de problemas propios dese nivel (dificultades de tradución) ou exercicios aplicados á teoría achegada durante as sesións maxistrais.
Estudo de casos	Neste apartado, o alumnado analizará situacións de tradución reais e fará propostas de forma autónoma; debateranse en grupo diferentes opcións e solucións.
Lección maxistral	Inclúe a explicación por parte da docente dos contidos teóricos da materia.
Presentación	Cada alumna e alumno deberá presentar perante o grupo ou nunha titoría personalizada como mínimo unha tradución e xustificar as decisións tomadas.
Eventos científicos	Inclúe a asistencia a eventos de tipo científico que se poidan realizar de forma presencial ou virtual e que estean relacionados cos contidos da materia e, en xeral, da titulación. O alumnado deberá sacar conclusións persoais do evento e compartilas a través dun foro de discusión.
Foros de discusión	A partir da lectura dalgún artigo ou da participación nun evento científico, o alumnado deberá compartir as súas impresións e conclusións razoadas no foro de discusión de Moovi.
Resolución de problemas de forma autónoma	A alumna ou alumno deberá realizar unha encarga de tradución que irá acompañada dun comentario das principais dificultades e das formas de resolvelas.
Aprendizaxe colaborativa	Na aula organizaranse dinámicas de traballo en grupo en que se poñan en común e discutan varias traducións para, a seguir, presentar e defender a ante o resto do alumnado e a docente un único texto consensuado.

Atención personalizada

Metodoloxías	**Descrición**
Resolución de problemas	Prestarase unha atención personalizada a todo o alumnado, tanto na clase coma fóra da aula, mediante titorías presencias ou telemáticas.
Estudo de casos	Prestarase unha atención personalizada a todo o alumnado, tanto na clase coma fóra da aula, mediante titorías presencias ou telemáticas.
Resolución de problemas de forma autónoma	Prestarase unha atención personalizada a todo o alumnado, tanto na clase coma fóra da aula, mediante titorías presencias ou telemáticas.
Presentación	Prestarase unha atención personalizada a todo o alumnado, tanto na clase coma fóra da aula, mediante titorías presencias ou telemáticas.
Aprendizaxe colaborativa	Prestarase unha atención personalizada a todo o alumnado, tanto na clase coma fóra da aula, mediante titorías presencias ou telemáticas.

Avaliación

	Descrición	Cualificación	Competencias Avaliadas

Presentación	Presentarase como mínimo unha tradución xustificada ante o resto do grupo ou en titorías coa docente.	10	CB1 CB2 CB3 CB4 CB5	CE1 CE2 CE3 CE4 CE12 CE14 CE15 CE17 CE18 CE21 CE22 CE24 CE25 CE26 CE27 CE28 CE30 CE32 CE33	CT1 CT2 CT4 CT7 CT9 CT10 CT14 CT17 CT18 CT22 CT23
Resolución de problemas de forma autónoma	Farase unha encarga de tradución dun texto de aprox. 600 palabras.	40	CB1 CB2 CB3 CB4 CB5	CE1 CE2 CE3 CE4 CE12 CE14 CE15 CE17 CE18 CE21 CE22 CE24 CE25 CE26 CE27 CE28 CE30 CE32 CE33	CT1 CT2 CT4 CT7 CT9 CT10 CT14 CT17 CT18 CT22 CT23
Exame de preguntas de desenvolvemento	Consistirá en dous exercicios: un primeiro exercicio de tradución do alemán cara ao español dun texto de aprox. 250 palabras que, ademais, poderá incluír preguntas de xustificación das decisións adoptadas, e un segundo exercicio de paráfrase/resumo en español dun texto redactado en alemán. A data do exame será a data establecida no calendario de exames que se aprobará en Xunta de FFT.	40	CB1 CB2 CB3 CB4 CB5	CE1 CE2 CE3 CE4 CE12 CE14 CE15 CE17 CE18 CE21 CE22 CE24 CE25 CE26 CE27 CE28 CE30 CE32 CE33	CT1 CT2 CT4 CT7 CT9 CT10 CT14 CT17 CT18 CT22 CT23

Exame de preguntas obxectivas	Consistirá nunha serie de preguntas sobre aspectos contrastivos alemán-español e de corrección lingüística.	10	CB1 CB2 CB3 CB4 CB5	CE1 CE2 CE3 CE4 CE12 CE14 CE15 CE17 CE18 CE21 CE22 CE24 CE25 CE26 CE27 CE28 CE30 CE32 CE33	CT1 CT2 CT4 CT7 CT9 CT10 CT14 CT17 CT18 CT23

Outros comentarios sobre a Avaliación

Observacións xerais:

Corre por conta de cada estudante asegurarse de que posúe un nivel de idiomas suficiente: as clases de tradución non son clases de lingua.

Para o alumnado que non queira ou non poida acollerse á avaliación continua, o exame será de avaliación única.

Dúas ou máis faltas de ortografía (entre as que se inclúen os acentos gráficos) e/ou dúas ou máis oracións carentes de sentido consideraranse erros moi graves e poderán ser motivo de suspenso das probas de avaliación (encomendas, exames).

Penalizarase a copia e o plaxio.

Os envíos (traducións, prácticas, etc.) e as entregas, sexa en formato papel, por correo electrónico o a través de plataforma de docencia online, deben identificados nominalmente e sempre da mesma forma (apelidos, nome): aqueles que non o estean non se aceptarán nin se terán en conta.

A revisión dos exames realizarase, salvo impedimento de forza maior, que haberá de acreditarse documentalmente, única e exclusivamente na data sinalada. Non se atenderán, salvo en casos excepcionais e xustificados, requirimentos de revisións por medio de correo electrónico ou análogos.

Considérase que a guía docente da materia ten un carácter orientativo, pois a heteroxenidade dos cursos e, dentro destes, a variedade en coñecementos, habilidades e destrezas aconsella flexibilidade co fin de alcanzar da mellor maneira posible os obxectivos. Así pois, en función das circunstancias, o programa da materia pode sufrir ou experimentar cambios en calquera momento que se comunicarán oportunamente.

Avaliación continua:

Nas tres primeiras semanas de docencia, cada estudante deberá comunicar á docente por medio dunha enquisa en Moovi creada para este efecto se opta polo sistema de avaliación única ou continua. Caso de non comunicar, entenderase que opta pola avaliación única. A opción pola avaliación continua implica a renuncia á avaliación única. Se por causa de forza maior (traballo, enfermidade...) a/o estudante non puidese seguir o sistema de avaliación continua a pesar de escoller opción, poderá acollerse á avaliación única. Para superar a materia é obrigatorio aprobar cada unha das catro probas/metodoloxías.

A/o estudante que non supere a materia en avaliación continua na primeira convocatoria, acudirá ás convocatorias seguintes en avaliación única e deberá superar un exame (véxase máis abaixo "Avaliación única") con todos os contidos da materia.

Para unha axeitada avaliación e aproveitamento, recoméndase unha asistencia asidua e participativa ás aulas.

Avaliación única:

O alumnado que non se acolla á modalidade de avaliación continua poderá presentarse ao exame oficial da materia nas datas establecidas pola FFT.

O exame de avaliación única constará de dous exercicios: un primeiro exercicio de tradución do alemán cara ao español dun texto de aprox. 250 palabras que, ademais, poderá incluír preguntas de xustificación das decisións adoptadas, e un segundo exercicio de paráfrase/resumo en español dun texto redactado en alemán. Para superar a materia é obrigatorio aprobar ambos os exercicios. Caso de suspender unha parte, a/o estudante examinarase na segunda convocatoria e seguintes de novo de todos os contidos.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Gamero, Silvia, **Traducción alemán-español: aprendizaje activo de las destrezas básicas**, 2010,

Bibliografía Complementaria

Elena, Pilar, **El traductor y el texto: curso básico de traducción general (alemán-español)**, 2001,

Cartagena/Gauger, **Vergleichende Grammatik spanisch-deutsch**, 1989,

Elena García, Pilar, **Gramática y traducción**, 2006,

Snell-Hornby, Mary; Hönig, Hans G.; Kußmaul, Paul; Schmitt, Peter A. (eds.), **Handbuch Translation. Zweite, verbesserte Auflage**, 2003,

Rohrbach, Nicola; Torrent-Lenzen, Aina, **Deutsch-spanische Übersetzungsübungen: kommentierte übersetzungen von authentischen texten aus den bereichen der philologie, landeskunde, wirtschaft und literatur**, 2002,

Luscher, Renate; Freudenberg, Christine, **Landeskunde Deutschland - Aktualisierte Fassung (Teile 1 bis 6)2020/21**, 2021,

Kammer, Thomas, **Basiswissen für Dolmetscher: Deutschland und Spanien**, 2014,

Quesada, Begoña, **Alemania, el país imprescindible. Breve manual español de animadversiones y querencias**, 2016,

Schume, Harald, **50 einfache Dinge, die Sie über Österreich und die Österreicher wissen sollten**, 2009,

Recomendacións

Materias que continúan o temario

Tradución idioma 2, III: Alemán-Español/V01G230V01614

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Idioma moderno: Idioma 2, I: Alemán/V01G230V01107
Idioma moderno: Idioma 2, II: Alemán/V01G230V01207
Idioma 2, III: Alemán/V01G230V01307
Idioma 2, IV: Alemán/V01G230V01407
Tradución idioma 2, I: Alemán-Español/V01G230V01414

Outros comentarios

Para o estudantado de intercambio, o nivel de lingua corresponde ao B2-C1.
A maioría dos textos de traballo estarán disponibles na plataforma de teledocencia (Moovi). É responsabilidade do alumnado consultar os materiais e as novidades en Moovi e estar ao tanto das datas nas que as probas de avaliación teñen lugar.

Plan de Continxencias

Descrición

=== MEDIDAS EXCEPCIONAIS PLANIFICADAS ===
Ante a incerta e imprevisible evolución da alerta sanitaria provocada pola COVID- 19, a Universidade establece una planificación extraordinaria que se activará no momento en que as administracións e a propia institución o determinen atendendo a criterios de seguridade, saúde e responsabilidade, e garantindo a docencia nun escenario non presencial ou non totalmente presencial. Estas medidas xa planificadas garanten, no momento que sexa preceptivo, o desenvolvemento da docencia dun xeito mais áxil e eficaz ao ser coñecido de antemán (ou cunha ampla antelación) polo alumnado e o profesorado a través da ferramenta normalizada e institucionalizada das guías docentes DOCNET.

=== ADAPTACIÓN DAS METODOLOXÍAS ===
Mantéñense as metodoloxías, contidos e titorías coa salvedade de que se realizarán coas ferramentas proporcionadas pola Universidade de Vigo (aulas e despachos virtuais, correo electrónico e Moovi).
As titorías atenderanse no despacho virtual asignado á docente (sala 319).
De ser preciso, facilitaranse bibliografía e recursos adicionais que faciliten a autoaprendizaxe.

=== ADAPTACIÓN DA AVALIACIÓN ===

Mantéñense as formas de avaliación.

=== MODALIDADE MIXTA ===
Plan de continxencia sobre a modalidade mixta, na que unha parte do estudantado asistirá ás aulas de forma presencial e outra parte seguirá as clases dun modo síncrono (preferentemente) ou asíncrono: a docente manterá as metodoloxías, a atención personalizada e os sistemas de avaliación como se indica para a modalidade presencial, adaptando os grupos de estudantes e as quendas para cumprir coa normativa sanitaria que se estableza no seu momento.

DATOS IDENTIFICATIVOS

Tradución idioma 2, II: Portugués-Galego

Materia	Tradución idioma 2, II: Portugués-Galego			
Código	V01G230V01512			
Titulacion	Grao en Tradución e Interpretación			
Descriptores	Creditos ECTS	Carácter	Curso	Cuadrimestre
	6	OB	3	1c
Lingua impartición	Galego			
Departamento	Tradución e lingüística			
Coordinador/a	Hermida Ruibal, Ana			
Profesorado	Hermida Ruibal, Ana Varela Vila, Tamara			
Correo-e	ahr@uvigo.es			
Web	http://paratraduccion.com/limiares/ana-hermida-ruibal/			
Descrición xeral	Perfeccionamento da práctica da tradución na correspondente combinación lingüística			

Competencias

Código	
CB2	Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
CB3	Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
CB4	Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solución a un público tanto especializado coma non especializado.
CB5	Que os estudantes desenvolvan aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.
CE1	Dominio de linguas estranxeiras
CE3	Dominio da lingua propia, escrita e oral
CE4	Coñecer norma e usos das linguas de traballo
CE12	Posuír unha ampla cultura
CE24	Capacidade de aprendizaxe autónoma
CE25	Coñecementos de cultura xeral e civilización
CE26	Coñecementos temáticos básicos de cada unha das especializacións
CE33	Dominio oral e escrito da lingua propia
CT1	Comunicación oral e escrita na lingua propia. Prestarase especial atención ao coñecemento e correcto uso das 2 linguas cooficiais da Comunidade Autónoma de Galicia
CT3	Capacidade de organización e planificación de proxectos
CT4	Resolución de problemas
CT12	Traballo en equipo
CT15	Aprendizaxe autónoma

Resultados de aprendizaxe

Resultados de aprendizaxe	Competencias		
Analizar os textos da lingua de partida tendo en conta as súas especificades lingüísticas e culturais e a súa tipoloxía.	CB2	CE1 CE4 CE25 CE26	CT12 CT15
Profundar nas particularidades da actividade profesional na combinación lingüística.	CB3 CB5	CE12 CE24 CE33	CT4
Adquirir hábitos de uso no relativo ás ferramentas de tradución e ás fontes de documentación.	CB4	CE3	CT1 CT3

Contidos

Tema	
1. Fontes de consulta para a tradución portugués-galego	1.1. Fontes de documentación en formato papel, electrónicas, en rede e textos paralelos

2. A profesión de tradutor en Galicia/España e nos países lusófonos	2.1. Breve panorama do mercado 2.2. Como iniciarse na profesión 2.3. As fases dun proxecto de tradución: como orzamentar, facturar, a negociación das tarifas, CalPro. 2.4. A formación do tradutor 2.5. Recursos en Internet para tradutores: asociacións de tradutores, roldas de correo, revistas de tradución en liña, etc. 2.6. A figura do «tradutor xurado» e «tradutor (a)juramentado» 2.7. Nocións sobre TAO
3. A tradución de textos: prácticas de tradución	3.1. Xéneros textuais diversos
4. Cultura e tradución	4.1. Tradución de referencias culturais
5. Control de calidade	5.1. Análise crítica e avaliación de traducións

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Actividades introdutorias	3	12	15
Estudo de casos	15	30	45
Resolución de problemas de forma autónoma	15	30	45
Traballo	15	30	45

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Actividades introdutorias	Explicación da programación docente e avaliación desta materia
Estudo de casos	Presentación e análise de casos/situacións máis habituais na práctica profesional.
Resolución de problemas de forma autónoma	Resolución en grupo ou individualmente de diversas actividades

Atención personalizada

Metodoloxías	**Descrición**
Actividades introdutorias	A profesora estará a disposición dos alumnos en clases e en horario de titorías para resolver as dúbidas que poidan xurdir respecto dos contidos da materia.
Resolución de problemas de forma autónoma	A profesora estará a disposición dos alumnos en clases e en horario de titorías para resolver as dúbidas que poidan xurdir respecto dos contidos da materia.
Probas	**Descrición**
Traballo	A profesora estará a disposición dos alumnos en clases e en horario de titorías para resolver as dúbidas que poidan xurdir respecto dos contidos da materia.

Avaliación

	Descrición	Cualificación	Competencias Avaliadas		
Resolución de problemas de forma autónoma	Realización de tres encargos de tradución que reproducen as características do labor profesional. Tales encargos de tradución estarán distribuídos regularmente ao longo do período docente nas datas que comunicará a profesora oportunamente.	75	CB2 CB3 CB4 CB5	CE1 CE3 CE4 CE12 CE24 CE25 CE26 CE33	CT1 CT3 CT4 CT12 CT15
Traballo	Consistirá na lectura dunha obra que indicará a profesora ao comezo da materia e na elaboración dun comentario sobre os aspectos que máis lle chame a atención ao alumnado.	25			

Outros comentarios sobre a Avaliación

Existen dúas modalidades de avaliación. Na avaliación continua o estudante dispón da posibilidade de ir superando a materia por medio da avaliación de traballos e encargos realizados ao longo do curso. No caso de non entregar nas datas indicadas algún dos encargos correspondentes, a nota dese traballo será 0.

Na segunda convocatoria (xuño-xullo) existe a posibilidade de entregar os encargos pendentes e o traballo do libro, xa que se gardan as cualificacións aprobadas na avaliación continua.

Analizar os textos da lingua de partida tendo en conta as súas especificades lingüísticas e culturais e a súa tipoloxía.	CB2	CE1 CE4 CE25 CE26	CT12 CT15
Profundar nas particularidades da actividade profesional na combinación lingüística.	CB3 CB5	CE12 CE24 CE33	CT4
Adquirir hábitos de uso no relativo ás ferramentas de tradución e ás fontes de documentación.	CB4	CE3	CT1 CT3

Contidos	
Tema	
1. Fontes de consulta para a tradución portugués-galego	1.1. Fontes de documentación en formato papel, electrónicas, en rede e textos paralelos

2. A profesión de tradutor en Galicia/España e nos países lusófonos	2.1. Breve panorama do mercado 2.2. Como iniciarse na profesión 2.3. As fases dun proxecto de tradución: como orzamentar, facturar, a negociación das tarifas, CalPro. 2.4. A formación do tradutor 2.5. Recursos en Internet para tradutores: asociacións de tradutores, roldas de correo, revistas de tradución en liña, etc. 2.6. A figura do «tradutor xurado» e «tradutor (a)juramentado» 2.7. Nocións sobre TAO
3. A tradución de textos: prácticas de tradución	3.1. Xéneros textuais diversos
4. Cultura e tradución	4.1. Tradución de referencias culturais
5. Control de calidade	5.1. Análise crítica e avaliación de traducións

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Actividades introdutorias	3	12	15
Estudo de casos	15	30	45
Resolución de problemas de forma autónoma	15	30	45
Traballo	15	30	45

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Actividades introdutorias	Explicación da programación docente e avaliación desta materia
Estudo de casos	Presentación e análise de casos/situacións máis habituais na práctica profesional.
Resolución de problemas de forma autónoma	Resolución en grupo ou individualmente de diversas actividades

Atención personalizada

Metodoloxías	**Descrición**
Actividades introdutorias	A profesora estará a disposición dos alumnos en clases e en horario de titorías para resolver as dúbidas que poidan xurdir respecto dos contidos da materia.
Resolución de problemas de forma autónoma	A profesora estará a disposición dos alumnos en clases e en horario de titorías para resolver as dúbidas que poidan xurdir respecto dos contidos da materia.
Probas	**Descrición**
Traballo	A profesora estará a disposición dos alumnos en clases e en horario de titorías para resolver as dúbidas que poidan xurdir respecto dos contidos da materia.

Avaliación

	Descrición	Cualificación	Competencias Avaliadas		
Resolución de problemas de forma autónoma	Realización de dous encargos de tradución que reproducen as características do labor profesional. Tales encargos de tradución estarán distribuídos regularmente ao longo do período docente nas datas que comunicará a profesora oportunamente.	80	CB2 CB3 CB4 CB5	CE1 CE3 CE4 CE12 CE24 CE25 CE26 CE33	CT1 CT3 CT4 CT12 CT15
Traballo	Consistirá na lectura dunha obra que indicará a profesora ao comezo da materia e na elaboración dun comentario sobre os aspectos que máis lle chame a atención ao alumnado.	20			

Outros comentarios sobre a Avaliación

Existen dúas modalidades de avaliación. Na avaliación continua o estudante dispón da posibilidade de ir superando a materia por medio da avaliación de traballos e encargos realizados ao longo do curso. No caso de non entregar nas datas indicadas algún dos encargos correspondentes, a nota dese traballo será 0.

Na segunda convocatoria (xuño-xullo) existe a posibilidade de entregar os encargos pendentes e o traballo do libro, xa que se gardan as cualificacións aprobadas na avaliación continua.

Na segunda modalidade de avaliación (única), o estudante dispón da posibilidade de dar conta da materia por medio dunha proba (80 % da nota) e da elaboración dun traballo da obra que se indicou ao comezo da materia (20 %). A proba que se realizará na convocatoria de xuño-xullo consistirá nunha tarefa de tradución (80 % da nota) que se desenvolverá na data indicada no calendario de exames da FFT e a entrega do traballo do libro indicado (20 %) no mesmo prazo.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Antônio Houaiss, **Dicionário Houaiss da Língua Portuguesa**, Rio de Janeiro, Editora Objetiva,

Asetrad, **CalPro**,

Bibliografía Complementaria

Academia das Ciências de Lisboa, **Dicionário da Língua Portuguesa Contemporânea**, Lisboa, Editoral Verbo,

Fernando Ferreira Alves, **Quase tudo o que eu (sempre) quis saber sobre tradução: kit de sobrevivência**, 2006

Asetrad, **La Linterna del Traductor**,

Recomendacións

Materias que continúan o temario

Interpretación idioma 2: Portugués-Galego/V01G230V01915
Tradución especializada idioma 2: Administrativa-económica: Portugués-Galego/V01G230V01945
Tradución especializada idioma 2: Científica-técnica: Portugués-Galego/V01G230V01953
Tradución especializada idioma 2: Servizos culturais: Portugués-Galego/V01G230V01937

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Tradución idioma 2, I: Portugués-Galego/V01G230V01415

Outros comentarios

- A copia ou o plaxio total ou parcial en calquera tipo de traballo ou exame suporá un 0 nesa proba. Alegar descoñecemento do que supón un plaxio non eximirá o estudantado da súa responsabilidade neste aspecto.
- Na avaliación terase en conta non só a pertinencia e calidade do contido das respostas, senón tamén a súa corrección lingüística.
- É responsabilidade do estudantado consultar os materiais dispoñibles na plataforma MOOVI (novidades, documentos, cualificacións) e estar ao tanto dos avisos e das datas de realización das diferentes probas.

Plan de Continxencias

Descrición

Na modalidade mixta, unha parte do estudantado permanecerá na aula ao tempo que a outra parte seguirá a clase dun modo preferentemente síncrono, ou dun modo asíncrono se a ferramenta utilizada así o aconsella. As metodoloxías, a atención personalizada e a avaliación serán as mesmas tanto na modalidade mixta como presencial, mentres que os grupos e as quendas se adaptarán para cumprir coa normativa sanitaria.

Na modalidade non presencial, manteranse as metodoloxías, os contidos e a avaliación. As titorías realizaranse coas ferramentas proporcionadas pola Universidade de Vigo (aulas e despachos virtuais, correo electrónico e MOOVI), sempre que a tecnoloxía requirida o permita.

DATOS IDENTIFICATIVOS				
Interpretación consecutiva idioma 1: Inglés-Galego				
Materia	Interpretación consecutiva idioma 1: Inglés-Galego			
Código	V01G230V01617			
Titulacion	Grao en Tradución e Interpretación			
Descriptores	Creditos ECTS	Carácter	Curso	Cuadrimestre
	6	OB	3	2c
Lingua impartición	Galego Inglés			
Departamento	Tradución e lingüística			
Coordinador/a	Domínguez Araújo, Lara			
Profesorado	Baxter , Robert Neal			
Correo-e	laradoar@gmail.com			
Web	http://sites.google.com/site/nealsweb/			
Descrición xeral	Esta materia, de carácter eminentemente práctico, ten por obxectivo que o alumnado adquira as técnicas e competencias fundamentais de interpretación consecutiva entre inglés e galego. Así, espérase que ao longo do cuadrimestre o alumnado sexa capaz de: --Desenvolver as capacidades de escoita activa, memoria, análise e síntese do discurso, introducindo as técnicas fundamentais de toma de notas e oratoria, valorando a fluidez, naturalidade, corrección e capacidade comunicativa da expresión oral nas linguas A e B. --Aumentar a súa cultura xeral, saber documentarse e prepararse para interpretar discursos ou entrevistas sobre un tema dado. --Interpretar na modalidade de consecutiva e na súa lingua A un discurso producido orixinalmente na lingua B. --Facer de mediador(a) lingüística/ou e cultural entre falantes das linguas B e A.			

Competencias	
Código	
CB1	Que os estudantes demostren posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral e adoita atoparse a un nivel que, malia se apoiar en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo.
CB3	Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
CB4	Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solución a un público tanto especializado coma non especializado.
CB5	Que os estudantes desenvolvan aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.
CE1	Dominio de linguas estranxeiras
CE2	Coñecemento de culturas e civilizacións estranxeiras
CE3	Dominio da lingua propia, escrita e oral
CE4	Coñecer norma e usos das linguas de traballo
CE8	Destreza para a procura de información/documentación
CE12	Posuír unha ampla cultura
CE13	Optimización de toma de notas, elaboración de resumos, síntese e reexpresión
CE17	Capacidade de tomar decisións
CE18	Capacidade de aplicar os coñecementos á práctica
CE21	Rigor e seriedade no traballo
CE22	Destrezas de tradución
CE25	Coñecementos de cultura xeral e civilización
CE27	Capacidade de razoamento crítico
CE30	Coñecemento de idiomas
CE33	Dominio oral e escrito da lingua propia
CT1	Comunicación oral e escrita na lingua propia. Prestarase especial atención ao coñecemento e correcto uso das 2 linguas cooficiais da Comunidade Autónoma de Galicia
CT4	Resolución de problemas
CT7	Toma de decisións
CT9	Razoamento crítico
CT12	Traballo en equipo
CT18	Creatividade
CT22	Capacidade de aplicar os coñecementos na práctica

Resultados de aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe	Competencias		
Sentar as bases teóricas e metodolóxicas para a aprendizaxe das técnicas de interpretación consecutiva	CB1 CB5	CE1 CE2 CE3 CE4 CE12 CE13 CE18 CE22 CE25 CE27 CE30 CE33	CT1 CT9 CT22
Adquirir os coñecementos das técnicas básicas da interpretación consecutiva	CB4	CE1 CE3 CE8 CE12 CE13 CE22 CE25	CT4 CT7 CT9 CT22
Desenvolver as habilidades de traballo en grupo	CB5	CE17 CE21	CT12
Introducir as técnicas de busca documental e a elaboración de glosarios aplicados á interpretación	CB3	CE8	CT4 CT7 CT9
Adquirir coñecementos sobre o mercado profesional da interpretación consecutiva nos seus diferentes ámbitos de traballo	CB3 CB5	CE8 CE12 CE18	CT22
Proporcionar as ferramentas básicas para a xestión do discurso	CB4	CE1 CE2 CE3 CE4 CE12 CE13 CE17 CE22	CT7 CT9 CT18

Contidos	
Tema	
Tema 1 Fase inicial: introdución 1. Repaso e consolidación dos obxectivos de aprendizaxe da materia de interpretación de enlace. 2. Posta en valor da cultura xeral: asunción das lagoas de coñecemento e fomento da curiosidade.	1. Conseguir seguridade e confianza ao falar en público: superar o nerviosismo, eliminar xestos que interfiran na comunicación, utilizar a voz e a postura de maneira adecuada. 2. Familiarizarse coas fórmulas e esquemas habituais dos discursos formais. 3. Axustar o nivel do galego: utilizar un rexistro adecuado, eliminar marcas informais da lingua, mobilizar un léxico rico e variado. 4. Ser conscientes do nivel necesario das linguas A e B: identificar posibles eivas e desenvolver estratexias para as superar. 5. Aumentar a capacidade de escoita e análise, concentrarse na escoita, ordenar a mensaxe. 6. Ser capaces de realizar unha interpretación consecutiva-resumo sen toma de notas entre as linguas B e A. 7. Elaborar discursos propios na lingua A con fluidez e propiedade. 8. Reformular sinteticamente e con corrección na lingua B discursos producidos na lingua A.

Tema 2 Fase intermedia: fundamentos 1. Desenvolvemento das competencias primordiais para realizar unha boa interpretación consecutiva. 2. Técnica de toma de notas.	1. Aumentar a capacidade de memoria a curto prazo: identificar os elementos que a desencadean, desenvolver a memoria visual e a memoria analítica. 2. Desenvolver a capacidade de anticipación e coordinación: mobilización de coñecementos e modelo de esforzos. 3. Coñecer e aplicar os principios fundamentais da toma de notas á interpretación consecutiva partindo do proceso de escoita activa e análise previa. 4. Desenvolver a capacidade de resolución de problemas. Aceptar a imposibilidade da perfección da interpretación e do control sobre o discurso orixinal. 5. Ter criterio para introducir a toma de notas durante a audición: aprender a seleccionar a información relevante. 6. Consolidar a expresión oral na lingua B. Elaboración de mini discursos nesta lingua. 7. Reformular sinteticamente e con corrección na lingua A discursos producidos na lingua B.
Tema 3 Fase avanzada 1. Perfeccionamento das competencias primordiais para realizar unha boa interpretación consecutiva. 2. Desenvolvemento da metacognición	1. Ter claro o que se entende por unha boa interpretación e ser quen de avaliar interpretacións propias e alleas. 2. Introducir e integrar os símbolos útiles para cada estudante e elaborar o seu propio sistema de toma de notas. 3. Experimentar distintas formas de toma de notas, escoller cando e como. Aprender a equilibrar a utilización das notas. 4. Aumentar a rapidez de mobilización de recursos lingüísticos nas linguas A e B. 5. Ser quen de reflexionar con criterio sobre os discursos e interpretacións propias e dos compañeiros. 6. Ser quen de detectar as eivas sobre o desempeño propio e de elaborar e aplicar un plan de traballo axeitado ás necesidades de aprendizaxe. 7. Dominar a notación dos conectores.
Tema 4 Fase final: consolidación e perfeccionamento 1. Superación definitiva das dificultades de aprendizaxe. 2. Consolidación da técnica de interpretación consecutiva ante situacións de maior nivel de dificultade.	1. Ser capaz de restituír información máis complexa en consecutiva: conceptos abstractos e nomes propios. 2. Ser capaz de restituír números e unidades, saber adaptar a estratexia de toma de notas en función do discurso. 4. Superar definitivamente os problemas específicos de cada estudante. 5. Dominio das decisións sobre a toma de notas, a análise e a restitución do discurso. 6. Introdución de discursos de especialidade: preparación terminolóxica, resolución de problemas. 7. Consolidación da técnica de interpretación consecutiva con toma de notas con discursos máis densos, complicados e rápidos.

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Prácticas de laboratorio	30	45	75
Traballo tutelado	10	30	40
Seminario	5	10	15
Práctica de laboratorio	1	8	9
Autoavaliación	1	10	11

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Prácticas de laboratorio	Práctica de interpretación consecutiva, con distintas variantes en función da fase e necesidades de aprendizaxe.
Traballo tutelado	Actividades suxeridas ou realizadas na clase, de forma individual, en parellas ou en grupo, para exercitar e desenvolver as competencias da materia ou poñer en práctica coñecementos teóricos.
Seminario	Reflexión e discusión sobre coñecementos ou nocións teóricas e a súa aplicación á práctica da interpretación consecutiva.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición

Prácticas de laboratorio	Cada estudante deberá reflexionar en todo momento sobre a súa evolución e o grao de consecución dos obxectivos de aprendizaxe da materia, expondo calquera dúbida ao respecto desde as fases máis temperás da aprendizaxe, tanto na clase coma nas horas de titorías. Nas titorías axudaráselle ao alumnado a reflexionar sobre as causas dos problemas de aprendizaxe e a deseñar un plan de traballo encamiñado á consecución dos obxectivos da materia. Non se descarta que cada estudante teña que procurar formas que impliquen máis dedicación da referida na guía docente, no caso de ter lagoas básicas de coñecementos esixidos como requisitos mínimos da materia. Mesmo neste caso, recoméndase que consulte as súas dúbidas canto antes para saber como superalas a tempo. No caso da autoavaliación formal prevista para a metade do cuadrimestre, cada estudante deberá presentarlle á docente unha diagnose da súa evolución na aprendizaxe da materia, detectando os seus puntos fortes, débiles e mais as causas destes últimos. Así mesmo, proporá formas para superalos. Como punto de partida, terá en conta a matriz de valoración que se utilizará para cualificar a proba final da materia.

Avaliación

	Descrición	Cualificación	Competencias Avaliadas		
Prácticas de laboratorio	Práctica de interpretación consecutiva, con distintas variantes en función da fase e necesidades de aprendizaxe. Actividades suxeridas ou realizadas na clase, de forma individual, en parellas ou en grupo, para exercitar e desenvolver as competencias da materia ou poñer en práctica coñecementos teóricos.	20	CB1 CB3 CB4 CB5	CE1 CE2 CE3 CE4 CE8 CE12 CE13 CE17 CE18 CE21 CE22 CE25 CE27 CE30 CE33	CT1 CT4 CT7 CT9 CT12 CT18 CT22
Traballo tutelado	Elaboración de discursos nas linguas A e B Cualificación: apto necesario.	0	CB1 CB3 CB4 CB5	CE1 CE2 CE3 CE4 CE8 CE12 CE17 CE21 CE25 CE30 CE33	CT1 CT9 CT18
Seminario	Participación na discusión e aplicación dos coñecementos teóricos á práctica da interpretación consecutiva.	5	CB1 CB5	CE13 CE17 CE18 CE27	CT7 CT9 CT22
Práctica de laboratorio	Realización dunha proba de interpretación consecutiva entre as linguas B e A. Para cualificar esta proba empregarase unha matriz de valoración que avalía a interpretación en función de catro criterios (fluidez e seguridade, expresión e corrección, resolución de problemas e contido) cuxa ponderación se especifica na matriz. Á marxe da media final, é condición sine qua non para dar por superarada a proba obter un mínimo de aprobado na parte de contido.	75	CB3 CB4 CB5	CE1 CE3 CE4 CE8 CE12 CE13 CE17 CE18 CE21 CE22 CE25 CE27 CE30 CE33	CT1 CT4 CT7 CT9 CT22
Autoavaliación	Reflexión persoal sobre o desenvolvemento das competencias da materia a partir da análise retrospectiva dunha interpretación realizada na clase (vid. "Atención personalizada"). Cualificación: apto necesario.	0	CB1 CB5	CE18 CE21 CE27	CT9 CT22

Outros comentarios sobre a Avaliación

Para poder optar á avaliación **continua** --explicitada na sección "Avaliación" desta guía docente-- cómpre realizar satisfactoriamente as seguintes tarefas ou probas de avaliación: elaboración de discursos nas linguas A e B, exercicio de autoavaliación e realización dunha proba de interpretación (da que é imprescindible obter un mínimo de 5 sobre 10, que se celebrará na última semana de clase ou data oficial de exame segundo o calendario da FFT e que suporá un 75% da nota).

Tanto na clase coma na plataforma de teledocencia se informará da secuenciación das distintas tarefas para o mellor aproveitamento do curso. Así mesmo, dado o deseño e carácter práctico da materia, baseados na aprendizaxe progresiva, recoméndase asistir ás clases.

Tanto a avaliación **única** (para aquelas persoas que renuncien á avaliación continua) como a **segunda convocatoria** consistirán nun exame de interpretación consecutiva dun discurso entre as linguas B e A (con algunha parte para interpretar en inversa e a posibilidade de incluír un exercicio de elaboración de discursos nas linguas A e B) e ambas terán lugar nas datas establecidas no calendario de exames aprobado en Xunta de FFT.

No caso do alumnado de intercambio que posúa unha competencia maior do inglés que do galego como lingua activa, poderá interpretar maioritariamente desta lingua ao inglés e ser avaliados en consecuencia, sendo os requisitos iguais que para o resto de alumnado --tanto para avaliación continua como única--, coa única diferenza de que, no seu caso, entendemos como lingua A o inglés e lingua B o galego.

É responsabilidade do alumnado estar ao tanto das datas nas que teñen lugar as probas de avaliación, así como consultar os materiais e as novidades que se poñen á súa disposición na plataforma de teledocencia.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Gile, Daniel, **Basic Concepts and Models for Interpreter and Translator Training**, John Benjamins,

VVAA, **Interpreter Training Resources (http://interpreters.free.fr/)**, http://interpreters.free.fr/,

Gillies, Andrew, **Note-Taking for Consecutive Interpreting-A Short Course**, St. Jerome,

Bibliografía Complementaria

Alexieva, Bistra, **Consecutive Interpreting as a Decision Process, in Beylard-Ozeroff, Ann Jana Králová and Barbara Moser-Mercer (eds.), Translator's strategies and creativity : selected papers from the 9th Internatio**, John Benjamins,

Bowen, David & Bowen, Margaretta, **Steps to Consecutive Interpretation**, Pen and Booth,

Gile, Daniel, **Justifying the deverbalisation approach in the interpreting and translation classroom, in Forum 1:2 [pp. 47-63]**, Forum (revista),

Ilg, Gerard and Sylvie Lambert, **Teaching Consecutive Interpreting, Interpreting, Vol. 1(1) [69-99]**, Interpreting (revista),

Iliescu Gheorgiu, Catalina, **Introducción a la interpretación. La modalidad consecutiva**, Publicaciones de la Universidad de Alicante,

Rozan, J.F., **La prise de notes en interprétation consécutive**, Librairie de lUniversité Georg,

Baxter, Robert Neal, **Modelo de formación básica en interpretación consecutiva dentro del marco de la reforma de Bolonia**, Sendebar 23 [61-77],

Baxter, Robert Neal, **A Simplified Multi-model Approach to Preparatory Training in Consecutive Interpreting**, The Interpreter and Translator Trainer (ITT) 6:1 [21-43],

Recomendacións

Materias que se recomenda cursar simultáneamente

Interpretación simultánea idioma 1: Inglés-Galego/V01G230V01601

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Introdución á teoría da tradución e a interpretación/V01G230V01210
Idioma moderno: Idioma 1, III: Inglés/V01G230V01303
Interpretación de enlace idioma 1: Inglés-Galego/V01G230V01514

Plan de Continxencias

Descrición

MEDIDAS EXCEPCIONAIS PLANIFICADAS
Ante a incerta e imprevisible evolución da alerta sanitaria provocada pola COVID- 19, a Universidade establece una planificación extraordinaria que se activará no momento no que as administracións e a propia institución o determinen atendendo a criterios de seguridade, saúde e responsabilidade, e garantindo a docencia nun escenario non presencial ou non totalmente presencial. Estas medidas xa planificadas garanten, no momento que sexa preceptivo, o desenvolvemento da docencia dun xeito mais áxil e eficaz ao ser coñecido de antemán (ou cunha ampla antelación) polo alumnado e o

profesorado a través da ferramenta normalizada e institucionalizada das guías docentes DOCNET.
I. MODALIDADE NON PRESENCIAL
Mantéñense todas as metodoloxías, adaptadas á situación de non presencialidade: as síncronas mediante a plataforma Faitic e o correo electrónico e as síncronas mediante plataformas de conexión en liña como o Campus Remoto ou Zoom.
As titorías realizaranse mediante o campus remoto ou telefonicamente (con cita previa por correo electrónico).
As probas ou tarefas obrigatorias que non se realizaran no momento do cambio á modalidade non presencial, pero que se poidan realizar igualmente de forma remota, continuarán co mesmo peso na avaliación. No caso de a modalidade non presencial ou mixta se estender moito no tempo, a proba final de avaliación (75%) poderá diminuír o seu peso na nota final e aumentar, no seu lugar, o peso da autoavaliación (que na modalidade presencial é de apto obrigatorio e non conta para a cualificación final) ou do seminario (5%); en tal caso, dita avaliación adaptarase ao sorporte ou método máis conveniente en función das circunstancias (portafolio, diario de aprendizaxe, recollida de follas de autoavaliación, reflexión sobre a aprendizaxe, pautas metacognitivas etc.).
II. MODALIDADE MIXTA
Na modalidade mixta (na que unha parte do estudantado asistirá ás aulas de forma presencial e outra parte seguirá as clases dun modo síncrono ou asíncrono) o profesorado manterá as metodoloxías, a atención personalizada e os sistemas de avaliación como se indica para a modalidade presencial, adaptando os grupos de estudantes e as quendas para cumprir coa normativa sanitaria que se estableza no seu momento e puidendo adaptar a avaliación ou as metodoloxías ao establecido na modalidade non presencial, no caso de estimar que isto fose redundar nunha mellor aprendizaxe por parte do alumnado.

DATOS IDENTIFICATIVOS				
Interpretación consecutiva idioma 1: Inglés-Español				
Materia	Interpretación consecutiva idioma 1: Inglés-Español			
Código	V01G230V01618			
Titulacion	Grao en Tradución e Interpretación			
Descriptores	Creditos ECTS	Carácter	Curso	Cuadrimestre
	6	OB	3	2c
Lingua impartición	Castelán Inglés			
Departamento	Tradución e lingüística			
Coordinador/a	Romero Fresco, Pablo			
Profesorado				
Correo-e				
Web				

Descrición xeral	Esta materia, de carácter eminentemente práctico, ten por obxectivo que o alumnado adquira as técnicas e competencias fundamentais de interpretación consecutiva entre inglés e castelán. Así, espérase que ao longo do cuadrimestre o alumnado sexa capaz de:
	  Desenvolver as capacidades de escoita activa, memoria, análise e síntese do discurso, introducindo as técnicas fundamentais de toma de notas e oratoria, valorando a fluidez, naturalidade, corrección e capacidade comunicativa da expresión oral nas linguas A e B.
	  Aumentar a súa cultura xeral, saber documentarse e prepararse para interpretar discursos ou entrevistas sobre un tema dado.
	  Interpretar na modalidade de consecutiva e na súa lingua A un discurso producido orixinalmente na lingua B.
	  Facer de mediador(a) lingüística/ou e cultural entre falantes das linguas B e A.			

Competencias	
Código	
CE1	Dominio de linguas estranxeiras
CE2	Coñecemento de culturas e civilizacións estranxeiras
CE3	Dominio da lingua propia, escrita e oral
CE4	Coñecer norma e usos das linguas de traballo
CE5	Dominio de técnicas terminolóxicas e neolóxicas para a tradución especializada
CE6	Utlización de ferramentas informáticas e instrumentos técnicos para a interpretación
CE7	Dominio de técnicas de tradución asistida/localización
CE8	Destreza para a procura de información/documentación
CE9	Coñecemento dos aspectos económicos e profesionais
CE11	Capacidade de deseñar e xerir proxectos
CE12	Posuír unha ampla cultura
CE13	Optimización de toma de notas, elaboración de resumos, síntese e reexpresión
CE14	Dominio de ferramentas informáticas
CE16	Capacidade de deseñar, organizar o traballo e xerir e coordinar proxectos
CE17	Capacidade de tomar decisións
CE18	Capacidade de aplicar os coñecementos á práctica
CE19	Capacidade de deseñar e xerir proxectos
CE20	Facilidade para as relacións humanas
CE21	Rigor e seriedade no traballo
CE22	Destrezas de tradución
CE23	Uso de ferramentas de tradución asistida
CT1	Comunicación oral e escrita na lingua propia. Prestarase especial atención ao coñecemento e correcto uso das 2 linguas cooficiais da Comunidade Autónoma de Galicia
CT3	Capacidade de organización e planificación de proxectos
CT4	Resolución de problemas
CT5	Coñecementos de informática aplicada
CT6	Capacidade de xestión da información
CT7	Toma de decisións
CT8	Compromiso ético e deontolóxico
CT9	Razoamento crítico
CT11	Habilidades nas relacións interpersoais
CT12	Traballo en equipo

CT13	Traballo nun contexto internacional
CT14	Motivación pola calidade
CT15	Aprendizaxe autónoma
CT16	Adaptación a novas situacións
CT17	Comprensión doutras culturas e costumes
CT18	Creatividade
CT19	Iniciativa e espírito emprendedor
CT20	Lideranza
CT21	Sensibilidade co medio
CT22	Capacidade de aplicar os coñecementos na práctica
CT23	Capacidade de traballo individual
CT24	Deseño e administración de proxectos

Resultados de aprendizaxe

Resultados de aprendizaxe	Competencias	
Fornecer coñecementos teóricos básicos sobre os principios que rexen a interpretación consecutiva.	CE1 CE2 CE6 CE8 CE9 CE13 CE17 CE21	CT6 CT8 CT9 CT12 CT14 CT15 CT23
Sentar as bases teóricas e metodolóxicas para a aprendizaxe das técnicas de interpretación consecutiva.	CE1 CE3 CE4 CE7 CE8 CE9 CE12 CE17 CE18 CE20 CE21 CE22 CE23	CT3 CT4 CT6 CT7 CT8 CT9 CT11 CT12 CT13 CT14 CT15 CT16 CT17 CT18 CT22 CT23
Adquirir as técnicas básicas de interpretación consecutiva.	CE1 CE2 CE3 CE4 CE13 CE16 CE17 CE18 CE20 CE21 CE22	CT1 CT4 CT6 CT7 CT11 CT12 CT14 CT15 CT16 CT17 CT18 CT22 CT23
Desenvolver as capacidades de comprensión, análise e produción do discurso oral nas linguas de traballo.	CE1 CE2 CE3 CE4 CE12 CE13	CT1 CT6 CT7 CT9 CT14 CT15 CT17 CT18 CT19 CT20 CT22 CT23

Fornecer as ferramentas básicas para a xestión do discurso, a aprendizaxe continua e a resolución de problemas.	CE1 CE3 CE4 CE5 CE8 CE11 CE12 CE13 CE14 CE17 CE18 CE19 CE21	CT1 CT4 CT5 CT6 CT7 CT8 CT9 CT11 CT12 CT13 CT14 CT15 CT16 CT17 CT18 CT21 CT22 CT23 CT24

Contidos	
Tema	
Fase inicial: introdución 1. Repaso e consolidación dos obxectivos de aprendizaxe da materia de interpretación de enlace. 2. Posta en valor da cultura xeral: asunción das lagoas de coñecemento e fomento da curiosidade. 3. Introdución de obxectivos específicos de interpretación consecutiva.	1. Conseguir seguridade e confianza ao falar en público: superar o nerviosismo, eliminar xestos que interfiran na comunicación, utilizar a voz e a postura de maneira adecuada. 2. Axustar o nivel da lingua materna: utilizar un rexistro adecuado, eliminar marcas informais da lingua, mobilizar un léxico rico e variado. 3. Ser conscientes do nivel necesario das linguas A e B: identificar posibles carencias e comezar a superalas. 4. Aumentar a capacidade de escoita e análise, concentrarse na escoita, ordenar a mensaxe. 5. Familiarizarse coas fórmulas e esquemas habituais dos discursos formais. 6. Elaborar discursos propios na lingua A con fluidez e propiedade.
Fase intermedia I 1. Desenvolvemento das competencias esenciais para realizar unha boa interpretación consecutiva.	1. Reformular sinteticamente e con corrección na lingua B os discursos producidos na lingua A. 2. Ter criterio para introducir a toma de notas durante a audición: aprender a seleccionar a información relevante. 3. Ser capaces de realizar unha interpretación consecutiva-resumo sen toma de notas entre as linguas B e A. 4. Equilibrar a utilización das notas e o uso da memoria. 5. Aumentar a capacidade de memoria a curto prazo: identificar os elementos que a desencadean, desenvolver a memoria visual e a memoria analítica. 6. Aumentar a rapidez de mobilización de recursos lingüísticos nas linguas A e B. 7. Aplicar os principios fundamentais da toma de notas á interpretación consecutiva.
Fase intermedia II 1. Perfeccionamento das competencias fundamentais para realizar unha boa interpretación consecutiva. 2. Desenvolvemento da metacognición.	1. Introducir e integrar os símbolos útiles para cada estudante e elaborar o seu propio sistema de toma de notas. 2. Ter claro o que entendemos por unha boa interpretación e saber avaliar interpretacións propias e alleas. 3. Saber detectar os defectos sobre o desempeño propio e de elaborar e aplicar un plan de traballo adecuado ás necesidades de aprendizaxe. 4. Consolidar as capacidades de escoita, análise e memoria a curto prazo. 5. Experimentar distintas formas de toma de notas, decidir cando e como. 6. Desenvolver a capacidade de anticipación.

Fase avanzada: consolidación e perfeccionamento 1. Superación definitiva das dificultades de aprendizaxe. 2. Consolidación da técnica de interpretación consecutiva ante situacións de maior nivel de dificultade.	1. Ser capaz de restituír información máis complexa en consecutiva: conceptos abstractos e nomes propios. 2. Ser capaz de restituír números e unidades, saber adaptar a estratexia de toma de notas en función do discurso. 3. Introducir discursos con maior dificultade. 4. Superar definitivamente os problemas específicos de cada estudante. 5. Dominio das decisións sobre a toma de notas, a análise e a restitución do discurso. 6. Introdución de discursos de especialidade: preparación terminolóxica, resolución de problemas. 7. Consolidación da técnica de interpretación consecutiva con toma de notas con discursos máis densos, complicados e rápidos.

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Actividades introdutorias	2	0	2
Lección maxistral	5	10	15
Traballo tutelado	34	71	105
Prácticas con apoio das TIC (Repetida, non usar)	0	21	21
Seminario	6	0	6
Práctica de laboratorio	1	0	1

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Actividades introdutorias	Descrición da materia e do curso, obxectivos, metodoloxía, familiarización cos equipos de interpretación consecutiva e explicación de criterios de avaliación.
Lección maxistral	Actividade transversal que se desenvolverá no marco das sesións prácticas de traballo na aula cando os fenómenos relevantes aparezan durante a realización dos exercicios prácticos.
Traballo tutelado	Explicación e práctica de exercicios de introdución á interpretación consecutiva. Práctica exhaustiva da interpretación consecutiva.
Prácticas con apoio das TIC (Repetida, non usar)	Prácticas individuais de IC do alumnado partir de gravacións en vídeo de sesións reais e dispoñibles en Internet (páxinas de intérpretes ou sobre interpretación, organismos internacionais etc.).
Seminario	Técnicas e principios de interpretación consecutiva.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Traballo tutelado	Durante as titorías individuais a/o docente fará un seguimento da aprendizaxe e rendemento de cada estudante e establecerá un plan de mellora.

Avaliación

	Descrición	Cualificación	Competencias Avaliadas	
Traballo tutelado	Nota da proba ou exercicios de interpretación inglés-castelán ao longo do curso, en función do especificado por cada docente.	25	CE1 CE2 CE3 CE4 CE6 CE8 CE13 CE17 CE20	CT4 CT6 CT7 CT11 CT15 CT21 CT22
Práctica de laboratorio	O alumnado que se acolla á avaliación continua realizará un exame que consistirá nuhna interpretación consecutiva B-A sobre algún dos temas tratados na clase. Dito exame realizarase durante a última semana de clase ou na data oficial establecida polo decanato e será necesario obter como mínimo un 5 para facer media co resto de notas e poder aprobar a materia.	75	CE1 CE2 CE3 CE4 CE6 CE8 CE13 CE17 CE20	CT4 CT6 CT7 CT11 CT15 CT22

Outros comentarios sobre a Avaliación

Para acollerse á avaliación continua é moi recomendable asistir regularmente a clase e realizar todos os traballos de aula e

probas prácticas que se detallan na presente guía.
O alumnado que renuncie á avaliación continua terá que facer un exame que consistirá na realización dunha interpretación consecutiva B-A en cabina sobre algún dos temas tratados durante o curso. O devandito exame realizarase na data oficial establecida polo decanato da FFT. A cualificación obtida no exame será o 100% da cualificación final da materia e haberá que sacar como mínimo un 5 para aprobar.
Na convocatoria extraordinaria de xullo o alumnado realizará un exame final que consistirá na realización dunha interpretación consecutiva B-A sobre algún dos temas tratados durante o curso. O exame realizarase na data oficial establecida polo decanato da FFT. A cualificación obtida no exame será o 100% da cualificación final da materia e haberá que sacar como mínimo un 5 para aprobar. Ao alumnado que se acoller á avaliación continua gardaráselle a nota das probas ou exercicios correspondentes ao 25% da cualificación en primeira convocatoria.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Gillies, Andrew, **Note-taking for consecutive interpreting a short course**, 2007,

Gillies, Andrew (coord.), **Interpreter Training Resources, the only dedicated site for students of conference interpreting**,

Gillies, Andrew, **Consecutive Interpreting: A Short Course (Translation Practices Explained)**, Routledge, 2019

Rozan, Jean-François, **La prise de notes en interprétation consécutive**, 1956,

Iliescu Gheorghiu, Catalina, **Introducción a la interpretación : la modalidad consecutiva / Catalina Iliescu Gheorghiu**, 2001,

Bibliografía Complementaria

Collados, Ángela y Fernández, Manuela (coords), **Manual de interpretación bilateral**, 2001,

Bosh, Clara, **Técnicas de interpretación consecutiva: la toma de notas**, 2014,

Vanhecke, Katrin y Lobato Patricio, Julia, **La Enseñanza-aprendizaje de la interpretación consecutiva : una propuesta didáctica : aplicaciones a las combinaciones lingüísticas inglés-español y francés-español**, 2009,

Gile, Daniel, **Basic Concepts and Models for Interpreter and Translator Training**, 2009,

Recomendacións

Materias que continúan o temario

Interpretación consecutiva avanzada idioma 1: Inglés-Español/V01G230V01906
Interpretación simultánea avanzada idioma 1: Inglés-Español/V01G230V01901

Materias que se recomenda cursar simultáneamente

Interpretación simultánea idioma 1: Inglés-Español/V01G230V01602

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Interpretación de enlace idioma 1: Inglés-Español/V01G230V01515

Outros comentarios

Para o alumnado Eramus ou doutros programas de mobilidade internacional, é recomendable ter un nivel C1 de inglés e de español para poder cursar esta materia.
A copia ou plaxio total ou parcial en calquera tipo de traballo ou exame suporá un 0 nesa proba. Alegar descoñecemento do que supón un plaxio non eximirá o estudantado da súa responsabilidade neste aspecto.
É responsabilidade do estudantado consultar os materiais dispoñibles na plataforma (novidades, documentos, cualificacións) e estar ao tanto dos avisos e das datas de realización das diferentes probas.
Na avaliación terase en conta non só a pertinencia e calidade do contido das respostas senón tamén a súa corrección lingüística, algo que por outra banda xa se avalía como parte da asignatura.

Plan de Continxencias

Descrición

MEDIDAS EXCEPCIONAIS PLANIFICADAS

Ante a incerta e imprevisible evolución da alerta sanitaria provocada pola COVID- 19, a Universidade establece una planificación extraordinaria que se activará no momento no que as administracións e a propia institución o determinen atendendo a criterios de seguridade, saúde e responsabilidade, e garantindo a docencia nun escenario non presencial ou non totalmente presencial. Estas medidas xa planificadas garanten, no momento que sexa preceptivo, o desenvolvemento da docencia dun xeito mais áxil e eficaz ao ser coñecido de antemán (ou cunha ampla antelación) polo alumnado e o profesorado a través da ferramenta normalizada e institucionalizada das guías docentes DOCNET.

I. MODALIDADE NON PRESENCIAL

Mantéñense todas as metodoloxías, adaptadas á situación de non presencialidade: as asíncronas mediante a plataforma Faitic e o correo electrónico e as síncronas mediante plataformas de conexión en liña (Campus remoto ou similares).
As titorías realizaranse mediante o campus remoto (cadanseu despacho virtual) ou
telefonicamente (con cita previa por correo electrónico).
As probas ou tarefas obrigatorias que non se realizaran no momento do cambio á modalidade non presencial, pero que se poidan realizar igualmente de forma remota, continuarán co mesmo peso na avaliación. No caso de a modalidade non presencial ou mixta se estender moito no tempo, a proba final de avaliación (75%) poderá dividirse en varias (incluíndo, entre elas, a posibilidade de autoavaliación); en tal caso, a avaliación adaptarase ao soporte ou método máis conveniente en función das circunstancias (portafolio, diario de aprendizaxe, recollida de follas de autoavaliación, reflexión sobre a aprendizaxe, pautas metacognitivas etc.).

II. MODALIDADE MIXTA

Na modalidade mixta (na que unha parte do estudantado asistirá ás aulas de forma presencial e outra parte seguirá as clases dun modo síncrono ou asíncrono) o profesorado manterá as metodoloxías, a atención personalizada e os sistemas de avaliación como se indica para a modalidade presencial, adaptando os grupos de estudantes e as quendas para cumprir coa normativa sanitaria que se estableza no seu momento e puidendo adaptar a avaliación ou as metodoloxías ao establecido na modalidade non presencial, no caso de estimar que isto fose redundar nunha mellor aprendizaxe por parte do alumnado.

DATOS IDENTIFICATIVOS				
Interpretación consecutiva idioma 1: Francés-Galego				
Materia	Interpretación consecutiva idioma 1: Francés-Galego			
Código	V01G230V01619			
Titulacion	Grao en Tradución e Interpretación			
Descriptores	Creditos ECTS	Carácter	Curso	Cuadrimestre
	6	OB	3	2c
Lingua impartición	Francés Galego			
Departamento	Tradución e lingüística			
Coordinador/a	Ferreiro Vázquez, Óscar			
Profesorado				
Correo-e				
Web	http://http://paratraduccion.com/limiares/oscar-ferreiro-vazquez/			
Descrición xeral	Trátase dunha materia encadrada no módulo de Interpretación, dentro da materia (A) Técnicas. Esta materia é unha introdución á interpretación consecutiva. Realizarase unha breve presentación teórica sobre as diversas técnicas e estratexias da interpretación consecutiva. Por último, realizaranse prácticas de interpretación consecutiva francés/galego.			

Competencias	
Código	
CE1	Dominio de linguas estranxeiras
CE2	Coñecemento de culturas e civilizacións estranxeiras
CE3	Dominio da lingua propia, escrita e oral
CE4	Coñecer norma e usos das linguas de traballo
CE8	Destreza para a procura de información/documentación
CE9	Coñecemento dos aspectos económicos e profesionais
CE12	Posuír unha ampla cultura
CE13	Optimización de toma de notas, elaboración de resumos, síntese e reexpresión
CE17	Capacidade de tomar decisións
CE18	Capacidade de aplicar os coñecementos á práctica
CE21	Rigor e seriedade no traballo
CE24	Capacidade de aprendizaxe autónoma
CT1	Comunicación oral e escrita na lingua propia. Prestarase especial atención ao coñecemento e correcto uso das 2 linguas cooficiais da Comunidade Autónoma de Galicia
CT4	Resolución de problemas
CT6	Capacidade de xestión da información
CT7	Toma de decisións
CT8	Compromiso ético e deontolóxico
CT9	Razoamento crítico
CT13	Traballo nun contexto internacional
CT14	Motivación pola calidade
CT15	Aprendizaxe autónoma
CT16	Adaptación a novas situacións
CT17	Comprensión doutras culturas e costumes
CT18	Creatividade
CT22	Capacidade de aplicar os coñecementos na práctica
CT23	Capacidade de traballo individual

Resultados de aprendizaxe		
Resultados de aprendizaxe	Competencias	
Sentar as bases teóricas e metodolóxicas para a aprendizaxe das técnicas de interpretación consecutiva de linguas.	CE2 CE3 CE8 CE9 CE21 CE24	CT6 CT7 CT8 CT9 CT14 CT15 CT16 CT18 CT23

Fornecer as ferramentas básicas para a xestión do discurso.	CE1 CE2 CE3 CE13 CE17 CE18	CT1 CT4 CT6 CT7 CT9 CT15 CT16 CT22 CT23
Desenvolver as capacidades de comprensión, análise e produción do discurso oral nas linguas de traballo.	CE1 CE2 CE3 CE4 CE12 CE13 CE17 CE18	CT1 CT6 CT9 CT13 CT15 CT17 CT22 CT23

Contidos	
Tema	
1. A interpretación consecutivas: características	1.1. Diferenzas con outras técnicas de interpretación: simultánea e enlace 1.2. A persoa que interpreta como alter ego do orador ou mediador lingüístico: O uso da 1ª ou 3ª persoa 1.3. Limitacións da IC
2. Os eidos da IC.	2.1. A interpretación de conferencias 2.2. A interpretación de enlace 2.3. A visibilidade da persoa que interpreta: a 1ª/3ª persona
3. As dúas fases da IC: o proceso	3.1 As dúas fases do proceso: escoita e produción 3.2 As distintas operacións: escoita e análise, as distintas memorias, as notas, a división da atención, a produción. 3.3. Toma e lectura de notas. Os símbolos.
4. Prácticas de introdución á interpretación	4.1. Exercicios de escoita e análise con reformulación gal-gal. 4.2. Exercicios de memorización 4.3. Exercicios de produción de discursos nas linguas de traballo. 4.4.Exercicios de escoita e análise dun discurso en francés. 4.5 Exercicios de toma de notas en francés e galego
5. Prácticas de IC fr-gal: o produto	5.1. A produción do discurso 2.2 A calidade do discurso: produción, transmisión de contidos e expresión 5.3. A corrección: identificación de erros e as súas causas.
6. A producción dun discurso cara o público en francés	6.1. Conseguir seguridade e confianza ao falar en público: superar o nerviosismo, eliminar xestos que interfiran na comunicación, utilizar a voz e a postura de xeito adecuado. 6.2. Axustar o nivel da lingua: utilizar un rexistro adecuado, eliminar marcas informais da lingua, mobilizar un léxico rico e variado e unha gramática correcta 6.3. Familiarizarse coas fórmulas e esquemas habituais dos discursos formais.
7. Introdución á IC inversa	7.1. A división da atención novo enfoque sobre o equilibrio dos distintos esforzos. 7.2. O produto. A calidade do discurso producido: produción, transmisión de contidos e expresión. 7.3. Análise e intercambio de experiencias sobre as diferenzas no proceso e produto da IC directa e inversa.

Planificación			
	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Actividades introdutorias	2	0	2
Traballo tutelado	35	72	107
Seminario	6	0	6
Lección maxistral	4	0	4
Prácticas con apoio das TIC	0	30	30
Práctica de laboratorio	1	0	1

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Actividades introdutorias	Descrición da materia e do curso. Formulación de obxectivos. Descrición da metodoloxía. Formulación dos criterios de avaliación. Actividades de repaso das competencias adquiridas na materia "Interpretación de enlace francés-galego" e de introdución ás competencias específicas da materia "Interpretación consecutiva francés-galego".
Traballo tutelado	Familiarización cos equipos de interpretación. Explicación e prácticas de exercicios introdutorios á IC. Corrección de exercicios. Produción e enunciación de intervencións para a súa posterior interpretación. Introdución á práctica da IC inversa
Seminario	Recoñecemento de fenómenos relevantes. Identificación e localización de problemas de lingua, de referencias culturais e sociais, gramática de contraste e tradución. Procura de solucións: tácticas e estratexias de traballo adaptadas a necesidades e capacidades de estudantes
Lección maxistral	Explicación de contidos teóricos da materia que se impartirán de forma transversal nas sesións prácticas de traballo nas aulas (laboratorios de interpretación).
Prácticas con apoio das TIC	Prácticas individuais de IC a partir de visionado e escoita de sesións reais de entrevistas e debates en liña. Corrección de exercicios.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Traballo tutelado	Realizarase mediante titorías individuais. Escoitarase o exercicio e valorarase a correción levada a cabo polo estudante tanto en clase como a través de TIC. Detectaranse erros dentro das distintas operacións da IC, analizando as súas causas e buscando solucións. Indicaranse tarefas e exercicios específicos para paliar deficiencias e erros. Será necesario achegar as notas tomadas durante o exercicio para poder valoralas e detectar os erros de toma ou lectura das notas.

Avaliación

	Descrición	Cualificación	Competencias Avaliadas	
Traballo tutelado	Produción e enunciación de intervencións para a súa posterior interpretación. Participación na corrección e discusión das solucións dos exercicios de IC. Elaboración de glosarios temáticos.	20	CE1 CE3 CE4 CE13 CE17 CE18 CE21	CT1 CT4 CT6 CT7 CT8 CT9 CT14 CT15 CT16 CT18 CT22 CT23
Práctica de laboratorio	A proba terá dúas partes: 1 - Unha proba de IC (50% da nota) fr>gal e/ou dun discurso oral en lingua francesa. 2 - A entrega dun dossier de autoavaliación e corrección dunha práctica de IC e/ou dun discurso oral en lingua francesa feitos previamente en clase (30% da nota). É imprescindible superar cada proba para dar por aprobada a materia. Estas probas serán cualificadas en función de catro criterios principais: fluidez e seguridade, expresión e corrección, resolución de problemas e contido.	80	CE1 CE3 CE4 CE13 CE17 CE18 CE21	CT1 CT4 CT6 CT7 CT8 CT9 CT14 CT15 CT16 CT18 CT22 CT23

Outros comentarios sobre a Avaliación

A data oficial para a proba final tanto para o alumnado de avaliación contínua como única será a data establecida no calendario de exames aprobado en Xunta de FFT.

É imprescindible obter un mínimo de 5 sobre 10 na proba de interpretación consecutiva para dar por aprobada a materia e superar a proba de discurso oral.

Tanto a avaliación única (para aqueles/os alumnos/as que renuncien á avaliación continua) como a segunda convocatoria consistirán nun exame de interpretación consecutiva dun discurso da lingua B á lingua A e/ou nun discurso oral en lingua francesa. O exame celebrarase segundo o calendario oficial do mes de xullo.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Gile, Daniel, **Regards sur la recherche en Interprétation de conférences**, Presses Universitaires de lille, 1995

Bibliografía Complementaria

Valero Garcés, C y MDergam, **Mediador social=mediador lingúístico=intérprete: práctica, formación y reconocimietno del intérprete en los servicios sociales**, 3, 2001

Recomendacións

Materias que continúan o temario

Interpretación consecutiva avanzada idioma 1: Francés-Español/V01G230V01908
Interpretación simultánea avanzada idioma 1: Francés-Español/V01G230V01904

Materias que se recomenda cursar simultáneamente

Interpretación simultánea idioma 1: Francés-Galego/V01G230V01603

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Cultura e civilización para a tradución e a interpretación (conceptualizacións básicas): Francés/V01G230V01418
Idioma 2, IV: Francés/V01G230V01406
Interpretación de enlace idioma 1: Francés-Galego/V01G230V01516

Outros comentarios

Recoméndase unha actualización permanente das informacións nacionais e internacionais da actualidade política, social, económica e cultural utilizando material impreso e audiovisual, así como estar ao corrente dos debates internacionais sobre temas de distintos ámbitos.
É responsabilidade do alumnado así mesmo consultar os materiais e as novidades a través da plataforma de teledocencia Moovi, así como estar ao tanto das datas nas que teñen lugar as probas de avaliación

Yuste Frías, José, **Paratextual Elements in Translation: Paratranslating Titles in Children□s Literature**, Gil-Bajardí, Anna, Pilar Orero & Sara Rovira-E,

Yuste Frías, José, **Para-traducir la tipografía creativa de la literatura infantil y juvenil**, La otra L, 8: 38-45,

Yuste Frías, José, **Traduire pour les enfants I**, Sur les seuils du traduire. Un carnet de recherche,

Yuste Frías, José, **Traduire pour les enfants II**, Sur les seuils du traduire. Un carnet de recherche,

Yuste Frías, José, **La paratraduction de l□image de la lettre**, Sur les seuils du traduire. Un carnet de recherche,

Yuste Frías, José, **Nuevas perspectivas para traducir la imagen en publicidad internacional**, Montero Domínguez, Xoán [ed.] Traducción para la,

Yuste Frías, José, **Paratextualidade e tradução: a paratradução da literatura infantil e juvenil**, Cadernos de Tradução, vol. 2, n.º 34: 9-60.,

Yuste Frías, José, **Traducción y pratraducción en la localización de videojuegos**, Scientia Traductionis, n.º 15: 61-76,

Yuste Frías, José, **Paratraducción: la traducción de los márgenes, al margen de la traducción**, Delta, vol. 31, special issue: 317-347,

Bibliografía Complementaria

Yuste Frías, José, **El Primero de Mayo de 2020**, Blog de Yuste. On y sème à tout vent, [en red], 2020

Yuste Frías, José, **Nuevos contenidos para una nueva televisión: ¡Zig-Zag!**, Blog de Yuste. On y sème à tout vent [en red], 2020

Yuste Frías, José, **¡Feliz día del corrector, Maestro!**, https://www.joseyustefrias.com/2020/10/27/feliz-dia-del-corrector-maestro/, Blog de Yuste. On y sème à tout vent, [en red], 2020

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Lingua A1, II: Introdución ás linguas de especialización: Galego/V01G230V01301
Lingua A2, II: Introdución ás linguas de especialización: Español/V01G230V01402

Outros comentarios

A atención personalizada realizarase tanto no despacho físico do profesor (si as circunstancias excepcionais da *COVID-19 permíteno) como no despacho virtual do profesor, sempre en horario de *tutorías oficial.

Infórmase desde esta guía docente que, desde o 8 de maio de 2012 existe unha conta académica de páxina *facebook enteiramente dedicada á materia de «Revisión e corrección de textos»:
&*lt;*https://www.facebook.com/*galeradas&*gt;
Por conseguinte, recoméndase a todo o alumnado matriculado nesta materia ter aberta unha conta *facebook para poder seguir o ritmo docente e *discente da materia.

Plan de Continxencias

Descrición

=== MEDIDAS EXCEPCIONAIS PLANIFICADAS ===
Ante a incerta e imprevisible evolución da alerta sanitaria provocada pola COVID-19, a Universidade de Vigo establece unha planificación extraordinaria que se activará no momento en que as administracións e a propia institución determíneno atendendo a criterios de seguridade, saúde e responsabilidade, e garantindo a docencia nun escenario non presencial ou parcialmente presencial.

No escenario non presencial ou semipresencial da docencia universitaria, mantéñense as metodoloxías, contidos, avaliación e titorías da modalidade presencial. Actividades todas que se realizarán coas ferramentas proporcionadas pola propia Universidade de Vigo (aulas e despachos virtuais BBB, correo electrónico uvigo.es, Moovi, etc.) co fin de cumprir escrupulosamente coa Lei de Protección de Datos.

Na chamada modalidade «mixta» da docencia universitaria, contémplase a posibilidade de que unha parte do alumnado poida permanecer na aula e o resto do alumnado poida seguir as clases de forma telemática por videoconferencia BBB dun modo preferentemente síncrono. O seguimento asíncrono por vía telemática podería realizarse dependendo de que as ferramentas tecnolóxicas postas a disposición do profesorado por parte da UVigo aseguren, por unha banda, o cumprimento da Lei de Protección de Datos e, por outra, a calidade da docencia universitaria impartida. As metodoloxías, a atención personalizada e a avaliación serán as mesmas que as da modalidade presencial, adaptando sempre o número dos grupos e quendas de persoas presentes nas aulas para poder cumprir coa normativa sanitaria vixente.

DATOS IDENTIFICATIVOS

Tradución xurídica-administrativa idioma 1: Inglés-Galego

Materia	Tradución xurídica-administrativa idioma 1: Inglés-Galego			
Código	V01G230V01702			
Titulacion	Grao en Tradución e Interpretación			
Descriptores	Creditos ECTS	Carácter	Curso	Cuadrimestre
	6	OB	4	1c
Lingua impartición	Galego Inglés			
Departamento	Tradución e lingüística			
Coordinador/a	López González, Rebeca Cristina			
Profesorado	López González, Rebeca Cristina			
Correo-e	rebecalopez@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral	Esta materia ten por obxectivo principal formar os estudantes na práctica da tradución directa e inversa inglés - galego nos eidos legal e institucional, cos obxectivos secundarios de orientalos de cara á comprensión profunda dos textos destes eidos, de dotalos duns coñecementos básicos sobre dereito e xestión, de proporcionarlles unha certa perspectiva das condicións do mundo da tradución profesional e de fomentar o espírito crítico de cara á actividade da tradución.			

Competencias

Código	
CB1	Que os estudantes demostren posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral e adoita atoparse a un nivel que, malia se apoiar en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo.
CB2	Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
CB3	Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
CB4	Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solución a un público tanto especializado coma non especializado.
CB5	Que os estudantes desenvolvan aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.
CE1	Dominio de linguas estranxeiras
CE2	Coñecemento de culturas e civilizacións estranxeiras
CE3	Dominio da lingua propia, escrita e oral
CE4	Coñecer norma e usos das linguas de traballo
CE5	Dominio de técnicas terminolóxicas e neolóxicas para a tradución especializada
CE8	Destreza para a procura de información/documentación
CE10	Capacidade de traballo en equipo
CE16	Capacidade de deseñar, organizar o traballo e xerir e coordinar proxectos
CE17	Capacidade de tomar decisións
CE18	Capacidade de aplicar os coñecementos á práctica
CE21	Rigor e seriedade no traballo
CE22	Destrezas de tradución
CE24	Capacidade de aprendizaxe autónoma
CE26	Coñecementos temáticos básicos de cada unha das especializacións

Resultados de aprendizaxe

Resultados de aprendizaxe	Competencias

Ser quen de comprender os textos máis complexos de natureza xurídica e administrativa.	CB3 CB4 CB5	CE1 CE2 CE3 CE4 CE5 CE8 CE10 CE16 CE17 CE18 CE21 CE22 CE24
Adquirir uns coñecementos básicos sobre dereito e xestión	CB3 CB5	CE2 CE8 CE24 CE26
Adquirir un certo espírito crítico respecto á calidade e fiabilidade dos textos orixinais, das fontes documentais e das traducións propias e alleas.	CB1 CB2 CB3 CB4	CE1 CE2 CE3 CE4 CE5 CE8 CE17 CE18 CE22
Ser quen de traducir do inglés ao galego e do galego ao inglés, dun xeito preciso e co estilo axeitado, textos de complexidade baixa de natureza xurídica e administrativa.	CB2 CB3 CB4 CB5	CE1 CE2 CE3 CE4 CE5 CE8 CE10 CE16 CE17 CE18 CE21 CE22 CE24

Contidos	
Tema	
LINGÜAXE XURÍDICA E ADMINISTRATIVA E A TRADUCIÓN	Características da lingüaxe xurídica e administrativa en inglés e galego. Definición de tradución xurídica. Plain English. Pensando na tradución directa: cuestións léxicas e cuestións gramaticais. Os erros na tradución xurídica: Erros lingüísticos: erros léxicos e fraseoloxía xurídica. Erros textuais Erros extralingüísticos Problemas de intencionalidade Problemas pragmáticos Os falsos amigos
A DOCUMENTACIÓN PARA A TRADUCIÓN XURÍDICA	As necesidades de documentación na tradución xurídica Fontes terminolóxicas Fontes de documentación institucional Outras fontes de documentación Busca e procesamento de información Internet como fonte de documentación
O DEREITO E A TRADUCIÓN XURÍDICO-ADMINISTRATIVA DENTRO E FÓRA DE GALICIA	O dereito: definición Ramas do dereito Fontes do dereito: formais, materiais e históricas Fontes do dereito segundo a súa xerarquía Sistemas xurídicos: en España, Galicia, Reino Unido e Estados Unidos Dereito civil galego

ANÁLISE TEÓRICO SOBRE O TIPO TEXTUAL E TRADUCIÓN (DIRECTA E INVERSA)	Análise textual e tradución de: Actas Formulario Solicitude Notificación
ANÁLISE TEÓRICO SOBRE O TIPO TEXTUAL E TRADUCIÓN (DIRECTA E INVERSA)	Análise textual e tradución de: Contrato Demanda Testamento

Planificación			
	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Actividades introdutorias	6	0	6
Estudo previo	14	18	32
Resolución de problemas de forma autónoma	0	16	16
Traballo tutelado	6	0	6
Lección maxistral	16	0	16
Práctica de laboratorio	4	48	52
Resolución de problemas e/ou exercicios	2	20	22

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente	
	Descrición
Actividades introdutorias	As actividades introdutorias consistirán na presentación da materia e no estabelecemento das bases para o desenvolvemento da docencia. Tamén realizaranse algunhas microtradución nas cales aparecerán reflectidos os principais problemas ós cales se enfrontan os tradutores xurídicos e administrativos.
Estudo previo	Nestas sesións a docente proporcionará información sobre os temas que compoñen os textos que se traducirán. Insisitirase na fase de documentación previa á realización de encomendas e traducións na aula. A docente recomendará certas fontes pero espérase que os alumnos tamén aporten documentación paralela que axude á realización das súas versións.
Resolución de problemas de forma autónoma	Estas actividades consistirán, sobre todo, na tradución dos textos propostos nas sesións na forma de encomendas avaliables que deberán realizarse de maneira autónoma ou en grupo.
Traballo tutelado	Realizaranse na aula varios exercicios de análise textual e de tradución supervisada, individuais e en grupo. Realizarase atención personalizada dos estudantes durante as titorías. A plataforma de teledocencia Moovi funcionará como medio para incluír os materiais necesarios para o deselvolvemento da materia e para a comunicación individualizada de calificacións, etc. É responsabilidade do alumnado consultar os materiais e as novidades a través da plataforma Moovi e estar ó tanto das datas nas que as probas de avaliación teñen lugar. A atención do alumnado que non asista ás clases realizarase unicamente no horario de titorías. Os periodos correspondentes coas revisións de traballos, encomendas e exames non superarán as 3 semanas e realizaranse durante as titorías da docente.
Lección maxistral	As sesións maxistrais consistirán nunha exposición por parte da docente de todas as cuestións teóricas que resulten oportunas para desenvolver cada un dos temas que se imparten, o que inclúe cuestións tradutolóxicas mediante lecturas orientadas ó ámbito de traballo da tradución xurídica e administrativa e cuestións relativas ós contidos especializados desta materia. Algunha destas lecturas teóricas poderá realizarse fóra das sesión de aulas.

Atención personalizada	
Metodoloxías	**Descrición**
Actividades introdutorias	Primeiras lecturas teóricas que contextualicen a materia. Tradución de fragmentos de varios textos e revisión dos mesmos para salientar aspectos que poderán empregarse en textos diversos. Análise das dificultades que presentan os textos xurídicos e administrativos.
Estudo previo	Con anterioridade á realización das traducións dos textos propostos na aula, realizarase unha analise da tipoloxía textual do texto de maneria conxunta para cada tema. Proporanse lecturas teóricas que introduzan cada texto práctico. Espérase a participación activa dos alumnos na procura de textos que axuden a mellorar as súas destrezas como tradutores.
Traballo tutelado	Durante a realización de traballos na aula, avaliaranse de maneira individual o traballo realizado polos estudantes, supervisándose, corrixindo e explicando as súas opcións tradutolóxicas. Na resolución de problemas e actividades de forma autónoma e en grupo, avaliarase o traballo dos estudantes, a súa maneira de coordinarse e organizar as tarefas e o desenvolvemento da tradución antes da súa entrega final.

Probas	Descrición
Práctica de laboratorio	As probas prácticas individuais ou de grupo realizaranse nas datas publicadas na plataforma Moovi, e nas datas oficiais do calendario aprobado pola Xunta de Facultade da FFT (mesmas datas). Para as encomendas establécense os prazos de entrega indicados no apartado 'Avaliación' desta guía docente.

Avaliación

	Descrición	Cualificación	Competencias Avaliadas	
Práctica de laboratorio	As probas prácticas consistirán nun total de catro traducións realizadas fóra das aulas dúas de directa (35%) e dúas de inversa (35%). A entrega fóra de prazo contará como un 0. Realizaranse como traducións elaboradas fóra da aula unha encomenda de grupo para a parte de directa cuxa data de entrega concretarase dentro da 3ª semana do cuadrimestre e outra encomenda de grupo para a parte de directa cuxa data de entrega concretarase nas aulas dentro da 6ª semana. A primeira encomenda de inversa de grupo cadrará na 10ª e a segunda na 13ª semana. Estas datas poderán anticiparse ou adiarse unha semana e dependerán das necesidades da docente e/ou dos/das estudantes. Resérvase un 10% da nota á observación da participación activa do alumnado durante as aulas desta materia.	80	CB2 CB3 CB4	CE4 CE17 CE18 CE21 CE22 CE26
Resolución de problemas e/ou exercicios	A proba de resposta curta será un exame teórico clásico de 6 preguntas breves (3 da parte de directa (10%) e 3 da parte de inversa (10%)) que se realizará ó final do cuadrimestre (data da proba en Moovi).	20	CB1 CB3 CB4 CB5	CE26

Outros comentarios sobre a Avaliación

AVALIACIÓN CONTINUA:

Cada alumno poderá acollerse a dúas oportunidades de avaliación por curso, decembro e xullo. Só se realizará avaliación continua para a convocatoria de decembro, e acollerse á avaliación continua implicará consumir a convocatoria oficial de decembro (data no calendario oficial). Os alumnos que desexen acollerse á avaliación continua deberán indicarllo á docente durante a primeira semana da materia na ficha que se debe entregar con foto. A entrega dunha soa encomenda avaliable suporá a aceptación implícita da avaliación continua. Os alumnos que desexen modificar o tipo de avaliación durante o desenvolvemento do cuadrimestre deberán poñerse en contacto coa docente mediante un correo electrónico onde se reflictan as razóns desta modificación e engadan os documentos acreditativos oportunos. Os alumnos Erasmus e Sicue que non se poidan incorporar ao curso desde o seu inicio deberán informar á docente desta circunstancia mediante correo electrónico desde a data de inicio de aulas e acreditar a antedita situación mediante documentos de xeito que a docente poida propor actividades con tempo que lles permitan incorporarse á avaliación continua. Aplícase este mesmo procedemento a calquera outro estudante que non poida por motivos persoais iniciar o curso con normalidade e en calquera destes tres casos poderá recomendarse o seguimento da avaliación única como medida tendo en conta o momento de incorporación destes estudantes.

Crearanse os grupos prácticos desde o inicio do cuadrimestre. Os estudantes deberán manterse no grupo no que estean incluídos e so poderán cambiar de grupo cando acrediten por escrito nun correo electrónico e coa documentacion oportuna as razóns polas que se debe producir este cambio.

Os alumnos que suspendan na primeira edición de actas poderanse presentar á convocatoria de xullo, sendo o exame similar á da primeira edición de actas sen avaliación continua. Para aprobar é necesario obter unha calificación mínima de 5 sobre 10 en cada unha das partes das que consta a materia (teoría, directa e inversa). Para facer o cálculo da calificación da parte de directa e inversa realizarase a media entre as notas das encomendas de grupo de cada unha das partes prácticas. Excepcionalmente, poderá negociarse cós alumnos de avaliación continua, sempre e cando unicamente suspendan 1 das 3 partes das que consta a materia, a realización desta parte na segunda convocatoria de actas (xullo).

AVALIACIÓN ÚNICA OU NON CONTINUA:

Os exames sen avaliación continua consistirán en tres preguntas teóricas breves, que poderán responderse en galego, castelán ou inglés e suporán o 30 % da nota; un exercicio de tradución directa, que suporá o 35 % da nota; e un exercicio de tradución inversa que suporá o 35% da nota. A data desta proba é a que aparece no calendario oficial de exames. Para aprobar a materia deben superarse as tres partes das que consta (teoría, directa e inversa) cunha nota mínima de 5 en cada unha delas.

Copiar doutro alumno ou dunha terceira persoa nunha encarga ou nun exame suporá un suspenso automático, e ademais posible apertura de expediente contra o alumno. Alegar descoñecemento do que supón un plaxio non eximirá o alumnado da súa responsabilidade neste aspecto.

OUTROS COMENTARIOS:

En calquera das probas, traballos ou exercicios, independentemente da convocatoria e do sistema de avaliación elixido, obterán a cualificación de suspenso aqueles alumnos que:

-Cometan máis de dúas faltas de ortografía (este criterio non se aplicará nas tarefas de tradución inversa).

-Non realicen correctamente a tradución de cuantías e cifras (directa e inversa).

-Cometan máis de dous erros gramaticais na parte directa (catro no caso das tarefas de tradución inversa). A avaliación terá en conta non só a pertinencia e calidade do contido das respostas senón tamén a súa correción lingüística.

-Cometan un contrasentido (aplicable ás traducións).

-Incorran en plaxio total ou parcial en calquera tipo de traballo ou exame suporá un cero nesa proba. Alegar descoñecemento do que supón un plaxio non eximirá o alumnado da súa responsabilidade neste aspecto.

-A docencia de cada parte dos contidos poderá experimentar modificacións de acordo coas necesidades do alumnado.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Alcaraz Varó, E., **El inglés jurídico: textos y documentos**, Ariel, 2000

Alcaraz Varó, E. e Hughes, B., **Diccionario de términos jurídicos**, Ariel, 2003

Bibliografía Complementaria

Valpuesta Gastamiza, E. M., **Introducción al derecho para no juristas**, Eunate, 1996

Mayoral Asensio, R., **Translating Official Documents**, St Jerome, 2003

Borja Albi, A., **El texto jurídico inglés y su traducción al español**, Ariel, 2000

Ramos Insua, M., **Glosario de termos xurídicos dubidosos (castelán-galego)**, Colexio de Avogados de Santiago de Compostela e Se, 2008

VV.AA., **Manual básico de documentación administrativa**, Xunta de Galicia e Consellería de Educación, Orden, 2004

Recomendacións

Materias que continúan o temario

Traballo de Fin de Grao/V01G230V01991

Materias que se recomenda cursar simultáneamente

Relacións Internacionais/V01G230V01917
Tradución económica idioma 1: Inglés-Galego/V01G230V01801

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Cultura e civilización para a tradución e a interpretación (conceptualizacións básicas): Inglés/V01G230V01417
Lingua A1, II: Introdución ás linguas de especialización: Galego/V01G230V01301
Tradución idioma 1, I: Inglés-Galego/V01G230V01309
Tradución idioma 1, II: Inglés-Galego/V01G230V01502

Outros comentarios

Recoméndase o emprego dos recursos facilitados polo Servizo de Biblioteca da Universidade de Vigo e a Biblioteca da FFT para o correcto desenvolvemento do traballo de aula e a realización dos traballos de tradución propostos (encomendas, exames, microtraducións, etc.).

Plan de Continxencias

Descrición

=== MEDIDAS EXCEPCIONAIS PLANIFICADAS ===
Ante a incerta e imprevisible evolución da alerta sanitaria provocada pola COVID- 19, a Universidade establece una planificación extraordinaria que se activará no momento en que as administracións e a propia institución o determinen atendendo a criterios de seguridade, saúde e responsabilidade, e garantindo a docencia nun escenario non presencial ou non totalmente presencial. Estas medidas xa planificadas garanten, no momento que sexa preceptivo, o desenvolvemento da docencia dun xeito mais áxil e eficaz ao ser coñecido de antemán (ou cunha ampla antelación) polo alumnado e o profesorado a través da ferramenta normalizada e institucionalizada das guías docentes DOCNET.

=== ADAPTACIÓNS===
A metodoloxías docentes e contidos mantéñense. Empregarase o Campus Remoto para a docencia e Moovi como medio de difusión dos contidos desta materia. As titorías realizaranse mediante o despacho virtual 1403 e concertaranse mediante correo electrónico seguindo o sistema de cita previa.

=== ADAPTACIÓN DA AVALIACIÓN ===
Probas que se modifican
Avaliación continua:
[Proba de teoría] => [Traballo de teoría de grupo] Mantén o seu valor porcentual na avaliación.
Avaliación única:
[Proba de teoría] => [Traballo de teoría individual] Mantén o seu valor porcentual na avaliación.
[Proba práctica de directa e inversa] => [Encomenda de tradución individual de directa e inversa] Cada unha destas partes prácticas manterá o seu valor porcentual.

Plan de continxencia sobre a modalidade mixta, na que unha parte do estudantado asistirá ás aulas de forma presencial e outra parte seguirá as clases dun modo síncrono (preferentemente) ou asíncrono: o profesorado manterá as metodoloxías, a atención personalizada e os sistemas de avaliación como se indica para a modalidade presencial, adaptando os grupos de estudantes e as quendas para cumprir coa normativa sanitaria que se estableza no seu momento.

DATOS IDENTIFICATIVOS

Tradución xurídica-administrativa idioma 1: Inglés-Español

Materia	Tradución xurídica-administrativa idioma 1: Inglés-Español			
Código	V01G230V01703			
Titulacion	Grao en Tradución e Interpretación			
Descriptores	Creditos ECTS	Carácter	Curso	Cuadrimestre
	6	OB	4	1c
Lingua impartición	Castelán Inglés			
Departamento	Tradución e lingüística			
Coordinador/a	López González, Rebeca Cristina			
Profesorado	López González, Rebeca Cristina			
Correo-e	rebecalopez@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral	Esta materia ten por obxectivo principal formar os estudantes na práctica da tradución directa e inversa inglés-español nos eidos legal e institucional, cos obxectivos secundarios de orientalos de cara á comprensión profunda dos textos destes eidos, de dotalos duns coñecementos básicos sobre dereito e xestión, de proporcionarlles unha certa perspectiva das condicións do mundo da tradución profesional e de fomentar o espírito crítico de cara á actividade da tradución.			

Competencias

Código	
CB1	Que os estudantes demostren posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral e adoita atoparse a un nivel que, malia se apoiar en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo.
CB2	Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
CB3	Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
CB4	Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solución a un público tanto especializado coma non especializado.
CB5	Que os estudantes desenvolvan aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.
CE4	Coñecer norma e usos das linguas de traballo
CE8	Destreza para a procura de información/documentación
CE17	Capacidade de tomar decisións
CE21	Rigor e seriedade no traballo
CE22	Destrezas de tradución
CE26	Coñecementos temáticos básicos de cada unha das especializacións
CT4	Resolución de problemas
CT6	Capacidade de xestión da información
CT8	Compromiso ético e deontolóxico
CT9	Razoamento crítico
CT14	Motivación pola calidade
CT15	Aprendizaxe autónoma
CT22	Capacidade de aplicar os coñecementos na práctica

Resultados de aprendizaxe

Resultados de aprendizaxe	Competencias		
Ser quen de comprender os textos máis complexos de natureza xurídica e administrativa para desenvolverse mellor ante as administracións e a xusticia.	CB1 CB5	CE4 CE8 CE26	CT6 CT9 CT15
Adquirir uns coñecementos básicos sobre dereito e xestión que poidan aplicar na tradución de diversos tipos de documentos xurídicos e administrativos.	CB1 CB3 CB5	CE8 CE26	CT6 CT9 CT15
Adquirir un certo espírito crítico respecto á calidade e fiabilidade dos textos orixinais, das fontes documentais e das traducións propias e alleas. Desenvolver a determinación para defender as decisións tomadas de xeito razoado en calquera tradución que fagan e os procesos diplomáticos e de crítica construtiva asociados á revisión de textos traducidos por outros.	CB3	CE4 CE17 CE21 CE22	CT6 CT8 CT9 CT14 CT15

Ser quen de traducir do inglés ao castelán (castelán ao inglés), dun xeito preciso e co estilo axeitado, os textos máis complexos de natureza xurídica e administrativa.	CB2 CB4	CE4 CE8 CE17 CE21 CE22 CE26	CT4 CT6 CT14 CT15 CT22

Contidos

Tema	
LINGUAXE XURÍDICA-ADMINISTRATIVO E A SÚA TRADUCIÓN	Características da linguaxe xurídica-administrativa en inglés. A figura do tradutor xurídico e xurado. Técnicas de tradución da linguaxe xurídica-administrativa de inglés a español.
ORGANIZACIÓN XURÍDICO-ADMINISTRATIVA E CLASIFICACIÓN TEXTUAL	Organización e administración da xustiza anglosaxona. Organización e administración da xustiza española. Textos de aplicación ao dereito e textos xudiciais. Clasificación dos textos xurídicos.
TEXTOS E TRADUCIÓN: DIRECTA	Definición, análise textual e tradución de: Documentos do Rexistro Civil Demanda. Documentos notariais. Sentenza.
TEXTOS E TRADUCIÓN: INVERSA	Definición, análise textual e tradución de: Contratos. Notificación. Testamento.

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Lección maxistral	16	0	16
Estudo previo	14	18	32
Traballo tutelado	6	0	6
Resolución de problemas de forma autónoma	0	16	16
Actividades introdutorias	6	0	6
Práctica de laboratorio	4	48	52
Resolución de problemas e/ou exercicios	2	20	22

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Lección maxistral	As sesións maxistrais consistirán nunha exposición por parte da docente de todas as cuestións teóricas que resulten oportunas para desenvolver cada un dos temas que se imparten, o que inclúe cuestións tradutolóxicas mediante lecturas orientadas ó ámbito de traballo da tradución xurídica e administrativa e cuestións relativas ós contidos especializados desta materia.
Estudo previo	Nestas sesións a docente proporcionará información sobre os temas que compoñen os textos que se traducirán. Insisitirase na fase de documentación previa á realización de encomendas e traducións na aula. A docente recomendará certas fontes pero espérase que os alumnos tamén aporten documentación paralela que axude á realización das súas versións.
Traballo tutelado	Realizaranse na aula varios exercicios de análise textual e de tradución supervisada, individuais e en grupo. Realizarase atención personalizada dos estudantes durante as titorías. A plataforma de teledocencia Moovi funcionará como medio para incluír os materiais necesarios para o deselvolvemento da materia e para a comunicación individualizada de calificacións, etc. É responsabilidade do alumnado consultar os materiais e as novidades a través da plataforma Moovi e estar ó tanto das datas nas que as probas de avaliación teñen lugar. A atención do alumnado que non asista ás clases realizarase unicamente no horario de titorías. Os periodos correspondentes coas revisións de traballos, encomendas e exames non superarán as 3 semanas e realizaranse durante as titorías do profesorado.
Resolución de problemas de forma autónoma	Estas actividades consistirán, sobre todo, na tradución dos textos propostos nas sesións na forma de encomendas avaliables que deberán realizarse de maneira autónoma ou grupal.
Actividades introdutorias	As actividades introdutorias consistirán na realización de microtraducións nas cales aparecerán reflectidos os principais problemas aos cales se enfrontan os tradutores xurídicos e administrativos.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Actividades introdutorias	Primeiras lecturas teóricas que contextualicen a materia. Tradución de fragmentos de varios textos e revisión dos mesmos para salientar aspectos que poderán empregarse en textos diversos. Análise das dificultades que presentan os textos xurídicos e administrativos.
Estudo previo	Previa á realización das traducións dos textos propostos na aula, levarase a cabo unha análise da tipoloxía textual do texto de maneira conxunta para cada tema. Proporanse lecturas teóricas que introduzan cada texto práctico. Esperase a participación activa dos alumnos na procura de textos que axuden a mellorar as súas destrezas como tradutores.
Traballo tutelado	Durante a realización de traballos na aula, avaliaranse de maneira individual o traballo realizado polos estudantes, supervisándose, corrixindo e explicando as súas opcións tradutolóxicas. Na resolución de problemas e actividades de forma autónoma, avaliarase o traballo dos estudantes, a súa maneira de coordinarse e organizar as tarefas e o desenvolvemento da tradución antes da súa entrega final.

Probas	Descrición
Práctica de laboratorio	As probas prácticas realizaranse nas datas publicadas na plataforma Moovi, e nas datas oficiais do calendario aprobado pola Xunta de Facultade da FFT. Para as encomendas establécense os prazos de entrega indicados no apartado 'Avaliación' desta guía docente.

Avaliación

	Descrición	Cualificación	Competencias Avaliadas		
Práctica de laboratorio	As probas prácticas consistirán nun total de dúas traducións en grupo realizadas fóra da aula en directa (35%) e dúas en inversa (35%). A entrega fóra de prazo do encargo contará como un 0. As datas de entrega dos encargos de directa serán na 3ª e 6ª semana do cuadrimestre. No caso da inversa, serán na 10ª e 13ª semana (as datas concretas anunciarase na aula e vía Moovi para todos os encargos). Estas datas poderán anticiparse ou adiarse unha semana e dependerán das necesidades da docente e/ou dos/das estudantes. Resérvase un 10% no que se avaliará a participación do alumnado na aula.	80	CB2 CB3 CB4	CE4 CE17 CE21 CE22 CE26	CT4 CT6 CT9 CT14 CT15 CT22
Resolución de problemas e/ou exercicios	A proba teórica celebrarase de acordo coa data publicada en Moovi.	20	CB1 CB3 CB4 CB5	CE26	CT6 CT8 CT9 CT15

Outros comentarios sobre a Avaliación

Cada alumno poderá acollerse ás dúas oportunidades de avaliación por curso, decembro e xullo. Só se realizará avaliación continua para a convocatoria de decembro, e acollerse á avaliación continua implicará consumir a convocatoria oficial de decembro. A entrega dun só encargo avaliable suporá a aceptación implícita da avaliación continua. Os alumnos que desexen acollerse á avaliación continua deberán indicarllo á docente a durante a primeira semana de clase da materia na ficha que se debe entregar con foto.

Os alumnos que desexen modificar o tipo de avaliación durante o desenvolvemento do cuadrimestre deberán poñerse en contacto coa docente mediante un correo electrónico onde se reflictan as razóns desta modificación e engadan os documentos acreditativos oportunos. Os alumnos Erasmus e Sicue que non se poidan incorporar ao curso desde o seu inicio deberán informar á docente desta circunstancia mediante correo electrónico desde a data de inicio de aulas e acreditar a antedita situación mediante documentos de xeito que a docente poida propor actividades con tempo que lles permitan incorporarse á avaliación continua. Aplícase este mesmo procedemento a calquera outro estudante que non poida por motivos persoais iniciar o curso con normalidade e en calquera destes tres casos poderá recomendarse o seguimento da avaliación única como medida tendo en conta o momento de incorporación destes estudantes.

Os estudantes que opten pola avaliación continua deberán facer unha proba teórica que se celebrará nas aulas asignadas para cada grupo (especificaranse as datas, aulas e horarios no Moovi). Os encargos se entregarán durante a docencia de cada parte e se confirmarán por Moovi. Os estudantes que suspendan na primeira edición de actas poderán presentarse á convocatoria de xullo sendo o exame similar ao da primeira edición de actas sen avaliación continua. Para aprobar é necesario obter unha calificación mínima de 5 sobre 10 en cada unha das partes das que consta a materia (teoría, directa e inversa). Para facer o cálculo da calificación da parte de directa e inversa se realizará a media entre as dúas notas dos encargos grupales (directa e inversa), ás que se sumará o exame teórico e a participación na aula.

Excepcionalmente, poderá acordarse cos estudantes (avaliación continua) que non superen unha parte concreta da materia

(das 3 das que consta) o mecanismo oportuno para recuperar esa parte na segunda convocatoria. Copiar doutro alumno ou dunha terceira persoa nun encargo ou nun exame suporá un suspenso automático e ademais a posible apertura dun expediente contra o alumno. Alegar descoñecemento do que supón un plaxio non eximirá ao alumnado da súa responsabilidade neste aspecto.

Os exames sen avaliación continua consistirán de tres preguntas teóricas breves, que poderán responderse en galego, castelán ou inglés e suporán o 20 % da nota; un exercicio de tradución directa, que suporá o 40 % da nota; e un exercicio de tradución inversa que suporá o 40% da nota. O exame se realizará o día disposto no calendario oficial de exames. Para aprobar a materia seguindo a avaliación única deberá obterse un 5 en cada unha das partes das que consta a materia (teoría, directa e inversa).

O profesorado distrubirá ao alumnado en dous grupos antes do inicio das clases. Esa distribución é inamovible, salvo que o alumno xustifique documentalmente á docente a imposibilidade de acudir á aula na franxa asignada e a necesidade de acudir ao outro grupo para poder conciliar a súa vida laboral/persoal. Só se atenderán cambios nesas circunstancias.

OUTROS COMENTARIOS:

En calquera das probas, traballos ou exercicios, independentemente da convocatoria e do sistema de avaliación elixido, obterán a calificación de suspenso os alumnos que:

-Cometan máis de dúas faltas de ortografía (este criterio non se aplicará ás tarefas de tradución inversa).

-Non realicen correctamente a tradución de cuantías e cifras.

-Cometan máis de dous erros gramaticales na parte de directa (catro no caso das tarefas de tradución inversa). A avaliación terá en conta non só a pertinencia e calidade do contido das respostas senón tamén a súa corrección lingüística.

-Comentan un contrasenso (aplicable ás traducións).

-Incorran en plaxio total ou parcial de calquera traballo ou exame, o cal suporá un cero nese traballo ou proba. Alegar descoñecemento do que supón un plaxio non eximirá ao alumnado da súa responsabilidade neste aspecto.

A docencia de cada parte dos contidos poderá experimentar modificacións de acordo coas necesidades do alumnado.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Alcaraz Varó, E., **El inglés jurídico: textos y documentos**, Ariel, 2000

Borja Albi, A., **El texto jurídico inglés y su traducción al español**, Ariel, 2000

Bibliografía Complementaria

Alcaraz Varó, E. & Hughes, B., **Diccionario de términos jurídicos**, Ariel, 2003

Valpuesta Gastamiza, E.M., **Introducción al derecho para no juristas**, Eunate, 1996

Mayoral Asensio, R., **Translating Official Documents**, St Jerome, 2003

Recomendacións

Materias que continúan o temario

Traballo de Fin de Grao/V01G230V01991

Materias que se recomenda cursar simultáneamente

Relacións Internacionais/V01G230V01917
Tradución económica idioma 1: Inglés-Español/V01G230V01802

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Lingua A1, II: Introdución ás linguas de especialización: Español/V01G230V01302
Introdución aos ámbitos de especialización para a tradución e a interpretación e aspectos profesionais da tradución/V01G230V01621
Cultura e civilización para a tradución e a interpretación (conceptualizacións básicas): Inglés/V01G230V01417
Tradución idioma 1, I: Inglés-Español/V01G230V01310
Tradución idioma 1, II: Inglés-Español/V01G230V01503

Outros comentarios

A docencia desta materia poderá experimentar variacións para adaptarse ás necesidades docentes e dos estudantes.
Recoméndase a visita á biblioteca da FFT para obter as fontes necesarias para o desenvolvemento desta materia.

Plan de Continxencias

Descrición

=== MEDIDAS EXCEPCIONAIS PLANIFICADAS ===
Ante a incerta e imprevisible evolución da alerta sanitaria provocada polo COVID-19, a Universidade de Vigo establece unha planificación extraordinaria que se activará no momento en que as administracións e a propia institución determíneno atendendo a criterios de seguridade, saúde e responsabilidade, e garantindo a docencia nun escenario non presencial ou parcialmente presencial. Estas medidas xa planificadas garanten, no momento que sexa preceptivo, o desenvolvemento da docencia dun modo máis áxil e eficaz ao ser coñecido de antemán (ou cunha ampla antelación) polo alumnado e o profesorado a través da ferramenta normalizada e institucionalizada das guías docentes.

=== ADAPTACIÓN DAS METODOLOXÍAS ===
A metodoloxía e os contidos das clases impartiríanse a través do Campus Remoto e/ou Moovi (ou calquera outro medio previsto no seu momento pola Universidade de Vigo). As titorías realizaríanse mediante os mesmos medios.
As titorías realizaranse mediante os mesmos medios, a través do despacho virtual, e sempre previa concertación por correo electrónico.

=== ADAPTACIÓN DA AVALIACIÓN ===
Manteríanse todas as tarefas avaliables coa súa mesmo formato: dous encargos de tradución directa en grupo, dous encargos de tradución inversa en grupo, un exame teórico e a nota correspondente á participación na aula.
Con todo, de non poder manterse a presencialidade, o exame teórico (previsto para realizar na aula presencial) realizaríase a través da plataforma Moovi.
Manteríanse todas as porcentaxes de avaliación previstas nesta guía docente.

Plan de continxencia sobre a modalidade mixta, na que unha parte do estudantado asistirá ás aulas de forma presencial e outra parte seguirá as clases dun modo síncrono (preferentemente) ou asíncrono: o profesorado manterá as metodoloxías, a atención personalizada e os sistemas de avaliación como se indica para a modalidade presencial, adaptando os grupos de estudantes e as quendas para cumprir coa normativa sanitaria que se estableza no seu momento.

DATOS IDENTIFICATIVOS

Tradución xurídica-administrativa idioma 1: Francés-Galego

Materia	Tradución xurídica-administrativa idioma 1: Francés-Galego			
Código	V01G230V01704			
Titulacion	Grao en Tradución e Interpretación			
Descriptores	Creditos ECTS	Carácter	Curso	Cuadrimestre
	6	OB	4	1c
Lingua impartición	Francés Galego			
Departamento	Tradución e lingüística			
Coordinador/a	Ferreiro Vázquez, Óscar			
Profesorado	Fernandes del Pozo, María Dolores Fernández Pintelos, María José Ferreiro Vázquez, Óscar Sotelo Dios, Patricia			
Correo-e	oferreiro@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral	Esta materia ten por obxectivo principal formar o alumnado na práctica da tradución directa e inversa francés-galego nos eidos legal e institucional, cos obxectivos de orientalo de cara á comprensión profunda dos textos destes eidos, de dotalo duns coñecementos básicos sobre dereito e xestión, de proporcionarlle unha certa perspectiva das condicións do mundo da tradución profesional e de fomentar o espírito crítico de cara á actividade da tradución. Cando nos referimos a «xurídicos e administrativos» incluímos os textos que xeran organismos institucionais de ámbito local, autonómico, estatal e supraestatal, por iniciativa lexislativa propia ou os textos xerados a partir da súa relación coas persoas administradas ou das relacións dos organismos entre si; con esta mesma denominación incluímos os textos das institucións do dereito nas súas decisións xurisdicionais, nas súas relacións coa cidadanía e destes entre si a través dos axentes da xustiza.			

Competencias

Código	
CB1	Que os estudantes demostren posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral e adoita atoparse a un nivel que, malia se apoiar en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo.
CB2	Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
CB3	Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
CB4	Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solución a un público tanto especializado coma non especializado.
CB5	Que os estudantes desenvolvan aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.
CE1	Dominio de linguas estranxeiras
CE2	Coñecemento de culturas e civilizacións estranxeiras
CE3	Dominio da lingua propia, escrita e oral
CE8	Destreza para a procura de información/documentación
CE9	Coñecemento dos aspectos económicos e profesionais
CE24	Capacidade de aprendizaxe autónoma
CE25	Coñecementos de cultura xeral e civilización
CE26	Coñecementos temáticos básicos de cada unha das especializacións
CE27	Capacidade de razoamento crítico
CT1	Comunicación oral e escrita na lingua propia. Prestarase especial atención ao coñecemento e correcto uso das 2 linguas cooficiais da Comunidade Autónoma de Galicia
CT3	Capacidade de organización e planificación de proxectos
CT6	Capacidade de xestión da información
CT9	Razoamento crítico
CT14	Motivación pola calidade
CT15	Aprendizaxe autónoma
CT17	Comprensión doutras culturas e costumes
CT23	Capacidade de traballo individual

Resultados de aprendizaxe

Resultados de aprendizaxe	Competencias

Ser capaces de traducir do francés ao galego e viceversa, dun xeito preciso e co estilo axeitado, textos de natureza xurídica e administrativa.	CB2 CB4	CE1 CE2 CE3	CT1 CT3
Adquirir uns coñecementos básicos sobre dereito e administración dos ordenamentos xurídicos de países francófonos para que que se poidan aplicar á tradución de diversos xéneros de documentos xurídicos e administrativos.	CB1 CB3 CB5	CE8 CE24 CE26	CT6 CT15 CT17 CT23
Coñecer os aspectos profesionais da tradución xurídica e xurada.	CB3 CB4 CB5	CE2 CE9 CE25 CE26 CE27	CT9 CT14 CT17

Contidos

Tema	
1. Elementos básicos da organización xurídica e administrativa nas diferentes comunidades lingüísticas	1.1 O sistema administrativo nas diferentes comunidades francófonas 1.2 O sistema xurídico nas diferentes comunidades francófonas 1.3 O sistema xurídico-administrativo galego a) A tradución xurídica e administrativa nunha lingua minorizada b) A lingua galega no dereito. Lexislación en materia lingüística
2. A tradución e interpretación xurada	2.1 A tradución e interpretación xurada do galego para o francés e viceversa 2.2 Recomendacións e cuestións de estilo
3. A tradución dos textos xurídicos e administrativos (francés-galego) conforme ás ramas do Dereito Os temas teóricos iranse desenvolvendo en paralelo ás tarefas de tradución	3.1 Dereito civil: tradución de actos do rexistro civil (partidas de nacemento, certificados de casamento, divorcio, defunción) 3.2 Dereito mercantil: tradución de actos do rexistro mercantil, contratos 3.3 Dereito administrativo: tradución de documentos de decisión, de transmisión, de constancia e de xuízo 3.4 Dereito penal: tradución de documentos das ordes xurisdicionais (autos, providencias, sentenzas) 3.5 Dereito internacional público: tradución de convenios e tratados internacionais 3.6 Dereito comunitario: tradución de regulamentos, directivas, ditames etc. da UE 3.7 Dereito constitucional: tradución de textos doutrinais
4. A tradución directa e inversa (francés-galego) dos textos xurídicos e administrativos	4.1 Tarefas de tradución directa e inversa francés-galego de textos pertencentes ao ámbito xurídico-administrativo

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Lección maxistral	14	20	34
Prácticas con apoio das TIC	16	20	36
Resolución de problemas	6	32	38
Actividades introdutorias	4	8	12
Estudo de casos	8	22	30

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Lección maxistral	As sesións maxistrais consistirán na exposición por parte das docentes de todas as cuestións teóricas que resulten oportunas para desenvolver os temas que se imparten, así como as cuestións tradutolóxicas específicas do ámbito xurídico e administrativo na combinación francés-galego.
Prácticas con apoio das TIC	Realizaranse, baixo a supervisión das docentes, traducións, revisións e traballos de procura documental e terminolóxica. Algúns destes traballos serán de entrega obrigatoria para ser avaliados.
Resolución de problemas	Realizaranse exercicios ligados aos contidos das sesións maxistrais que o alumnado deberá resolver, de maneira individual ou en grupo, aplicando as estratexias e os procedementos axeitados.
Actividades introdutorias	As actividades introdutorias consistirán na presentación da materia e na realización dunha proba de autoavaliación para determinar os coñecementos e competencias previos do alumnado.
Estudo de casos	Realizaranse análises de encomendas reais de tradución (análise do contexto, análise textual, documentación, facturación...). Valorarase a capacidade de documentación do alumnado.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Actividades introdutorias	Prestaráselle unha atención personalizada ao alumnado en todo momento tanto na aula como fóra dela de forma presencial ou telemática.
Lección maxistral	Prestaráselle unha atención personalizada ao alumnado en todo momento tanto na aula como fóra dela de forma presencial ou telemática.
Prácticas con apoio das TIC	Prestaráselle unha atención personalizada ao alumnado en todo momento tanto na aula como fóra dela de forma presencial ou telemática.
Resolución de problemas	Prestaráselle unha atención personalizada ao alumnado en todo momento tanto na aula como fóra dela de forma presencial ou telemática.
Estudo de casos	Prestaráselle unha atención personalizada ao alumnado en todo momento tanto na aula como fóra dela de forma presencial ou telemática.

Avaliación

	Descrición	Cualificación	Competencias Avaliadas		
Lección maxistral	Realizarase unha proba de avaliación (30%) de resposta curta sobre os contidos das lecciónes maxistrais e das lecturas. Pode ter lugar despois das lecciónes ou nunha data fixada de común acordo co alumnado. Cómpre aprobar esta proba para poder facer media coas outras partes.	30	CB1 CB3 CB5	CE2 CE3 CE9 CE24 CE25 CE26	CT1 CT6 CT9 CT15 CT17 CT23
Prácticas con apoio das TIC	Realizarase, nun tempo limitado, unha proba de tradución directa (25%) e unha proba de tradución inversa (30%). Cómpre aprobar ambas as probas para poder facer media coas outras partes.	55	CB1 CB2 CB3 CB4 CB5	CE1 CE2 CE3 CE8 CE9 CE24 CE25 CE26 CE27	CT1 CT3 CT6 CT9 CT14 CT15 CT17 CT23
Estudo de casos	Realizarase unha encomenda real de tradución directa (15%)	15	CB1 CB2 CB3 CB4 CB5	CE2 CE3 CE8 CE9 CE25 CE27	CT1 CT3 CT6 CT9 CT14 CT17

Outros comentarios sobre a Avaliación

É responsabilidade do alumnado consultar os materiais e as novidades a través da plataforma Moovi e estar ao tanto das datas de entrega de traballos, probas, etc.

O plaxio ou copia cualificarase cun 0, que computará para a nota final. O exercicio ou traballo que fose obxecto de copia ou plaxio non se poderá repetir.

Primeira edición de actas:

- Avaliación continua

1. O alumnado deberá informar á persoa coordinadora, dentro das dúas primeiras semanas de clase, se se acolle ou non á avaliación continua. Para esta recoméndase a asistencia continuada á clase.

2. Aquelas persoas que por motivos de traballo ou familiares non poidan asistir ás clases, deben comunicarllo á coordinadora para que esta tome as medidas compensatorias para facilitar a conciliación laboral e familiar.

3. O non realizar algunha das probas implicará a perda do dereito á avaliación continua e a anulación de todas as cualificacións obtidas anteriormente. Será entón obrigatorio presentarse á convocatoria de avaliación única.

4. O alumnado que se acolla á avaliación continua e obteña unha cualificación de suspenso poderá presentarse á convocatoria de xuño-xullo na data publicada polo decanato. Gardaranse as partes aprobadas, polo que só habería que repetir aquelas que estean suspensas.

- Avaliación única

CT8	Compromiso ético e deontolóxico
CT9	Razoamento crítico
CT12	Traballo en equipo
CT14	Motivación pola calidade

Resultados de aprendizaxe	
Resultados de aprendizaxe	Competencias

Competencia lingüística: dominar á perfección a norma e os usos das linguas de traballo (inglés-galego), a nivel sintáctico, gramatical, morfolóxico, lexicolóxico, terminolóxico e fraseolóxico. Subcompetencias: coñecer tanto as diferenzas como as similitudes dos dous sistemas lingüísticos.	CE1 CE2 CE3 CE4 CE8 CE33	CT14
Competencia comunicativa e cultural: comprender textos redactados na lingua orixe. Subcompetencia: coñecer a historia e as culturas das dúas linguas co fin de entender á perfección os textos, así como dominar os mundos textuais das dúas culturas coas que se traballa, as distintas convencións sociais; entre elas, saber relacionarse coas e cos diferentes axentes, é dicir, relación tradutora/tradutor-clienta/cliente.	CE1 CE2 CE3 CE4 CE8 CE17 CE18 CE19 CE22 CE24 CE27 CE33	CT1 CT2 CT7 CT9
Competencia textual: comprender a estrutura e os principios organizadores dos textos que se editan. Subcompetencias: coñecer os diferentes tipos de texto mencionados e as súas características (argumentativos, expositivos...), así como a técnica de edición máis común á que adoitan ser sometidos.	CE1 CE3 CE4 CE33	
Competencia tradutora: saber traducir un texto sen interferencias e con calidade. Subcompetencia: identificar as e os axentes do proceso de tradución editada (autoría, axente que traduce, autorrevisa, corrixe, revisa de xeito alleo, paxina, maqueta, compón a páxina, axente receptora ou receptor, quén e cómo critica e recensiona, quén e cómo realiza os controis de calidade, as auditorías da Norma...) e a función do texto. Coñecer as distintas técnicas e estratexias empregadas pola tradutora ou tradutor como editora ou editor, pola tradutora ou tradutor como correctora ou corrector, como revisora ou revisor, así como o mercado laboral no que estas e estes axentes desenvolven o seu labor profesional na actualidade (cántas editoriais precisan tradutoras e tradutores con inglés e galego e cál é o seu volume de publicación). Para isto, definirase a tradución de encomendas individuais e en equipo, así como se ensinará a xestionar proxectos de tradución editorial.	CE8 CE10 CE17 CE18 CE22 CE24 CE27	CT4 CT7 CT8 CT9 CT12 CT14

Contidos	
Tema	
1 A industria editorial. 2 A industria editorial en galego e inglés.	1.1 Historia da tradución en Galicia: edición e tradución (1991-2005, 2006-actualidade). 2.1 Traducir para editoriais: simulación real dunha proposta de proxecto de tradución editorial para unha editorial en Galicia (candidatura voluntaria por parte do alumnado á empresa editora). 2.2 Traducir para empresas: publicación real dunha tradución editorial cara ao galego para unha empresa internacional (demanda real da empresa ao alumnado).
3 Lexislación para emprender: tradutoras/es autónomos ou SL? 4 Ética e deontoloxía profesionais na consecución da calidade na tradución: o modelo Qualitrapo como protocolo para unha tradución editorial de calidade.	3.1 Lei de propiedade intelectual. 3.2 Propiedade industrial. 3.3 Tradutoras/es autónomos ou SL? 4.1 Códigos deontolóxicos: os principais das asociacións de profesionais de tradución. 4.2 Tradución como profesión: asociacionismo (de profesionais, de empresas de tradución, federacións en España). 4.3 Calidade e tradución: asociacionismo (ISO, AENOR, AEN, CTN) e normas (ISO, EN, UNE-EN). 4.4 Simulación da aplicación dun modelo para traducir no tema 5 desta materia.
5 Práctica do proceso de tradución editorial emulando o modelo Qualitrapo para a edición traducida. 6 Práctica do proceso de revisión para a edición segundo a terminoloxía da norma "ISO 17100 Translation services Requirements for translation services" [en prensa].	5.1 Tradución de novela infantil e de adulto e proposta mediante candidatura voluntaria (v. 2.1). 5.2 Tradución de poesía. 5.3 Tradución de banda deseñada. 5.4 Tradución de cancións. 6.1 Introdución e práctica simulada en aula da revisión das traducións (v. 5) sobre papel vs. en pantalla segundo a terminoloxía da norma "EN 17100": conferencia-seminario de membro AEN/CTN 174 "Servicios de traducción" de AENOR. 6.1.1 Chamadas de corrección internacionais. 6.1.2 Corrección humana por parte de empresas: mostra real.

Planificación			
	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Actividades introdutorias	1.5	1.5	3
Lección maxistral	12	28	40
Resolución de problemas	10	20	30
Traballo tutelado	1.5	3	4.5
Prácticas de laboratorio	20	37.5	57.5
Exame de preguntas de desenvolvemento	3	12	15

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente	
	Descrición
Actividades introdutorias	A profesora presentará o programa docente, mediante explicación polo miúdo dos contidos, os traballos que cómpre realizar para as presentacións, así como as lecturas de carácter obrigatorio e mais o sistema de avaliación. Se o alumnado ten algunha dúbida ao respecto é recomendable que lla formule directamente á docente durante ou tras estas actividades introdutorias. De non haber dúbidas, entenderase que o alumnado comprendeu a totalidade das actividades introdutorias.
Lección maxistral	As sesións maxistrais están destinadas a presentar a tradución editorial e a explicar o proceso tradutivo profesional. Malia a estaren no apartado de sesións maxistrais, a impartición será de índole participativa e sempre irá acompañada de apoio mediante soporte práctico. Se o alumnado ten algunha dúbida ao respecto é necesario que lla formule directamente á docente durante ou tras estas actividades. De non haber dúbidas, entenderase que o alumnado comprendeu a totalidade das sesións maxistrais.
Resolución de problemas	Consistirá na resolución de exercicios de tradución de diferentes tipos de textos na modalidade editorial cos que se tentará emular o proceder profesional da tradución como proceso. Mediante estes exercicios poderán resolverse problemas (dificultades de tradución) empregando as técnicas necesarias para a corrección sobre papel e en pantalla. Se o alumnado ten algunha dúbida ao respecto é recomendable que lla formule directamente á docente durante ou tras as actividades. De non haber dúbidas, entenderase que o alumnado comprendeu a totalidade da resolución de problemas e exercicios.
Traballo tutelado	Durante as sesións dedicadas a este apartado, a profesora explicará o procedemento e as normas de elaboración de traducións e guiará o alumnado para que simule unha pre-tradución profesional mediante o procedemento exposto nunha proxección ad-hoc.
Prácticas de laboratorio	O alumnado realizará encomendas de tradución editorial, revisión e corrección dos tipos de textos mencionados no temario, emulando os dous procesos profesionais reais presentados durante as sesións. Estas encomendas realizaranse na aula. O alumnado contará co apoio do material e as fontes de consulta necesarias para acadar un produto traducido idóneo, segundo as referencias facilitadas pola profesora. Unha vez autorrevisada a tradución, a profesora procederá á súa revisión mediante a proxección das opcións de tradución que o alumnado lle facilite. Desbotaranse as non correctas e validaranse como definitivas as correctas. A continuación, o alumnado intercambiará as traducións e realizarase a revisión allea mediante cotexo coa versión validada e definitiva dispoñible na proxección. Facilitarase un modelo de baremo previamente. Se o alumnado ten algunha dúbida ao respecto é necesario que lla formule directamente á docente durante ou tras estas actividades. De non haber dúbidas, entenderase que o alumnado comprendeu a totalidade das prácticas de laboratorio.

Atención personalizada	
Metodoloxías	**Descrición**
Actividades introdutorias	Revisión e corrección durante as sesións de aula.
Lección maxistral	Revisión e corrección durante as sesións de aula.
Resolución de problemas	Revisión e corrección durante as sesións de aula.
Prácticas de laboratorio	Revisión e corrección durante as sesións de aula.

Avaliación			
	Descrición	Cualificación	Competencias Avaliadas

Lección maxistral	A avaliación das sesións maxistrais permitirá coñecer a competencia acadada polo alumnado no referente á aplicación na práctica dos conceptos téoricos da materia. Estes contidos avaliaranse nas probas de tradución e corrección de traduciós.	15	CE1 CE2 CE3 CE4 CE8 CE10 CE17 CE18 CE19	
Resolución de problemas	Avaliarase todo tipo de exercicios relacionados coa competencia tradutora. Poderán ser exercicios nos que se avalíe a autorrevisión, revisión e corrección alleas, así como a tradución (competencias practicadas durante as sesións). Terase moi en conta a calidade lingüística dos textos producidos polo alumnado. Estes contidos serán detallados e avaliados na proba presencial de exame (parte práctica).	30	CE22 CE24 CE27 CE33	CT1 CT2
Prácticas de laboratorio	Entragaráselle ao alumnado textos para seren traducidos. O alumnado tentará simular procesos reais de traballo. Terase moi en conta a calidade lingüística dos textos producidos polo alumnado. Estes contidos avaliaranse na entrega presencial de revisión e corrección xustificadas.	30		CT14
Exame de preguntas de desenvolvemento	O alumnado deberá pór na práctica os coñecemento en revisión, corrección e tradución.	25		CT4 CT7 CT8 CT9

Outros comentarios sobre a Avaliación

a) Avaliación

O alumnado ten que optar a comezos de curso por unha das dúas modalidades de avaliación: continua ou única.

1 Para o alumnado que segue a avaliación continua, todas as probas propostas son obrigatorias. O alumnado deberá superar todas as probas para poder superar a materia. O alumnado que suspenda algunha das probas deberá recuperar esa parte na data oficial do exame de maio-xuño.

O alumnado que suspenda a avaliación de maio-xuño poderá presentarse á convocatoria de xullo na data oficial, fixada pola Facultade, que incluirá todos os contidos da materia. Gardarase a parte aprobada para xullo no caso de habela. A avaliación continua consta das seguintes probas obrigatorias:

-- Proba presencial de tradución (poesía/canción). A data será fixada pola docente ao longo do curso e publicada en Faitic: 45%.

-- Proba presencial de exame consistente nunha parte práctica de tradución (literatura infantil e xuvenil, 40%) e corrección (15%). Non se permitirá o uso de computador. A data fíxase segundo o calendario oficial: 55%.

2 Para o alumnado que non se acolla á avaliación continua, o de avaliación única, haberá dúas convocatorias de exame: maio-xuño (data oficial) e xullo (data oficial). O exame consistirá na realización de dúas tradución directas (inglés-galego), así como dunha proba de respostas curtas, medias ou longas sobre as lecturas que aparecen marcadas como [lectura obrigatoria] publicadas en Faitic e dispoñibles na biblioteca. Non se permitirá empregar materiais auxiliares, nin computador na parte de respostas sobre lecturas. Deberá superar as dúas probas para facer media. Non se gardará para xullo a parte aprobada en xuño no caso de habela.

Importante: para adherirse á avaliación única o estudantado deberá enviar un correo electrónico á docente durante antes de 30 de setembro de 2021.

b) Baremo e outros comentarios

O baremo é o seguinte:

1 Exercicio de proba teórica sobre lecturas: resposta incorrecta: -0,2.

Os erros ortograficogramaticales, así como os tipográficos tamén descontan nesta parte, tal e como aparece a continuación.

2 Exercicio de tradución:
Sen sentido (SS): -1,00

Contrasenso (CS): -1,00

Omisións (Om): -1,00

Erro de gramática (G): -0,50

Erro de sintaxe (S): -0,50
Erro de ortografía (Ou): -0,25

Non idiomático ou erro de estilo (E): -0,15

A avaliación terá en conta non só a pertinencia e calidade do contido das respostas senón tamén a súa corrección lingüística.
A copia ou plaxio total ou parcial en calquera tipo de traballo ou exame suporá un cero nesa proba. Alegar descoñecemento do que supón un plaxio non eximirá ao alumnado da súa responsabilidade neste aspecto.
É responsabilidade do alumnado consultar os materiais e as novidades a través da plataforma Faitic e de estar ao tanto das datas nas que as probas de avaliación teñen lugar.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

ISO, **UNE-EN ISO 17100:2015. Servicios de traducción. Requisitos para los servicios de traducción.**, AENOR, 2017

Mossop, B., **Editing and Revising for Translators**, Routledge, 2014

Martínez De Sousa, J., Peter Lang, 2011

Bibliografía Complementaria

Luna, A., **Analysis Criteria for Editorial Translation Policies**, Peter Lang, 2011

Bará, L., **Políticas de traducción de la Consellería de Cultura de la Xunta de Galicia**, Peter Lang, 2011

Gentzler, E., **Translation, Culture and Publishing in the United States**, Peter Lang, 2011

Valado, L., **An Overview of a New Focus on TQA: Translation Error Detection Method (Tedemet)**, Peter Lang, 2011

ACT, **La importancia del español y su traducción multilingüe en la empresa.**, AENOR, 2006

Álvarez Lugrís, A., **"La Asociación de Tradutores Galegos (ATG)".En Translation Quality Assessment Policies from Galicia.**, Peter Lang, 2011

Luna, A, S. Montero Küpper e L. Valado., **"Translation Policies from the Insight". En Translation Quality Assessment Policies from Galicia.**, Peter Lang, 2011

Nord, C., **Translation as a purposeful Activity. Functional Approaches Explained.**, St. Jerome, 1997

Valado, L., **"Quality in Translation in Publishing as a Process". En Tradución na edición de libro de texto. Proposta de protocolo de actuación do castelán ao galego na procura de calidade.**, SPUV, 2012

Nord, C., **Translation as a purposeful Activity. Functional Approaches Explained.**, St. Jerome, 1997

Recomendacións

Materias que se recomenda cursar simultáneamente

Ferramentas para a tradución e a interpretación IV: Revisión e corrección de textos/V01G230V01701

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Idioma moderno: Idioma 1, I: Inglés/V01G230V01103
Cultura e civilización para a tradución e a interpretación (conceptualizacións básicas): Inglés/V01G230V01417
Lingua A1, II: Introdución ás linguas de especialización: Galego/V01G230V01301

Outros comentarios

A copia ou plaxio total ou parcial en calquera tipo de traballo ou exame suporá un 0 nesa proba. Alegar descoñecemento do que supón un plaxio non eximirá o estudantado da súa responsabilidade neste aspecto.

Plan de Continxencias

Descrición

=== MEDIDAS EXCEPCIONAIS PLANIFICADAS ===
Ante a incerta e imprevisible evolución da alerta sanitaria provocada pola COVID- 19, a Universidade establece una planificación extraordinaria que se activará no momento en que as administracións e a propia institución o determinen atendendo a criterios de seguridade, saúde e responsabilidade, e garantindo a docencia nun escenario non presencial ou non totalmente presencial. Estas medidas xa planificadas garanten, no momento que sexa preceptivo, o desenvolvemento da docencia dun xeito mais áxil e eficaz ao ser coñecido de antemán (ou cunha ampla antelación) polo alumnado e o profesorado a través da ferramenta normalizada e institucionalizada das guías docentes DOCNET.

Na metodoloxía non presencial, cómpre indicar que se manteñen as metodoloxías da presencial, é dicir, contidos, avaliación e titorías coa salvidade de que se realizarán coas ferramentas proporcionadas pola Universidade de Vigo (aulas e despachos

virtuais, correo electrónico e Moovi).

Na modalidade mixta, na que unha parte do estudantado asistirá ás aulas de forma presencial e outra parte seguirá as clases dun modo síncrono (preferentemente) ou asíncrono: o profesorado manterá as metodoloxías, a atención personalizada e os sistemas de avaliación como se indica para a modalidade presencial, adaptando os grupos de estudantes e as quendas para cumprir coa normativa sanitaria que se estableza no seu momento.

Tanto nas versións mixta coma non presencial, nas probas avaliativas non presenciais, esixirase que o estudantado acenda cámara e micrófono dos seus equipos informáticos así como que asine unha declaración xurada de autoría propia (para asegurar que non hai plaxio). A identificación mediante DNI escaneado ou fotografado (enviado por correo electrónico á docente no momento da proba avaliativa) será obrigatoria para poder acceder á mesma. As sesións de probas non presenciais serán gravadas.

DATOS IDENTIFICATIVOS				
Tradución editorial idioma 1: Inglés-Español				
Materia	Tradución editorial idioma 1: Inglés-Español			
Código	V01G230V01927			
Titulacion	Grao en Tradución e Interpretación			
Descriptores	Creditos ECTS	Carácter	Curso	Cuadrimestre
	6	OP	4	2c
Lingua impartición	Castelán			
Departamento	Tradución e lingüística			
Coordinador/a	Rodríguez Rodríguez, Beatriz María			
Profesorado	Lorenzo García, María Lourdes Rodríguez Rodríguez, Beatriz María			
Correo-e	brodriguez@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral	Esta materia de tradución 100% directa permitiralle ao alumnado unha primeira aproximación á teoría e práctica da tradución editorial. O alumno será capaz de identificar as características dos textos literarios, de defender as súas propostas de tradución, manexar as estratexias de trasvase e fontes de documentación necesarias.			

Competencias	
Código	
CB1	Que os estudantes demostren posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral e adoita atoparse a un nivel que, malia se apoiar en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo.
CB2	Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
CB3	Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
CB4	Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solución a un público tanto especializado coma non especializado.
CB5	Que os estudantes desenvolvan aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.
CE2	Coñecemento de culturas e civilizacións estranxeiras
CE3	Dominio da lingua propia, escrita e oral
CE5	Dominio de técnicas terminolóxicas e neolóxicas para a tradución especializada
CE8	Destreza para a procura de información/documentación
CE10	Capacidade de traballo en equipo
CE11	Capacidade de deseñar e xerir proxectos
CE12	Posuír unha ampla cultura
CE15	Dominio das técnicas de edición, maquetación e revisión e corrección específicas dos textos traducidos
CE17	Capacidade de tomar decisións
CE18	Capacidade de aplicar os coñecementos á práctica
CE21	Rigor e seriedade no traballo
CE22	Destrezas de tradución
CE25	Coñecementos de cultura xeral e civilización
CE27	Capacidade de razoamento crítico
CT4	Resolución de problemas
CT6	Capacidade de xestión da información
CT7	Toma de decisións
CT8	Compromiso ético e deontolóxico
CT9	Razoamento crítico
CT10	Recoñecemento da diversidade e a multiculturalidade
CT12	Traballo en equipo
CT13	Traballo nun contexto internacional
CT14	Motivación pola calidade
CT16	Adaptación a novas situacións
CT18	Creatividade
CT23	Capacidade de traballo individual

Resultados de aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe	Competencias		
O alumno será capaz de analizar o rexistro e as características estilísticas do texto fonte, o que lle permitirá manexar as estratexias de trasvase máis axeitadas.	CB1 CB2 CB3 CB4 CB5	CE2 CE3 CE5 CE18 CE22 CE25	CT10 CT14 CT16
O alumno será capaz de resolver os problemas de tradución defendendo o seu traballo.	CB1 CB2 CB3 CB4 CB5	CE8 CE10 CE11 CE15 CE17 CE22 CE27	CT4 CT6 CT7 CT8 CT9 CT12 CT14 CT18
O alumno coñecerá a situación do mercado da tradución editorial inglés-español e as fontes de documentación disponibles.	CB1 CB2 CB3 CB4 CB5	CE2 CE8 CE12	CT9 CT14
O alumno será capaz de traballo en grupo de forma eficiente.	CB1 CB2 CB3 CB4 CB5	CE10 CE11 CE17 CE21 CE27	CT4 CT8 CT12 CT13 CT23

Contidos	
Tema	
1. A tradución editorial. Conceptos básicos.	Diferentes modelos teóricos. Terminoloxía. Fontes de documentación. Situación do mercado editorial.
2. Problemas de tradución e estratexias de trasvase en textos narrativos.	Contexto de situación, contexto de cultura e análise lingüística.
3. Modelos de normas e protocolos de tradución profesional.	Revisión e corrección de traducións.
4. Tradución da literatura infantil e xuvenil.	Especificade e problemática da tradución de textos LIX.

Planificación			
	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Lección maxistral	12	12	24
Resolución de problemas	22	22	44
Traballo tutelado	0	60	60
Traballo tutelado	8	8	16
Actividades introdutorias	2	0	2
Exame de preguntas de desenvolvemento	4	0	4
*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.			

Metodoloxía docente	
	Descrición
Lección maxistral	Nestas sesións introduciránse os puntos teóricos que se aplicarán as diferentes tarefas para que o estudantado poida traducir este tipo de textos con eficacia e calidade
Resolución de problemas	O estudantado realizará tanto na aula coma na casa diversas tarefas para traballar os contidos da materia e acquirir as habilidades necesarias para superalos
Traballo tutelado	Dúas encomendas de tradución simuladas que implican a resolución de problemas de tradución en textos literarios concretos que terán que afrontar dun xeito crítico e eficaz
Traballo tutelado	Diferentes actividades e tarefas de aula que permitirán ao estudantado poñer en práctica os seus coñecementos e fomentar o espíritu crítico e o traballo en equipo
Actividades introdutorias	A primeira sesión presencial dedicarase a explicar os obxectivos, temario, avaliación e metodoloxía docente.

Atención personalizada	
Metodoloxías	**Descrición**

Lección maxistral	Revisión e corrección durante as sesións de aula. Atención en horario de titorías.
Resolución de problemas	Revisión e corrección durante as sesións de aula. Atención en horario de titorías.
Actividades introdutorias	Revisión e corrección durante as sesións de aula. Atención en horario de titorías.
Traballo tutelado	As dúbidas resolveránse nas clases e nas titorías.
Probas	**Descrición**
Exame de preguntas de desenvolvemento	Revisións individuais ou en grupo nas titorías.

Avaliación

	Descrición	Cualificación	Competencias Avaliadas		
Resolución de problemas	- Actividades sobre a novela obrigatoria (10 %). Data de entrega: 15 de febreiro.	10	CB1 CB2 CB3 CB4 CB5	CE2 CE3 CE5 CE8 CE10 CE11 CE15 CE18 CE21 CE22 CE27	CT6 CT7 CT9 CT10 CT16 CT23
Traballo tutelado	Dúas encomendas de tradución: tradución e comentario crítico tradutolóxico. Cada encomenda suporá un 25 % da nota. Datas de entrega: 14 de marzo e 18 de abril. O estudantado ten que aprobar a lo menos unha das encomendas para aprobar a materia.	50	CB1 CB2 CB3 CB4 CB5	CE2 CE3 CE5 CE8 CE12 CE15 CE17 CE18 CE21 CE22 CE25 CE27	CT4 CT6 CT7 CT8 CT9 CT10 CT13 CT14 CT16 CT18 CT23
Exame de preguntas de desenvolvemento	Exame final da materia que constará de dúas partes. Parte práctica: tradución (con fontes telemáticas) dun fragmento dunha das obras traballadas na clase. Realizarase na semana do 2 ao 6 de maio na hora de clase. Incluirá un breve comentario xustificativo da proposta da tradución. Parte teórico-práctica: comentario crítico evaluación dunha tradución dun fragmento dunha obra traballada nas clases. A proba realizarase na data oficial fixada pola FFT. O estudantado ten que aprobar as dúas partes para aprobar a materia (20 % cada unha).	40	CB1 CB2 CB3 CB4 CB5	CE2 CE3 CE5 CE18 CE22	CT4 CT9 CT18

Outros comentarios sobre a Avaliación

Todo o alumnado ten que ler unha novela escrita orixinalmente en inglés.
O alumnado que segue a avaliación continua, debe entregar en prazo (en Moovi) todas as probas e tarefas avaliables. As datas poden modificarse se fose absolutamente necesario. A asistencia ás clases e a participación activa nas tarefas non availables terase en conta na nota final. Para este alumnado na convocatoria de xullo manteránse as notas aprobadas na convocatoria de maio/xuño, cando unha das encomendas esté aprobada. No caso contario, en xullo terá que facer a proba única co 100 % da nota final.

Para o alumnado que non se acolla á avaliación continua, o de avaliación única, haberá dúas convocatorias de exame: maio-xuño e xullo, nas datas oficiais da FFT. O exame consistirá nunha de tradución con comentario crítico (5 puntos, con fontes telemáticas), e unha proba teórica (5 puntos) que consistirá nun análise contrastivo texto fonte-texto meta dun texto literario e cuestións teóricas da materia, incluindo as lecturas e a novela obrigatoria. Non se permitirá empregar materiais auxiliares, nin ordenador na parte das cuestións teóricas. Os textos serán fragmentos das obras traballadas na materia (encomendas incluidas). Deberá superar as dúas probas da materia. Non se gardarán partes aprobadas para xullo.

As tarefas poden entregarse en calquera das dúas linguas. A avaliación terá en conta non só a pertinencia e calidade do

contido das respostas senón tamén a súa corrección lingüística.
A copia ou plaxio total ou parcial en calquera tipo de traballo ou exame suporá un cero nesa proba. Alegar descoñecemento do que supón un plaxio non eximirá o alumnado da súa responsabilidade neste aspecto.
É responsabilidade do alumnado consultar os materiais e as novidades a través da plataforma Moovi e de estar ao tanto das datas nas que as probas de avaliación teñen lugar.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Gonzalo García, C. & V. García Yebra, **Manual de Documentación para la traducción literaria.**, Arco, 2005

Lozano, W., **Literatura y Traducción.**, Universidad de Granada, 2006

Nord, C., **Translation as a purposeful Activity. Functional Approaches Explained**, St. Jerome, 1997

Brunette, L., **Towards a Terminology for Translation Quality Assessment: A Comparison of TQ Practices. The Translator 6/2, pp. 169-182**, 2000

Collie, J. van e W.P. Verschueren (eds.), **Children's Literature in Translation**, St. Jerome, 2006

Landers, C.E., **Literary Translation. A practical Guide**, Multilingual Matters, 2001

Parks, T., **Translating Style. A Literary Approach to Translation. A Translation Approach to Literature**, St. Jerome, 2007

Parks, T., **Translating Style. A Literary Approach to Translation. A Translation Approach to Literature**, St. Jerome, 2007

Hatim, B & Mason, I., **The Translator as Communicator.**, Routledge, 1997

Hermans, T., **Translation and Systems: Descriptive and System-Oriented Approaches Explained.**, St. Jerome, 1999

Jin, D., **Literary Translation.**, St. Jerome, 2003

Lambert, J. e H. Van Gorp., **«Describing Translations», en Hermans, T. (ed.). The Manipulation of Literature. Studies in Literary Translation**, Croom Helm, 1991

Marco Borillo, J., **Descripción y comparación de traducciones. Hacia un modelo integrador. Sendebar 12, 129-152.**, 2001

Oiitinen, R., **Translating for Children**, Garland, 2000

Venuti, L, **The Translator s Invisibility**, 2ª ed., Routledge, 2008

Bibliografía Complementaria

Boase-Beier, J., **Stylistic Approaches to Translation.**, St. Jerome, 2006

Vandaela, J. (ed.), **Translating Humour. Special Issue of The Translator, 8/2**, 2002

Álvarez Calleja, A., **On Translating Metaphor, Meta 38/3, pp. 479-488**, 1993

Carter, R. Y e J. Macrae, **The Penguin Guide to English Literature: Britain and Ireland**, Penguin, 2001

Classe, O. (ed.), **Encyclopedia of Literary Translation into English**, Fitzory D., 2000

Cuddon, J.A., **A Dictionary of Literary Terms**, 5ª ed., Doubleday Company, 2013

Dali, K. e G. Garbutt, **Contemporary World Fiction: A Guide to Literature in Translation**, Libraries Unlimited, 2011

Gaddis Rose, M., **Translation and Literary Criticism**, St. Jerome, 1997

Reiss, K., **Translation Criticism. The Potentials and Limitations**, St. Jerome, 2000

Platas Tasende, **Diccionario de términos literarios**, 3ª ed, Espasa-Calpe, 2011

France, P. e Gillispie, S. (eds.)., **The Oxford History of Literary Translation in English.**, OUP, 2005

Vandell, S.M., **Children's Literature in Action: A Librarian's Guide**, 3rd edition, Libraries unlimited, 2019

Recomendacións

Outros comentarios

A bibliografía completarase na clase. Empregaranse os recursos que ofrece a biblioteca.
As sesións poderán adaptarse á homoxeneidade do alumnado.
O alumnado ERASMUS debe ter un nivel B2 mínimo das dúas linguas para poder seguir a materia.

Plan de Continxencias

Descrición

=== MEDIDAS EXCEPCIONAIS PLANIFICADAS ===
Ante a incerta e imprevisible evolución da alerta sanitaria provocada pola COVID- 19, a Universidade establece una planificación extraordinaria que se activará no momento en que as administracións e a propia institución o determinen atendendo a criterios de seguridade, saúde e responsabilidade, e garantindo a docencia nun escenario non presencial ou non totalmente presencial. Estas medidas xa planificadas garanten, no momento que sexa preceptivo, o desenvolvemento da docencia dun xeito mais áxil e eficaz ao ser coñecido de antemán (ou cunha ampla antelación) polo alumnado e o profesorado a través da ferramenta normalizada e institucionalizada das guías docentes DOCNET.

MODALIDADE NON PRESENCIAL
As clases terán lugar no campus remoto e en Moovi. Manteranse as tarefas, metodoloxía, probas, porcentaxes avaliación, contidos, correccións das tarefas de clase, etc. A profesora atenderá ao estudantado o no despacho virtual, no correo electrónico e no chat de Moovi.
As probas faranse en Moovi. O estudantado poderá usar internet. Tanto nas probas como nas clases terase en conta os posibles problemas de conectividade e conciliación.

Plan de continxencia sobre a MODALIDADE MIXTA, na que unha parte do estudantado asistirá ás aulas de forma presencial e outra parte seguirá as clases dun modo síncrono (preferentemente) ou asíncrono: o profesorado manterá as metodoloxías, a atención personalizada e os sistemas de avaliación como se indica para a modalidade presencial, adaptando os grupos de estudantes e as quendas para cumprir coa normativa sanitaria que se estableza no seu momento».

DATOS IDENTIFICATIVOS				
Tradución editorial idioma 1: Francés-Galego				
Materia	Tradución editorial idioma 1: Francés-Galego			
Código	V01G230V01928			
Titulacion	Grao en Tradución e Interpretación			
Descriptores	Creditos ECTS	Carácter	Curso	Cuadrimestre
	6	OP	4	2c
Lingua impartición	Francés Galego			
Departamento	Tradución e lingüística			
Coordinador/a	Luna Alonso, Ana			
Profesorado	Luna Alonso, Ana			
Correo-e	aluna@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral	A materia tradución editorial, de carácter eminentemente práctico, ten por obxectivo que o alumnado se familiarice co tipo de textos e contextos de tradución propios do eido editorial dende o francés cara ao galego e na diversidade de temas, encargas e tarefas ligadas ao exercicio da profesión no sector editorial. Preténdese que ao longo do cuadrimestre, o alumnado adquira ou perfeccione as competencias necesarias para o seu desenvolvemento como profesional neste ámbito.			

Competencias	
Código	
CB1	Que os estudantes demostren posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral e adoita atoparse a un nivel que, malia se apoiar en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo.
CB2	Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
CB3	Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
CB4	Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solución a un público tanto especializado coma non especializado.
CB5	Que os estudantes desenvolvan aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.
CE1	Dominio de linguas estranxeiras
CE2	Coñecemento de culturas e civilizacións estranxeiras
CE3	Dominio da lingua propia, escrita e oral
CE4	Coñecer norma e usos das linguas de traballo
CE8	Destreza para a procura de información/documentación
CE10	Capacidade de traballo en equipo
CE12	Posuír unha ampla cultura
CE15	Dominio das técnicas de edición, maquetación e revisión e corrección específicas dos textos traducidos
CE17	Capacidade de tomar decisións
CE18	Capacidade de aplicar os coñecementos á práctica
CE21	Rigor e seriedade no traballo
CE22	Destrezas de tradución
CE24	Capacidade de aprendizaxe autónoma
CE25	Coñecementos de cultura xeral e civilización
CE27	Capacidade de razoamento crítico
CE30	Coñecemento de idiomas
CE32	Saber recoñecer a diversidade e multiculturalidade
CE33	Dominio oral e escrito da lingua propia
CT1	Comunicación oral e escrita na lingua propia. Prestarase especial atención ao coñecemento e correcto uso das 2 linguas cooficiais da Comunidade Autónoma de Galicia
CT2	Coñecemento dunha segunda e unha terceira lingua estranxeira
CT4	Resolución de problemas
CT7	Toma de decisións
CT8	Compromiso ético e deontolóxico

CT9	Razoamento crítico
CT10	Recoñecemento da diversidade e a multiculturalidade
CT11	Habilidades nas relacións interpersoais
CT12	Traballo en equipo
CT14	Motivación pola calidade
CT15	Aprendizaxe autónoma
CT17	Comprensión doutras culturas e costumes
CT18	Creatividade
CT22	Capacidade de aplicar os coñecementos na práctica
CT23	Capacidade de traballo individual
CT24	Deseño e administración de proxectos

Resultados de aprendizaxe

Resultados de aprendizaxe	Competencias		
COMPETENCIA LINGÜÍSTICA: dominar perfectamente as dúas linguas de traballo (francés-galego) tanto a nivel sintáctico, gramatical, morfolóxico, lexicolóxico, terminolóxico e fraseolóxico. SUBCOMPETENCIAS: coñecer tanto as diferenzas como as similitudes dos dous sistemas linguïsticos.	CB1 CB2 CB3 CB4 CB5	CE1 CE2 CE3 CE4 CE8 CE12 CE25 CE30 CE32 CE33	CT10 CT14 CT17 CT22
COMPETENCIA COMUNICATIVA E CULTURAL: Comprender textos redactados na lingua de partida. SUBCOMPETENCIA: Coñecer a historia e as culturas das dúas linguas co fin de entender perfectamente os textos así como dominar os mundos textuais das dúas culturas coas que se traballa, as distintas convencións sociais.	CB1 CB2 CB3 CB4 CB5	CE1 CE2 CE3 CE4 CE8 CE17 CE18 CE24 CE30 CE32 CE33	CT1 CT2 CT7 CT9 CT10 CT15 CT17
COMPETENCIA TEXTUAL: comprender a estrutura e os principios organizadores dun texto. SUBCOMPETENCIAS: coñecer os diferentes tipos de texto (literarios, publicitarios...) e as súas características (argumentativos, expositivos...)	CB1 CB2 CB3 CB4 CB5	CE1 CE3 CE4 CE33	CT17
COMPETENCIA TRADUTORA: saber traducir un texto sen interferencias e con calidade. SUBCOMPETENCIAS: Identificar os participantes no proceso de tradución (autor, tradutor, lector...) e a función comunicativa do texto. Coñecer as distintas técnicas e estratexias de tradución. Traducir textos destinados a seren editados. Identificar os problemas de tradución editorial e aprender a resolvelos. Identificar problemas ortotipográficos e aprender as estratexias e normas para resolvelos. Comprender o papel do tradutor como mediador intercultural. Coñecer as normas de presentación de tradución. Coñecer o mercado laboral (aspectos económicos e profesionais). Desenvolver habilidades de traballo en equipo (xestión de proxectos editoriais) e adquirir un compromiso deontolóxico.	CB1 CB2 CB3 CB4 CB5	CE8 CE10 CE15 CE17 CE18 CE21 CE22 CE24 CE25 CE27	CT4 CT7 CT8 CT9 CT10 CT11 CT12 CT14 CT15 CT18 CT22 CT23 CT24

Contidos

Tema	
1. A industria editorial 2. A industria editorial galega	1.1 Fundamentos teóricos sobre a edición: O sector editorial dentro das industrias culturais. O proxecto de empresa editorial. Proxectos cultural vs. proxecto económico. Panorama da edición española e galega. Organización do sector. 1.2 Experiencias profesionais no sector do libro: editores, autores, tradutores, libreiros, institucións do sector e responsables da política editorial (políticas de axudas, canles de distribución e mercadotecnia). 1.3 O papel da persoa que traduce. A funcións dos axentes mediadores. 2.1 Presentación do panorama da tradución editorial da industria galega 2.2. Importación vs. exportación.

2. Dereitos e deberes. Ética profesional	2.1 A Lei de Propiedade Intelectual. Dereitos de autoría das traducións (patrimoniais e morais). 2.2 O tradutor no seu contexto. 2.3 Ética e responsabilidade da persoa que traduce. 2.4 Colectivos e asociacións de profesionais.
3. Tipoloxías textuais	3.1 Tradución editorial: textos literarios e non literarios 3.2 Identificación das diferentes tipoloxías, formatos e modalidades.
4. Tradución de textos	4.1 Tradución de diferentes modalidades textuais 4.2 Encargas que simulen o proceso de tradución profesional.
5. Crítica dos textos traducidos	5.1 Valoración e argumentación da calidade no produto traducido. 5.2 Comparación de textos xa traducidos editados 5.3 Criterios de critica de tradución editorial 5.4 A recepción dos textos traducidos para editorais.

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Actividades introdutorias	2	0	2
Lección maxistral	10	2	12
Resolución de problemas de forma autónoma	20	40	60
Traballo tutelado	4	32	36
Presentación	4	8	12
Prácticas con apoio das TIC (Repetida, non usar)	2	20	22
Práctica de laboratorio	4	0	4
Resolución de problemas e/ou exercicios	2	0	2

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Actividades introdutorias	Neste apartado, a docente presentará a programación, explicando polo miúdo os contidos, os traballos que hai que realizar e comentará tamén as lecturas obrigatorias do curso, así como o sistema de avaliación
Lección maxistral	As 7 horas de sesión maxistral destinaranse a presentar a situación da tradución editorial no Estado español e en Galicia e a explicar o proceso tradutivo. Malia estaren no apartado de sesións maxistrais, as clases serán de índole participativa e sempre estarán apoiadas por un soporte práctico.
Resolución de problemas de forma autónoma	Neste apartado de 25 horas, realizaranse exercicios de tradución que tentarán reproducir situacións reais, resolución de problemas (dificultades de tradución) e todo tipo de exercicios aplicados á teoría achegada durante as sesións maxistrais.
Traballo tutelado	O alumnado deberá realizar un traballo sobre algún dos aspectos presentados nas clases maxistrais, que será tutelado pola docente. Durante as dúas horas presenciais dedicadas a este apartado, a docente explicará o procedemento e as normas de elaboración do traballo.
Presentación	Durante as 4 horas dedicadas a este apartado, o alumnado presentará de xeito individual os resultados do seu traballo na clase.
Prácticas con apoio das TIC (Repetida, non usar)	Durante as prácticas autónomas a través de TIC, o alumno realizará encargas de tradución editorial e coñecerá as bases de datos e fontes de documentación necesarias para acadar un traballo de tradución de calidade.

Atención personalizada

Metodoloxías	**Descrición**
Presentación	As sesións maxistrais, os debates, os traballos, proxectos, estudos de casos e maila resolución de exercicios precisan unha atención personalizada que se exerce na aula e mais nas horas de titorías presenciais e telemáticas. Tanto na aula como no foro e no intercambio de mensaxes electrónicas, o docente tratará de sistematizar as dúbidas e as preguntas individuais e ofrecer respostas para o conxunto do grupo, de maneira que sexa posible garantir a igualdade de acceso á información e ao ensino. Incídese especialmente na calidade das titorías telemáticas, por constituíren un modelo de correspondencia que cumpre con normas de redacción escrita, obxectivo de aprendizaxe doutras materias do grao. Dado o contexto da saída de estudos (sesión en exterior, nun medio social, construído, etc.) as formas de interacción docente/estudante son diferentes das convencionais, podéndose dar un diálogo eficaz con grupos máis pequenos, e permitindo que cadaquén dialogue con outros membros do grupo, ou mesmo coas persoas presentes no lugar.

Prácticas con apoio das TIC (Repetida, non usar)	As sesións maxistrais, os debates, os traballos, proxectos, estudos de casos e maila resolución de exercicios precisan unha atención personalizada que se exerce na aula e mais nas horas de titorías presenciais e telemáticas. Tanto na aula como no foro e no intercambio de mensaxes electrónicas, o docente tratará de sistematizar as dúbidas e as preguntas individuais e ofrecer respostas para o conxunto do grupo, de maneira que sexa posible garantir a igualdade de acceso á información e ao ensino. Incídese especialmente na calidade das titorías telemáticas, por constituíren un modelo de correspondencia que cumpre con normas de redacción escrita, obxectivo de aprendizaxe doutras materias do grao. Dado o contexto da saída de estudos (sesión en exterior, nun medio social, construído, etc.) as formas de interacción docente/estudante son diferentes das convencionais, podéndose dar un diálogo eficaz con grupos máis pequenos, e permitindo que cadaquén dialogue con outros membros do grupo, ou mesmo coas persoas presentes no lugar.
Traballo tutelado	As sesións maxistrais, os debates, os traballos, proxectos, estudos de casos e maila resolución de exercicios precisan unha atención personalizada que se exerce na aula e mais nas horas de titorías presenciais e telemáticas. Tanto na aula como no foro e no intercambio de mensaxes electrónicas, o docente tratará de sistematizar as dúbidas e as preguntas individuais e ofrecer respostas para o conxunto do grupo, de maneira que sexa posible garantir a igualdade de acceso á información e ao ensino. Incídese especialmente na calidade das titorías telemáticas, por constituíren un modelo de correspondencia que cumpre con normas de redacción escrita, obxectivo de aprendizaxe doutras materias do grao. Dado o contexto da saída de estudos (sesión en exterior, nun medio social, construído, etc.) as formas de interacción docente/estudante son diferentes das convencionais, podéndose dar un diálogo eficaz con grupos máis pequenos, e permitindo que cadaquén dialogue con outros membros do grupo, ou mesmo coas persoas presentes no lugar.

Probas	**Descrición**
Práctica de laboratorio	As sesións maxistrais, os debates, os traballos, proxectos, estudos de casos e maila resolución de exercicios precisan unha atención personalizada que se exerce na aula e mais nas horas de titorías presenciais e telemáticas. Tanto na aula como no foro e no intercambio de mensaxes electrónicas, o docente tratará de sistematizar as dúbidas e as preguntas individuais e ofrecer respostas para o conxunto do grupo, de maneira que sexa posible garantir a igualdade de acceso á información e ao ensino. Incídese especialmente na calidade das titorías telemáticas, por constituíren un modelo de correspondencia que cumpre con normas de redacción escrita, obxectivo de aprendizaxe doutras materias do grao. Dado o contexto da saída de estudos (sesión en exterior, nun medio social, construído, etc.) as formas de interacción docente/estudante son diferentes das convencionais, podéndose dar un diálogo eficaz con grupos máis pequenos, e permitindo que cadaquén dialogue con outros membros do grupo, ou mesmo coas persoas presentes no lugar.
Resolución de problemas e/ou exercicios	As sesións maxistrais, os debates, os traballos, proxectos, estudos de casos e maila resolución de exercicios precisan unha atención personalizada que se exerce na aula e mais nas horas de titorías presenciais e telemáticas. Tanto na aula como no foro e no intercambio de mensaxes electrónicas, o docente tratará de sistematizar as dúbidas e as preguntas individuais e ofrecer respostas para o conxunto do grupo, de maneira que sexa posible garantir a igualdade de acceso á información e ao ensino. Incídese especialmente na calidade das titorías telemáticas, por constituíren un modelo de correspondencia que cumpre con normas de redacción escrita, obxectivo de aprendizaxe doutras materias do grao. Dado o contexto da saída de estudos (sesión en exterior, nun medio social, construído, etc.) as formas de interacción docente/estudante son diferentes das convencionais, podéndose dar un diálogo eficaz con grupos máis pequenos, e permitindo que cadaquén dialogue con outros membros do grupo, ou mesmo coas persoas presentes no lugar.

Avaliación

	Descrición	Cualificación	Competencias Avaliadas		
Lección maxistral	A avaliación das sesións maxistrais permitirá coñecer a competencia acadada polo alumnado no referente aos conceptos teóricos da materia. Poderase avaliar o alumnado, ben mediante un exame, ben mediante a encomenda de cuestionarios ou resumos de artigos sobre a materia.	10	CB1 CB2 CB3	CE1 CE2 CE3 CE4 CE8 CE17 CE18 CE24 CE30 CE32 CE33	CT1 CT2 CT7 CT9 CT10 CT15 CT17

Resolución de problemas de forma autónoma	Neste apartado avaliaranse todo tipo de exercicios relacionados coa competencia lingüística e tradutora. Poderán ser exercicios que traten de dificultades de tradución, análise de tradución... Terase especialmente en conta a calidade lingüística dos textos producidos polo alumnado tanto escritos como orais e a súa participación activa nas clases.	30	CB1 CB3 CB4	CE33	CT4 CT7 CT8 CT9 CT10 CT11 CT12 CT14 CT15 CT18 CT22 CT23 CT24
Presentación	O alumnado deberá presentar oralmente, e de xeito individual o traballo encomendado a comezos de curso.	15	CB1 CB2 CB3 CB4 CB5	CE1 CE2 CE3 CE4 CE8 CE12 CE25 CE30 CE32 CE33	CT10 CT14 CT17 CT22
Práctica de laboratorio	Neste apartado, entragaránselle ao alumnado textos para seren traducidos que tenten simular situacións reais de traballo. Haberá prazos de entrega de encargas de tradución.	35	CB1 CB2 CB3 CB4 CB5	CE1 CE3 CE4 CE33	CT17
Resolución de problemas e/ou exercicios	O alumnado deberá realizar varias lecturas obrigatorias que se indicarán nas sesións presenciais de clase y que se poden descargar da plataforma faitic (cf. bibliografía). As lecturas serán avaliadas mediante proba de resposta curta.	10			

Outros comentarios sobre a Avaliación

Para o alumnado que segue a modalidade presencial, todas as probas realizadas son de caráter obrigatorio, así como a elaboración do traballo cuxa data límite de entrega é marzo-abril. O alumnado deberá superar todas as probas para poder acadar o aprobado. O alumnado que suspenda algunha das probas deberá recuperar esa parte da materia na data do exame oficial da convocatoria de xullo.

A avaliación continua e única son incompatibles.

Para o alumnado que se acolla a sistema non presencial ou que perda a presencialidade, haberá dúas convocatorias de exame: unha en maio (data oficial publicada na web da FFT que coincide coa proba de resposta curta do alumnado que segue a avaliación continua), e en xullo na data fixada polo centro.

O exame final de maio e xullo consistirá na realización dunha encarga de tradución comentada (dende o francés cara ao galego), así como dunha proba de resposta curta sobre as lecturas e os contidos teóricos impartidos ao longo do curso. Deberá superar as dúa probas.

Penalízase a copia ou plaxio.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

MECD, **http://www.mecd.gob.es/cultura-mecd/dms/mecd/cultura-mecd/areas-cultura/libro/mc/observatoriolect/redirige/estudios-e-informes/elaborados-por-el-observatoriolect/TRADUCCION_2010.pdf**,

CEDRO, **Libro Blanco de la Traducción en España**, http://www.cedro.org/docs/lecturas/libro_blanco_ac,

AGPTI, **Guía Práctica**, http://www.agpti.org/web/uploads/documentos/arquiv,

ATG, **Bivir.com**, http://tradutoresgalegos.com/bivir.html,

SFT, **Publications**, https://www.sft.fr/publications.html,

TLFI, **Trésor de la langue Française**, http://atilf.atilf.fr/,

Dicionario cas-gal, **Rinoceronte**, https://rinoceronte.gal/dicionario/,

ANL Uvigo, **Recursos e Ferramentas**, https://www.uvigo.gal/campus/lingua/asesoramento,

Bibliografía Complementaria

Recomendacións

Materias que continúan o temario

Ferramentas para a tradución e a interpretación IV: Revisión e corrección de textos/V01G230V01701

Materias que se recomenda cursar simultáneamente

Tradución editorial idioma 1: Inglés-Galego/V01G230V01926

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Cultura e civilización para a tradución e a interpretación (conceptualizacións básicas): Francés/V01G230V01418
Ferramentas para a tradución e a interpretación IV: Revisión e corrección de textos/V01G230V01701
Lingua: Lingua A1, I: Expresión escrita e oral: Galego/V01G230V01101

Plan de Continxencias

Descrición

=== MEDIDAS EXCEPCIONAIS PLANIFICADAS ===
Ante a incerta e imprevisible evolución da alerta sanitaria provocada pola COVID- 19, a Universidade establece una planificación extraordinaria que se activará no momento en que as administracións e a propia institución o determinen atendendo a criterios de seguridade, saúde e responsabilidade, e garantindo a docencia nun escenario non presencial ou non totalmente presencial. Estas medidas xa planificadas garanten, no momento que sexa preceptivo, o desenvolvemento da docencia dun xeito mais áxil e eficaz ao ser coñecido de antemán (ou cunha ampla antelación) polo alumnado e o profesorado a través da ferramenta normalizada e institucionalizada das guías docentes DOCNET.

CT8	Compromiso ético e deontolóxico
CT9	Razoamento crítico
CT10	Recoñecemento da diversidade e a multiculturalidade
CT12	Traballo en equipo
CT14	Motivación pola calidade

CT18	Creatividade
CT22	Capacidade de aplicar os coñecementos na práctica

Resultados de aprendizaxe

Resultados de aprendizaxe	Competencias		
Aprofundar o coñecemento das dúas linguas de traballo, alemán (Idioma II) e español (Língua A), sobre todo nos níveis lexical, morfosintáctico e textual. Adquirir nocións sobre a comunicación especializada, as súas esferas funcionais e os seus rexistos, e, nomeadamente, sobre os textos técnico-científicos e a súa relevancia para a tradución alemán-español. Coñecer os aspectos contrastivos e tradutivos que din respecto aos xéneros textuais e ás discordancias interculturais na tradución dos textos técnico-científicos.	CB1 CB2 CB3 CB4 CB5	CE3 CE4 CE9	CT2 CT5 CT22
Ser capaz de discriminar, a partir da análise dos correspondentes caracteres textuais, entre textos técnico-científicos e textos alleos ao campo técnico- científico; ser capaz de adscribir, a partir da análise das súas características, calquera texto técnico-científico composto en alemán ou en español a un determinado (sub)xénero textual e a un determinado tipo textual.	CB1 CB2 CB3 CB4 CB5	CE3 CE4 CE18 CE27 CE33	CT2 CT9 CT22
Serse capaz de recoñecer no texto de partida técnico-científico composto en alemán, e en relación á lingua e á comunidade sociocultural de chegada (españolas), as estruturas lexicais e morfosintácticas e os trazos textuais e culturais que, no cadro da correspondente tradución instrumental, se revelarán críticos ou problemáticos.	CB1 CB2 CB3 CB4 CB5	CE2 CE3 CE4 CE17 CE18 CE27	CT10 CT22
Serse capaz, autónoma e eficazmente, de detectar e analisar problemas tradutivos e de aplicar as pertinentes estratexias tradutivas no cadro da tradución instrumental (ecuifuncional ou heterofuncional) entre alemán e español de textos técnico-científicos pertencentes aos xéneros «artigo de enciclopedia», «manual de instrucións de utilización de produto da técnica», «bula de medicamento», «artigo de divulgación», «libro de texto», «artigo de revista especializada» e «patente de invención».	CB1 CB2 CB3 CB4 CB5	CE3 CE4 CE17 CE18 CE22 CE26 CE27	CT1 CT7 CT9 CT12 CT14 CT18
Serse capaz de utilizar con proveito as diversas fontes de información e ferramentas de traballo de que hoxe dispón o tradutor profisional, tanto as tradicionais como as encadradas nas TIC.	CB1 CB2 CB3 CB4 CB5	CE5 CE8 CE14 CE22 CE27	CT5 CT6 CT9
Fomentar a curiosidade intelectual e o espírito crítico en relación ao uso das linguas, ben como desenvolver un concepto profisional da actividade tradutiva, conforme o cal o tradutor axe como mediador cultural orientado por principios deontolóxicos e de calidade.	CB1 CB2 CB3 CB4 CB5	CE4 CE9 CE21 CE32	CT8 CT9 CT12 CT14 CT18

Contidos

Tema	
Fundamentos da tradución técnico-científica (entre alemán e español)	Concepto e división da Matemática, das Ciencias Naturais e da Técnica. Lingua xeral e linguas especializadas técnico-científicas. Tipoloxía dos textos técnico-científicos. Tipoloxía da tradución técnico-científica. Modificacións substanciais na tradución comunicativa de textos técnico-científicos e tratamento tradutivo das discordancias interculturais. Ferramentas de traballo e documentación do tradutor.
Análise contrastiva e tradutiva dos caracteres esenciais dos textos técnico-científicos alemáns	Constitución das unidades lexicais de especialidade. Sintagmas nominais complexos. Alcance e restritividade da modificación nominal. Verbos modais. Aspectos da cohesión textual.
Tipo textual dos xéneros compilatorios	Características do xénero textual '(artigo de) enciclopedia' en alemán e en español. Problemas e estratexias de tradución.
Tipo textual dos xéneros didáctico-instrutivos	Características dos xéneros textuais 'manual de instrucións de utilización de produto da técnica', 'bula de medicamento', 'artigo de divulgación técnico-científica' e 'libro de texto técnico-científico' en alemán e en español. Problemas e estratexias de tradución.
Tipo textual dos xéneros orientados para o avanzo do coñecemento	Características do xénero textual 'artigo de revista especializada' en alemán e en español. Problemas e estratexias de tradución.
Tipo textual dos xéneros xurídico-normativos	Características do xénero textual 'patente de invención' en alemán e en español. Problemas e estratexias de tradución.

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Actividades introdutorias	2	2	4
Lección maxistral	10	20	30

Resolución de problemas	2	4	6
Estudo de casos	32	64	96
Traballo tutelado	2	12	14

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Actividades introdutorias	Tomada de contacto co alumnado e apresentación da disciplina.
Lección maxistral	Apresentación dos temas teóricos do programa.
Resolución de problemas	Análise e resolución colectiva de exercicios que visan desenvolver no alumnado competencia expresiva e destrezas metodolóxicas.
Estudo de casos	Apresentación e análise de casos ou situacións mais habituais na práctica profisional mediante a realización de encomendas de tradución individuais.
Traballo tutelado	Realización e exposición pública por parte de equipas integradas por varios alumnos dun traballo consistente na tradución comentada dun folleto de divulgación técnico-científica.

Atención personalizada

Metodoloxías	**Descrición**
Lección maxistral	Mediante consultas realizadas ao docente da disciplina (de modo presencial, durante o seu horario de atendemento na FFT, ou a través do correo-e ou da plataforma de teleformación). A finalidade deste atendemento personalizado é asesorar os alumnos sobre a realización das actividades do curso (exercicios, encomendas de tradución, traballo en equipa).
Traballo tutelado	Mediante consultas realizadas ao docente da disciplina (de modo presencial, durante o seu horario de atendemento na FFT, ou a través do correo-e ou da plataforma de teleformación). A finalidade deste atendemento personalizado é asesorar os alumnos sobre a realización das actividades do curso (exercicios, encomendas de tradución, traballo en equipa).
Estudo de casos	Mediante consultas realizadas ao docente da disciplina (de modo presencial, durante o seu horario de atendemento na FFT, ou a través do correo-e ou da plataforma de teleformación). A finalidade deste atendemento personalizado é asesorar os alumnos sobre a realización das actividades do curso (exercicios, encomendas de tradución, traballo en equipa).
Resolución de problemas	Mediante consultas realizadas ao docente da disciplina (de modo presencial, durante o seu horario de atendemento na FFT, ou a través do correo-e ou da plataforma de teleformación). A finalidade deste atendemento personalizado é asesorar os alumnos sobre a realización das actividades do curso (exercicios, encomendas de tradución, traballo en equipa).

Avaliación

	Descrición	Cualificación	Competencias Avaliadas		
Estudo de casos	Realización de modo autónomo e individual de dúas encomendas de tradución, concibidas para reproducir as condicións da práctica profisional.	70	CB1 CB2 CB3 CB4 CB5	CE2 CE3 CE4 CE5 CE8 CE14 CE17 CE18 CE21 CE22 CE27 CE33	CT2 CT5 CT6 CT7 CT8 CT9 CT14 CT18
Traballo tutelado	Elaboración en equipa e exposición pública dun traballo consistente na tradución comentada dun folleto de divulgación técnico-científica.	30	CB1 CB2 CB3 CB4 CB5	CE2 CE3 CE4 CE5 CE8 CE14 CE17 CE18 CE21 CE22 CE27 CE32 CE33	CT2 CT5 CT6 CT7 CT8 CT9 CT10 CT12 CT14 CT18

Outros comentarios sobre a Avaliación

A presente disciplina pode cursarse, na primeira chamada anual, en rexime de *avaliación continua* (en que se valorizará fundamentalmente a adquisición decompetencia tradutiva e a participación regular e activa nas aulas) ou de *avaliación final* (exame oficial). No entanto, na chamada de xuño/xullo só é posíbel o rexime de avaliación final.

Na primeira chamada, enténdese que un aluno opta polo rexime de avaliación continua (o máis recomendábel nesta disciplina) cando realiza algunha das actividades da avaliación continua (encomendas de tradución individuais, traballo en equipa). Para superar a avaliación continua, o alumno deberá obter o aprobado na media aritmética ponderada das clasificacións nas dúas encomendas de tradución individuais (cada unha, 35 % da clasificación global) e no traballo en equipa (30 %); non obstante, no caso de a media aritmética das clasificacións nas dúas encomendas individuais de tradución ser inferior a 4,9 pontos, a clasificación global coincidirá con esa media aritmética de duas clasificacións. Os alumnos que nonsuperaren a avaliación continua mediante as actividades referidas deberán realizar o *exame oficial da chamada de xuño/xullo* (de cuxa parte teórica ficarán isentos no caso de teren apresentado, no correspondente ano lectivo, un traballo en equipa con clasificación da sección do comentario tradutivo de 5,0 pontos ou superior) ou acollérense aos reximes de avaliación de sucesivas chamadas. (A primeira encomenda de tradución individual será lanzada durante a segunda semana lectiva de abril, a segunda encomenda de tradución individual será lanzada na primeira semana lectiva de maio e o traballo em equipa será exposto e entregado na terceira semana de maio).

O exame oficial da disciplina (chamadas de maio [data, hora e lugar estabelecidos polo Decanato] e de xuño/xullo [data, hora e lugar estabelecidos polo Decanato]) consta dunha parte práctica e --se o alumno non estiver isento por ter apresentado no mesmo ano letivo traballo en equipa cunha sección de comentario tradutivo satisfactoria (v. *supra*)-- dunha parte teórica a redixir en español (25 % da clasificación global); a parte práctica do exame, para cuxa realización o alumno deberá comparecer provido dalgún dicionario impreso de alemán (bilingue), consiste en dúas traducións para español de textos técnico-científicos redixidos en alemán, unha breve e presencial, realizada sen auxilio de computador (60 % da clasificación da parte práctica), e outra extensa e non presencial (40 % da clasificación da parte práctica).

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

AA.VV., **Duden. Deutsches Universalwörterbuch**, 11.ª ed., Dudenverlag, 2011

SLABÝ, Rudolf J., Rudolf GROSSMANN y Carlos ILLIG, **Diccionario de las lenguas española y alemana. Tomo II, Alemán-Español**, 6.ª ed., Editorial Herder, 2009

AA.VV., **Langenscheidt Handwörterbuch Spanisch: Spanisch-Deutsch, Deutsch-Spanisch**, 2.ª ed., Langenscheidt, 2010

ERNST, Richard, Rudolf KÖSTLER y Wolfgang GLEICH, **Diccionario de la técnica industrial. Tomo v: Alemán español. / Wörterbuch der industriellen Technik. Band v: Deutsch-Spanisch**, 4.ª ed., Editorial Herder, 2007

HAENSCH, Günther y Gisela HABERNKAMP DE ANTÓN, **Dictionary of Biology. English / German / French / Spanish**, 2.ª ed., Elsevier, 1981

GARRIDO, Carlos, **A Traduçom do Ensino e Divulgaçom da Ciência**, 1.ª ed., Servizo de Publicacións da Universidade de Vigo, 2016

GAMERO, Silvia, **La traducción de textos técnicos. Descripción y análisis de textos (alemán-español)**, 1.ª ed., Editorial Ariel, 2001

SCHMITT, Peter A., **Translation und Technik**, 1.ª ed., Stauffenburg Verlag, 1999

Bibliografía Complementaria

GÖPFERICH, Susanne, **Textsorten in Naturwissenschaften und Technik. Pragmatische Typologie -- Kontrastierung -- Translation**, 1.ª ed., Gunter Narr, 1995

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Tradución idioma 2, III: Alemán-Español/V01G230V01614

Plan de Continxencias

Descrición

No caso de ser necesaria a teledocencia, as únicas modificacións que deberán introducirse concéntranse no capítulo da Avaliación Final Única:

Avaliación final única: a parte práctica do exame ponderarase con 60 % da clasificación global e consistirá nunha única encomenda de tradución individual, non presencial (cun prazo de entrega de varios días); a parte teórica do exame, cunha ponderación de 40 % da clasificación global, consistirá nun exercicio de aplicación de coñecementos teóricos que será feito

a través do correo-e nun prazo limitado.

Plan de continxencia sobre a modalidade mixta, na que unha parte do estudantado asistirá ás aulas de forma presencial e outra parte seguirá as clases dun modo síncrono (preferentemente) ou asíncrono: o profesorado manterá as metodoloxías, a atención personalizada e os sistemas de avaliación como se indica para a modalidade presencial, adaptando os grupos de estudantes e as quendas para cumprir coa normativa sanitaria que se estableza no seu momento.

DATOS IDENTIFICATIVOS				
Tradución especializada idioma 2: Científica-técnica: Portugués-Galego				
Materia	Tradución especializada idioma 2: Científica-técnica: Portugués-Galego			
Código	V01G230V01953			
Titulacion	Grao en Tradución e Interpretación			
Descriptores	Creditos ECTS	Carácter	Curso	Cuadrimestre
	6	OP	4	2c
Lingua impartición				
Departamento				
Coordinador/a				
Profesorado				
Correo-e				

----- GUÍA DOCENTE NON PUBLICADA -----

DATOS IDENTIFICATIVOS				
Tradución especializada idioma 2: Científica-técnica: Portugués-Español				
Materia	Tradución especializada idioma 2: Científica-técnica: Portugués-Español			
Código	V01G230V01954			
Titulacion	Grao en Tradución e Interpretación			
Descriptores	Creditos ECTS	Carácter	Curso	Cuadrimestre
	6	OP	4	2c
Lingua impartición	Galego			
Departamento	Tradución e lingüística			
Coordinador/a	Dasilva Fernández, Xosé Manuel			
Profesorado	Dasilva Fernández, Xosé Manuel			
Correo-e	jdasilva@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral	Aproximación á práctica da tradución de textos especializados relativos aos ámbitos científico e técnico na correspondente combinación lingüística.			

Competencias	
Código	
CB1	Que os estudantes demostren posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral e adoita atoparse a un nivel que, malia se apoiar en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo.
CB2	Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
CB3	Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
CB4	Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solución a un público tanto especializado coma non especializado.
CB5	Que os estudantes desenvolvan aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.
CE1	Dominio de linguas estranxeiras
CE3	Dominio da lingua propia, escrita e oral
CE4	Coñecer norma e usos das linguas de traballo
CE5	Dominio de técnicas terminolóxicas e neolóxicas para a tradución especializada
CE8	Destreza para a procura de información/documentación
CE12	Posuír unha ampla cultura
CE17	Capacidade de tomar decisións
CE21	Rigor e seriedade no traballo
CE22	Destrezas de tradución
CE26	Coñecementos temáticos básicos de cada unha das especializacións
CE33	Dominio oral e escrito da lingua propia
CT7	Toma de decisións
CT8	Compromiso ético e deontolóxico
CT9	Razoamento crítico
CT12	Traballo en equipo
CT15	Aprendizaxe autónoma
CT23	Capacidade de traballo individual

Resultados de aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe	Competencias		
Adquirir a formación necesaria a fin de acometer actividades de tradución dentro dos ámbitos científico e técnico.	CB1 CB3	CE1 CE4 CE8	CT7 CT9
Analizar os trazos gramaticais e léxicos máis comúns dos discursos científico e técnico en portugués e en español.	CB2	CE3 CE12 CE21	CT8
Aprender a desenvolver actividades de xeito independente e en equipo de acordo coas pautas habituais no marco profesional.	CB4	CE5 CE22	CT15 CT23

Empregar as ferramentas e as fontes pertinentes para levar a cabo tarefas de tradución nos ámbitos científico e técnico.	CB5	CE17 CE26 CE33	CT12

Contidos

Tema	
Trazos esenciais da tradución científica e técnica.	Elementos gramaticais e léxicos. Elementos de natureza estilística.
Aspectos relevantes das linguaxes científica e técnica no espazo lusófono.	Portugal. Brasil.
Ferramentas específicas da tradución científica e técnica de textos en lingua portuguesa.	Formato papel. Formato dixital.
Prácticas de tradución con textos que presentan trazos de especialización.	Ámbitos de especialización. A relevancia dos tecnolectos. Convencións ortotipográficas.

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Actividades introdutorias	4	16	20
Resolución de problemas de forma autónoma	22	42	64
Resolución de problemas	22	44	66

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Actividades introdutorias	Actividades de carácter preliminar para tomar contacto coas características da materia.
Resolución de problemas de forma autónoma	Resolución en grupo ou individualmente de exercicios, con orientación do docente.
Resolución de problemas	Resolución individualmente de exercicios, con orientación do docente.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Actividades introdutorias	Analizaranse as características do alumnado.
Resolución de problemas de forma autónoma	Os exercicios propostos levaranse a cabo de forma particularizada a partir da comunicación fluída entre o docente e o alumnado tanto nas sesións lectivas como nas sesións de titorías.

Avaliación

	Descrición	Cualificación	Competencias Avaliadas		
Resolución de problemas de forma autónoma	No primeiro sistema de avaliación continua, realización de actividades que reproducen as características do labor profesional. Tales actividades, de carácter acumulativo, estarán distribuídas regularmente ao longo do período docente. Efectuarase unha proba final relativa a estas actividades, a cal representa o 50% da nota global.	50	CB2 CB5	CE3 CE5 CE8 CE17 CE22 CE26	CT8 CT9 CT15
Resolución de problemas	No primeiro sistema de avaliación continua, realización presencial de dous traballos de tradución que reproducen as características do labor profesional. Tales traballos de tradución representan as seguintes porcentaxes da nota global: traballo de tradución 1: 25%; traballo de tradución 2: 25%. No segundo sistema de avaliación continua, realización a distancia de tres encargas de tradución que reproducen as características do labor profesional. Tales encargas de tradución representan as seguintes porcentaxes da nota global: encarga de tradución 1: 30%; encarga de tradución 2: 30%; encarga de tradución 3: 40%.	50	CB1 CB3 CB4	CE1 CE4 CE12 CE21 CE33	CT7 CT12 CT23

Outros comentarios sobre a Avaliación

Establécense dous sistemas de avaliación continua. Durante as dúas primeiras semanas lectivas, o estudantado deberá indicar por escrito o sistema de avaliación que escolle de forma voluntaria no formulario que se proporcionará ao efecto.

O primeiro sistema de avaliación continua, destinado ás persoas que asistan a un mínimo do 80% das clases, baséase na realización presencial de dous traballos de tradución a partir de textos seleccionados polo docente e unha proba final relativa ás actividades desenvolvidas nas clases. Os dous traballos de tradución, que terán lugar respectivamente nas semanas do 21 de febreiro de 2022 e do 21 de marzo de 2022, representan cada un deles o 25% da nota global. Por outra banda, a proba final relativa ás actividades desenvolvidas nas clases representa o 50% da nota global. A devandita proba final, que terá lugar na semana do 25 de abril de 2022, consistirá en exercicios de tradución sobre textos abordados nas clases, sen posibilidade de utilizar, por tal motivo, material auxiliar de ningún tipo.

O segundo sistema de avaliación continua, destinado ás persoas que non asistan a un mínimo do 80% das clases, baséase na realización a distancia de tres encargas de tradución a partir de textos seleccionados polo docente. A encarga de tradución 1 e a encarga de tradución 2 representan cada unha o 30% da nota global; a encarga de tradución 3 representa o 40% da nota global. As tres encargas de tradución terán como prazo límite de entrega as seguintes datas: a encarga de tradución 1, o 23 de febreiro de 2022; a encarga de tradución 2, o 23 de marzo de 2022; a encarga de tradución 3, o 27 de abril de 2022.

Con independencia dos dous sistemas de avaliación continua descritos, establécese un sistema de avaliación única destinado ao estudantado que non se acolla a ningún sistema de avaliación continua para a convocatoria da primeira edición de actas e destinado a todo o estudantado para a convocatoria da segunda edición de actas, consistente nun exame presencial con exercicios de tradución relativos aos contidos do programa, con posibilidade de utilizar exclusivamente materiais lexicográficos en formato papel. As datas do devandito exame da convocatoria da primeira edición de actas e da convocatoria da segunda edición de actas serán fixadas no calendario de exames aprobado en Xunta da FFT.

Todas as actividades de avaliación referidas para cada sistema de avaliación teñen carácter obrigatorio e non existe nota de corte en ningunha delas.

No caso de que se obteña a cualificación de suspenso na convocatoria da primeira edición de actas en calquera dos dous sistemas de avaliación continua e no sistema de avaliación única, haberá que recuperar a totalidade da materia na convocatoria da segunda edición de actas.

Todas as actividades de avaliación presenciais mencionadas realizaranse de forma virtual se as circunstancias así o esixen en cada momento.

A avaliación terá en conta non só a pertinencia e a calidade do contido das respostas, senón tamén a corrección lingüística.

O estudantado Erasmus deberá acreditar un coñecemento de tipo medio da lingua de partida e un coñecemento de tipo alto da lingua de chegada.

A copia ou plaxio nos traballos de tradución, nas encargas de tradución, na proba final e/ou no exame terá como consecuencia unha cualificación global negativa.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Instituto Antônio Houaiss, **Dicionário Houaiss da Língua Portuguesa**, Editora Objetiva, 2009

Priberam, **Dicionário Priberam da Língua Portuguesa**, Priberam, 2021

Real Academia Española, **Diccionario de la lengua española**, Espasa, 2021

Bibliografía Complementaria

Academia das Ciências de Lisboa, **Dicionário da Língua Portuguesa Contemporânea**, Editorial Verbo, 2001

Alcina, Amparo; Gamero, Silvia, **La traducción científico-técnica y la terminología en la sociedad de la información**, Universitat Jaume I, 2002

Cabré, Mª Teresa, **La terminología: representación y comunicación**, Universitat Pompeu Fabra, 1999

Casares, Julio, **Diccionario ideológico de la lengua española**, Editorial Gredos, 2013

Lucca, José Luiz de, **Dicionário Técnico Multilíngue: Inglês, Português, Francês, Italiano, Alemão, Espanhol**, Melhoramentos, 1996

VV. AA., **Dicionário Mais da Ideia às Palavras**, Lisboa Editora, 1997

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Idioma moderno: Idioma 2, I: Portugués/V01G230V01108
Idioma moderno: Idioma 2, II: Portugués/V01G230V01208
Idioma 2, III: Portugués/V01G230V01308
Idioma 2, IV: Portugués/V01G230V01408

Tradución idioma 2, I: Portugués-Español/V01G230V01416
Tradución Idioma 2, II: Portugués-Español/V01G230V01513
Tradución idioma 2, III: Portugués-Español/V01G230V01616
Tradución idioma 2, II: Portugués-Galego/V01G230V01512
Tradución idioma 2, III: Portugués-Galego/V01G230V01615
Tradución idioma 2, I: Portugués-Galego/V01G230V01415

Outros comentarios

Considérase aconsellable cursar previamente con nota positiva todas as materias non optativas de Idioma II: Portugués e Tradución Idioma II: Portugués-Galego ou Portugués-Español.

Plan de Continxencias

Descrición

No caso de que se produza unha situación de excepcionalidade, na modalidade de docencia non presencial manteranse as metodoloxías, a atención personalizada, os contidos e os sistemas de avaliación da modalidade de docencia presencial. En tal circunstancia, as sesións lectivas presenciais e as actividades de avaliación presenciais pasarán a desenvolverse virtualmente coas ferramentas proporcionadas pola institución universitaria. No que respecta en particular á modalidade de docencia mixta, tamén se manterán as metodoloxías, a atención personalizada, os contidos e os sistemas de avaliación
Tanto na modalidade de docencia non presencial como na modalidade de docencia mixta, no relativo especificamente á avaliación, nos dous sistemas de avaliación continua non se producirá ningunha modificación na porcentaxe parcial de cada unha das actividades de avaliación na nota global. No sistema de avaliación única, o exame previsto, co valor do 100% da nota global, substituirase por unha encarga de tradución non presencial co valor do 60% da nota global e un exame non presencial co valor do 40% da nota global.
No referente ás sesións de titorías, procurarase para todas as modalidades de docencia que de forma xeral as mesmas teñan lugar con cita previa concertada e por medios telemáticos (correo electrónico e videoconferencia, preferentemente).

DATOS IDENTIFICATIVOS				
Tradución especializada idioma 2: Servizos culturais: Inglés-Español				
Materia	Tradución especializada idioma 2: Servizos culturais: Inglés-Español			
Código	V01G230V01955			
Titulacion	Grao en Tradución e Interpretación			
Descriptores	Creditos ECTS	Carácter	Curso	Cuadrimestre
	6	OP	4	1c
Lingua impartición				
Departamento				
Coordinador/a				
Profesorado				
Correo-e				

----- GUÍA DOCENTE NON PUBLICADA -----

DATOS IDENTIFICATIVOS				
Prácticas externas: Prácticas en empresas e organismos				
Materia	Prácticas externas: Prácticas en empresas e organismos			
Código	V01G230V01981			
Titulacion	Grao en Tradución e Interpretación			
Descriptores	Creditos ECTS	Carácter	Curso	Cuadrimestre
	6	OP	4	2c
Lingua impartición	Castelán Galego			
Departamento	Tradución e lingüística			
Coordinador/a	Lorenzo García, María Lourdes			
Profesorado	Lorenzo García, María Lourdes			
Correo-e	llorenzo@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral	Mediante esta materia o alumnado deberá demostrar que adquiriu algunhas das competencias específicas do grao para aplicalas nos traballos prácticos que se inclúen dentro da profesión de tradutor ou intérprete. As prácticas poden ser realizadas en empresas, institucións, servizos internos da universidade ou con tradutores autónomos. O alumnado deberá levar a cabo labores que teñan que ver cos eidos da tradución/interpretación/revisión de textos.			

Competencias	
Código	
CB1	Que os estudantes demostren posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral e adoita atoparse a un nivel que, malia se apoiar en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo.
CB2	Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
CB3	Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
CB4	Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solución a un público tanto especializado coma non especializado.
CB5	Que os estudantes desenvolvan aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.
CE1	Dominio de linguas estranxeiras
CE2	Coñecemento de culturas e civilizacións estranxeiras
CE3	Dominio da lingua propia, escrita e oral
CE4	Coñecer norma e usos das linguas de traballo
CE5	Dominio de técnicas terminolóxicas e neolóxicas para a tradución especializada
CE6	Utlización de ferramentas informáticas e instrumentos técnicos para a interpretación
CE7	Dominio de técnicas de tradución asistida/localización
CE8	Destreza para a procura de información/documentación
CE9	Coñecemento dos aspectos económicos e profesionais
CE10	Capacidade de traballo en equipo
CE13	Optimización de toma de notas, elaboración de resumos, síntese e reexpresión
CE15	Dominio das técnicas de edición, maquetación e revisión e corrección específicas dos textos traducidos
CE16	Capacidade de deseñar, organizar o traballo e xerir e coordinar proxectos
CE17	Capacidade de tomar decisións
CE22	Destrezas de tradución
CT4	Resolución de problemas
CT8	Compromiso ético e deontolóxico
CT9	Razoamento crítico
CT11	Habilidades nas relacións interpersoais
CT14	Motivación pola calidade
CT16	Adaptación a novas situacións
CT18	Creatividade
CT19	Iniciativa e espírito emprendedor
CT20	Lideranza
CT22	Capacidade de aplicar os coñecementos na práctica

Resultados de aprendizaxe

Resultados de aprendizaxe	Competencias		
Dado que as prácticas teñen como obxectivo aplicar o aprendido ao longo do grao a un traballo real concreto do abano posible para a profesión de tradutor/intérprete, as competencias específicas da materia neste caso coincidirán coas da titulación, aínda que no traballo diario e na memoria se reflictan aquelas que sexan pertinentes segundo as tarefas que lle sexan encomendadas ao alumnado. Dado que o alumnado traballará nun contexto pseudo-profesional e baixo a titorización de axentes externos ao profesorado (titores/as de empresa, institución ou servizo interno, tradutores/as autónomos) cobran especial importancia as competencias dos tipos saber facer e saber estar.	CB1 CB2 CB3 CB4 CB5	CE1 CE2 CE3 CE4 CE5 CE6 CE7 CE8 CE9 CE10 CE13 CE15 CE16 CE17 CE22	CT4 CT8 CT9 CT11 CT14 CT16 CT18 CT19 CT20 CT22

Contidos

Tema	
A materia ten como obxectivo principal achegar ao alumno ao ambiente laboral nos distintos ámbitos profesionais cara aos que podería orientar a súa actividade futura. Por iso, proporcionaráselle a posibilidade de realizar prácticas en empresas, institucións, servizos internos ou con tradutores/as autónomos/as relacionadas cos sectores de intermediación lingüística e cultural, planificación e asesoramento lingüístico e literario, xestión e asesoramento en medios de comunicación, relacións internacionais, turismo e xestión cultural, ámbito editorial, actividades relacionadas coa tradución e a interpretación, empresas e administración pública en postos que implican bo coñecemento doutras linguas e culturas.	- Respecto polo método de traballo - Organización e respeto de prazos - Cuestións éticas e deontolóxicas - Responsabilidade sobre as tarefas encomendadas - Presentación de resultados - Traballos de calidade

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Prácticum, Practicas externas e clínicas	0	120	120
Informe de prácticas, prácticum e prácticas externas(Repetida non usar)	0	30	30

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Prácticum, Practicas externas e clínicas	O alumnado desta materia atenderá ás indicacións do titor da entidade en que preste servizo. Ao final do período de traballo (120 horas) ha de elaborar unha memoria de prácticas (30 horas) en que se detalle: - Descrición da entidade e organigrama - Traballos relacionados coa formación en Tradución e Interpretación da entidade. - Traballos que desenvolveu no período de prácticas. - Avaliación das competencias do título traballadas nesta materia. - Valoración persoal das tarefas asignadas e resultados. - Suxestións de mellora, no seu caso, para futuras prácticas nesta entidade. - Suxestións de novos contidos que se poderían incorporar ao título para favorecer a execución destas tarefas. En faitic colgaranse instrucións máis específicas. É responsabilidade do alumno/a consultar alí datas / prazos de entrega / convocatoria / etc.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición

Prácticum, Practicas externas e clínicas	Cada alumno/a contará cun titor/ora académico e outro no destino. O titor académico axudaralle a tramitar a documentación e mediará en caso de necesidade. O titor de destino é responsable de organizar a práctica, preparar os textos, indicar prazos e facer as correccións oportunas para que exista avaliación formativa. O titor académico debe corrixir a memoria de prácticas ao finalizar a práctica (documento D7: 30% da nota) e o titor de destino deberá dar unha nota entre 0 e 10 (documento D5: 70% da nota). A coordinadora de prácticas estará a disposición do alumnado para calquera dúbida, tanto en titorías presenciais como en telemáticas. En Moovi están colgados todos os documentos relacionados coas prácticas (convocatoria, impresos, cronograma, modelo memoria de prácticas, recomendacións para computar tarefas de tradución directa, inversa, etc.). É responsabilidade dos estudantes consultar todo isto en Moovi.

Avaliación

	Descrición	Cualificación	Competencias Avaliadas		
Prácticum, Practicas externas e clínicas	O proceso para avaliar e cualificar as prácticas externas será como segue: - A cualificación proposta no informe remitido polo titor ou titora de destino representará un 70% da cualificación final. Neste informe deberase ter en conta tamén a cualificación do revisor (de existir) con respecto á calidade dos traballos. - A memoria realizada pola alumna ou alumno, na que se describirán as actividades realizadas, será avaliada polo titor ou titora da universidade, quen propoñerá unha cualificación que representará o 30% da nota final. *PARA APROBAR A MATERIA CÓMPRE TER UN MÍNIMO DE 5 PUNTOS TANTO NA NOTA ENVIADA POR DESTINO (FORMULARIO D5) COMO NA NOTA DA MEMORIA DE PRÁCTICAS. *NA REVISIÓN DA MEMORIA O TITOR/A TITORA ACADÉMICO/A PODERÁ DESCONTAR ATA 2 PUNTOS POR FALTA DE ORTOGRAFÍA.	100	CB1 CB2 CB3 CB4 CB5	CE1 CE2 CE3 CE4 CE5 CE6 CE7 CE8 CE9 CE10 CE13 CE15 CE16 CE17 CE22	CT4 CT8 CT9 CT11 CT14 CT16 CT18 CT19 CT20 CT22

Outros comentarios sobre a Avaliación

Na segunda edición de actas (xullo), o sistema de avaliación é idéntico ao da primeira.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Bibliografía Complementaria

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Antropoloxía: Antropoloxía das prácticas de tradución e interpretación/V01G230V01209
Introdución aos ámbitos de especialización para a tradución e a interpretación e aspectos profesionais da tradución/V01G230V01621

Outros comentarios

Sería conveniente que o alumnado superase antes do período de prácticas as materias da súa combinación lingüística nas modalidades (tradución/interpretación) que coincidan coa descrición das tarefas encomendadas polas empresas/organismos.

Plan de Continxencias

Descrición

=== MEDIDAS EXCEPCIONAIS PLANIFICADAS ===
Ante a incerta e imprevisible evolución da alerta sanitaria provocada pola COVID- 19, a Universidade establece una planificación extraordinaria que se activará no momento en que as administracións e a propia institución o determinen atendendo a criterios de seguridade, saúde e responsabilidade, e garantindo a docencia nun escenario non presencial ou non totalmente presencial. Estas medidas xa planificadas garanten, no momento que sexa preceptivo, o desenvolvemento da docencia dun xeito mais áxil e eficaz ao ser coñecido de antemán (ou cunha ampla antelación) polo alumnado e o profesorado a través da ferramenta normalizada e institucionalizada das guías docentes DOCNET.

=== ADAPTACIÓN DAS METODOLOXÍAS ===

* As prácticas desta titulación son, nunha porcentaxe moi elevada, online. Por conseguinte, é previsible que se poidan seguir realizando sen problemas (se cadra con certo retraso por parte dos destinos no envío de material co que traballar). Para o caso das prácticas presenciais contémplanse dúas posibilidades: pasar a práctica a modalidade online; de non ser posible, cambiaríase ao estudante a unha práctica online.

* Mecanismo non presencial de atención ao alumnado (titorías)
As titorías realizaríanse nas mesmas horas programadas para a docencia presencial pero no despacho virtual baixo a modalidade de concertación previa.

* Modificacións (se proceder) dos contidos a impartir
Non se contemplan modificacións dos contidos.

* Bibliografía adicional para facilitar a auto-aprendizaxe
Os titores/as académicos/as poderán facilitar bibliografía adicional se o consideran oportuno.

DATOS IDENTIFICATIVOS				
Traballo de Fin de Grao				
Materia	Traballo de Fin de Grao			
Código	V01G230V01991			
Titulacion	Grao en Tradución e Interpretación			
Descriptores	Creditos ECTS	Carácter	Curso	Cuadrimestre
	6	OB	4	2c
Lingua impartición	Alemán Castelán Francés Galego Inglés Portugués			
Departamento	Tradución e lingüística			
Coordinador/a	Pereira Rodríguez, Ana María			
Profesorado	Pereira Rodríguez, Ana María			
Correo-e	pereira@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral	Mediante o traballo final de grao o alumnado deberá demostrar que adquiriu as competencias específicas deste grao para a elaboración, presentación e defensa dun traballo orixinal, ou ben a xestión dun proxecto de tradución. Neste traballo débense conxugar os coñecementos teóricos adquiridos e a súa aplicación práctica ás distintas actividades que se inclúen dentro da profesión de tradutor ou intérprete.			

Competencias	
Código	
CT1	Comunicación oral e escrita na lingua propia. Prestarase especial atención ao coñecemento e correcto uso das 2 linguas cooficiais da Comunidade Autónoma de Galicia
CT2	Coñecemento dunha segunda e unha terceira lingua estranxeira
CT3	Capacidade de organización e planificación de proxectos
CT4	Resolución de problemas
CT7	Toma de decisións
CT9	Razoamento crítico
CT14	Motivación pola calidade
CT15	Aprendizaxe autónoma
CT18	Creatividade
CT22	Capacidade de aplicar os coñecementos na práctica
CT23	Capacidade de traballo individual
CT24	Deseño e administración de proxectos

Resultados de aprendizaxe	
Resultados de aprendizaxe	Competencias
A consecución dos obxectivos desta materia está determinada pola adquisición de determinadas competencias por parte do alumno. As competencias serán as xerais do grao, así como algunhas das competencias específicas adquiridas ao longo do catro anos de formación e relacionadas coa liña de cada traballo.	CT1 CT2 CT3 CT4 CT7 CT9 CT14 CT15 CT18 CT22 CT23 CT24

Contidos	
Tema	
Este traballo final de grao poderá versar sobre calquera dos contidos do grao ou relacionados con eles aínda que non estean expresamente incluídos en ningunha das materias concretas.	Os contidos estarán suxeitos á liña de traballo e titor/a asignados.

Estrutura	A estrutura do TFG pode seguir distintos modelos e será o/o director/a quen aconselle en cada caso a estrutura máis adecuada ao tema do traballo.
Pautas de redacción e presentación	Sen prexuízo do anterior, establécense os seguintes requisitos formais: Extensión: entre unhas 3.000 e 9.000 palabras (10% máis sobre 9000). 0. Portada en que figure a mención: Grao de Tradución e Interpretación (Facultade de Filoloxía e Tradución - Universidade de Vigo), o título completo do TFG, o nome do/a autor/a e do/ a director/a, e data de presentación (mes/ano). 1. Resumo dunhas 100 palabras (na lingua de redacción do traballo e, en caso pertinente na lingua sobre a que se realizou o TFG). 2. Índice paxinado. 3. Introdución e estado da cuestión. Presentación do tema de estudo ou práctica e da súa pertinencia. Presentación da estrutura e dos obxectivos do TFG. 4. Corpo do traballo (estrutura por determinar por quen dirixa o traballo) 5. Resultados (se proceden) 6. Conclusións. Verificación do grao de cumprimento dos obxectivos propostos, reflexión sobre os resultados máis interesantes do TFG, reflexión sobre os aspectos teóricos, prácticos ou metodolóxicos que puideron provocar problemas durante a realización do TFG. 7. Bibliografía. Todas as referencias bibliográficas citadas en texto (ou consultadas), segundo o sistema de citas que determine o/a director/a do TFG. 8. Anexos.
Defensa oral	De acordo co Regulamento do TFG vixente na Facultade de Filoloxía e Tradución, a defensa oral é obrigatoria. Constará dunha exposición por parte do /o autor/a do traballo (máx. 10 minutos), seguida dos comentarios do tribunal (máx. 15 minutos), con breve resposta do/a autor/a.

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Traballo tutelado	5	134	139
Presentación	1	10	11

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Traballo tutelado	O/a estudante, de modo individual, realiza unha investigación/experiencia orixinal sobre os contidos do grao, a través da aplicación dunha metodoloxía científica/deontolóxica apropiada, baixo a supervisión dunh/a director/a.
Presentación	Defensa oral, perante un tribunal unipersonal formado polo titor/a.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Traballo tutelado	O profesorado estará a disposición do alumnado no seu horario de titorías
Presentación	

Avaliación

	Descrición	Cualificación	Competencias Avaliadas

Traballo tutelado	Valórase o rigor académico e deontolóxico do traballo presentado, a súa fundamentación, deseño metodolóxico e a capacidade crítica do discente e os resultados obtidos. Tamén será obxecto de avaliación a adecuación da presentación escrita ás normas académicas. 50% contidos (formulación dos obxectivos, metodoloxía empregada, resultados, conclusións) 30% forma (adecuación ás convencións académicas, organización da documentación, redacción, ortografía)	80	CT1 CT2 CT3 CT4 CT7 CT9 CT14 CT15 CT18 CT22 CT23 CT24
Presentación	Valorarase a presentación canto a contidos e actitude (ton, expresión corporal, seguridade, preparación etc.), material de soporte visual (presentación en PowerPoint ou OpenOffice Impress_máximo 10 diapositivas, en ningún caso a presentación oral pode consistir na mera lectura dese material), tempo, defensa no debate.	20	CT1 CT2 CT3 CT4 CT7 CT9 CT14 CT15 CT18 CT22 CT23 CT24

Outros comentarios sobre a Avaliación

En caso de non superar a materia na primeira edición das actas, o titor/a facilitaralle ao discente un informe coas recomendacións oportunas para mellorar o traballo e a súa posterior avaliación nas seguintes edicións.

Será motivo de suspenso o plaxio (incluída a cita literal presentada como propia, sen comiñas nin referencia de autoría, ou calquera apropiación de ideas ou metodoloxía dun autor/a que non se mencione nas referencias, calquera que sexa a súa procedencia (traballo individual ou colectivo, de publicación impreso ou de documento electrónica de uso restrinxido, páxina web ou traballo dalgún compañeiro/a, etc.).

Para a avaliación seguirase o disposto no *Regulamento do Traballo de Fin de Grao da Facultade de Filoloxía e Tradución.*

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Bibliografía Complementaria

Servicio de Biblioteca de la Universidad de La Laguna, **Cómo elaborar un trabajo. http://www.ull.es/view/institucional/bbtk/Como_elaborar_un_trabajo/es**,

Walker, Melissa, **Cómo escribir trabajos de investigación (traducción del inglés de Álvarez, José)**, 1, Gedisa, 2000

Warburton, Nigel, **Cómo aprender a escribir (traducción del inglés de Bassols Pascual, Lourdes)**, 1, Paidós, 2012

Recomendacións

Plan de Continxencias

Descrición

=== MEDIDAS EXCEPCIONAIS PLANIFICADAS ===
Ante a incerta e imprevisible evolución da alerta sanitaria provocada pola COVID- 19, a Universidade establece una planificación extraordinaria que se activará no momento en que as administracións e a propia institución o determinen atendendo a criterios de seguridade, saúde e responsabilidade, e garantindo a docencia nun escenario non presencial ou non totalmente presencial. Estas medidas xa planificadas garanten, no momento que sexa preceptivo, o desenvolvemento da docencia dun xeito mais áxil e eficaz ao ser coñecido de antemán (ou cunha ampla antelación) polo alumnado e o profesorado a través da ferramenta normalizada e institucionalizada das guías docentes DOCNET.

=== ADAPTACIÓN DAS METODOLOXÍAS ===
* Metodoloxías docentes que se manteñen
Todas.
 Actividades introdutorias: Campus Remoto, vídeo en distribución asíncrona, handouts en Moovi.

* Metodoloxías docentes que se modifican
Sen modificación.

* Mecanismo non presencial de atención ao alumnado (titorías)
Correo electrónico e titorías a través do despacho virtual da coordinadora da materia e dos titores/as, con cita previa.

* Modificacións (se proceder) dos contidos a impartir
Sen modificación.

* Bibliografía adicional para facilitar a auto-aprendizaxe
Sen modificación.

=== ADAPTACIÓN DA AVALIACIÓN ===
Sen modificación no número, tipo ou porcentaxe de cualificación.

Modificación no formato de entrega:
 O traballo escrito será entregado unicamente de forma telemática .
 A presentación oral terá lugar de forma telemática a través de Campus Remoto (aula virtual ou despacho virtual do titor/a).

=== MODALIDADE MIXTA ===
Plan de continxencia sobre a modalidade mixta, na que unha parte do estudantado asistirá ás aulas de forma presencial e outra parte seguirá as clases dun modo síncrono (preferentemente) ou asíncrono: o profesorado manterá as metodoloxías, a atención personalizada e os sistemas de avaliación como se indica para a modalidade presencial, adaptando os grupos de estudantes e as quendas para cumprir coa normativa sanitaria que se estableza no seu momento.

=== INFORMACIÓN ADICIONAL ===
O proceso de ensinanza-aprendizaxe desta materia exposto nesta guía docente poder ser obxecto de modificación co fin de axustarse a posibles modificacións da normativa de TFG do centro, en circunstancias sanitarias excepcionais e previa aprobación en Xunta de Facultade.